

Ler e vivir

Homenaxe a
Luís Alonso Girgado

ARMANDO REQUEIXO (ED.)



XUNTA DE GALICIA

Ler e vivir

Homenaxe a
Luís Alonso Girgado

ARMANDO REQUEIXO (ED.)

XUNTA DE GALICIA

Ler e vivir. Homenaxe a Luís Alonso Girgado/edición a cargo de Armando Requeixo — Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2019.

329 pp.; 24 cm. Homenaxes Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

D. L. C 109-2019 ISBN: 978-84-453-5317-2

1. Literatura galega e hispanoamericana. 2. Historiografía literaria. 3. Crítica literaria. I. Alonso Girgado, Luís. II. Requeixo, Armando III. Xunta de Galicia: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

© Xunta de Galicia. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

© Dos textos e imaxes: Alonso Girgado, Luís

© Das presentacións e cronobiografía: os autores

© Da edición: Requeixo, Armando

© Da revisión, tradución e corrección lingüística: Piñeiro Pais, Laura

Edita: Xunta de Galicia. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Maquetación e impresión:
Grafisant, S. L.

ISBN:
978-84-453-5317-2

Depósito legal:
C 109-2019

ARMANDO REQUEIXO (ED.)

Ler e vivir

Homenaxe a
Luís Alonso Girgado

Xunta de Galicia: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
Santiago de Compostela - 2019



ÍNDICE

PRESENTACIÓN	15
Román Rodríguez González: Xeografías literarias.....	17
Valentín García Gómez: Luís Alonso Girgado: rigor e lucidez.....	21
Manuel González González: Luís Alonso Girgado, referencia fundamental no Centro Ramón Piñeiro.....	25
Armando Requeixo: Porque ler é vivir	31
I. CRONOBIOGRAFÍA	37
Armando Requeixo: Cronobiografía de Luís Alonso Girgado.....	39
II. ESCOLMA DE TEXTOS	87
A. En edicións facsimilares	87
<i>Aturuxo</i> : notas para a intrahistoria dunha revista.....	89
A lírica galega nas revistas —galegas, españolas, portuguesas— de posguerra (1940-1960): <i>Posío</i> e as súas compañeiras de viaxe.....	97
Algúns aspectos de <i>Alma Gallega</i>	109
<i>Yunque</i> nos contextos de prensa galega e luguesa	123
Contextos de <i>Saudade</i>	141
B. Na prensa	151
B.1. Olladas ao meu Ferrol	153
Ao amor da radio	153
Entre recados e recordos	155
Galiano, 24. Intramuros.....	156
Tempos de cine	158
Entre comercios.....	160
B.2. Letras de Hispanoamérica	163
Denzil Romero: sete variacións sobre o erotismo.....	163
Carmen Boullosa: entre a amenidade e a maxia	164
Sergio Pitol: a amante infortunada	165
A noite sen lúa de Reinaldo Arenas	166

Guillermo Cabrera Infante: a castración de Cuba.....	168
Luis Sepúlveda e o vello que lía novelas de amor.....	170
Jorge Andrade: a sedución do poder	171
Horacio Vázquez Rial: galegos en Bos Aires	173
Julio Ramón Ribeyro: <i>Cambio de guardia</i>	174
Jaime Bayly: o sexo como mordaza.....	176
Elena Garro: a memoria desolada	178
Rodrigo Rey Rosa: encontro co mundo indíxena.....	179
Juan Filloy: vellas historias de vellos pagos.....	180
César Aira: narrativa para un derrubamento	181
Juan Gabriel Vásquez: o discurso delator	183
Fernando Vallejo: o alcalde inverosímil	184
Leonardo Padura: retorno de Mario Conde	185
Alonso Cueto: da verdade como expiación	187
Mayra Montero: da Cuba que foi.....	188
Santiago Roncagliolo: subterráneos do terrorismo.....	190
Evelio Rosero: a morte interminable.....	191
Hernán Rivera Letelier: crónica inaudita do último partido antes da fin do mundo	193
Claudia Piñeiro: Premio Clarín 2005.....	194
Héctor Abad Faciolince: memorial para unha sombra.....	195
Élmer Mendoza: Premio Tusquets de Novela 2007	196
Jorge E. Benavides: o Perú de Velasco Alvarado.....	198
Yuri Herrera: balada do cantor na corte do <i>narco</i>	199
Israel Centeno: só quedaba delirar	200
Daniel Sada: o noivado insufrible	201
William Ospina: Premio Rómulo Gallegos	202
Guillermo Saccomanno: Premio Seix-Barral	203
Jaime Bayly: adversos destinos.....	205
Guillermo Cabrera Infante: segunda crónica habaneira	206
Claudia Piñeiro: crime, paixón, naufraxio.....	207

Gioconda Belli: o feminismo ao poder.....	208
Contos do mestre Fogwill	209
Lina Meruane: podremia, enfermidade e outras desoladas revelacións....	210
Edmundo Paz Soldán: do atroz e do paranoico.....	211
Rodolfo Walsh, mestre do conto.....	213
«Parranda» para Parra	214
O primeiro Ernesto Mallo.....	215
Alejandro Paternain: guerra no mar	217
Rodrigo Rey Rosa: visión de Guatemala.....	218
Álvaro Mutis: a última viaxe do <i>gaviero</i>	219
Nicolás Cabral: contrautopía, antinovela.....	220
Laura Esquivel, corazón de muller.....	221
Tomás Eloy Martínez: o maxisterio da escritura.....	223
Valeria Luiselli: venturas dun mestre poxador	224
Eduardo Halfon: as raíces identitarias.....	226
Edgardo Cozarinsky: aprendizaxe no escuro.....	227
C. En libros e revistas	229
Arredor de <i>Os vellos non deben de namorarse</i> , de Castelao	231
Ánxel Fole e <i>Á lus do candil</i>	243
Ollando nos «arquivos» de Rafael Dieste	249
Nas moradías poéticas de Avilés de Taramancos: dos poemas de <i>Tapal</i> a <i>Cantos Caucanos</i>	257
Polas canles líricas de Xosé María Álvarez Blázquez	273
Diversidade interno-externa e multiplicidade textual en Uxío Novoneyra..	287
Filgueira Valverde, xornalista.....	295
III. CARTAS	299
Enrique Moreno Castillo.....	301
Claudio Rodríguez Fer	303
Carlos Alberto Montaner.....	305
Santiago Castelo	307
Luis Alberto de Cuenca	309

Carlos Casanova	311
Miguel Anxo Fernán Vello	313
José Lupiáñez	315
Rafael Guillén	317
Salvador García-Bodaño	319
Ildefonso Manuel Gil	321
Leopoldo de Luis	323
Clara Obligado	325
Pepa Barrios	328



PRESENTACIÓN

Xeografías literarias

ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ
Conselleiro de Cultura e Turismo

Ten dito o eminente filósofo francés Gilles Deleuze que nas persoas hai toda unha xeografía, con liñas duras, flexibles e de fuga, liñas diversas que, por veces, resultan imposibles de descubrir ata para aqueles que as van trazando co seu camiño de vida.

Esa xeografía variable vai compondo unha cartografía vital que só co pasar do tempo adquire densidade celmosa. É entón cando somos quen de descubrir os moitos outeiros erguidos, os longos ríos navegados, as chairas visitadas e ata as localidades fundadas. A vida mesma, o vieiro que deixamos andado.

Ese feraz mapamundi, inzado de palabras e de libros, de estudos e de compañías literarias, é o que foi trazando aos poucos o profesor Luís Alonso Girgado para traelo ata aquí, a este *Ler e vivir*, o volume en homenaxe no que o seu amigo e colega Armando Requeixo lle axudou a compilar unha ampla escolma dalgúns dos seus máis valiosos ensaios.


Moito é o que as letras de Galicia deben a este ferrolán. Mercé ao seu denodado esforzo de máis de tres décadas de estudos e publicacións fomos coñecendo máis e mellor a vida e obra de moitos dos nosos máis senlleiros autores e soubemos tamén da escrita de infinidade de voces da literatura hispanoamericana, na que é unha recoñecida autoridade.

Non pouco deste intenso e extenso labor desenvolveuno no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, dependente da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo que me honro en dirixir. Sumouse ao seu equipo humano dende a primeira hora, pois é un dos seus investigadores fundacionais, director, amais, dun dos seus máis importantes proxectos. No seo deste levou a cabo dúcias de recuperacións de textos poéticos, articulísticos e edicións facsimilares de relevantes cabeceiras da nosa prensa histórica, tanto da Galicia de aquén coma de alén mar. Un dedicado e excelente traballo que nunca acabaremos de lle agradecer.

O Centro Ramón Piñeiro alcanzou no 2018 o seu primeiro cuarto de século de existencia. A súa andaina foi fértil e plural. Se así resultou é grazas a todos aqueles que, dende os seus postos de investigadores, souberon pular con forza polos proxectos que nel se desenvolveron e desenvolven, admi-

rables na súa entrega e dedicación á causa da análise e difusión da nosa cultura filolóxica. Entre eles, ocupando un lugar preeminente, atópase o profesor Alonso Girgado, quen non escatimou nin forzas nin ilusión non só en promover a aparición de publicacións xa referenciais, senón tamén en formar unha canteira de investigadoras e investigadores novos que hoxe son profesores, estudosos, tradutores e críticos literarios que o recoñecen como mestre.

Ler e vivir é un planisferio de lecturas, unha xeografía de liñas literarias que conforman o particular e xenuíno orbe de palabras no que habita o profesor Luís Alonso Girgado. Nada máis grato para min que felicitalo por este volume, país de mil ríos de verbas que irriga unha vida plena, chea de recoñecementos e admiracións ás que me sumo con aplauso.



Luís Alonso Girgado: rigor e lucidez

VALENTÍN GARCÍA GÓMEZ

Secretario Xeral de Política Lingüística

Os que nos gabamos de ter a fortuna de contar coa amizade de Luís Alonso Girgado sabemos que lle acae como anel ao dedo a sabia sentenza de Marie Curie: nunca es consciente do que deixas feito, tan só do moito que fica aínda por facer.

Así é o profesor Alonso Girgado, un infatigable traballador da palabra, pescudador tenaz dos máis diversos continentes literarios e, sobre todo, un lector impenitente, de agudo olfacto crítico e certo criterio.

Van alá ben anos desde que nos coñecemos. Con el aprendín moito do que sei de non poucos asuntos literarios, especialmente no eido da escrita hispanoamericana, no que o seu maxisterio é indiscutible e por todos recoñecido.

Agora ben, foi logo de adquirir a responsabilidade de representar a Secretaría Xeral de Política Lingüística cando estreitei o trato co profesor Alonso Girgado, estudoso do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades a ela adscrito. A partir dese momento, tomei conciencia plena non só do seu admirable talle intelectual e humano, senón tamén do moito e bo que a nosa cultura, en xeral, e a nosa literatura, en particular, lle deben.

Precisamente no 2018 conmemoráronse os vinte e cinco anos da constitución do Centro Ramón Piñeiro, a cuxo nome figura xa indisolublemente unido o deste sabio ferrolán. No seu seo desenvolveu unha moi intensa actividade, pois non en van foi un dos seus primeiros investigadores e directores de proxecto e, máis tarde, o seu secretario científico por un tempo.


Unha parte substantiva da escrita de Alonso Girgado naceu, precisamente, nas salas de traballo do CRPIH, onde coordinou ao longo dos anos un amplo grupo de investigadoras e investigadores mozos, alén de contar con ducias de colaboradores externos para as súas publicacións.

O resultado é máis dun centenar de títulos que levan o selo da factoría Girgado: máis dunha decena de poemarios recuperados, preto dunha corentena de entregas dos emblemáticos *Cadernos Ramón Piñeiro*, case medio cento de facsímiles e aínda varias outras obras fóra de colección.

Se ao anterior sumamos a súa longa actividade como docente, o seu labor como tradutor, editor e conferenciante tanto en Galicia e España como fóra dela, alcanzaremos a enxergar a importancia das súas contribucións á causa da nosa escrita e a nosa cultura.

Unha parte representativa dese seu dilatado labor de análise e crítica literarias foi recolleito neste *Ler e vivir* polo seu compañeiro e amigo Armando Requeixo, autor tamén da detallada cronobiografía que repasa os principais socalcos da súa vida e obra.

Nada máis grato para min que saudar a aparición deste volume co que o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, dependente da secretaría xeral de Política Lingüística que teño a honra de dirixir, homenaxea a quen foi, dende a primeira hora, un dos seus maiores e mellores valedores. Oxalá as presentes e futuras promocións de investigadores e estudosos atopen en *Ler e vivir* a mesma fruición lectora e saber rigoroso que eu experimentei, unha fulgurante lucidez, patrimonio só ao alcance dos grandes mestres como Luís Alonso Gírgado.



Luís Alonso Girgado, referencia fundamental no Centro Ramón Piñeiro

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Coordinador Científico do Centro Ramón Piñeiro
para a Investigación en Humanidades

Tense dito moitas veces que un edificio ben construído comeza por un bo deseño do arquitecto ou arquitectos que o planifican. E isto foi o que fixo Constantino García cando lle encargaron poñer en marcha o Centro Ramón Piñeiro, rodearse de arquitectos con coñecemento, capacidade de análise e audacia para a planificación. Estes arquitectos foron Guillermo Rojo, á fronte da Área de Lingua; Darío Villanueva, encargado da Área de Literatura; e, un pouco máis tarde, Luís Alonso Girgado, á fronte da Secretaría do Centro. Dificilmente se podería atopar unha persoa máis acaída para o cargo de secretario ca Luís, quen, moi axiña, se converteu na referencia principal da institución, porque alí pasaba toda a xornada e a ela lle dedicaba xenerosamente todo o seu saber e o seu esforzo. Luís foi nesta etapa o principal referente do Centro co exterior e a el se dirixía case todo o mundo, dende o que necesitaba unha publicación ata o que tiña interese en presentar un proxecto de investigación. Foi, pois, unha figura nuclear no deseño dunha parte importante deste edificio e no seu mantemento.

Pero Luís non se limitou a exercer as súas funcións de secretario. Desde moi axiña foi moito máis alá e puxo ao servizo do Ramón Piñeiro todo o seu saber de catedrático de literatura e de fondo coñecedor da literatura e da cultura de América Latina. Eu coñecín a Luís precisamente impartindo clases de literatura hispanoamericana na Facultade de Filoloxía da USC. Poucas persoas había no panorama cultural de Galicia que estivesen capacitadas coma el para levar a cabo unha das liñas de traballo do Centro na etapa inicial: a recuperación, estudo e posta en valor da produción de carácter literario, cultural e social das entidades creadas pola emigración galega (Centros galegos, Casas de Galicia, Sociedades...) nos distintos países de América. Non se pode entender a cultura galega de boa parte do século XX sen as referencias a Buenos Aires, Montevideo, A Habana, Cidade de México e outras cidades de América. É doado decatarse da dificultade do labor encargado neste proxecto a Luís Alonso: dificultades derivadas das peculiaridades do réxime político dalgún dos países, dificultades relacionadas coa propiedade dos fondos, dificultades para xuntar coleccións completas a


base de reunir exemplares rescatados nun ou outro centro, nunha ou outra biblioteca ou, incluso, en mans particulares. Labor de formiga, labor que esixía constancia e discreción, labor que esixía tacto e man esquerda e que Luís soubo realizar maxistralmente. Hoxe son un orgullo para o Centro as edicións facsimilares de revistas como: *La Tierra Gallega* (A Habana (1894-1896); *Aires da miña terra* (Bos Aires, 1908-1909); *Centro Gallego* (Montevideo, anos 1917-1918); *Eco de Galicia* (A Habana, 1917-1936. Anos 1917-1918); *Eufonía. Rimas y glosas de la poesía gallega* (Buenos Aires, 1958-1959); *Alma Gallega* (*Órgano Oficial de la sociedad Casa de Galicia*, Montevideo, 1919-1967); *Arazúa. Boletín de la Asociación Protectora de la Cultura Gallega* (Montevideo (1929-1930); *Raza Celta. Órgano del Comité Autonomista Gallego de Montevideo* (1934-1935); *Mundo gallego. Revista de Galicia en América* (Bos Aires, 1951-1952); *Suevia* (Bos Aires, 1913); *Lérez. Revista do Centro Pontevedrés de Bos Aires* (1962); ou *Saudade. Verba galega nas Américas* (México, D. F., 1942-1953).

Pero o profesor Alonso Girgado viu que tamén na Galicia do interior había un importante patrimonio literario espaxado por revistas e xornais das primeiras décadas do século XX e do período franquista, que era necesario recuperar, porque eran textos practicamente inaccesibles e descoñecidos para o gran público. Por iso afrontou a edición ou coedición de revistas e textos xornalísticos como: *Yunque* (*periódico de vanguardia política*). Lugo, 1931-1932; *Cristal. Revista literaria*. Pontevedra (1932-1933); *Universitarios. Revista de la F.U.E.* (Santiago de Compostela 1932-1933); *Resol, hojilla volandera del pueblo/folla voandeira do pobo: Galicia*, 1932-1936; *Bos Aires*, 1937-1938; *Galicia*, 1990; *Gelmírez. Hojas de otoño a primavera* (Santiago de Compostela, 1945-1946); *Plumas e letras en La Noche* (1946-1949); *Alba. Hojas de poesía/follas de poesía* (A Coruña, 1948-Vigo, 1956); *La Noche. Suplemento del sábado*. Santiago de Compostela, 1949-1950; ou *Posío. Arte y letras. Ourense*, 1951-1954; *Aturuxo. Revista de poesía e crítica*. Ferrol 1952-1960.

No ano 2003, coincidindo co décimo aniversario do falecemento de Ramón Piñeiro, foi o encargado de poñer en marcha a colección *Cadernos Ramón Piñeiro*, da que foi director ata a súa xubilación, colección dedicada á publicación de ensaios, investigacións e estudos do ámbito das humanidades na que xa van publicados trinta e oito números, que recollen ensaios de gran brillantez e profundidade, pero tamén textos e epistolarios fundamentais para coñecer a nosa historia cultural.

A súa actividade non se limitou ao traballo no Centro Ramón Piñeiro. Non me corresponde a min referirme a ela, pero permítaseme polo menos mencionar o seu labor de promoción e difusión da nosa literatura como director das coleccións Libros da Frouma e Libros do Loureiro da librería-editorial Follas Novas.

Luís Alonso Girgado ocupou un lugar fundamental nestes vinte e cinco anos de vida do Centro Ramón Piñeiro, como secretario e como investigador, é un dos nosos grandes estudosos da literatura galega, pero tamén da literatura española e hispanoamericana. Todos somos sabedores de que tanto como editor, como antólogo, como ensaísta, como tradutor, como articulista... Luís Alonso Girgado realiza sempre o seu traballo con rigor, con profundidade e meticulosidade pouco comúns. Se a isto lle sumamos que é unha persoa xenerosa no esforzo, legal e comprometida, entenderán perfectamente por que este Centro, que tivo a fortuna de contar cos seus servizos desde o ano 1994, lle está enormemente agradecido e por que lle rendemos esta ben merecida homenaxe.



Porque ler é vivir

ARMANDO REQUEIXO

Secretario Científico do Centro Ramón Piñeiro para
a Investigación en Humanidades

O nome de Luís Alonso Girgado ten de figurar en letras douradas na Historia da crítica e a investigación galegas de todo tempo. A memoria dos que nos sucedan poderá ser, ou non, agradecida coa traxectoria de Alonso Girgado, pero dende as landas da obxectividade hai méritos incontestables que nunca será posible negarlle. Porque este licenciado ferrolán en Filoloxía Románica da quinta do 46, que foi durante ben anos mestre nas artes literarias e lingüísticas tanto no ensino medio (onde pertenceu ao corpo de catedráticos) coma na Facultade de Filoloxía da USC de centos de alumnos entre os que hoxe se contan algunhas das voces máis notorias das humanidades e as ciencias de noso, desenvolveu un intenso labor como estudoso e analista literario no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, onde foi director de importantes proxectos e secretario científico uns anos.

A súa entrega denodada á escrita foi a que o converteu nun dos fundadores do suplemento *El Correo Cultural* do xornal santiagués *El Correo Gallego*, a mesma que o levou a publicar numerosos artigos e ensaios noutros xornais galegos e revistas especializadas e, dende a súa nacemento, no suplemento Nordesía do *Diario de Ferrol*, onde, semana tras semana, desprega o seu fondo saber en materia de literatura hispanoamericana.

No eido da investigación, Alonso Girgado recuperou e analizou para as lectoras e lectores actuais textos fundamentais de escritores galegos como Ánxel Fole, Luís Amado Carballo, Álvaro Cunqueiro, Xosé Díaz Jácome, Ramón Cabanillas, Roberto Vidal Bolaño, Manuel Curros Enríquez, Uxío Novoneyra, Ricardo Carballo Calero ou Manuel María, entre moitos outros, por non falar das monografías dedicadas a clásicos en lingua española como Gabriel García Márquez ou Jorge Luis Borges. Máis de tres décadas de esforzado laborar no que agromaron tamén algunhas das escolmas máis consultadas da literatura galega actual, como as referenciais *Antoloxía do conto galego. Século XX* ou *O relato breve. Escolma dunha década 1980-1990*, ambas as dúas publicadas por Galaxia entre fins dos anos oitenta e primeiros noventa.

Mais se estas achegas xustifican xa por si soas o recoñecemento intelectual de Alonso Girgado, o que non poderá deixar de agradecérselle decote é o

monumental traballo de recuperación, compilación, exhumación e estudo de ducias de cabeceiras de prensa histórica tanto da Galicia da terra coma da Galicia emigrante, que foron publicándose facsimilarmente baixo o selo do Centro Ramón Piñeiro dende mediados dos anos noventa e grazas ao cal hoxe conservamos prensa de tanto valor como as revistas *Aturuxo*, *Alba*, *Posío*, *Gelmírez*, *Cristal*, *Galiza*, *Yunque*, *Saudade*, *Céltiga* ou *Xistral*.

Ocasional tradutor (aí están as súas versións de poemarios do canario Justo Jorge Padrón ou da nosa Rosalía, mesmo a translación ao castelán dalgunha peza dramática de Vidal Bolaño), deixouse tamén tentar nalgunha ocasión polas musas, o que deu como froito a publicación do seu libro de versos *Soliloquio para un retorno* (2003), poética intensa, testemuñal e reflexiva sobre un mundo cambiante e avolto na que o eu esfarela por momentos baixo o peso esmagador do cambalache absoluto.

Queda fóra de toda dúbida, pois, a pertinencia deste volume. Mais hai un outro feito que non quero pasar sen salientar: a súa proverbial xenerosidade, que abriu as portas á colaboración en medios, edicións de textos, iniciativas colectivas, plataformas publicistas e demais a moitas mozas e mozos, creadoras e creadores novos que nestes últimos trinta anos procuraron quen confiase neles para botarse a andar no mundo das nosas letras, atopando sempre en Alonso Girgado un mestre desprendido e benfeitor, que obrou o milagre de facer ceder portas que doutro xeito continuarían vedadas para elas, para eles.

Ler e vivir recolle unha parte representativa da escrita crítica e ensaística de Alonso Girgado, precedida dun capítulo cronobiográfico no que quixen percorrer os principais socalcos vitais e profesionais da súa intensa e extensa andaina. Así pois, fican aquí reunidos algúns dos seus mellores estudos arredor das revistas galegas de aquí e alén mar do pasado século; evocacións do seu Ferrol natal; unha nutrida escolma de recensións críticas de textos da literatura hispanoamericana da que é, probablemente, o maior coñecedor en Galicia; un feixe de ensaios verbo da escrita de clásicos da nosa literatura como Castelao, Fole, Dieste, Avilés de Taramancos, X. M. Álvarez Blázquez, Novoneyra e Filgueira Valverde, amais dunha selección epistolar con nomes referenciais tanto do ámbito cultural e literario galego coma do resto do Estado.

Toda esta recolleita non tería sido posible sen, en primeiro lugar, a axuda do homenaxeado e a súa familia, que se prestaron con proverbial despren-

demento a axudarme en cada ocasión que foi preciso, cedendo materiais gráficos e doutro tipo, aclarando dúbidas e animando nas angueiras máis difíciles. Tamén si, e de xeito igualmente decisivo, mercé ao rigoroso e atento labor de Laura Piñeiro Pais, quen non só trasladou ao galego dende o castelán parte dos traballos compilados, senón que deu lectura ao volume unha e outra vez suxerindo melloras, completando informacións e puíndo a súa expresión. A todos, beizón pola súa impagable axuda.

Ogallá este libro contribúa a lle devolver a Luís Alonso Girgado, sequera de xeito simbólico, unha miga do moito que leva traballado por Galicia e a súa cultura en tantos anos de desvelos e loitas ás que fixo fronte con inesgotables embates de ilusión. Dende o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, casa súa dende sempre, así o desexamos e aproveitamos para agradecerlle, agora que anda a gozar merecidamente do descanso feraz da súa xubilación, todo canto por nós deixa feito e segue a facer e que nos teña aprendido que ler é vivir máis e mellor.




I. CRONOBIOGRAFÍA

Cronobiografía de Luís Alonso Girgado

ARMANDO REQUEIXO

1946

Naceu o 7 de agosto de 1946 en Ferrol, no número 24 da rúa Galiano. Os seus pais foron Feliciano Alonso e Josefina Girgado. O seu irmán maior, José Tomás Alonso Girgado. A familia pasou tempadas en Madrid e Ferrol; nesta última viviu os seus anos de infancia e adolescencia.



De neno en Ferrol, na súa casa, atento á radio

1955

Comezou os seus estudos de primeiro ensino no Colexio Trasmonte de Ferrol. Despois do exame de ingreso, aos dez anos, principiou o Bacharelato na Academia Rapariz da mesma cidade. Aprobou as reválidas de cuarto e

UNIVERSIDAD DE SANTIAGO



SANTIAGO

FACULTAD DE FILOSOFIA Y LETRAS

1964-1966

Asignatura Literatura Española

Matrícula (1) OFICIAL

UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

SECRETARÍA GENERAL

PROEBS DE MADUREZ

EXCURSO PREUNIVERSITARIO

matrícula de El Ferrol La Cueva, provincia de La Coruña, por el Instituto Nacional de Enseñanza Media de El Ferrol La Cueva, que ha resultado al Curso Preuniversitario de Letras Francés con la calificación de Notable cuando inscribió en las Pruebas de Madurez, grupo a último que se inscribió.

Grupo de (2) Letras

Léngua Francés

(3) Instituto y Cálculo:
Letras y Cálculo

PRUEBA CAROL: Calificación Notable Puntuación 9/5

Sancti. 10/10 de 1963

(4) Examen de Admisión: 10/10

El Secretario General,

Alonso Girgado

Apellidos ALONSO GIRGADO

Nombre Lois Nacido el 7-VIII-1946

Natural de El Ferrol (La Cueva) Estado Soltero

Domicilio C/ GALIANO-24-

Profesión del padre Industrial

Idiomas que conoce Francés.

(1) Oficial o apena.





Fichas de alumno da Universidade de Santiago

1968

Licenciouse en Filoloxía Románica pola Universidade de Santiago de Compostela coa cualificación media de sobresaliente. Neste mesmo ano rematou o servizo militar obrigatorio nas Milicias Universitarias co grao de alférez.



Orla de licenciatura, o primeiro pola esquerda na fila superior

1969

Iniciouse na docencia no Instituto Técnico de Enseñanza Media San Pelayo de Tui, onde impartiu clases durante dous cursos (1969-1971).

1970

Casou en Vilagarcía de Arousa con María Paz Padín Castro, que fora a súa compañeira de curso na Facultade de Filoloxía da USC. O matrimonio ten tres fillos: Laura, Luís e Lucía.



Coa súa dona María Paz, na vila ourensá de Ribadavia (1989)

1971

Aprobou a oposición e tomou posesión como Profesor Agregado de Lingua e Literatura españolas de Ensino Medio no Instituto de La Bañeza, León, o 1 de setembro de 1971. Impartiu docencia no mesmo centro ata 1974.

1974

Obtivo por oposición libre a cátedra de Lingua e Literatura españolas de Ensino Medio e trasladouse a Lugo. Foi destinado ao Instituto Xoán Montes, no que desempeñou o seu labor docente durante cinco cursos. Foi director do centro dende o ano 1975 ata 1979, no que solicitou o traslado a Santiago de Compostela.



Co seu alumnado de COU do INEM Xoán Montes, ao pé da muralla de Lugo (1977)

1976

Comezou a impartir clases no Colexio Universitario de Lugo como encargado das materias de Lingua Española 2 e Lingua Española 3. O seu labor docente na institución universitaria de Lugo cesou en 1979.

1979

Foi contratado pola Universidade de Santiago para impartir durante o mes de febreiro a materia de Semiología. Sistemas no lingüísticos de comunicación no Instituto de Ciencias da Educación do Campus de Lugo.

1980

Trasládouse novamente a Santiago de Compostela para impartir docencia no IES Eduardo Pondal. Foi vicedirector deste centro durante o curso 1982-1983.

1984

A carón de Manuel Quintáns e José Sánchez Reboredo, fundou «El Correo Cultural», suplemento dominical de *El Correo Gallego*. Deseguido incorporáronse ao grupo Joaquín Lens Tuero, Guillermo Domínguez Santos, Xesús Rábade Paredes e Xavier Castro, todos eles profesores de Ensino Medio. Co paso dos anos creceu o número de colaboradores e aumentou o espazo

dedicado ás letras galegas con artigos en galego. A súa actividade no xornal diminuíu a finais do 2004, aínda que non cesou completamente, xa que seguiu colaborando coa publicación de xeito esporádico.



Na redacción de *El Correo Gallego*, con Manuel Quintáns, José Sánchez Reboredo, Xesús Rábade Paredes, Albino Mallo e Xosé Manuel Rey Nóvoa (director) entre outros

Neste mesmo ano publicou, xunto a Avelino Abuín de Tembra, unha breve *Antología de «En las orillas del Sar»: 1884-1984*, editada polo Padroado Rosalía de Castro.

«La generación del 27 de nuevo en 'Litoral': reencuentro con José María Hinojosa», *Anales de la literatura española contemporánea*, ALEC (Estados Unidos), vol. 9, issues 1-3, pp. 131-142.

1985

Sáiron do prelo os cadernos (textos breves e diapositivas) *Rosalía de Castro* e *Ramón del Valle-Inclán*, ambos os dous publicados pola Dirección Xeral de Emigración da Xunta de Galicia na colección Vieiros de Galicia.

Impulsou, xunto a Manuel Quintáns, a revista *Anduriña*, editada pola Dirección Xeral de Emigración da Xunta de Galicia. A publicación tivo unha curta existencia.

1986

Publicou, baixo os auspicios do Padroado Rosalía de Castro, o volume *Rosalía de Castro, na súa vida, nos seus versos*.

Saíu do prelo o caderno *Castelao* na colección Vieiros de Galicia, que seguiu aos xa publicados arredor de *Rosalía de Castro* e *Ramón del Valle-Inclán*.

Publicou, xunto a Xesús Rábade Paredes, «Panorama das letras galegas», *Encrucillada* vol. 10, 50, novembro-décembro, pp. 78-84.

1987

A editorial madrileña Alhambra publicou a súa edición da peza teatral *De San Pascual a San Gil*, de Domingo Miras, que viu a luz por vez primeira en 1974.

Elaborou xunto a Xesús Rábade Paredes e María Victoria Moreno Márquez o manual *Literatura: 3º de BUP*, Vigo: Galaxia/S.M.



Con seu pai e seu irmán en Ferrol, en 1961

«Nova presenza dun poeta, Claudio Rodríguez Fer», *Encrucillada* v. 11, 54, setembro-outubro, pp. 87-91.

«Aproximación á narrativa de Ánxel Fole», *Grial* 95, pp. 68-75

«Relectura de *Vísperas*, de Manuel Andújar», *Anthropos* 72, maio, pp. 1-3.



Na presentación de *Cunqueiro: unha biografía*, de Xosé F. Armesto Faginas, xunto a Manuel Quintáns, o autor, Antón Fraguas e Rafael Silva (1987)

1988

Comezou a colaborar no *Diario de Córdoba*, no suplemento dominical Cuadernos del Sur que dirixía o poeta Antonio Rodríguez Jiménez. Escribiu naquelas páxinas sobre poesía española e narrativa hispanoamericana. O seu labor abrangueu dende recensións breves ata longos artigos nas páxinas centrais; nestas tamén deu a coñecer escritores europeos e redactou panorámicas de novela árabe, rusa, galega e hispanoamericana. Deixou de colaborar neste medio en 1996. Mercé á súa colaboración na prensa andaluza foi nomeado membro da Asociación Andaluza de Críticos Literarios.

«Panorámica dun ano de poesía: 1987», *Encrucillada* vol. 12, 58, maio-xuño, pp. 84-91.

«Presencia de Argentina en la España actual», *Hogar Gallego para Ancianos: 45º aniversario, Buenos Aires, 1943-1988*, Buenos Aires: Hogar Gallego para Ancianos, pp. 26-27.


«Pasado histórico y presente político en la narrativa hispanoamericana de 1987», *Anthropos* 91, decembro, pp. 20-26.

1989

Foi contratado como profesor asociado da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela durante o curso 1989-1990.

Publicou varios artigos, sempre de tema literario, nas páxinas do Suplemento Azul de *El Periódico del Guadalete*, de Jerez de la Frontera.

Froito da súa colaboración coa Editorial Galaxia publicou *Antoloxía do conto galego do século XX*, un volume reeditado en varias ocasións durante a década dos noventa e na seguinte (na actualidade vai pola décimo sétima edición).



«Os Herdeiros de Sahrazad: (Percorrido incompleto pola narrativa árabe contemporánea)», *Boletín Galego de Literatura* 2, novembro, pp. 87-105.

1990

Comezou a dirixir as coleccións Ágora, da Editorial Galaxia, e Devanceiros, da Xunta de Galicia.

Editou *Antre dous séculos*, poemario do escritor e colaborador de prensa Xerardo Álvarez Limeses, publicado pola Xunta de Galicia.

Un ano despois da aparición da súa antoloxía sobre o conto galego, a mesma Editorial Galaxia publicoulle o volume *O relato breve: escolma dunha década (1980-1990)*, tamén reeditado en varias ocasións.

«Tríptico de la conquista», de José María Merino, *Ínsula* 525, setembro, pp. 17-18.

«Narrativa hispanoamericana, 1988-1989», *Anthropos* 2, núm. extraordinario, pp. 10-14.

Publicou na editorial Alhambra unha *Antología de la poesía hispanoamericana del siglo XX*.

«Miguel Barnet, junto a la Revolución», *Ínsula* 521, maio, p. 23

1991



En París, na Feira Expolangues, para promocionar o libro e a cultura galegas (1991)

Participou no relatorio —xunto con Jordi Sarsanedas, Josep Piera e Bernardo Atxaga— «La création littéraire actuelle en catalan, basque et galicien», organizado polo Colexio de España de París o 7 de febreiro, cunha conferencia titulada «Écrivain et critique littéraire. Directeur de la Colection Devanceiros».

«Fantasía y realidad en la obra de Adolfo Bioy Casares», *Anthropos* 127, decembro, pp. 34-41.

Asinou con Xavier Castro «Doce anos de poesía galega: (1976-1988)», Alfonso Blanco Torrado e Manuel López Rodríguez (coords.), *Doce anos na búsqueda da nosa identidade*, Guitiriz: Asociación Cultural Xermolos, pp. 161-164.

«Álvaro Mutis: Gaviero, Estratega, Capitán», *Ínsula* 531, marzo, pp. 25-26.

«Justo Jorge Padrón, desde su segunda voz» e «El don de la palabra: Justo Jorge Padrón», Victor Ivanovici (ed.), *200 textos críticos sobre la obra poética de Justo Jorge Padrón*, Madrid: Fundación Fernando Rielo, pp. 219-220 e 520-521.

Baixo os auspicios da Xunta de Galicia publicou unha edición das *Fábulas galegas e outros poemas*, poemario do fundador do xornal *A Monteira*, Amador Montenegro Saavedra.

1992

Realizou o labor de profesor titor de prácticas do «Curso de obtención do CAP», organizado polo Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela durante o curso 1992-1993.

«De novela argentina: Marcos-Ricardo Barnatán y Sergio M. Goloboff», *Ínsula* 543, marzo, p. 24.

«Ildefonso Manuel Gil: autorreflexión poética», *Principales poetas. Ildefonso Manuel Gil*. Encartes en carpeta. Zaragoza.

Entre 1992 e 1993 colaborou no suplemento Táboa Redonda de *El Progreso* de Lugo, que daquela coordinaba o xornalista Juan Soto.

«Arcadio López Casanova, siervo de la desheredad», *Ínsula* 546, xuño, pp. 23-24.

Elaborou a presentación da obra de Xosé M. Rodríguez Pampín *Ifixenia non quere morrer*, Santiago de Compostela: Editorial Compostela. Biblioteca 114.

«Limiar» a *Viaxe e fin de Don Frontán*, de Rafael Dieste. Santiago de Compostela: Editorial Compostela.

«Limiar» a *Coa forza da palabra*, de Luís González Tosar. Santiago de Compostela: Editorial Compostela.

«Enfoque biográfico-psicológico: *Lanza de soledá*» de Aquilino Iglesia Alvariño», Claudio Rodríguez Fer (ed.), *Comentarios de textos contemporáneos*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, pp. 265-282.

«Limiar» a *Na outra banda do mar*, de Xosé Neira Vilas. Santiago de Compostela: Editorial Compostela.

«Limiar» a *Unha pouca cinza*, de Suso de Toro. Santiago de Compostela: Editorial Compostela.

«Sementeira e outono dun poeta: Ildefonso-Manuel Gil», *Boletín Galego de Literatura* 8, novembro, pp. 15-27.



Cos seus pais, Josefina e Feliciano

Publicou na editorial Compostela a escolma *Cantigas medievais galego-portuguesas*, que ten como antecedente a publicada, un ano antes, en Xuntanza.

1993

Publicou, na editorial coruñesa Tambre, unha guía de lectura sobre a novela *Crónica de una muerte anunciada*, de Gabriel García Márquez. Como continuación das publicacións anteriores sobre o conto galego publicou, tamén en Tambre, unha antoloxía titulada *Cuentos populares*.



No Instituto Rosalía de Castro, no acto da presentación do Premio de Narrativa Arcebispo Juan de San Clemente, do que foi impulsor

Na editorial barcelonesa PPU (Promociones y Publicaciones Universitarias) publicou un volume de análise poética titulado *Comentario de textos poéticos del siglo XX*.

Reeditou o *Teatro galego*, de Ramón González Alegre, que tirou do prelo a Xunta de Galicia.

Prologou *Los Dinosaurios y otros relatos*, de Gregorio Ortega, Oleiros-A Coruña: Tambre.

«Verano del 68 después de otros veranos», VV. AA., *Filoloxía Románica* 1963-68: XXV anos, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 5-7.

Prologou unha nova edición do libro *Á lus do candil* de Ánxel Fole para Galaxia, reeditada en varias ocasións durante as décadas dos noventa e dos dous mil.

Coordinou, xunto con José Sánchez Reboredo, o volume colectivo *Literatura española de COU: Textos comentados*, ao que contribuíu con comentarios textuais de fragmentos de *Tiempo de silencio*, de Luís Martín Santos, e *Crónica de una muerte anunciada*, de Gabriel García Márquez. Oleiros (A Coruña): Editorial Tambre.



1994

Pasou a formar parte do cadro de colaboradores do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (en diante CRPIH) da Xunta de Galicia, dependente daquela da Dirección Xeral de Política Lingüística. Comezou a dirixir os proxectos «Literatura Recuperada» e «Recuperación de textos poéticos e xornalísticos», xeira que rematou coa súa xubilación en 2016.



Co coordinador científico (Constantino García), o director xeral de Política Lingüística (Manuel Regueiro Tenreiro), bolseiros investigadores e algúns dos directores de proxecto do Centro Ramón Piñeiro, a finais dos anos noventa

Foi relator da actividade «Actualización científico-didáctica de Lingua Castelá e Literatura para profesores de ESO», organizada polo Centro de Formación Continuada do Profesorado de Ferrol, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, realizada en Ferrol durante os meses de marzo e abril.

Publicou unha nova edición do poemario *Algas* de Gumersindo Placer, editada pola Xunta de Galicia. Colaboraron no volume Xoán C. Domínguez Alberte, Begoña Eguizábal Gándara e Amelia Rodrigues Esteves.


Limiar a *Demasiados sinónimos: premios do XXI certame literario Minerva 1993*, Santiago de Compostela: Colexio Manuel Peleteiro.

«Hora actual da narrativa árabe en España: Seis narradores», *Revista Galega do Ensino* 5, novembro, pp. 117-126.

Foi relator da actividade «Actualización científico-didáctica de textos nos novos bacharelatos», organizada polo Centro de Formación Continuada do Profesorado de Ferrol, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, realizada en Ferrol durante outubro e novembro.

Aturuxo. Revista de poesía e crítica (Ferrol, 1952-1960). Luís Alonso Girgado (editor e colaborador), Xavier Castro Rodríguez, Xoán Carlos Domínguez Alberte, Begoña Eguizábal Gándara, Manuel Quintáns Suárez e Amelia Rodrigues Esteves (colaboración). Edición facsimilar, CRPIH.

A editorial Sotelo Blanco de Compostela publicou o seu estudo e edición da poesía de Luis Amado Carballo *Poesía galega completa*.



Encargouse, xunto con Xoán Carlos Domínguez Albarte, da reedición do poemario póstumo de Francisco María de la Iglesia, *D'o mar e d'a terra*, publicación auspiciada pola Xunta de Galicia.

Relator da actividade «A gramática do texto», organizada polo Centro de Formación Continuada do Profesorado de Lugo, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, realizada en Lugo en decembro.

Na editorial madrileña Torremozas publicou, traducido ao español, o volume *Rosa de sombra*, escolma de versos de Rosalía de Castro.

1995

Participou como relator no congreso Didáctica de la Lengua y la Literatura, organizado pola Asociación Gallega de Profesores de Español Álvaro Cunqueiro, realizado en Lugo no mes de marzo.

Gelmírez. Hojas de otoño a primavera (Santiago de Compostela, 1945-1946). Luís Alonso Girgado (dirección e colaboración), Xavier Castro Rodríguez, Xoán


Carlos Domínguez Alberte, Begoña Eguizábal Gándara e Amelia Rodrigues Esteves (edición). CRPIH.

«Prólogo» á novela *Oro para el general*, de Daniel Carrera González. A Coruña: Edición de Autor.

«Ollando nos «arquivos» de Rafael Dieste», *A Nosa Terra. A nosa cultura* 15, marzo, pp. 26-30.

Escribiu co seu amigo José Sánchez Reboredo, catedrático de Literatura Española do Instituto Xelmírez de Santiago, o manual *Literatura española de COU*. Oleiros-A Coruña: Editorial Tambre.

Ingresou como membro na Asociación Española de Críticos Literarios e na Asociación de Críticos Literarios de Andalucía.



«O ‘Grupo Hispano’ na actual narrativa norteamericana», *Revista Galega do Ensino* 6, febreiro, pp. 107-114.

Alba. Hojas de poesía. Follas de poesía (A Coruña, 1948- Vigo, 1956). Luís Alonso Girgado (dirección), Xavier Castro Rodríguez, Xoán Carlos Domínguez Alberte, Begoña Eguizábal Gándara e Amelia Rodrigues Esteves (edición). CRPIH.

Posío (Ourense, 1945-1946). Luís Alonso Girgado (dirección), Xoán Carlos Domínguez Alberte, Begoña Eguizábal Gándara e Amelia Rodrigues Esteves (edición). CRPIH.

Iniciou o seu labor como interventor e colaborador da revista *Clave Orión*, dirixida por Luz Pozo Garza.



Na cea do Premio Arcebispo Juan de San Clemente, con Mario Vargas Llosa, Suso de Toro, Ubaldo Rueda e alumnado do xurado

1996

Obtivo un diploma no Primer Festival Internacional de Poesía de Las Palmas de Gran Canaria.

Impartiu un curso de Lingua e Cultura Galegas na Universidade de Belgrano, en Bos Aires.

Traduciu dende o galego para o castelán *Saxo Tenor*, de Roberto Vidal Bolaño, que saíu do prelo por primeira vez en 1993, editado pola Sociedad General de Autores y Editores.

«Poesía canaria contemporánea: Actualidade de Justo Jorge Padrón», CA: *Concepción Arenal. Ciencias y humanidades* 29, febreiro, pp. 59-67.

La Noche. Suplemento del Sábado (Santiago de Compostela, 1949-1950). Luís Alonso Girgado (dirección), Xavier Castro Rodríguez, Xoán Carlos Domínguez Alberte, Begoña Eguizábal Gándara, Manuel Quintáns Suárez e Amelia Rodrigues Esteves (edición). CRPIH.



Co seu alumnado da Universidade de Belgrano (1996)

Posío, Arte y Letras (Ourense, 1951-1954). Luís Alonso Girgado (dirección), Xoán Carlos Domínguez Albarte, Begoña Eguizábal Gándara e Amelia Rodrigues Esteves (edición). CRPIH.

«Limiar» en *A Primeira fase e outras narracións*, de Mario Couceiro. Oleiros, A Coruña: Editorial Tambre.

Prologou a novela *Mi mujer está muy buena*, de Gerardo Morano Díaz, que foi publicada pola Editorial Noroeste de Oleiros (A Coruña).



En Las Palmas, nun festival de poesía organizado por Justo Jorge Padrón, entre poetas andaluces, levantinos e cataláns

Traduciu, en coedición con Xurxo Sierra Veloso, a obra do poeta canario Justo Jorge Padrón *Los círculos del infierno* (1976). O poemario foi publicado ao abeiro da Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Política Lingüística).

Plumas e Letras en La Noche (1946-1949). Luís Alonso Girgado (dirección), Xavier Castro Rodríguez, Xoán Carlos Domínguez Alberte, Begoña Eguizábal Gándara, Manuel Quintáns Suárez e Amelia Rodrigues Esteves (edición). CRPIH.

1997

Foi nomeado secretario científico do CRPIH, posto que ocupou ata o ano 2000.

Realizou unha estadía en San Petersburgo para participar nas Xornadas da Cultura de Galicia da súa Universidade o 26 e 27 de maio, convidado por Elena Zernova.




En San Petersburgo, co gallo das Xornadas da Cultura de Galicia (1997)

Colaborou, no terreo da crítica literaria, na revista barcelonesa *Taifa*, fundada e dirixida polo poeta e editor catalán José Batlló, creador ademais da célebre colección de poesía El Bardo. *Taifa* foi voceira da editorial do mesmo nome.

A Deputación Provincial de Huelva editoulle o prego poético *7 voces de la lírica gallega*, no que compendiou algunhas das voces máis importantes da poesía galega.

Xunto a Armando Requeixo preparou un estudo do libro de contos de Ánxel Fole titulado *Ánxel Fole e Á lus do candil*, publicado pola editorial viguesa Nigra. A obra foi presentada en Lugo o 21 de marzo no IES Ánxel Fole.



«Na dramaturxia: achegamento a *Pauto do demo*», *A Nosa Terra. A Nosa Cultura* 17, pp. 28-31.

«Contexto e sentido da obra de Ánxel Fole», Claudio Rodríguez Fer (ed.), *Ánxel Fole: 1903-1986, unha fotobiografía*, Vigo: Xerais, pp. 149-161.

Resol (Galicia, 1932-1936), Bos Aires (1937-1938), Galicia (1990). Luís Alonso Girgado (dirección), Xoán Carlos Domínguez Alberte, Begoña Eguizábal Gándara e Amelia Rodrigues Esteves (edición). CRPIH.

«Narrativa chilena: noticia de Antonio Skármeta», *Revista Galega do Ensino* 14, febreiro, pp. 109-116.

1998

Comezou a dirixir no CRPIH a colección Láncara de Poesía e encargouse, xunto con Amelia Rodrigues Esteves, da edición do primeiro volume da colección: *Salayos e outros poemas*, de Manuel Núñez González.

Coordinou, xunto a Xoán Carlos Domínguez Alberte, Begoña Eguizábal Gándara e Amelia Rodrigues Esteves, o volume *Actas das I Xornadas das Letras Galegas en Lisboa*, que recolle as conferencias pronunciadas en Lisboa durante os días 25 a 30 de marzo dese ano.




Na Universidade Nova de Lisboa, a carón de Luz Pozo Garza, Manuel María, Saleta Goy e Manuel Quintáns, nas I Xornadas das Letras Galegas nesta cidade (1998)

«García Lorca, 'poeta da alta herba' no seu itinerario galego», Luís Alonso Girgado (coord.) e Xoán Carlos Domínguez Alberte, Begoña Eguizábal Gándara, Amelia Rodrigues Esteves (eds.), *Actas das I Xornadas das Letras Galegas en Lisboa*, Santiago de Compostela: CRPIH, pp. 229-240.

Cristal (Pontevedra, 1932-1933). Luís Alonso Girgado (dirección), Xoán Carlos Domínguez Alberte, Begoña Eguizábal Gándara, Amelia Rodrigues Esteves (edición). CRPIH.

Participou cun artigo titulado «A cantiga de amigo» no volume colectivo *Ondas do mar de amigo*, editado por Tonina Gay Parga e publicado na editorial luguesa Citania.

«García Lorca e Galicia, impresións e poemas», *Revista Galega do Ensino* 19, maio, pp. 151-160.



Converteuse en director literario da Librería-Editorial Follas Novas, onde fundou e dirixiu a colección poética Libros da Frouma. O seu número 1 foi o poemario de Agustín González López *Era un son de buguina...* (1998). Co paso do tempo, a colección mantivo a súa continuidade ata chegar aos 70 títulos. O número 70 foi o poemario *Cara inversa* (2014), de Baldo Ramos (ilustrador de moitos números da colección) e Xosé María Álvarez Cáccamo. A xeira durou, xa que logo, un total de dezaseis anos. Nela atópanse poemarios da autoría de Uxío Novoneyra, Arcadio López-Casanova, Antón Avilés de Taramancos, Antón Tovar, Álvaro Cunqueiro, Medos Romero, Manuel Vilanova, Ricardo Martínez Conde, Claudio Rodríguez Fer, Victoriano Taibo, Modesto Fraga, Ramón Caride, Ursula Heinze de Lorenzo, Aurora e Xoán Vidal Martínez, Xosé Otero Canto, Antonio García Teijeiro, Baldo Ramos, Santiago Agrelo, Emma Pedreira, Eduardo Lence Santar, T. S. Eliot, Franck Meyer, Víctor Campio Pereira, José Rubinos Ramos, María Goretti Fariña,

Paco Rivas, Paloma Díaz Andina, Manuel Pereira Valcárcel, Manuel Amor Meilán, Dulce M^a López Rivera, Mon Buhigas e moitos outros. As tiraxes dos libros oscilaron entre os 300 e os 500 exemplares. A alternancia de voces novas a carón doutras xa consagradas foi unha constante da colección.

Simultaneamente ao desenvolvemento da colección Libros da Frouma, creou, na mesma Follas Novas, a colección poética Libros del Caracol e a colección Fonseca, esta última de estudos e ensaios. Nos Libros del Caracol apareceron poemarios de escritores de Ferrol como Miguel C. Vidal (*Ayer en que te dices*, 2003; *El cuarto, la tarde, las rosas (y otros símbolos)*, 2017), Eduardo Santalla (*Reflejo de sombras*, 2003), Antonio Martínez Barcón (*Poemas de la tarde antigua*, 2004) ou el mesmo, co seu *Soliloquio para un retorno* (2003). Outros poetas galegos presentes nesta colección son Aurora Vidal Caramés, Inocencio Pereira, Santiago Agrelo Martínez, Juan L. Blanco Valdés, Manuel Vilanova, César Cunqueiro González-Seco, Lucía Fraga, Xoán Xosé F. Abella, Aurora Vidal Martínez ou Joy Landeira.



No Instituto de Literatura y Lingüística da Habana xunto a Anxo Tarrío, Nuria Gregori Torada, unha investigadora do Instituto, Yolanda Vidal Felipe e o bibliotecario da institución (1998)

Da coetánea colección Fonseca salientan as recompilacións de artigos xornalísticos de Álvaro Cunqueiro, publicados en *La Noche* e mais en *Sábado Gráfico*, e os artigos de Filgueira Valverde na prensa galega, así como unha colectánea de ensaios curtos de Miguel C. Vidal. Nesta colección publicou

tamén guías de lectura de obras de Gabriel García Márquez, Jorge Luis Borges e Pedro Salinas.

Escribiu, a modo de prólogo, un estudo da obra *Xoán Vidal Martínez: Poemas galegos*, editado por Begoña Eguizábal Gándara na colección libros da Frouma de Follas Novas.

No mes de outubro viaxou á Habana para recadar documentación literaria galega no Instituto de Literatura y Lingüística.

1999

Escribiu un texto de presentación para a obra *Bandolerismo, vino y farándula en el Camino de Santiago (15 estampas de Camilo Otero)*. O volume foi editado pola compostelá Librería/Editorial Follas Novas.

La Tierra Gallega (A Habana, 1915). La Alborada (La Habana, 1912). Luís Alonso Girgado (introdución), Amelia Rodrigues Esteves, Teresa Monteagudo Cabaleiro e Xoán Carlos Rodríguez Pérez (revisión e índices). CRPIH.

A Gaita Gallega (A Habana, 1885-1889). Luís Alonso Girgado (dirección), Natalia Regueiro (estudo introdutorio), Amelia Rodrigues Esteves, Lourdes Pazo García, María José García Merino e María Vilariño Suárez (colaboración). CRPIH.

«Novas voces da lírica canaria», *Clave Orión* 4-5, pp. 115-116.

Lar: publicación mensual órgano de afirmación y defensa, al servicio de los intereses generales de la colonia gallega, Santiago de Compostela: CRPIH (edición en volume xerocopiado para consulta no CRPIH).

«Roberto Blanco Torres: del periodismo a la lírica», *Ínsula* 629, maio, pp. 35-36.

Cultura Gallega (A Habana, 1936-1940) [Facsímile dos anos 1936-1937]. Luís Alonso Girgado (introdución), Xoán Carlos Rodríguez Pérez (colaborador), Josefa Beloso, Natalia Regueiro (índices), Yolanda Vidal Felipe e Dania Vázquez Matos (referencias hemerográficas).

Roberto Blanco Torres: cronobiografía, escolma de textos, obra hemerográfica, Luís Alonso Girgado, Manuel Regueiro Tenreiro, M^a Teresa Monteagudo Cabaleiro (eds.), Santiago de Compostela: Consellería de Educación e Cultura.

«Lorca en Galicia», *Con dados de niebla* 19-20, pp. 95-106.


En Follas Novas coeditou, xunto a Teresa Monteagudo Cabaleiro, o volume de homenaxe ao profesor e amigo Manuel Quintáns titulado *Homenaxe ó profesor Manuel Quintáns*.

«Narradoras hispanoamericanas dos 90», Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro (eds.), *Homenaxe ó profesor Manuel Quintáns*, Santiago de Compostela: Follas Novas, pp. 15-44.

Primeiras cantigas de amor, de Xosé Díaz Jácome. Luís Alonso Girgado e Armando Requeixo (eds.), Mondoñedo: Concello de Mondoñedo.

Regulamentos e estatutos das Sociedades Galegas de Cuba, Luís Alonso Girgado (nota de edición), Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Política Lingüística, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (edición en volume xerocopiado para consulta no CRPIH).

Galiza (Mondoñedo 1930-1933), Luís Alonso Girgado (introdución), Amelia Rodrigues Esteves e Begoña Eguizábal Gándara (revisión e índices). Edición facsimilar. CRPIH.



2000


Participou no congreso sobre Manuel Murguía celebrado en Arteixo os días 25-27 de maio e compartiu mesa de oradores con Ana Belén Fortes e Xosé Lois García.

Foi responsable da edición facsimilar do libro de Manuel Murguía *El Regionalismo gallego*. Follas Novas: Santiago de Compostela, para o que escribiu o limiar «Manuel Murguía e a comunidade galega de Cuba».

Publicou *Antología poética*, do Grupo Tambo, composto por Aurora Vidal, Tonia Vázquez e Clementina Vidal, en coedición con Natalia Regueiro e editada pola compostelá Follas Novas.

«Obra cultural dos galegos en Cuba: A Asociación Iniciadora e Protectora da Academia Galega», *Casa da gramática* 10, decembro.

Xunto a Teresa Monteagudo edita *A saudade nos poetas gallegos*, de Ramón Cabanillas e Eladio Rodríguez González, publicación do CRPIH.



Poemas de nenos e paxariños, de Aurora Vidal Martínez. Luís Alonso Girgado e Natalia Regueiro (eds.), Santiago de Compostela: Follas Novas.

Encargouse da coordinación e da introdución da antoloxía de poemas *Perdida luz: (escolma poética)*, de Víctor Campio Pereira, en edición de Teresa Monteagudo Cabaleiro, Santiago de Compostela: Follas Novas.

Dirixiu dous volumes que viron a luz na colección Láncara de Poesía: *Obra galega*, de Xulio Sigüenza, en coedición con Josefa Beloso Gómez, e a *Escolma*, de Manuel Murguía, en coedición con Teresa Monteagudo Cabaleiro.

Prologou unha edición de *La Casa de la Troya*, de Alejandro Pérez Lugín, publicada na compostelá Oribethor.

2001

Impartiu o curso de formación do profesorado A literatura no século XX (Narrativa e poesía na literatura do século XX), que tivo lugar en Santiago o 17 de outubro.

Nós. Páxinas gallegas do diario da Cruña 'El Noroeste' (1918-1919). Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro (edición e estudos). Edición facsimilar. CRPIH.


«A obra poética de Tomás Barros: unha lectura», VV. AA., *Tomás Barros (1922-1986): exposición antolóxica*, Centro Cultural Torrente Ballester, Ferrol, A Coruña: Imprenta Provincial, pp. 11-19.

Raza e terra: versos galegos, de Eladio Rodríguez González. Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo (eds.), Santiago de Compostela: CRPIH.

Neste mesmo ano viu a luz na editorial Follas Novas unha guía de lectura sobre *Crónica de una muerte anunciada*, de Gabriel García Márquez, que tiña como antecedente a xa publicada en Tambre en 1993.

Escolma de aniversario: (Librería Follas Novas, 1971-2001), Luís Alonso Girgado, Teresa Monteagudo Cabaleiro (eds.), Santiago de Compostela: Follas Novas.

Colaborou no libro colectivo *Galicia, 1981-2001*, Carmo Iglesias Díaz (coord.), Santiago de Compostela: Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, pp. 75-79.



Limiar en *A núa lentitude*, de Ricardo Martínez Conde, Santiago de Compostela: Follas Novas.

En 1994 publicou en Sotelo Blanco a súa primeira edición sobre os versos de Amado Carballo. Neste mesmo ano publicou unha nova monografía coa mesma temática, mais desta volta en Xerais, baixo o título *Obra poética galega*.

Editou, xunto a Constantino García e Teresa Monteagudo Cabaleiro, a *Escolma* de Eladio Rodríguez González, baixo o selo da Xunta de Galicia.

2002

Recuperou, auspiciado polo CRPIH, *Aturuxos*, poemario de Ramón Armada Teixeira.

O libro dos abanos, palabras no aire, Luís Alonso Girgado e Carmen Fariña Miranda (eds.), Santiago de Compostela: Follas Novas. Nota de edición de Anxo Tarrío.

Prologou o poemario do ferrolán Miguel Carlos Vidal *Ayer en que te dices*, que viu a luz na editorial Follas Novas.



Con Álvaro Espilla e Miguel Carlos Vidal na Casa de Galicia de Madrid, na presentación de *Ayer en que te dices* deste último

Cantigas, fábulas e outros poemas: (escolma poética), de José Rubinos, Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro (eds.), Santiago de Compostela: Follas Novas.

De Rosalía a Sarmiento: escolma do Día das Letras Galegas (1963-2001), Luís Alonso Girgado, Carmen Fariña Miranda e Teresa Monteagudo Cabaleiro (eds.), Santiago de Compostela: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

«Cen anos despois», VV. AA., *Crítica e autores: artigos e entrevistas publicados en La Voz de Galicia*, A Coruña: La Voz de Galicia, pp. 71-72.

«Infortunio editorial», VV. AA., *Crítica e autores: artigos e entrevistas publicados en La Voz de Galicia*, A Coruña: La Voz de Galicia, pp. 120-121.

«A Sombra perdurable», VV. AA., *Crítica e autores: artigos e entrevistas publicadas en La Voz de Galicia*, A Coruña: La Voz de Galicia, pp. 158-159.

Galicia Moderna. Semanario de Intereses Generales (A Habana, 1885-1890). Luís Alonso Girgado (director), Natalia Regueiro (introdución), Josefa Beloso Gómez (colaboración), Santiago de Compostela: CRPIH.

En coedición con Carmen Fariña Miranda publicou as *Actas do comité Pro-Centenario do nacemento de Curros Enríquez: (A Habana, 1951)*, editadas pola compostelá Follas Novas.

2003

Actuou como relator no Curso de formación do profesorado: «Ensinar literatura no bacharelato (Nuevos caminos de la narrativa hispanoamericana)», que se desenvolveu en Vigo dende o día 18 de febreiro ata o 27 de marzo.

«Prensa e literatura galegas na Habana: (1880-1936)», *Madrygal* 6, pp. 21-26.

La Tierra Gallega (A Habana, 1894-1896). Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro (edición facsimilar). CRPIH.

«Roberto Vidal Bolaño, 1950-2002: apunte biográfico», *Animaliños*, de Roberto Vidal Bolaño, Luís Alonso Girgado, Teresa Monteagudo Cabaleiro, Manuel Quintáns Suárez (eds.), Santiago de Compostela: Follas Novas, pp. 13-19.

Tapal. Noia, 1950. Luís Alonso Girgado (dirección), Carmen Fariña Miranda (edición). CRPIH.

«Nas moradías poéticas de Avilés de Taramancos: (de *Tapal* a *Cantos Caucaños*)», *Boletín da Real Academia Galega* 364, pp. 7-20.

Neste mesmo ano estreouse como poeta co que é, de momento, o seu único título: *Soliloquio para un retorno*, que viu a luz na colección Los libros del Caracol de Follas Novas.



Comezou a dirixir, dende o CRPIH, a colección *Cadernos Ramón Piñeiro* que, ata a actualidade, leva editados trinta e oito volumes, de natureza multidisciplinar en moitos casos, e, noutros, como homenaxe aos galardoados no Día das Letras Galegas.

«A exemplaridade do traballo», VV. AA., *Palabra de amigo. Homenaxe a Alicia Tella-Villamarín Ferreiro*, Mondoñedo: Imprenta Suc. de Mancebo, pp. 13-15.

Cadernos Ramón Piñeiro II: Ramón Piñeiro: cronobiografía e cartas. Luís Alonso Girgado, Teresa Monteagudo Cabaleiro (editores). CRPIH.

Editou, xunto a Carmen Fariña Miranda, o poemario *O vento segrel*, de Augusto M^a Casas, na colección Láncara de Poesía. CRPIH.

Cadernos Ramón Piñeiro III: Bibliografía e hemerografía de Ramón Piñeiro: unha contribución. Luís Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez, Teresa Monteagudo Cabaleiro (editores). CRPIH.

2004

Principiou a súa xeira nas páxinas de *Diario de Ferrol*, dirixido daquela por Xermán Castro Tomé. Dende entón escribe nas páxinas dominicais do suplemento Nordesía, inicialmente coordinado por Nicolás Vidal e Xosé G. Fandiño. Os seus artigos versan, case sempre, sobre novidades de narrativa hispanoamericana. Máis esporadicamente atende motivos e problemas da cidade ferrolá, do pasado ou da actualidade. Ata o momento, teñen aparecido arredor de 700 artigos da súa autoría, habitualmente en castelán. En suma, as súas achegas neste xornal e mais no *Diario de Ferrol* e *Diario de Córdoba* roldan os mil cincocentos artigos.

Eco de Galicia (A Habana, 1917-1936). Luís Alonso Girgado (dirección), María Lojo Abeijón (edición facsimilar). CRPIH.

Cadernos Ramón Piñeiro V: Cartas de Ramón Piñeiro a Ricardo Carballo Calero. Luís Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez, Carmen Fariña Miranda (editores). CRPIH.

Aires d'a miña terra (Bos Aires, 1908-1909). Luís Alonso Girgado (dirección), Carmen Fariña Miranda (edición facsimilar en libro e DVD). CRPIH.

Tierra Gallega: Semanario regional ilustrado (Montevideo, 1917-1918). Luís Alonso Girgado (dirección); Carmen Fariña Miranda (edición). Edición facsimilar (libro e DVD). CRPIH.

Centro Gallego (Montevideo, anos 1917-1918, números 1-13). Luís Alonso Girgado e María Cuquejo Enríquez (edición). Edición facsimilar (libro e DVD). CRPIH.

«Eduardo Moreiras, mensaxeiro da poesía», *Clave Orión* 9-11, pp. 93-97.

2005

Recibiu o Premio de Cultura do *Diario de Ferrol* polo seu labor no eido da crítica literaria.

«Xoán Vidal Martínez, poeta da tristeza», *Encrucillada: revista galega de pensamento cristián* 144, pp. 73-78.

Airiños d'a miña terra (A Habana, 1909). Luís Alonso Girgado (introdución e índices), María Cuquejo Enríquez (edición facsimilar). CRPIH.

Eufonía (Buenos Aires 1958-1959). Luís Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez e Manuel Quintáns Suárez (eds.). Edición facsimilar (libro e DVD). CRPIH.

Galicia. Revista do Centro Galego (Montevideo, 1929, número 151). Luís Alonso Girgado (introdución), María Cuquejo Enríquez (edición). Edición facsimilar (libro e DVD). CRPIH.

2006

Participou no VIII Congreso Internacional de Estudos Galegos do 12 ao 15 de setembro en Salvador de Baía (Brasil) cun relatorio titulado «A poesía galega nas edicións facsimilares de revistas poéticas».

Alma Gallega (Montevideo, 1919-1967). Luís Alonso Girgado e María Vilariño Suárez (eds.). Edición facsimilar (libro e DVD). CRPIH.

Universitarios. Revista de la F.U.E (Santiago de Compostela, 1932-1933). María Cuquejo Enríquez e Luís Alonso Girgado (eds.). Edición facsimilar. CRPIH.

La Unión Gallega. Luís Alonso Girgado (dirección), Manuel Quintáns Suárez (ficha técnica, estudo e índices). Edición en DVD. CRPIH.

«Por los poemas de Ámbar», VV. AA., *Remembranza de Antonio Martínez Barcón*, Ferrol: Club de Prensa de Ferrol, pp. 9-10.

«A prensa dos emigrantes galegos en Uruguai», *Ferrol Análisis* 21, pp. 146-153.

Galicia Nueva (Montevideo, 1918). Luís Alonso Girgado e María Vilariño Suárez (eds.). Edición en DVD. CRPIH.

«Olladas nas cartas de Ramón Piñeiro», Charo Ferreiro e Inmaculada Pena (coords.), *Encontro Ramón Piñeiro: actas do Encontro, Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2005*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 85-89.

«Manuel Lugrís Freire (1863-1940): xornalista», *Boletín da Real Academia Galega* 367, pp. 7-24 (En colaboración con María Vilariño Suárez).

Galicia. Revista del Centro Gallego (Caracas, 1952-1954). Francisco Fernández del Riego (proloquio), Luís Alonso Girgado (introdución e índices), Xurxo Martínez Crespo (colaboración), Marisa Moreda Leirado, María Vilariño Suárez (eds.). Edición facsimilar. CRPIH.

Yunque. Periódico de vanguardia política. Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.). Edición facsimilar. CRPIH.

Arazua (Montevideo, 1929-1930)–*Raza Celta* (Montevideo, 1934-1935). Luís Alonso Girgado, María Vilariño Suárez (eds.). Edición facsimilar. CRPIH.

2007

Participou no libro colectivo *Bonifacio Borreiros na memoria de Galicia* en homenaxe ao político ferrolán cun artigo titulado «Bonifacio Borreiros: un home para a cultura» (p. 103), que editou a coruñesa Biblos.

Galicia. Revista semanal ilustrada (A Habana, 1902-1930) [*Facsímile dos anos 1902-1903*]. Luís Alonso Girgado (dirección), María Vilariño Suárez (edición, estudo e índices). Edición facsimilar (libro e DVD). CRPIH.

«Os Bailes do Centro Galego da Habana en 1900», *Ferrol Análisis* 22, pp. 69-77.

Encárgase da selección de poemas do libro de Santiago Agrelo Martínez *Diurnal (seguido de Diccionario de Soños)*, Marisa Moreda Leirado, María Vilariño (eds.), Santiago de Compostela: Follas Novas.

Suevia. (Bos Aires, 1913. *Revista gallega regionalista*)/ (Bos Aires, 1916. *Revista gallega*), Luís Alonso Girgado (estudo introdutorio), Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.). Edición facsimilar. CRPIH.

En el cristal de la noche (poemas y canciones), de Santiago Agrelo Martínez, Luís Alonso Girgado e María Vilariño Suárez (eds.), Santiago de Compostela: Follas Novas.

Mundo gallego. Revista de Galicia en América (Bos Aires, 1951-1952). Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds).

Prensa galega en Arxentina (1907-1963): Lar Galician/Alalá/Alborada/Alén Mar. Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.). Edición en DVD. CRPIH.

2008

1985. *Almanaque gallego*. Manuel Quintáns Suárez, Alexandra Cillero Prieto, Élida Abal Santorum e Luís Alonso Girgado (eds.). CRPIH.

Lérez. Revista do centro pontevedrés de Bos Aires (1962). Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum e Alexandra Cillero Prieto (eds.). Edición facsimilar. CRPIH.

Bohemia. Revista semanal ilustrada (A Habana, 25 de abril de 1915). Luís Alonso Girgado (introdución), Marisa Moreda Leirado (ed.). Edición Facsimilar. CRPIH.

«Polas canles líricas de Xosé M^a Álvarez Blázquez», *Boletín da Real Academia Galega* 369, pp. 23-34.

Escolma de almanaques galegos (1865-1929) [Bos Aires–A Habana–Galicia]. Luís Alonso Girgado (dirección), Manuel Quintáns Suárez, Élida Abal Santorum e Alexandra Cillero Prieto (eds.). Edición en DVD. CRPIH.

Galicia. Revista semanal ilustrada (A Habana, 1902-1930) [Facsímile —e DVD— dos anos 1904-1905]. Luís Alonso Girgado (dirección), María Vilariño Suárez (edición, estudo e índices). CRPIH.

«O novo Pazo Social do Centro Galego da Habana e a revista *Bohemia*», *Ferrol Análisis* 23, pp. 24-31.

Prensa galega da Arxentina (1935-1964). Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum e Alexandra Cillero Prieto (eds.). Edición en DVD. CRPIH.

Saudade. Verba galega nas américas (México, D.F., 1942-1953). Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (editores). Edición facsimilar. CRPIH.

El Gallego. Periódico semanal. Órgano de los intereses de su nombre. Luís Alonso Girgado (dirección), Marisa Moreda Leirado e Manuel Quintáns Suárez (eds.). Edición en DVD. CRPIH.

2009

Publicou na colección Fonseca, de Follas Novas, *El Aleph de Jorge Luis Borges. Guía de lectura*. Neste mesmo ano viu a luz outra obra da mesma natureza (na que colabora a carón de José Sánchez Reboredo), *La voz a ti debida de Pedro Salinas. Guía de lectura*, tamén ao abeiro da editorial Follas Novas.

O Real Coro «Toxos e Froles» de Ferrol concedeulle o Premio Manuel Lorenzo Barja polo seu labor a prol da cultura galega.



En Ferrol, no acto de recepción do Premio Manuel Lorenzo Barja, concedido polo Real Coro Toxos e Froles

Céltiga. Bos Aires (1924-1932). Luís Alonso Girgado, Élide Abal Santorum e Alexandra Cillero Prieto (eds.). Edición facsimilar. CRPIH.

«Olladas en Ramón Piñeiro», *Atenea: revista trimestral do Ateneo Ferrolán* 34, abril-xuño, pp. 31-32.

Cadernos Ramón Piñeiro XI: Cartas (a Xosé F. Filgueira Valverde, Agustín Sixto Seco, Gabriel Celaya, Miguel C. Vidal, Juan San Martín, Francisco X. Carro Rosende e Xosé M. Rodríguez Pampín). Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum, Alexandra Cillero Prieto (eds.). CRPIH.

Prologou *Con puntas de flecha. O la madre de Deus*, de Andrés Suárez, Santiago de Chile: Valente Editores.

Vamos: órgano del Colegio Minerva: (Santiago, 1948-1958): escolma dos números da primeira década da revista. Luís Alonso Girgado (ed.), Élida Abal Santorum e Rafael Álvarez R. (coords.), Santiago de Compostela: Colexio M. Peleteiro.



Na entrega dos Premios Minerva, con Armando Requeixo, Manuel Quintáns, a concelleira de Cultura de Santiago de Compostela, Luís Peleteiro e Teresa González da Silva

Cadernos Ramón Piñeiro XII: Cartas de Ramón Piñeiro a José Luis Pensado. Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum, Alexandra Cillero Prieto (edición), M^a Montserrat Vázquez Riveiro (colaboración).

2010

Xunto con Élida Abal Santorum e Alexandra Cillero Prieto publicou en Follas Novas *Poemas de las horas marchitas*, de Aurora Vidal Martínez.

«Manuel Curros Enríquez: un dos piares do Rexurdimento», VV. AA., *A cidade dos xornalistas: rúas e prazas con historia de Santiago de Compostela*, A Coruña: Asociación da Prensa da Coruña, pp. 71-74.

«Noite mareira/Seaworthy night, de Luís Amado Carballo», Luís Alonso Girgado (escolma), Jonathan Dunne (ed.) e John Burns (trad.), *Anthology of Galician Literature (1196-1981). Antoloxía da literatura galega (1196-1981)*. Santiago de Compostela/Vigo: Xunta de Galicia/Xerais/Galaxia, pp. 148-149.

Cartas de poeta: de Uxío Novoneyra a Ramón Piñeiro (1953-1972), Luís Cochón e Luís Alonso Girgado (eds.), Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Estudo introdutorio a *Uxío Novoneyra: Esta coor de soidá (escolma poética)*, Élida Abal Santorum e Alexandra Cillero Prieto (eds.). Posfacio de Luís Cochón, Santiago de Compostela: Follas Novas.

«Limiar» a *Doce*, de Mon G. Buhigas, Santiago de Compostela: Follas Novas.

«Diversidade interno-externa e multiplicidade textual en Uxío Novoneyra», *Boletín da Real Academia Galega* 371, pp. 133-138.

Falorpiñas de neve. Cartas a Manuel María, de Uxío Novoneyra, Luís Alonso Girgado, Luís Cochón, Élida Abal Santorum, Alexandra Cillero Prieto (eds.), Santiago de Compostela: Follas Novas.

Cadernos Ramón Piñeiro XIV: A casa! o val! a patria homilde! Chove pra que eu soñe... Celebración de Uxío Novoneyra (1930-1999). Luís Alonso Girgado, Alexandra Cillero Prieto, Élida Abal Santorum (eds.), Iris e Luís Cochón (editores dos textos de Uxío Novoneyra), Montserrat Vázquez Riveiro (referencias hemerográficas). CRPIH.

Cadernos Ramón Piñeiro XV. Ramón Piñeiro: Epistolario lugués. Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum, Alexandra Cillero Prieto (edición), Iris e Luís Cochón (edición das cartas a Uxío Novoneyra). CRPIH.

O Irmandino. Órgao da Irmandade Galeguista do Uruguai. Manuel Quintáns Suárez (presentación), Pablo Díaz Durán (introdución e índices), Élida Abal Santorum e Alexandra Cillero Prieto (eds.), Luís Alonso Girgado (dirección). CRPIH.

Cadernos Ramón Piñeiro XVI: i-en todo o silencio preguntado. Celebración de Uxío Novoneyra, II (1930-1999). Luís Cochón, Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum e Alexandra Cillero Prieto (eds.). CRPIH.

2011

Impartiu a conferencia Diversidade interno-externa e multiplicidade textual en Uxío Novoneyra no marco do Congreso Uxío Novoneyra, que tivo lugar na Coruña os días 17, 18 e 19 de febreiro dese ano organizado pola Real Academia Galega en colaboración co Consello da Cultura Galega e a Concellería de Cultura do Concello da Coruña.

Coedita, xunto a Alexandra Cillero Prieto e Ana Fresco Santalla, o libro de Aurora Vidal Caramés *Nivaria (escrito en Canarias)*, Santiago de Compostela: Follas Novas.

Cadernos Ramón Piñeiro XVII: Bibliografía e hemerografía de Ramón Piñeiro. Luís Alonso Girgado, Alexandra Cillero Prieto, Élida Abal Santorum, María Cuquejo Enríquez, Teresa Monteagudo Cabaleiro e Montserrat Vázquez Riveiro (eds.). CRPIH.

Creou a colección poética Libros do Loureiro no seo da Librería-Editorial Follas Novas. O primeiro libro da nova colección foi *Poemas de amor, loanza, condena e outros*, de Xoán Xosé Fernández Abella. Ata hoxe, a colección publicou máis dunha ducia de títulos e entre os seus autores figuran Arcadio López-Casanova, Paco Rivas, Antonio Domínguez Rey, Begoña Díez Sanz, Soledad Pite Sanjurjo, Claudio Rodríguez Fer e Xosé Abeal, entre outros.

Preparou, con Luís Cochón, a edición de *Soma de craridades por Álvaro Cunqueiro e unha carta a Luís Seoane por Santiago Montero Díaz*, que publicou a Xunta de Galicia a través do CRPIH.

Co gallo do centenario do nacemento de Álvaro Cunqueiro publicou, xunto a Lorena Domínguez Mallo, *Prólogos, epílogos y otros escritos diversos*, saído do prelo de Follas Novas, e o Caderno Ramón Piñeiro titulado *Álvaro Cunqueiro. Remuíño de prosas*, en coedición con Luís Cochón e Lorena Domínguez Mallo.

«Elegías y canciones: fundamentos galegos e outras claves», Álvaro Cunqueiro, *Elegías y canciones*. Epílogo de Luís Cochón, Santiago de Compostela: Follas Novas, pp. 15-32.



No Ateneo de Pontevedra, na presentación de *Elegías y canciones* de Álvaro Cunqueiro, con Luís Toxo, Luís Cochón e Armando Requeixo

Cadernos Ramón Piñeiro XIX: Homenaxe a Fernando Pérez Barreiro-Nolla. Luís Alonso Girgado, Nicolás Vidal e Alexandra Cillero Prieto (eds.). CRPIH.

2012

La muerte del fauno, de César Cunqueiro González-Seco. Luís Cochón e Luís Alonso Girgado (eds.), Santiago de Compostela: Follas Novas.

«Los días» en *La Noche: (Santiago de Compostela, 1959-1962)*. Luís Alonso Girgado e Lorena Domínguez Mallo (eds.), Santiago de Compostela: Follas Novas.

Foi entrevistado por Nicolás Vidal e José Gómez Fandiño do *Diario de Ferrol* o 28 de xaneiro de 2007. Esta entrevista pasou logo formar parte do libro destes dous xornalistas *Ferroláns de seu. 43 entrevistas en Diario de Ferrol*, Ferrol: Embora, pp. 85-91.

2013

Obtivo a Insignia de Ouro do Concello de Ferrol na festividade de San Xiao, o 7 de xaneiro, «en homenaxe á súa brillante traxectoria profesional e á súa destacada contribución á nosa cultura, e como sinal de agradecemento pola doazón da súa colección de literatura hispanoamericana ao noso Concello», tal como figurou no texto da convocatoria do acto celebrado no Teatro Jofre de Ferrol.



Na entrega da Insignia de Ouro do Concello de Ferrol, con Xosé Manuel Rey Varela (entón alcalde de Ferrol) á esquerda e Xosé López Orozco (daquela alcalde de Lugo) á dereita

«I. Sábado Gráfico: una aproximación» e «II. Cunqueiro en Sábado Gráfico: “Los otros rostros”», Álvaro Cunqueiro, *Los otros rostros (1975-1981) en «Sábado Gráfico» (Madrid, 1956-1983)*. Luís Alonso Girgado, Lorena Domínguez Mallo, Anastasio Iglesias Blanco (eds.), Santiago de Compostela: Follas Novas, pp. 33-43 e 45-50.

Publicou, xunto a Lorena Domínguez Mallo, o DVD *Álvaro Cunqueiro (1911-1981)*, editado polo CRPIH. A entrevista e as reportaxes foron realizadas e emitidas por Manuel Pérez Bello, do Centro Territorial de TVE en Galicia.

Céltiga. 1925-1926. Luís Alonso Girgado, Manuel Quintáns Suárez, Élida Abal Santorum, Alexandra Cillero Prieto e Lorena Domínguez Mallo (eds.). Edición en DVD. CRPIH.

Cadernos Ramón Piñeiro XXVI: Rosalía na cobiza do lonxe. Luís Cochón, Luís Alonso Girgado e Lorena Domínguez Mallo (eds.). CRPIH.



Na presentación de *Rosalía na cobiza do lonxe*, na biblioteca Ánxel Casal, con Luís Cochón, Valentín García Gómez, Manuel González González e Armando Requeixo

2014

Cadernos Ramón Piñeiro XXIX: Nimbos: cáliz fervendo! Luís Cochón (edición), Luís Alonso Girgado (coordinación), Laura Mariño Taibo (colaboración).

Elaborou o limiar da obra *Tempo ordinario: (historias de Compostela)*, de Paco Carro. Santiago de Compostela: Follas Novas.

2015

Con motivo do Día das Letras Galegas dedicado a Xosé Filgueira Valverde publicou na revista *Compostellanum* (60, núm. 3-4, xullo-decembro, pp. 543-591) o artigo «Filgueira Valverde en la prensa: inventario imposible», xunto a Laura Mariño Taibo e Nuria Rouco Aneiros.

En colaboración con Carmen Porta, directora da Biblioteca Pública Municipal de Ferrol, participou na exposición bibliográfica *México na súa novela (1915-2015)*, aberta do 14 de maio ao 18 de xullo, e pronunciou a súa conferencia inaugural.

Cadernos Ramón Piñeiro XXXIII: Epistolario Ricardo Carballo Calero/Ramón Piñeiro (Historial dun libro). Luís Alonso Girgado, Luís Cochón, Nuria Rouco Aneiros e Xurxo Martínez González (eds.). CRPIH.

«Xosé F. Filgueira Valverde na farrapeira lizgaira da prensa: referencias italianas», Carmen F. Blanco Valdés e Ana Domínguez Ferro (eds.), *«Madonna à 'n sé vertute con valore»: estudos en homenaxe a Isabel González*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 35-45.

Cadernos Ramón Piñeiro XXXIV: Xosé F. Filgueira Valverde. Escolma de textos literarios e xornalísticos. Luís Alonso Girgado e Laura Blanco Casás (eds.), Manuel Quintáns Suárez (colaborador). CRPIH.

Participou, xunto a Armando Requeixo, na presentación do poemario de Claudio Rodríguez Fer, *Amores sen morte/Deathless Loves*, Santiago de Compostela: Follas Novas.



Na librería Follas Novas, con Claudio Rodríguez Fer e Armando Requeixo na presentación do libro *Amores sen morte/Deathless Loves*

2016

Xistral. Revista de Poesía (Lugo, 1949). Luís Alonso Girgado e Laura Piñeiro Pais (edición), Claudio Rodríguez Fer (introdución). CRPIH.

En agosto xubilouse da docencia e da investigación activa no CRPIH, aínda que na actualidade continúa colaborando co centro en diversas publicacións e co proxecto que anteriormente dirixía: Recuperación de textos literarios e xornalísticos galegos.

«A prensa nacionalista da Galicia alén mar na etapa das Irmandades (1916-1931)», Luís Cochón (coord.), *Arredor das Irmandades da Fala: pensamento, política e poética en Galicia (1914-1931)*, Vigo: Xerais, pp. 231-239.

Cadernos Ramón Piñeiro XXXV: Manuel María. Cecais hai una luz. Memorabilia. Luís Cochón e Luís Alonso Girgado (eds.), Laura Piñeiro Pais e Verónica Pousada Pardo (colaboradoras). CRPIH.

«A obra hemerográfica de Manuel María: a súa presenza en *Alba*», Luís Cochón e Luís Alonso Girgado (eds.), *Cadernos Ramón Piñeiro XXXV: Manuel María. Cecais hai una luz. Memorabilia.* CRPIH, pp. 25-38.

Publicou con Laura Piñeiro Pais «Ramón Piñeiro e Manuel María: un epistolario», Luís Alonso Girgado e Luís Cochón (eds.), *Cadernos Ramón Piñeiro XXXV: Manuel María. Cecais hai una luz. Memorabilia.* CRPIH, pp. 275-336.

Publicou dúas monografías recompilatorias dos artigos de prensa de Xosé Filgueira Valverde: *José Filgueira Valverde en la prensa de Madrid (artículos en ABC y Ya)*, en coedición con Noelia Estévez Rionegro e Laura Piñeiro Pais, editada conxuntamente por Follas Novas e Compostellum; e *Xosé F. Filgueira Valverde: artigos en El Correo Gallego e La Noche*, en coedición con Laura Mariño Taibo, Laura Piñeiro Pais e Nuria Rouco Aneiros, editada na colección Fonseca de Follas Novas.

2017

Publicou, en coedición con Luís Cochón e Laura Piñeiro Pais, o *Caderno Ramón Piñeiro XXXVII, Carlos Casares: homenaxe. De amicitia*, en lembranza a Carlos Casares, autor distinguido co Día Das Letras Galegas dese ano. CRPIH.

«Epistolario Carlos Casares-Ramón Piñeiro», Luís Cochón, Luís Alonso Girgado e Laura Piñeiro Pais (eds.), *Carlos Casares: homenaxe. De amicitia.* CRPIH, pp. 471-534.

Escribiu o limiar «Historias de mar e de morte» para *Mar...usía. Relatos salpresados*, de Paco Rivas, A Coruña: Baía Edicións.

Xunto a Laura Piñeiro Pais editou o libro *Cartas de Carlos Casares a Francisco Fernández del Riego*, publicado en edición non venal pola santiaguesa Follas Novas.

«Pasado e presente da narrativa policial arxentina», Armando Requeixo (ed.), *Sobre letras e signos: estudos en homenaxe a Anxo Tarrío Varela*. CRPIH, pp. 139-147.



Xuntanza de celebración dos vinte e cinco anos do remate da carreira, dos integrantes do curso 1963-1968, de Filoloxía Románica na USC. Entre o alumnado, os profesores Constantino García, Lucas Álvarez, Manteiga Pedrares e Félix Monge



II. ESCOLMA DE TEXTOS

A. En edicións facsimilares



Aturuxo. Revista de Poesía e Crítica (Ferrol, 1952-1960), Luís Alonso Girgado (dir.), Xabier Castro Rodríguez, Xoán Carlos Domínguez Alberte, Begoña Eguizábal Gándara, Manuel Quintáns Suárez e Amelia Rodrigues Esteves (cols.). Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 1994.

***Aturuxo*: notas para a intrahistoria dunha revista**

Aturuxo foi unha revista literaria, fundamentalmente poética (aínda que tamén deu cabida, andando o tempo, á crítica literaria), que se publicou en Ferrol entre os anos 1952 e 1960. E foron ferroláns como Miguel C. Vidal e Mario Couceiro —ou ben xente afincada alí, como Tomás Barros— os que levaron adiante todo o traballo que supón este tipo de empresas: configuración da liña intelectual, deseño xeral da revista, solicitude de colaboracións, intercambios epistolares, relacións con outras publicacións de parecido feito, corrección de probas e aínda distribución e difusión.

Corrían os anos 1951-1952 por un Ferrol que tiña ben pouca actividade cultural. Algúns profesores do instituto de Ensino Medio, moi poucos profesionais universitarios, algún colaborador das páxinas de *El Correo gallego* —xornal xa radicado había moitos anos en Santiago, pero con importante delegación na chamada Cidade Departamental— constituían o pequeno feixe dos interesados na vida literaria. Miguel C. Vidal era un mozo con inquietanzas poéticas. Gustáballe ler poesía e, daquela, comezaba a escribir os seus primeiros poemas. Como acontece acotío, dubidando do valor daquelas composicións, andaba á procura de alguén que puidera xulgar o seu labor; alguén que tivese axeitados coñecementos do mester poético.

O seu interlocutor foi Tomás Barros. Aínda que nacido en Toledo en 1922, Barros era de familia ferrolá e en Ferrol fixera os seus estudos de bacharelato. Logo rematou en Santiago a carreira de Maxisterio e dedicábase ao ensino. En 1950 publicaba o seu primeiro poemario —*Gárgolas*— na colección pontevedresa Benito Soto, dirixida por Celso Emilio Ferreiro. Pero xa arredor de 1952 Tomás Barros, ademais de terse iniciado na lírica, amosaba a súa vocación de pintor e tiña un pequeno estudio na casa onde vivían seus pais, no nº 18-20 da rúa Real, edificio que era propiedade da familia Quintanilla.

Sen coñecelo máis que de vista, pero interesado en achegarlle os seus poemas, Miguel C. Vidal visitou a Tomás Barros un día no que este estaba doente na cama. Daquela visita naceu a idea da fundación dunha revista literaria que atendese sobre todo á lírica.

O seguinte paso foi unha nova consulta. En efecto, xa co proxecto entre as súas mans, Tomás Barros e Miguel C. Vidal entrevistáronse con outro ferrolán, Ricardo Carballo Calero. Dende comezos de 1950 don Ricardo residía en Lugo, onde se fixera cargo da dirección dun centro experimental de ensino, o Colexio Fingoi. Alí, nas instalacións do colexio, «vivía isola-



do¹», levando a cabo un labor docente que se ía prolongar sen interrupcións ata 1965. Cómpre lembrar que xa en 1950 publicara a novela *A xente da Barreira*, galardoada no certame da editorial Bibliófilos Gallegos, e o poemario *Anxo de terra*. En 1952 virían os *Poemas pendurados dun cabelo* e a continuación dúas importantes contribucións ao ámbito dos estudos literarios: *Sete poetas galegos* (1953) e —desta vez en castelán— *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea* (1955); este último froito da súa tese de doutoramento, presentada en Madrid e solicitada por Dámaso Alonso —membro do tribunal examinador— para a súa publicación na editorial Gredos.

Pois ben, don Ricardo facía frecuentes viaxes a Ferrol para visitar a súa dona, que ao parecer impartía daquela clases no Colexio Rapariz. Unha desas viaxes foi ocasión para que Tomás Barros e Miguel C. Vidal expuxeran a don Ricardo a idea de facer a revista. Mais Carballo Calero opinou que mellor que



unha revista sería facer unha colección literaria, onde tivesen cabida os libros daqueles que poderían ter figurado como colaboradores da revista.

Malia a opinión de don Ricardo, que por certo estaba nunha difícil situación (represaliado por separatista e afastado do Colexio de Licenciados e Doutores) que só lle permitía dar clases en centros privados de ensino, *Aturuxo* foi adiante e, en 1952, tirou os seus dous primeiros números. Non obstante, a idea do profesor de Fingoi foi tamén aproveitada e cando *Aturuxo* sacou o seu único número dobre (nº 7-8) iniciouse a publicación dunha colección de libros dirixida e orientada do mesmo xeito por Tomás Barros e Miguel C. Vidal.

Neste intre, en 1954, prodúcese a incorporación a *Aturuxo* doutro ferrolán, Mario Couceiro, que no nº 4 da revista publica a súa primeira colaboración, o poema «Niño tendido bajo un árbol». En adiante, Mario Couceiro estaría moi directamente vinculado a *Aturuxo*, non só como colaborador, senón en labores de codirección e xestión. Unha fonda amizade, unha axeitada com-

¹ Miguel Anxo Fernán Vello e Francisco Pillado Mayor (1986): *Conversas en Compostela con Carballo Calero*, Barcelona: Sotelo Blanco, pp. 119 e ss.



O grupo de *Aturuxo* ao completo. De esquerda a dereita, Mario Couceiro, Pérez-Barreiro, Tomás Barros, González Garcés e Miguel C. Vidal (Ferrol, 1954)

plementariedade de criterios e un común desexo de facer unha revista selecta, coidada, atraente foron principios que informaron a relación entre aquel pequeno grupo: Tomás Barros, Miguel C. Vidal e Mario Couceiro.

No nº 3 de *Aturuxo*, do ano 1953, aparece o poema «Minero de luz», do poeta coruñés Miguel González Garcés. De entre todos os colaboradores foi González Garcés o máis achegado ao núcleo reitor da revista. Con Tomás Barros e Miguel C. Vidal moi es-

pecialmente, mantivo o autor de *Sede e luz* un afectuoso vínculo que aínda chegou ao terreo do familiar. Algunhas reunións fixéronse na Coruña; outras, en Ferrol, coa asistencia de Garcés. Co paso dos anos este ía publicar diferentes artigos sobre a revista².

Na intrahistoria de *Aturuxo* hai algúns elementos itinerantes. Un deles foi a escenografía das reunións e dos faladoiros. Ben é certo que o piso dos Barros xa mencionado servía para situar a redacción e administración e dende alí, nas xuntanzas do trío directivo, facíase selección de orixinais, petición de colaboracións, configuración xeral dos diferentes números etc. Pero tiñan tamén sesións máis informais, preto xa dos habituais faladoiros, no Café-Churrería de Bonilla, na praza do Callao. Alí consumíase, estritamente, un café per cápita e o dono do establecemento semellaba led e satisfeito de ter o seu local ocupado con parte da intelectualidade da vila. Outro escenario vinculado a *Aturuxo* foi o desaparecido Café Galiano, sito na rúa do mesmo nome, preto da praza de Armas. Nas xuntanzas do Galiano non faltaban curiosos e interesados en «meter» algo naquela revista. Cousa que a meirande parte deles endexamais conseguiron, por razón da selectiva esixencia no criterio de admisión das colaboracións. Andando o tempo, esa actitude operou a favor da calidade e prestixio

² Miguel González Garcés (1957): «Ante la fiesta de la poesía: La revista *Aturuxo*», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 20 de marzo.

das páxinas de *Aturuxo*. Sen dúbida o máis rigoroso, o menos transixente ao respecto foi Miguel C. Vidal. Tamén foi el o máis atento e coidadoso en evitar problemas coa censura vixiante; pola contra, iso preocupaba moito menos a Tomás Barros. Outra ruta itinerante foi a das imprentas de *Aturuxo*. Os números 1 e 2 foron imprentados nos Talleres Gráficos de La Latina. Do número 3 ata o 9 fixo ese traballo a Imprenta Covadonga. Os dous números finais (10 e 11) saíron do prelo da Gutemberg. As tres estaban radicadas en Ferrol.

A referencia á censura é obrigada, cando tentamos explicar a andaina de *Aturuxo*, nunha dobre liña, a da lingua e a do contido dos textos. A presenza, no nº 4, de Paul Éluard, ben coñecido militante do Partido Comunista francés, cun poema traducido ao castelán por Eduardo Moreiras, foi sen dúbida un despiste do censor. Non obstante, a colaboración constante de galeguistas como Carballo Calero, Celso Emilio Ferreiro, Xosé Leyra Domínguez, Aquilino Iglesia Alvariño, Ánxel Johán, Isaac Díaz Pardo e outros moitos e, ao seu carón, nomes non gratos ao réxime como os de José Agustín Goytisolo, Gabriel Celaya ou Victoriano Crémer (todos eles con colaboracións en castelán) significou un grave atranco para *Aturuxo*, que estivo un ano sen publicarse, o de 1957. Á suspensión, da que foi responsable Francisco Serrano Castilla, Delegado do Ministerio de Información e catedrático de Literatura nun instituto de ensino medio da Coruña, non foi alleo o feito do pulo que o emprego do galego amosaba naquelas páxinas literarias.

Aturuxo foi excelente difusor das súas compañeiras e competidoras da época e deu acubillo nas súas páxinas, sequera en forma de breve nota informativa, da súa publicación. Ese xeneroso labor facilitou un frutífero intercambio que contribuíu á difusión e coñecemento da revista ferrolá moi lonxe de Galicia. Era precisamente en Ferrol onde menos se vendía; pola contra, interesaba en cidades como A Coruña, Pontevedra e Ourense. E aínda chegaba a Estados Unidos (Boston, Nova York), Arxentina, Uruguai, Venezuela e Brasil. Estaba tamén introducida nalgúns cidades españolas, a través dos colaboradores non galegos.

Na procura das colaboracións de escritores galegos xogou un papel fundamental Carballo Calero, que foi, xa que logo, unha especie de cónsul xeral de *Aturuxo* en Galicia. Miguel C. Vidal tiña tamén bos contactos con moitos poetas. E Tomás Barros, cando ía a Madrid para facer os exames de Belas Artes, aproveitaba para realizar algunhas visitas. Quizais a máis importante foi a que fixo a Vicente Aleixandre, á súa casa de Velintonia, 3, visita que

deu como froito a xenerosa colaboración do autor de *Sombra del paraíso*, que estaba presente no número dobre (7-8) de *Aturuxo* co poema³ «El poeta canta por todos».

Figura moi achegada á revista foi Álvaro Cunqueiro. Ademais dos poemas que nela publicou non eran infrecuentes as súas intervencións como conferenciante. Sempre falto de diñeiro, Miguel C. Vidal publicoulle algún que outro poema na revista *Bazán*, revista de carácter profesional da Empresa Nacional Bazán que, por certo, pagaba xenerosamente as colaboracións. Non se entende moi ben que interese tiñan naquela publicación as cousas de Cunqueiro, pero, en definitiva, era unha forma de axudar a un amigo aínda co risco de burlar o criterio do supervisor da empresa, que non obstante era respectuoso cos criterios de Miguel C. Vidal.

Dende o comezo, a cronoloxía das comparecencias de *Aturuxo* foi irregular, cousa doada de constatar. Con todo, houbo claramente dúas etapas. A primeira delas abrangue os nove primeiros números, baixo a codirección de Miguel C. Vidal e Tomás Barros. Esta etapa vai dende 1952 ata 1958. Neste último ano Tomás Barros tiña gañada a cátedra de Debuxo na Escola de Maxisterio e fora destinado á Coruña. Esta circunstancia e, conxuntamente, o feito de que non andara ben de saúde, deu lugar a un certo distanciamento entre Barros e Vidal, que xa no ano 1960, correspondente á segunda etapa da revista, figura como director único.

Dende o seu nacemento *Aturuxo* caracterizouse por non facer concesións. Xente que facía poesía, algúns deles ferroláns e amigos dos directores, quedaron fóra daquela nova pero escolleita publicación. Vencidas as presións do «amiguismo», tampouco triunfaron as económicas. Endexamais aceptaron ningún tipo de publicidade (e houbo, por certo, non poucas ofertas) e Tomás Barros, Miguel C. Vidal e Mario Couceiro proporcionaron cartos das súas magras economías para manter a presenza de *Aturuxo*. Carballo Calero, Leyra Domínguez e González Garcés foron outros colaboradores económicos; por suposto, a revista non pagou endexamais ningún orixinal, fose solicitado ou non. E contaban, finalmente, co pouco diñeiro procedente da venda da publicación, que en 1958 custaba cinco pesetas. O afastamento de Tomás Barros trouxo consigo diferentes cambios. Un deles foi a substitución do ilustrador Isaac Díaz Pardo, curmán de Barros, por outro coñecido artis-

³ Incorporado a *Historia del corazón*, figura na parte segunda do libro, na 2ª edición. Ed. Espasa-Calpe, Madrid, 1964.

ta ferrolán, Ricardo Segura Torrella. Ademais das ilustracións do interior das páxinas, Díaz Pardo fixo a da portada: un home lanzando un aturuxo, de acordo co título da revista, que figura na parte superior. Foron tres os modelos de cuberta deseñados e só o terceiro, que figura xa no nº 6, foi do agrado do artista.

Xa anotamos nestas mesmas páxinas que Carballo Calero era partidario de publicar unha colección de libros en lugar da revista. Pois ben, ademais da revista, *Aturuxo* foi colección de libros na que figuraron algúns deses nomes habituais na publicación ferrolá. Así, en 1956, sae, como nº 1 da colección, *A realidade esencial*, de Eduardo Moreiras, que é obxecto no nº 7-8 da revista dunha recensión asinada por T. B. (Tomás Barros). Outro volume da colección foi *El libro y el verso*, de Miguel González Garcés, mencionado por Miguel C. Vidal no nº 9 (1958) da revista no artigo «La poesía de Miguel González Garcés».

No nº 11 de *Aturuxo*, Xosé Leyra Domínguez, na sección Crítica de libros, dá conta doutro libro máis, *La estrella y el cocodrilo*, de Tomás Barros. En nota a pé de páxina figura «editada por el autor en Ferrol», 1960. O mesmo Tomás Barros publicará en 1957 *El helecho en el tejado*, que tivo que ser, pola súa data de publicación, o segundo volume daquela colección. Foi, por certo, un texto que chamou poderosamente a atención a Gerardo Diego, que durante anos andou falando das excelencias daquel libro. Segundo testemuña de Miguel C. Vidal tamén se publicou *Panteón familiar*, peza teatral de Barros logo representada en Santiago.




Mais non quedaría ben pechada esta pequena ollada intrahistórica a *Aturuxo* se non fixésemos referencia á súa desaparición. Hai que subliñar, nese senso, que malia ao seu remate no nº 11 (que fai o segundo e último da segunda etapa da revista), Miguel C. Vidal tiña no seu despacho na Bazán os orixi-

nais do nº 12, que non chegou a aparecer. Orixinais que foron ao cesto dos papeis pola incuria de alguén que fixo a limpeza do local.

Con todo, o certo é que *Aturuxo* foi vítima das circunstancias persoais dos seus animadores, dun obrigado pluriemprego que tiña a Miguel C. Vidal traballando en Bazán, impartindo clases e dando os seus primeiros pasos como avogado. Mario Couceiro era funcionario civil da Armada, daba clases na Academia Mercantil e aínda atendía á Delegación de *El Correo Gallego*.

Ambos os dous coinciden na lembranza dunha ulterior tentativa de relanzamento de *Aturuxo*. Sería arredor de 1983, nas instalacións de Sargadelos, nunha xuntanza na que, ademais deles dous, estaban A. Barcón (que asinaba as súas colaboracións xornalísticas como Ámbar) e Eduardo Santalla. Mais non chegaron a un acordo de continuidade de publicación. Quedou así *Aturuxo* como unha fundamental revista literaria galega da década de 1950-1960.



Posío (Ourense, 1945-1946), Luís Alonso Gargado (dir.), Xoán Carlos Domínguez Alberte, Begoña Eguizábal Gándara e Amelia Rodríguez Esteves (cols.), Santiago de Compostela: CRPIH, 1995.

A lírica galega nas revistas —galegas, españolas, portuguesas— de posguerra (1940-1960): *Posío* e as súas compañeiras de viaxe

Comecemos por dicir, en primeiro termo, que a catalogación como revistas de poesía dalgunhas publicacións inscritas nese ámbito é equívoca ou, cando menos, imprecisa. Ao respecto, permítasenos unha longa pero axustada cita de García Nieto, poeta que fundou e dirixiu varias revistas poéticas:

Entendemos por «revistas de poesía» esas publicacións «Chicas» —otro término afortunado, aunque también escurridizo— que son punto de arranque, o práctico estado de unión, de un grupo máis o menos homogéneo de escritores jóvenes —frecuente y fatalmente poetas, al menos en sus principios— con un entusiasta interés por dar a conocer sus escritos. Que este impulso juvenil

y creador sea el que mejor caracteriza a la mayoría de estas publicaciones que nos ocupan no quiere decir que no existan otros títulos de catalogación menos típica, y hasta algunos donde los orígenes responden a estímulos diversos, que pueden ir desde el robinsoniano esfuerzo hasta el mecenazgo sustentador. Siempre, eso sí, bajo estos láboros solitarios, existe un noble deseo de comunicación primera y arriesgada, siempre un afán de salida a «la del alba» que se prevé de corto periplo, aunque se emprenda con ardor¹.

Acontece que, en principio, estas revistas están concibidas para dar cabida só á creación poética, pero en moitas ocasións, máis cedo ou máis tarde, xorden as colaboracións en prosa e xa a publicación supera a condición estritamente poética. Para exemplificar esta situación podemos acudir a algunhas revistas publicadas en Galicia entre 1940 e 1960 que teñen sido analizadas como poéticas.

Alba (1948), subtitulada «Hojas de poesía» no seu primeiro número, incorpora ao mesmo unha colaboración en prosa, aínda que en calidade de separata. No seguinte número a prosa está xa presente nas páxinas regulares da revista coa «Balada biográfica de Manuel Antonio», de González-Alegre. O evidente pulo dos textos prosísticos nos sucesivos números e as alteracións do subtítulo da publicación («Poesía y prosa», no número 4; «Verso y prosa», no número 5) son boa proba do carácter bifronte, da dualidade textual que presenta *Alba*. Ao exposto hai que engadir que boa parte das páxinas de prosa están dedicadas neste caso á información e comentarios sobre a poesía.

Posío (1945), considerada como revista fundamentalmente poética, é en parte un caso semellante. De estruturación moito máis homoxénea e regular que *Alba*, acolle tamén a prosa en todos os seus números. Pero cómpre subliñar que, cuantitativamente, existe un notable desequilibrio a prol do verso e as colaboracións en prosa ocupan só entre un dez e un quince por cento dunha publicación que xa no lema da súa cuberta —«e vou namorada»— non agocha a súa vocación lírica.

Aturuxo (1952), de Ferrol, considerada igualmente revista poética, agarda ata o seu número 5 para engadir o subtítulo «Poesía y crítica». Nacida «con propósitos única y exclusivamente poéticos», xa no seu número inicial publica colaboracións en prosa de Otero Pedrayo e Leyra Domínguez e reserva para

¹ José García Nieto (1964): «Justificación y propósito», en *Poesía Española*, 140-141. Madrid, p. 1.

o final a crítica de libros. A coidada configuración das páxinas codirixidas por Tomás Barros e Miguel C. Vidal fixo que esta situación se mantivese, conservando a lírica un posto de privilexio. Como única excepción anotamos o incremento da prosa no número de homenaxe a Luís Pimentel, co que a revista iniciou a súa breve segunda xeira, rematada en 1960.

Das dúas décadas que temos delimitado con anterioridade, foron *Numen* (1944), *Mensajes de poesía* (1948), *Xistral* (1949) e *Amanecer* (1957) as máis puramente poéticas. Non temos nelas ningunha manifestación prosística e si, pola contra, algunhas mostras de prosa poética, verdadeiros poemas en prosa. As notas de poética ou datos biográficos dos poetas colaboradores son, nesas páxinas, excepcionais e subsidiarias.

Por poñer outros casos ben diferentes, a luguesa *Escritos* (1959) aparece como unha revista literario-cultural na que a presenza da poesía, sen chegar a ser residual, é moi inferior á da prosa. *Gelmírez* (1945) amosa unha notable consecución do equilibrio ao que confesa aspirar: ser «apasionado de verso y prosa» dentro da súa autoconsideración de «revista de creación literaria». En *Atlántida* (1954) a poesía ocupa polo menos un lugar subsidiario, reducida a tres ou catro páxinas por número, co importante engadido das separatas. En fin, *Finisterre* (1943), *Sonata Gallega* (1944) e *Cartel* (1945) manifestan, aínda que en diferente grao, un absoluto predominio das colaboracións en prosa sobre as contribucións poéticas.

Froito da precariedade económica na que se estaba a vivir no país e na que tamén se movían os fundadores e directores destas revistas de posguerra, foi a efémera existencia destas, a súa curta andaina. Precisemos neste senso que ningunha delas, agás *Vamos* (1948), *Finisterre* (1943) e *Posío. Arte y letras* (1951), chegou aos vinte números. Ben pola contra, houbo algunhas de mínima traxectoria, proxectos que morreron ao pouco de cobraren vida. *Posío* (1945), *Escritos* (1959) e *Amanecer* (1957) chegaron aos catro; *Sonata Gallega* (1944), *Mensajes de Poesía* (1948) e *Aturuxo* (1952) dificilmente superaron os dez; *Tapal* (1950), de Noia, quedou en nove.

A carencia dun axeitado mecenado, a falla de subscritores, a dimensión de pura aventura persoal nalgúns casos, a rápida dispersión do grupo fundador noutros, as disensións persoais e aínda algúns problemas de censura foron factores determinantes ben da desaparición súpeta, ben da irregular traxectoria de boa parte desas revistas. Froito dos devanditos factores, e tamén da ampla marxe de improvisación, é, ás veces, a pobreza estética e a morea

de irregularidades e anomalías que atopamos frecuentemente. Entre esas irregularidades dáse con frecuencia a periodicidade pouco rigorosa, o cambiante número de páxinas, a carencia de datos nos créditos da publicación, a inexistencia de paxinación, os trocos no formato e na estrutura técnica dos diferentes números etc. De certo, a boa intención, o entusiasmo, o total desinterese dos colaboradores (que chegaban ata perder os cartos das súas magras economías persoais), as razóns de amizade que levaban a algúns a manter estas empresas idealistas movidas polo afervorado amor á literatura foron factores que só en contadas ocasións conseguiron ofrecer produtos do nivel desexable dende o punto de vista da estética e do deseño.

Un apartado consubstancial a unha revista poética ou literaria é o das ilustracións. Na panorámica que estamos a deseñar temos un pouco de todo a este respecto. Hai un primeiro bloque de revistas no que o gusto e esmero da estética semella ter sido unha preocupación e unha meta a acadar. Así acontece, por exemplo, no coidado traballo que Díaz Pardo e Segura Torrella depositaron nas páxinas de *Aturuxo* (1952); no esmero e riqueza estética que Urbano Lugrís e un cuantioso número de artistas plásticos puxeron en *Atlántida* (1954); na riqueza das ilustracións de *Sonata Gallega* (1944) —na que salienta o traballo de Ramón Peña—, así como de *Tapal* (1950) e *Finisterre* (1943); tamén nas fermosas páxinas centrais de «Musa al Noroeste» de *Posío* (1945). Non podemos dicir o mesmo dalgunhas compañeiras das citadas, como *Alba* (1948), *Amanecer* (1957), *Xistral* (1949), *Escritos* (1959) e aínda *Mensajes de Poesía* (1951), nas que ou ben hai unha carencia total de ilustracións ou estas aparecen esporadicamente. Certamente, é de xustiza precisar que nesta dimensión estética os condicionantes económicos foron determinantes.

O habitual destas páxinas é o complemento de ilustracións, que son obra de diferentes artistas plásticos. Pero nalgúns casos como *Finisterre* (1943), *Tapal* (1950), *Sonata Gallega* (1944) ou *Triunfal* (1940) estas ilustracións vense acompañadas pola contribución fotográfica. Nestas catro publicacións semella evidente unha aposta pola parte gráfica, que ás veces chega a estar por enriba da entidade das colaboracións literarias. No particular caso de *Triunfal* (1940) este desequilibrio é particularmente grave. En suma, un feixe de fotógrafos e artistas plásticos galegos desfilan ante nós. Entre os ilustradores advertimos a frecuente presenza de ilustres nomes como os de Seoane, Portela, Maside, Lugrís, Mayer, Castro Gil, Prego de Oliver e moitos máis.

Función fundamental das páxinas das revistas poéticas ou literarias, en tempos de radical penuria de publicación de libros, foi a de servir de ponte ou canle inicial para os escritores. Contribuíron a salvar moitos textos da provisoria situación de inéditos, supuxeron nalgúns casos a posibilidade de proseguir un labor coutado de raíz pola Guerra Civil e facilitaron en ocasións o coñecemento de escritores que comezaban a súa traxectoria naquelas difíciles circunstancias. Do material poético que conteñen, unha parte rematou por se integrar en libros de posterior publicación; outra, quedou como testemuño unicamente naquelas fráxiles e esquecidas páxinas. Delas, en todo caso, non pode prescindir a nosa historia literaria polo seu valor documental de primeira man.

É claro que non todo foi ouro lírico. Sen dúbida advertimos a presenza de nomes de primeira magnitude da nosa lírica contemporánea como Álvaro Cunqueiro, Luís Pimentel, Carballo Calero, Aquilino Iglesia Alvariño, Ramón Cabanillas etc., todos eles coñecidos con anterioridade a 1936. Pero ao seu carón hai moitos nos que a poesía foi unha aventura frustrada, xente que carecía de dotes para o mester poético (polisóns que se introducían por relacións de amizade, pola teima de publicar ou por outras motivacións extraliterarias) e que, en definitiva, constitúen unha empobrecedora veciñanza e deterioran a altura estética do conxunto. Moí poucas revistas conseguiron librarse desta situación e nalgunhas delas advertimos unha particular cerimonia de confusión e un localismo que deriva en mediocridade.

A elaboración ás veces pouco menos que artesanal, os escasos exemplares das tiradas, o reducido grupo de público receptor (case exclusivamente escritores ou amigos de escritores) son outros tantos trazos distintivos destas revistas. Algunhas subsistiron polo abondoso material publicitario que conseguiron. Mais ningunha delas, xusto é dicilo, fixo escola nin marcou unha tendencia estética definida. Os textos programáticos, cando existen, resultan pobres ou excesivamente lastrados de vacuidade retórica. Tampouco deron saída a unha xeración concreta para ser portavoz dela; contrariamente, constituíronse ás veces en punto de encontro de varias xeracións. *Alba* (1948), *Aturuxo* (1952) e *Atlántida* (1954) estiveron sen dúbida á altura das que se facían polo resto da xeografía española naqueles anos, pero de certo non chegaron a conseguir a significación de *Espadaña* (1944) ou *Cántico* (1947), por poñer dous ilustres exemplos.

CARACTERIZACIÓN DAS FONTES PRINCIPAIS: POÉTICAS, LITERARIAS E CULTURAIS

A presenza de composicións poéticas en galego nas revistas poéticas, literarias ou culturais cunha importante contribución literaria, publicadas² en Galicia entre 1940 e 1960, adquire un gradual incremento xa dende os primeiros anos da posguerra. Esta presenza é certamente limitada na primeira das dúas décadas polas difíciles circunstancias que condicionan gravemente o uso escrito do galego (situación á que xa nos temos referido con anterioridade). Nestes anos a aparición de poemarios en galego publicados dentro de Galicia era un feito tan anómalo como infrecuente.

É de xustiza anotar que, na problemática tarefa de dar pulo á nosa lingua naquelas publicacións, *Alba* (1948) foi unha meritoria adiantada xa dende os seus primeiros números —o terceiro moi especialmente—, nos que advertimos unha tentativa de equilibrar o uso do galego e do castelán. Por diferentes razóns ese equilibrio non callou, non se mantivo con regularidade ao longo dos dezaseis números da revista, pero sen dúbida temos nela algunhas pezas poéticas da nosa lírica de grande interese. Con anterioridade, *Sonata Gallega* (1944) acollera nas súas páxinas unha considerable contribución poética en galego.

Xa na década 1950-1960, coa posta en funcionamento das primeiras empresas editoriais galegas da posguerra e a aparición dalgunhas coleccións poéticas, na liña dunha política de galeguismo cultural promovida sobre todo polo grupo vinculado a Galaxia, a situación semella máis positiva. Lémbrese que ata que o movemento editorial acadou certo pulo as posibilidades de publicar para os nosos poetas estaban reducidas ao espazo nos suplementos literarios dalgúns xornais ou, no mellor dos casos, ás páxinas das revistas de dentro ou fóra de Galicia (ás da Galicia do exilio en Hispanoamérica no segundo caso).

Con todo, os atrancos son aínda moitos e a presión da censura é máis que notable malia a irregularidade das súas actuacións. O resultado é que, nas revistas destes anos, a frecuentación do uso do galego acada meirande entidade: moitas das páxinas de *Aturuxo*, algunhas das separatas de *Atlántida*, o apartado dedicado á poesía galega no último volume de *Posío. Arte y Letras* a carón de mostras máis puntuais como o monográfico dedicado a Álvaro

² Para unha cronoloxía posterior vid. sobre este tema o traballo de Xosé M.^a Álvarez Cáccamo (1985): «As revistas culturais e literarias de 1975 a 1985», *Grial* 89, pp. 340-353.

Cunqueiro en *Mensaxes de Poesía*, a homenaxe a Luís Pimentel en *Aturuxo* ou a escolma dos poemas de *Mar ao norde*, de Manuel María, en *Alba*. Tamén *Tapal*, de vocación local noíesa pero con inquedanzas literarias, deu entrada xenerosa á nosa lírica. É de rigor puntualizar, non obstante, que global e comparativamente o castelán desequilibra con claridade ao seu favor a situación evidente de bilingüismo de todas as nosas revistas aparecidas no ámbito dos vinte anos que temos delimitado.

A efectos da súa conservación material en coleccións completas e da ulterior posibilidade de consulta polos interesados, a situación destas revistas móvese no terreo da incuria e da precariedade. Polo xeral, e agás algunha excepción, as bibliotecas das institucións tanto públicas como privadas carecen da totalidade dos números que integran cada colección e o estado dos exemplares existentes resulta con frecuencia menos que discreto. Como a bibliografía sobre este tema é ata agora escasa, e nalgúns casos moi pouco fiable, temos que acudir a fontes particulares para constatar co necesario rigor datos referentes á cronoloxía, á cuantificación dos números que compoñen a totalidade de tal ou cal publicación ou á consignación de referencias identificativas omitidas sexa por descoido, sexa por apresuramento á hora de dar ao prelo os orixinais.

As revistas que caracterizamos a continuación adoitan aparecer clasificadas como poéticas ás veces, como de poesía e crítica, xenericamente literarias ou aínda culturais cun significativo número de páxinas de carácter literario. Pero este conxunto carece de pretensións de exhaustividade. Nunha revista calquera, non especificamente literaria nin cultural, poden aparecer poemas dos que, pola voluntaria restrición do noso terreo a investigar, non damos conta. O noso traballo é, xa que logo, susceptible de se completar coa esculca doutras revistas pertencentes aos seguintes niveis:

- a) As galegas, de carácter non literario, publicadas en España pero fóra de Galicia (moitas delas promovidas polos diferentes Centros Galegos).
- b) As publicadas en Galicia pero que, pola súa propia natureza, carecen dunha contribución literaria de certo relevo.
- c) As españolas non galegas, poéticas ou literarias, nas que con algunha frecuencia colaboraron poetas galegos na nosa lingua.
- d) As galegas aparecidas en Hispanoamérica, como resultado da emigración ou do exilio.
- e) As portuguesas nas que colaboran poetas galegos.

POSÍO E AS SÚAS COMPAÑEIRAS DE VIAXE

Na primeira década da posguerra, na que se sitúa a aparición de *Posío*, a revista ourensá tivo diversas compañeiras de viaxe dentro e fóra de Galicia. Só a título meramente informativo e de contextualización damos nota daquelas revistas poéticas ou literario-culturais que foron coetáneas de *Posío* e que estiveron preto dela por razóns lingüísticas, culturais ou xeográficas.

Un primeiro bloque destas publicacións sería o integrado polas que apareceron en Galicia. Ademais de *Posío* (1945) é preciso incluír neste apartado *Triunfal* (1940), *Finisterre* (1943), *Numen* (1944), *Sonata Gallega* (1944), *Cartel* (1945), *Gelmírez* (1945), *Mensajes de Poesía* (1948), *Alba* (1948) e *Xistral* (1949).

Un segundo grupo é o daquelas revistas publicadas ao longo de todo o resto da xeografía española, revistas poéticas ou literarias que se manifestan en castelán. De feito, en moitas delas (como acontece tamén coas galegas) non é doado trazar o límite do estritamente poético, o literario-poético e o cultural-literario. Entre voces defensoras e detractoras nun clima pobre e xa patente «la escasez y baja calidad de los intentos»³ no ámbito destas publicacións. Con todo, a mediados da década, a situación comeza a experimentar unha notable melloría cualitativa e cuantitativa.

Fanny Rubio rexistra, para a década que temos delimitada, a aparición de 24 revistas en Madrid, 8 en Cataluña, 14 en Andalucía e 6 en Galicia. No número monográfico⁴ da revista *Poesía Española* dedicado a este tema, están anotadas un total de 50 revistas poéticas e 22 máis que superan en parte esa estrita condición. Houbo entre elas de todo. Unhas marcaron dende un principio unha clara liña ou tendencia estética. Noutras tivo asento unha radical actitude —de crítica ou de compracencia— diante da situación política imposta naqueles anos. Non faltou algunha que foi órgano expresivo dun grupo pechado e coherente e aínda dalgún novo ismo. Tampouco faltaron entre elas liortas, enfrontamentos e manifestacións belixerantes. En fin, algunhas das máis significativas⁵ da década son as seguintes:

³ Fanny Rubio (1976): *Las revistas poéticas españolas (1939-1975)*, Madrid: Edición Turner, pp. 398 e ss.

⁴ «Índice de las revistas de poesía española de medio siglo», *Poesía Española*, 140-141. Madrid, 1964.

⁵ Ademais do citado libro de Fanny Rubio e o monográfico da revista *Poesía Española*, vid. sobre o tema o traballo de José Sánchez (1959): «Revistas de poesía española», *Revista Hispánica Moderna* 4, 25 outubro.

Corcel. Pliegos de poesía. Dirixida en Valencia por Ricardo Juan Blasco, publica o seu primeiro número en novembro de 1942. Desaparece en 1949.

Garcilaso. Revista de verso e prosa dirixida por José García Nieto, foi publicada en Madrid. O seu primeiro número está datado en maio de 1943. Remata en 1946.

Espadaña. Revista de poesía e crítica publicada en León, estivo dirixida por Antonio G. de Lama, Eugenio G. de Nora e Victoriano Crémer. O seu primeiro número apareceu en 1944. Desapareceu en 1950 e acadou 48 números.

Proel. Revista de verso e prosa dirixida dende Santander por Pedro Gómez Cantolla. O seu primeiro número aparece en 1944. Tivo dúas épocas, rematada a segunda delas en 1950.

Halcón. Revista de poesía. Apareceu en Valladolid en novembro de 1945. Estivo codirixida por M. Alonso Alcalde, L. López Anglada, A. Pardo, A. Merino e M. Delibes. Rematou en 1949, no seu número 13.

Postismo. Esta revista foi un serodio epígono vangardista e unha aventura persoal de Carlos Edmundo de Ory, Silvano Sernesi e Chicharro (fillo). Apareceu en Madrid en 1945 e tirou só un número. Tivo en *La Cerbatana* unha breve continuadora.

Verbo. Cadernos literarios baixo a codirección de José Albi, Vicente Ramos, Manuel Molina e Joan Fuster. Publicada en Alicante e Valencia, tirou o seu primeiro número en 1946. Con algunha interrupción chegou ata o número 31, datado en 1958.

Cántico. Hojas de Poesía. Dirixida en Córdoba por Ricardo Molina, Pablo García Baena e Juan Bernier. Aparece en 1947 e chega, con 8 números, ata 1949. A súa segunda etapa, con 13 números, vai de 1954 a 1957. No número 3 desta segunda etapa publica unha pequena antoloxía de poesía galega con textos en galego e castelán, encabizados por unha carta de presentación de Álvaro Cunheiro.

La Isla de los Ratones. Hojas de poesía. Dirixida en Santander por Manuel Arce, a súa andaina vai de 1948 ata 1953, cun total de 22 números.

Aínda que nun contexto diferente, cómpre dar conta, por razóns de múltiples veciñanzas coas revistas galegas, daquelas que se publicaron en Portugal. Nas revistas poéticas portuguesas publicadas na década 1940-1950 asistimos

a un debate entre dúas opostas concepcións da poesía. Esta confrontación parte xa de finais da década de 1920 e polarízase ao redor de revistas como *Cadernos de Poesia* (1940), *Novo Cancioneiro* (1941) e *Távola Redonda* (1950). Temos, en efecto, dunha banda, a concepción da poesía como arte social. Doutra, a defensa desta como arte pura dende unha actitude aberta, ecumenista, independente. No medio de ambas as dúas tendencias, o surrealismo continúa a manifestar o seu pulo.

Certamente non temos constancia, nas veciñas lusas de *Posío* da década 1940-1950, da presenza nas súas páxinas de poetas galegos. Pola contra, nas revistas poéticas galegas deses anos (*Sonata Gallega*, *Finisterre*, *Alba*, *Gelmírez*, *Aturuxo* etc.) figuran colaboracións de portugueses como Miguel Torga, José A. Garibáldi, Joaquim Montezuma de Carvalho, António Luís Moita, Augusto Nunes Pereira, L. de Carvalho, Otoniel Beleza, António de Carvalho, Ernàni de Melo Viana etc. Sen dúbida, de todos eles é José A. Garibáldi o que presenta unha máis constante colaboración nas nosas revistas. En síntese, as revistas poéticas ou literarias portuguesas aparecidas entre 1940-1950 son:

Novo Cancioneiro (Coímbra, 1941). Contraria a *Cadernos de Poesia*, esta revista, verdadeiramente unha colección poética, foi o órgano de afirmación da nova xeración neorrealista, defensora da poesía social.

Atlántico (Portugal/ Brasil, 1942). Dirixida por Antonio Ferro e Lourival Fontes, tamén literario-cultural.

Cadernos de Poesia (Lisboa, 1942). Orientada por T. Kim, J. Blanc e Ruy Cinatti, defende a tendencia artepurista, aberta ao ecumenismo poético.

O Globo (Lisboa, 1942). Dirixida por Dias Martins, amosa unha fonda inclinación polo surrealismo, pero tamén o neorrealismo ten cabida neste xornal literario.

Horizonte (Lisboa, 1942). Dirixida por Joel Serrão, pódese catalogar como revista literario-cultural.

Variante (Lisboa, 1942). Dirixida por António Pedro, é fundamentalmente unha voceira do surrealismo.

Vértice (Coímbra, 1942). Dirixida por Raul Gomes e Carme Vaz, é compañeira da anterior e propugnadora da lírica social e concepcións moi afíns á mesma.

Litoral (Lisboa, 1944). Dirixida por Carlos Queiroz, conflúen nela correntes poéticas diversas pola súa actitude ecléctica. Foi unha publicación literario-cultural.

Aqui e Além (Lisboa, 1945). Dirixida por Carlos A. Dias Ferreira, foi unha revista cultural-literaria, non especificamente poética.

O Cavalo de Todas as Cores (Barcelona, 1950). Publicada en España, pero portuguesa, dirixida por Alberto de Serpa e Cabral de Melo Neto.

Tavola Redonda (Lisboa, 1950). Dirixida por António M. Couto de Viana, Luís de Macedo, David Mourão-Ferreira e António Vaz Pereira, mantivo unha diversificada concorrência de liñas poéticas dende unha óptica de amplo ecumenismo.



Alma Gallega (Órgano oficial de la sociedad Casa de Galicia). [Montevideo, 1919-1967], Luís Alonso Girgado e María Vilariño Suárez (eds.). Santiago de Compostela: CRPIH, 2006.

Algúns aspectos de *Alma Gallega*

Unha folga de tipógrafos impediu que o primeiro número de *Alma Gallega*, publicación periódica que sería voceira da Casa de Galicia de Montevideo, aparecese en xullo de 1919¹. Fíxoo ao mes seguinte e foi, xa que logo, continuadora de *Tierra Gallega*, que, dirixida por José M^a Barreiro, aparecía

¹ *Ecos da Terra* é actualmente a publicación voceira da Casa de Galicia de Montevideo. Dirixida por Emilia Rego Trobo, a publicación cumpría 25 anos en 2005 e no mes de novembro dese ano editaba o seu número 22, despois dun baleiro de sete anos que o editorial declara: «Desde ese lejano 1998 —siglo pasado— hasta ahora [2005] pasaron muchas cosas en Casa de Galicia», entidade cuxa xunta directiva presidiu no cuatrienio 2002-2005 José Arijón Rama. Todo neste número está ocupado por informacións internas da Casa e a parte gráfica (fotografías) de instalacións, persoal, cadros estatísticos, actos, viaxes e conmemoracións supera con moito á textual, reducida a notas breves informativas.

o día 11 de febreiro de 1917 e chegaba ao seu derradeiro número, o 63, o día 28 de abril de 1918, en calidade de «Semanario Regional Ilustrado», defensor da Casa de Galicia, que abría as súas portas en outubro de 1917 e tiña en José M^a Barreiro un fundamental impulsor. Por certo, Barreiro fora, así mesmo, fundador e director de *Galicia Nueva* (1918-1919), «Semanario Regional» que rematou no seu nº 13 e coetáneo, por conseguinte, de *Alma Gallega* e de *Tierra Gallega*. Sabemos que foi Barreiro o primeiro director de *Alma Gallega* pola nota «Nuestro Director» que aparece no nº 2 falando da súa viaxe a Bos Aires e do seu precario estado de saúde.

Alma Gallega (1919-1967) é, oficialmente, o primeiro voceiro da Casa de Galicia, que posteriormente contaría nesa función con *El Eco de Galicia*, «Órgano Oficial de Casa de Galicia» (1925-1933), e aínda con *Ecos da Terra*, que, con idéntico subtítulo, tirou 15 números entre 1981 e 1991. Con non poucas irregularidades (de periodicidade, paxinación, cronoloxía), a xeira deste *Alma Gallega*, mensuario que foi boletín, órgano oficial ou revista, abrangue os tramos seguintes:

De 1919 a 1927: 20 números.

De 1934 a 1938: 10 números.

De 1941 a 1967: 11 números.

A revista suma 41 números, pero a partir de 1938 só aparecerán números extraordinarios. As variacións do formato son mínimas (27,5x18,5), mais non ocorre o mesmo co número de páxinas. Dos 9 números que tira de 1919 a 1921 temos: nº 1: 24, nº 5: 36, nº 7: 30 etc. Tampouco respecta o seu carácter mensual (9 números en ano e medio) e cambia de imprenta constantemente xa nesta primeira xeira que delimitamos (1919-1921), pasando de Tipografía La Liguria, c/



Cómpre subliñar o proceso de decrecemento de socios no período 2002-2005, que vai dos 72.000 ata os 52.000. Este proceso semella estabilizarse no 2004 e as altas producidas son de xente moza, feito que contrasta coa altísima idade-promedio dos afiliados que mantiña a Casa de Galicia.

Juncal 1433, a Imprenta Fonseca y Moratorio, c/ Andes 1313; Talleres Gráficas Perea, c/ Maldonado 1187 ou Tipografía Litografía Olivera Fernández, c/ Reconquista 624, sempre en Montevideo.


A claridade do subtítulo, sempre en referencia á Casa de Galicia, fai de *Alma Gallega* unha característica ou típica publicación societaria que, en 1917, acolleu unha parte da comunidade galega de Montevideo, fracturada, desunida e enfrontada en dous bandos: aquel bando menos próspero, menos afortunado. O sector máis poderoso e de máis éxito quedou no Centro Galego. En 1936 a Casa de Galicia era de maioría republicana e o discurso de *Alma Gallega* foi daquel signo. Neste sentido, afirma Carlos Zubillaga que se concretaba «nunha decidida práctica a prol da República, que incluía tanto artigos de opinión, coma informacións procedentes do Goberno de Madrid e notas subscritas por persoeiros da causa republicana». Daquela, arredor de 1936, a tiraxe chegaba aos 20.000 ou 30.000 exemplares, pero xa en 1920 sacaba 5.000 e facheaba de que «Anunciar en *Alma Gallega* es ganar dinero. Sus 5.000 ejemplares son leídos en toda la República». Engadamos que estas páxinas eran gratuítas para os socios da Casa de Galicia e o prezo ao público era de 10 céntimos de peso. Na completa e puntual ficha técnica elaborada por Carlos Zubillaga Barrera consta a longa lista de directores e responsables que sucederon a José M^a Barreiro: Ricardo Novoa, José L. Pimentel, Pedro G. Acevedo, Ramiro Cantero, Luis Luna, M. Domínguez Santamaría, Carlos Otero, Hermenegildo Ruibal, José Silva Barros, Marcelino Ramos e algún outro.

Na declaración de intencións do «Prólogo» que encabeza o nº 1 lemos que *Alma Gallega* dedicará atención preferente «a Galicia y a todos los gallegos» (sen esquecer os españois en xeral) e que será «el libro siempre abierto de la historia de la Sociedad» (a Casa de Galicia). Dende o principio mesmo é evidente que privilexia o labor hospitalario, médico, asistencial da entidade informando da súa benemérita Casa de Saúde inaugurada o día 9 de novembro de 1919 e publicitada no nº 3 (marzo de 1920) con reportaxes, noticias, estatísticas e innumerables fotografías, ademais da Memoria do ano 1919 que o devandito número ofrece.

Á vista dos números 1-9 da primeira xeira, a caracterización xeral dos asuntos, contidos e problemas tratados podería visualizarse no esquema que figura unhas liñas máis adiante.

Agás excepcións, a nómina de colaboradores (por certo, non moi ampla) resulta un tanto pobre en figuras de primeira liña. Por orde de aparición

rexistramos os nomes de: Ramón Reija, Fernando Martínez, Xavier Bóveda, R. del Valle-Inclán, E. Rodríguez Fabregat, Curros Enríquez, Manuel Linares Rivas, Rosalía, Vigoy (José Rodríguez Vigoy), Alfredo de Lerhy, David Vari, Arturo Carril Amigo (Carril), Amaro Cancelo Ponte, Amado Nervo, J. M^a Barreiro, José Costa Figueira, Aurora Ares y Ricoy, R. Rodríguez Rama, Justo S. López de Gomara, Viriato, Juan Zorrilla San Martín, Lois Tobío y Campos, Camilo Díaz, Franco del Todo, R. Cabanillas, Juan de Otero, Ángel Guerra, Ramón Casariego, Iberus, El Corresponsal, Antonio López, Un Gallego, R. Redondo Durán, Damián Fenández, Alberto Camino, F. Salgado y López Quiroga, Noel Serrot, Lois Carré Alvarellos, Antonio Valcarce ou El Corresponsal. Poucos deles colaboran en galego e deses poucos, algúns son colaboradores pasivos ou indirectos seleccionados («pirateados», sería máis exacto) polos responsables das páxinas. En calquera caso anotamos as prosas galegas de L. Carré Alvarellos e Juan de Otero e, así mesmo, os poemas galegos de Rosalía, Curros, Cabanillas, Alberto Camino, José M^a Barreiro, Fernando Martínez, F. Salgado y López Quiroga, Lois Tobío e algún outro.



De pouco relevo, escasas e de periodicidade irregular son as seccións, das que salientan: «Noticias de la Región» (noticias e crónicas de Galicia); «N'a veira d'o mar» (prosas populares recompiladas por Juan de Otero); «En serio

y en broma» (por Franco del Todo, pseudónimo de José M^a Barreiro); «Desde Madrid» (sen asinar) ou «Galicia artística» (gráfica).

Unha segunda xeira da revista iría de 1923 a 1927. En efecto, sen que saibamos nada do seu equipo de dirección e redacción, reaparece en outubro de 1923 especificando que o novo número, único daquel ano, é o nº 1 do ano I da publicación, que rompe coa numeración anterior, como fará novamente co número de xullo de 1924, que inaugura outra volta o ano I, nº 1. Os seguintes números (2 de agosto; 3, setembro; 4, outubro; 5, novembro e 6, decembro) cumpriran coa periodicidade mensual, que unha vez máis será anómala no ano 1925, no que só aparecerán dous números: 7 (de 27 de xaneiro de 1925) e 8 (de 30 de abril do mesmo ano).

En 1923 *Alma Gallega* é Boletín de Casa de Galicia mentres que se reafirma como «publicación imprescindible para todo asociado» da Casa, da que quere ser Boletín Oficial. Os oito números que xorden dende outubro de 1923 ata abril de 1925 conservan o formato do período anterior, aumentan a súa dimensión de revista societaria e voceira, teiman na información das seccións da Casa (Declamación e Filarmonía, Orden y Fiestas, Instrucción, Deportes, Policlínica Social e Quinta de Salud) e particularmente da sanitario-asistencial, que adquire cada día máis relevo; incrementan o volume da publicidade e, malia proseguir na tiraxe de 5.000 exemplares, din duplicar o de lectores no lema autopublicitario: «Anúnciese en *Alma Gallega*, que leen 10.000 personas.» Len en castelán, pois a utilización do galego, sequera nas escasas achegas literario-culturais, está baixo mínimos: témolo no texto de dúas ou tres viñetas de Castelao e nos poemas «Hastr'a a morte», de Ramón Cabanillas, «Amor de nai», de Manuel Fernández González ou «Unha raiola de sol», de Avelino Rodríguez Elías. Con Ramón Pampín como administrador e local social en r/ Treinta y tres, 1382, *Alma Gallega* é irregular no tipo de papel empregado, no número de páxinas, na cantidade e natureza das ilustracións e na inestabilidade das seccións, entre as que lamentablemente non figura xa a de noticias de Galicia.

Están a se manter, dificilmente, «Literatura Regional» (en castelán, asinada por P.), «Nuestras veladas», «Panoramas Gallegos», «Solidaridad» (de Ramón Redondo Durán), «Información General», «Correspondencia de Alma Gallega», «Gallegos Ilustres» etc. Non falta, esporadicamente, algunha importante sinatura: Azorín, Luís Peña Novo, Xulio Sigüenza, Ramón Cabanillas, Carlos Maside (con algunha viñeta), Manuel Murguía, Avelino Rodríguez Elías, M.

Linares Rivas, F. Villaespesa. Tamén atopamos outras de menor entidade: José Montero Alonso, Marcelino Domingo, José Francés, E. Rosado, Romero de Macotte, R. Redondo Durán, Juan R. Somoza, José Portales Fradejas, Xavier Bóveda, Jesús Rey Alvite, Pilar Serrano Lacroix, A. Rey Soto, Alberto Valero Martín, Juan Jesús González, Goy de Silva, Emilio Ferrari, Paulina Luisi, M^a Olivia Baroni xunto con pseudónimos e iniciais como P., Santiago de la Troya, J. S., J. M. C. , Un Gallego, Galleguiño etc.

Un número solto, extraordinario sen numerar, aparece en novembro de 1927 e podemos consideralo epílogo serodio desta segunda xeira que abrangue os anos 1923-1927.

A segunda etapa de *Alma Gallega* comeza sete anos despois, en 1934, e sinala nas súas páxinas que se trata da «2ª época» con nova numeración. O número 1 desta «Segunda época» é de decembro de 1934 e consta de 32 páxinas. Salienta a novidade da cuberta, que leva unha ilustración —«O cego da zanfona»— de Xaime Prada. O editorial «Ayer, hoy y mañana» declara que a revista quere exaltar a Galicia no Uruguai, reafirma a «marcha segura» da Casa de Galicia e cualifica esta de «hogar del necesitado». Advírtese neste número unha maior presenza da cultura e literatura galegas e aínda da lingua, que aparece estudada na súa dimensión lírica por Julio J. Casal («La canción gallega») e empregada por Breogán na súa achega «O porvir das sociedades galegas», na que analiza o retroceso, a crise do movemento migratorio nas Américas.

En castelán escriben Leandro Carré Alvarellos sobre o *Diccionario Galego-Castelán* e os temas políticos da España republicana están reflectidos no artigo asinado por Ar Elorz, «España República Federable». En «Un llamado patriótico» hai unha solidaria atención aos graves problemas da Editorial Nós. Luís Bertrán, Manuel M. Martínez, Felucho, Juan José (dende a sección «Notas breves») ou Foganez colaboran neste número, por certo moi ilustrado e con excesiva publicidade, onde un tal Celt chama á unidade dos galegos en «Ceibémonos de prexuízos».

Cun amplísimo nº 2 (novembro de 1935), de 112 páxinas e carácter extraordinario, celebra a revista o décimo oitavo aniversario da fundación da Casa de Galicia. A información sobre persoeiros da Casa, seccións, edificios, servizos prestados, persoal, realizacións no eido mutualista, regulamentos internos, proxectos e un puntual informe da Asemblea Xeral ocupan moitas páxinas deste número que rexistra a morte (6-XI-1935) do doutor Manuel

Albo, director da «Quinta de salud». Poemas de Curros como «A-espiña» e «N-a tumba de Rosalía»; poemas en castelán de L. Galazzo, Horacio Vigil e César Hídalgos; achegas de Amalia Leone, Mario Castro Ruibal (que escribe sobre Salvador de Madariaga), V. Forjador, Constancio C. Vigil, Ramiro Cantero («Pra miña Teresa», poema) ou Manuel Samaya ocupan parte destas ben ilustradas páxinas onde se dá conta das diferentes seccións que funcionan na Casa: Sanidade, Beneficencia, Orden y Fiestas, Declamación y Filarmonía, Fomento y Protección al Trabajo e Propaganda.

Un ano despois, en 1936, inicia de novo *Alma Gallega* unha «segunda época» cun nº 1 datado en setembro de 1936. Pedro G. Acevedo figura xa como Redactor Responsable deste número no que resoa o estoupido da Guerra Civil española no editorial «*Alma Gallega...*», que se declara apolítica e fai referencia aos «luctuosos sucesos que ocurren en España» sobre os que, regulamentariamente, non pode opinar a publicación, aínda que si o faga José Martínez Garda en «Lo de España y lo del mundo» para defender a figura de Manuel Azaña. Juvés, Emilio Carrere e Manuel García Morente colaboran aquí e non faltan traballos sobre a Escola Curros Enríquez (con 96 alumnos matriculados) ou as actividades do «Cuadro Dramático».

A Guerra Civil volve a resoar (artigos de José Martínez Garda, editorial «*Alma Gallega...* en Octubre» e Ángel Osorio y Gallardo) no número de 3 de novembro de 1936, dedicado ao Día da Raza. A afirmación republicana aparece entre non poucos equilibrios retóricos. O número faise na imprenta Rosal, de Cerro Largo, 990. Na páxina 34 consta a tiraxe de 30.000 exemplares. Vital Aza, Ricardo Palma, Ricardo Dódera, Casimiro Prieto e José Martínez Garda son as sinaturas presentes mentres se publicitan as actividades dos servizos de saúde da Casa.

No número 4 (decembro de 1936) o editorial «Perspectivas» non deixa de reparar no ambiente da Casa caracterizado por «las rencillas, las ambiciones políticas y la insinceridad». Juvés volve sobre Unamuno e José Martínez Garda fala dos problemas da Casa que el mesmo preside. Xavier Bóveda e Ramón Díaz Mirete colaboran neste número.

En 1937, no mes de xullo, aparece outro extraordinario de *Alma Gallega*, esta vez dedicado a Rosalía, da que se reproduce a composición «Airiños, airiños aires». Os motivos das numerosas viñetas galeguizan estas páxinas que reproducen textos de Pardo Bazán, Valle-Inclán e Avelino Rodríguez Elías («Lembranza d-un feito xurdio»). O presidente da Casa, José Martínez Garda,

reaparece para ocuparse do proxecto do novo Pazo Social da entidade, que en xaneiro de 1936 contaba 6.877 socios e 3.957 socias e en decembro dese ano con 7.369 socios e 4.164 socias. A matrícula da Escola Curros Enríquez foi de 112 alumnos e na Policlínica foron atendidos 18.491 enfermos ao longo do ano 1936.

No mesmo ano 1937 a revista publica, en outubro, un novo extraordinario dedicado aos XX anos da fundación da Casa de Galicia. E coa mesma cruz de Santiago que ilustraba as cubertas de números precedentes e mais un debuxo de Concepción Arenal, aparece en outubro de 1938 outro extraordinario dedicado aos XXI anos da Casa. Luis Luna é o vicepresidente 1º da Casa da que André Calvo Formoso é xa Presidente e é, tamén, o Redactor Responsable deste número, que se imprime na Tipografía La Industrial. O novo Estatuto é o principal problema da Casa, que convoca Asemblea Xeral para votalo. O texto do «Proyecto de Estatutos» enche boa parte deste número. No ano 1938, e tamén en decembro, coa mesma cuberta (pero con ilustración de Pondal no canto de Concepción Arenal), temos un novo número da revista. Reflictese aquí a Memoria do mesmo ano 1938 e non falta a lembranza aos mortos na Guerra Civil de España. Un poema de Pondal, «Fixara a dura Esparta...» é o único texto en galego. Por certo que en nome da Casa, o seu presidente, Calvo Formoso, envía un telegrama a don Manuel Azaña no que a «Asamblea Casa de Galicia de Montevideo preséntale respetuoso saludo» e se manifesta contra «extranjeros que la proclaman [á Casa de Galicia] complicidad minoría obcecada alzada en armas contra legítimo Gobierno», declaración de radical e claro posicionamento pro República.

NOTA AOS NÚMEROS EXTRAORDINARIOS (1944-1967)

O Día da Raza e mais o 27º aniversario da fundación da Casa de Galicia motivan o extraordinario de *Alma Gallega* de outubro de 1944, que na súa derradeira páxina (a 68) advirte que «la Sección de Instrucción ha financiado esta Revista», recoñecendo tamén o apoio xeneroso das «casas comerciales e industriales» publicitadas nestas páxinas, nas que se equilibran as informacións da Casa (actos de todo tipo, visita do Presidente do país á Quinta de Salud, actividades das seccións, datos económicos etc.) coas achegas culturais e galegas. Destas temos os case inevitables poemas de Rosalía, un texto de Cousas de Castelao, o traballo de G. Sánchez Guisande sobre Paio Gómez Charino, a composición lírica «Mi testamento» asinada por El Viejo Pancho, unha visión da vila de Cariño e unha nota sobre a contralito compos-

telá María Valverde e aínda unha versión do romance de Don Gaiferos. En 1944 presidía a Casa de Galicia don José Seoane e os arquitectos Vigonroux, Gallo e Cenisola gañaban o concurso de proxectos para a construción do sanatorio «Casa de Galicia».

Extraordinario de 1945. Castelao ilustra a cuberta deste terceiro extraordinario da década dos corenta, número que conmemora os XXVIII anos da Casa de Galicia. O Director Responsable da publicación é Hermenegildo Ruibal e o número aparece no mes de decembro² co subtítulo «Órgano oficial de Casa de Galicia» e sen numeración das páxinas. As informacións de carácter interno enchen boa parte do sumario e non falta a atención ao mutualismo, á actividade das seccións da Casa e, sobre todo, ao Decreto-lei³ do Goberno uruguaio que crea unha fonda crise na entidade presidida por Luis Luna e que daquela contaba con 20.000 socios.

Ocúpase o número, culturalmente, da Semana Galega na que Castelao expón obra gráfica no Ateneo de Montevideo, onde ten lugar tamén unha xuntanza galeguista na que falan Luis Luna, Castelao, G. Sánchez Guisande, Alonso Ríos e Elpidio Villaverde e se conmemorou o IX aniversario do Estatuto galego. Este acto, e o celebrado en Cervecerías del Uruguay, foron afirmacións de fe republicana e contaron coa presenza de delegados vascos e cataláns. Achegas de Portela Valladares, Juan Fariña (sobre Castelao), M. González Noya, xunto con poemas de P. Neruda e M. Machado, integran o apartado literario-cultural destas páxinas que levan debuxos do *Álbum Nós* e interesantes fotografías dos actos pro-República.

² Na dinámica da Casa de Galicia era habitual a celebración de eleccións no mes de decembro, cando a directiva saínte presentaba, ademais, a Memoria anual do ano en curso. En 1945 o presidente da Casa era Luis Luna e o secretario Hermenegildo Ruibal, responsable como anotamos da dirección de *Alma Gallega* aquel ano. Comisión de Sanidade, Sección de Orden y Fiestas, Comisión de Declamación e Filarmonía, Sección de Propaganda e Sección de Beneficencia daban conta na Memoria da súa actuación e realizacións durante o ano.

³ Decreto-lei do 13 de febreiro de 1943 referido ao persoal e funcionamento das entidades mutualistas, aos socios, ao particular estatuto dos médicos, réxime de goberno, dereito de asociación, sistema de representación, sistema salarial etc. A Casa de Galicia e outras moitas sociedades do mesmo carácter rexeitaron frontalmente o Decreto-lei e solicitaron opinións de expertos e non poucos cualificaron o texto do decreto de inconstitucional.

La Comisión de Instrucción de CASA DE GALICIA

Comunica a los señores socios que la

Escuela "Curros Enríquez"

Inicia el 1º de Marzo sus cursos gratuitos para socios
e hijos de socios.

- TENEDURIA DE LIBROS
- TAQUIGRAFIA
- DACTILOGRAFIA
- ARITMETICA
- ORTOGRAFIA
- CALIGRAFIA
- CALCULOS COMERCIALES

Director: ANGEL DIAZ REYNES



El registro se abrirá el 1º de Febrero

Inscribase en las Oficinas de CASA DE GALICIA

"ALMA GALLEGA" TIRAJE 22.000 EJEMPLARES

Unha reprodución do cadro «O gaiteiro», de Castelao, preside a cuberta do número extraordinario de decembro de 1947, do que se responsabiliza José Silva Barros como Director Responsable e Marcelino Ramos como Secretario de Redacción. Estamos diante dunha nova homenaxe a José M^a Barreiro, o «fundador» por antonomasia da Casa, que cumpre XXX anos de actividade (1917-1947). Raimundo Castiñeira actuou como presidente da sociedade aquel ano que, culturalmente, estivo marcado pola viaxe a Bos Aires e mais a Montevideo de don Ramón Otero Pedrayo. *Alma Gallega* dá información das dúas conferencias que pronunciou na capital uruguaia —sobre Feixóo e sobre a Historia de Galicia— no Ateneo e no Paraninfo da Universidade. Un poema —«A loita pol-a Pátrea»— de Manuel Lago González, xunto con colaboracións de Miguel Barros Castro, Juana de Ibarbourou, Concepción Arenal, Rosalía (o reiterado «Adiós ríos, adiós fontes»), Alberto Valero Martín, C. M., Enrique Noguera, José Alonso y Trelles (El viejo Pancho), Salvador Golpe (o poema «Dous amores»), de novo Rosalía («Un repoludo gaiteiro») e Curros Enríquez, as que hai que engadir a atención ao artista Julio Prieto (sobre o que escribe Rossi Magliano) de quen se publicita a súa exposición de gravados na Quinta de Salud da Casa. Isto e os resumos das conferencias de Otero singularizan o galeguismo cultural deste número, do que se ofrecen, como nos números extraordinarios doutros anos, datos completos das actividades desenvolvidas pola Casa galega, onde hai un ambiente de crítica e confrontación cara ás eleccións á Xunta Directiva que rexerá a entidade en 1948.

Saúde, medicina, Día de Galicia no teatro SODRE (coa actuación da Compañía de Alta Comedia «Rosalía de Castro»), lembranza de Castelao, actuación das distintas seccións e comisións da Casa e inauguración próxima da Policlínica da rúa Colonia 1474-76 ocupan as restantes páxinas deste número que ao pé da súa penúltima páxina informa: «Alma Gallega: Tiraje 22.000 ejemplares».

Extraordinario de decembro de 1948. Conmemorativo do XXXI aniversario da fundación da Casa de Galicia, presidida nese ano por Marcelino Ramos. Contén este número a Memoria do exercicio de 1948 e a convocatoria electoral para a Xunta Directiva de 1949 co seu correspondente regulamento. Interesa a colaboración de Castelao, «A nosa innata xenerosidade», asinada en Bos Aires o 25 de novembro de 1945, xunto cos estudos de síntese sobre as catro provincias galegas. Infórmase da construción do novo Pazo Social na Avda. 18 de xullo, nº 1473 e da actividade de seccións e comisións da Casa. Hai unha afectuosa lembranza nas necrolóxicas dedicadas a José María

Barreiro, «ilustre figura do fundador» da entidade, e para o doutor Manuel Albo. Anúnciase a publicación de *La catedral y el niño*, de E. Blanco Amor, xunto coa crónica da estadía do doutor Sánchez Guisande en Montevideo. O Director Responsable deste número é o xa citado Marcelino Ramos e a súa confección está feita en Talleres Gráficos Prometeo, de Juan C. Gómez, 1290. En xeral, pouco hai de salientable nas súas páxinas, alleas ao galego agás no texto de Castelao e culturalmente pobres.

O día 31 de decembro de 1949⁴ cumpre *Alma Gallega*, unha vez máis, a súa cita anual cun novo extraordinario que conmemora o XXXII aniversario da Casa de Galicia. A cruz de Santiago, o escudo de Galicia e mais os das catro provincias galegas ilustran a cuberta xunto cun debuxo certamente tópico e folclórico referido ao mundo rural. *Alma Gallega* é «publicación» ou «órgano» oficial dunha Casa de Galicia presidida en 1949 por Manuel Barreiro Lema. A lembranza de Castelao enfermo e, xa que logo, «alejado de la lucha por la tierra madre» figura xa á cabeceira deste número a carón dunha narración curta de Jaime Solá. No terreo cultural e no literario ofrécese achegas de Aurelia Ramos, C. M. R. P. ou Domingo Álvarez. Nunha nota de información interna lemos que a revista chega «al hogar de nuestros 26.000 asociados». A información da Memoria anual de 1949, os actos do Día de Galicia e da Festa da Raza, xunto coa inauguración das novas policlínicas da Casa (acto ao que asiste Luis Batlle, presidente do país), e un traballo sen sinatura sobre Rosalía de Castro e outro sobre a inmigración galega da autoría de E. G. de R. constitúen o máis significativo deste discreto número da publicación, da que José Silva Barros é Director Responsable.

Os nomes de Castelao (que ocupa a cuberta cunha ben coñecida fotografía), «padre espiritual de Galicia», e de José M^a Barreiro, «ilustre fundador de nuestra querida institución», encabezan as páxinas do número extraordinario que leva data de decembro de 1950 e que homenaxea os persoeiros citados. Nas primeiras páxinas (sen numerar, circunstancia frecuente na publicación) anotamos un informe sobre a morte de Castelao nos primeiros días de xaneiro de 1950 e as referencias que o lutuoso feito suscitou na prensa uruguaia e arxentina, xunto coas adhesións manifestadas na diáspora galega e en Galicia, así como a crónica do acto de homenaxe celebrado no Ateneo de Montevideo o día 24 de xuño.

⁴ Os socios da Casa de Galicia eran daquela 25.452: 13.590 socios, 8.032 socias e 3.800 inscritos.

Con 96 páxinas temos o extraordinario de 1954, número custeado por Cervecerías del Uruguay e dirixido —en calidade de Redactor responsable— por Elías Montero, que encabeza tamén a Comisión de Prensa. A marcha económica da Casa, o mutualismo e a sanidade, a Asamblea Xeral Ordinaria de 26 de xuño e mais a de 3 e 17 de xullo, xunto coa noticia de actividades das seccións e comisións e numerosos balances económicos e asistenciais reflicten a vida da Casa ao longo do ano, no que a entidade rexistraba un total de 38.481 socios.

Amplo é o apartado literario-cultural, con achegas —prosa e verso— en galego de Salvador Lorenzana, Francisca Herrera, Filomena Dato, Herminia Fariña, Carmen Prieto, Otero Espasandín, Amado Carballo, Manuel Antonio, Augusto M^a Casas e Curros (con catro poemas). Outras achegas, xa en castelán, levan as sinaturas de M. Linares Rivas, Manuel Ponte, J. M^a B., J. de la Luz León ou Santiago B. Blanco. Neste 1954 morría Andrés Calvo Formoso, presidente da Casa, que era substituído no seu cargo por Pastor García.

«Luego de cuatro años sin hacerse presente», de acordo co seu escrito editorial, reaparece *Alma Gallega* cun novo número que corresponde a 1959, aínda que leva data de xaneiro de 1960. Manuel González Noya é o Redactor responsable e a revista reconece os problemas que vive a Casa, da que xa na páxina 5 aparece a Memoria do ano 1959, certamente pobre en datos. O comezo das obras do Sanatorio Social e o estado das obras do Panteón Social teñen lugar destacado neste número que non rexistra a súa condición de extraordinario explicitamente. M. González Noya, Pedro Pereira Carballo, Jesús Carro García ou Leopoldo López Márquez (este, co conto «Correndo as bruxas») poñen a nota galega, literaria e cultural deste pouco significativo número.

En febreiro de 1964 aparece o penúltimo dos números extraordinarios de *Alma Gallega*. No «Editorial» que preside esta nova entrega da publicación lemos: «A cuatro años data de la última aparición de nuestra revista...», referencia que certifica que a entrega anterior correspondera a 1960. Todo este número de 1964 está dedicado a reproducir os textos das Memorias de 1962 e 1963. Preside a Casa de Galicia Ángel Martínez Barrios e as seccións da sociedade son: Sanidade, Instrucción e Cultura Física, Festas e Filarmonía, Beneficencia, Propaganda e Traballo.

Sanidade é o espazo de actuación privilexiado. No Sanatorio Social, en 1962, tiveron lugar 1.438 operacións cirúrxicas e foron atendidos 1.914 enfermos e

1.194 accidentados. Na campaña desenvolvida para facer máis socios conseguiu un aumento de 5.285. Así, a comezos de 1963 o número de asociados chegaba aos 38.428 e o día 1 de xaneiro de 1964 sumaban 41.456.

No terreo da cultura, en outubro de 1962 houbo na Casa de Galicia, que cumpría o seu XLV aniversario, unha homenaxe a Castelao coa convocatoria a unha xuntanza do Consello de Galiza de Bos Aires. Asistiron Alonso Ríos e Suárez Picallo e puxeron unha placa conmemorativa de Castelao. En xullo de 1963, no Día de Galicia, falou Alberto Vilanova sobre a figura de Manuel Lugo Freire, do que se celebraba ese ano o centenario do seu nacemento.

O número, en fin, carece doutro tipo de interese que non sexa o simplemente societario e complétase cunha serie de notas informativas sobre a Casa e as súas actividades. Unha ampla reportaxe fotográfica sobre Castelao, achegas poéticas de Rosalía (en castelán), José Ángel Buesa, M^a Mercedes Fernández Presedo e Juan S. Landó e colaboracións de Alfonso López-Nieto e Enrique Noguera xunto coa Memoria anual de 1950 (ano da presidencia de Marcelino Ramos) e informes e notas das seccións, comisións e actos⁵ de todo tipo auspiciados pola Casa⁶ completan este número, realizado (como o de 1949) por Talleres Gráficos Prometeo, en J. C. Gómez, 1920 (Montevideo).

O derradeiro número de *Alma Gallega*, agora coa cabeceira de *Casa de Galicia*, aparece en outubro de 1967 para conmemorar o cincuentenario da fundación da Casa. É estritamente un boletín interno da sociedade, do seu pasado e presente, das súas seccións e dos seus espazos no labor médico-asistencial. O nome de Juana de Ibarbourou é case a única referencia cultural destas páxinas, nas que así mesmo a doutora Adela Tera escribe un amplo artigo sobre Concepción Arenal. Salientamos, en especial, o variado material fotográfico que inclúe o número.

⁵ Innumerables actos («veladas») de carácter musical ou literario (concertos, lecturas poéticas, funcións teatrais, conferencias, xuntanzas societarias, discursos, etc.) organizadas nas décadas 1940-1950 tiveron lugar no Teatro Sodre de Montevideo, onde no Día de Galicia de 1950 o Cadro Artístico «Rosalía de Castro», da Casa de Galicia, representou Sabela de Cambados, do mestre Adolfo Torrado.

⁶ En 1950, de acordo cos datos da Sección de Propaganda rexistrados en *Alma Gallega*, a Casa de Galicia fixo 2.800 novos socios.



Yunque (*Periódico de vanguardia política*)
(Lugo, 1931-1932). Luís Alonso Girgado,
Marisa Moreda Leirado e María Vilariño
Suárez (eds.). Santiago de Compostela:
CRPIH, 2006.

***Yunque* nos contextos de prensa galega e luguesa**

Ata a publicación desta edición facsimilar de *Yunque*, «periódico de vanguardia política» que na cidade de Lugo dirixiu Ánxel Fole e que entre 1931 e 1932 tirou un total de 6 números, o coñecemento das súas páxinas foi incompleto. Diferentes tentativas de procura de varios números que podían ser anteriores ou posteriores ao ano 1932 —ano do que se coñecían tres números— non deron resultado ningún, malia os esforzos por completar a xeira da publicación. Así, Modesto Hermida, cun traballo pioneiro e moi meritorio, confesa non ter nada novo que dicir¹ sobre outros posibles nú-

¹ Modesto Hermida (1987): *As revistas literarias en Galicia na Segunda República*, Sada (A Coruña): Edicións do Castro.

meros do periódico, malia os seus contactos con Francisco Lamas, médico lugués que vivía en Madrid dende 1946, pero que fora un dos promotores e colaboradores de *Yunque*, amigo de Fole e integrante do grupo de mozos —universitarios moitos deles— que no Lugo provinciano da II República estimularon moi criticamente a vida literaria, a actividade xornalística e a actualidade política nas páxinas da secuencia de cabeceiras (fondamente interrelacionadas) constituída por *¡Ahora!* (1930), *Guión* (1930-31) e *Yunque* (1931-32).

Podemos presentar hoxe o que non puideron (malia o seu moi meritorio labor) nin o citado Modesto Hermida nin Claudio Rodríguez Fer ou Alonso Montero, aínda que este ofrecera en 1997, en edición facsimilar, o nº 6 de *Yunque* (outono, 1932) que, realmente, foi o derradeiro dunha publicación que naceu como «periódico de vanguardia política», iconoclasta e revolucionario, apaixonado e radical na defensa de postulados marxistas promovidos polo comunismo, para rematar achegado á creación literaria, máis variado e plural en temas, estética e ideario. Foi da man de Claudio Rodríguez Fer da que, como inestimable intermediaria, recibimos a colección completa de *Yunque*, colección que hoxe o lector ten ao seu dispor grazas sobre todo á tarefa de Elvira M. Melián², que fixo a descuberta dos tres primeiros números de *Yunque*. Claudio Rodríguez Fer³, que prologa o traballo da investigadora, estima que a «confección da revista *Yunque*» se debe, definitivamente, «ao rescate efectuado por Elvira M. Melián». Francisco Lamas⁴, figura tratada no libro da investigadora, cualifica o periódico *Yunque* de «primera publicación decididamente izquierdista de Lugo».

Asumimos o encargo da súa edición a proposta da Asociación para a Dignificación das Vítimas do Fascismo, que, en novembro do pasado ano 2005, contactaba co Centro Ramón Piñeiro para render homenaxe ao poeta e xornalista Avelino López Otero —director de *¡Ahora!* (1930) e *Guión* (1930-1931), republicano de convicción e vítima dos sucesos de 1936— coa edición destes xornais e así mesmo de *Yunque*, publicación, esta última, que «conviría

² Elvira M. Melián (2006): *Para los que no vieron*. Francisco Lamas López, *Memorias del alma lucense republicana*. Sada (A Coruña): Ediciós do Castro.

³ «Prólogo» a *Para los que no vieron...*, *op.cit.*, p. 10

⁴ *Op.cit.*, p. 47. Vx. tamén: Rafael Torres Mulas (1987): *El Lugo de la diáspora*, Sada (A Coruña). Ediciós do Castro, pp. 25-44.

editar completa», petición á que felizmente podemos dar cumprida resposta neste libro.

Ao pouco tempo de asumir esta iniciativa e non sen máis dunha dúbida para conseguir *Yunque* «completo», aparece a colección íntegra daquel periódico na casa madrileña de Francisco Lamas, que fora alcalde republicano de Lugo en 1936. A colaboración que ofrecía a Asociación chegou, pois, do seu vicepresidente, Claudio Rodríguez Fer, que fala nestas páxinas de como chegaron ata el a totalidade dos números de *Yunque*, do que el mesmo escribira que «parece que saíron seis números, tamén en Lugo, entre 1932 e 1934»⁵, afirmación que completamos coa síntese do «estado de *Yunque*» que, o mesmo ano 1997, ofrecía Alonso Montero⁶:

Aínda que estamos a falar do nº 6 de *Yunque*, desta revista, en realidade, non coñecemos máis ca tres números, que corresponden a estas datas: 1 de maio de 1932, Día de Galicia dese ano e «otoño» (decembro) do mesmo ano; este é o único que consigna o número (¿de orde?). Ninguén, que se saiba, ten batido con exemplares dun número anterior ao do primeiro de maio nin posterior ao de decembro de 1932.

A comprensión e valoración de *Yunque* pasa por diferentes contextos, entre eles a panorámica das publicacións máis ou menos coetáneas que apareceron en Galicia nos anos que van da II República á Guerra Civil (1931-1936), cualificadas algunhas delas por Fole como «simpáticas revistas juveniles» e caracterizadas polos seus contidos, que levaban o selo do cultural, pero que puñan a énfase no literario, no político, no relixioso ou no universitario e docente, liñas case sempre mesturades en diferentes proporcións. En definitiva, compañeiras de viaxe⁷ de *Yunque* na primeira metade da década 1930-1940 foron:

— *Galiza*. Mondoñedo (1930-33). Poética e despois política. Galeguista. Dirixida e fundada por Álvaro Cunqueiro.

⁵ Claudio Rodríguez Fer (1997): *Ánxel Fole. Vida e obra*. Vigo: Edicións Xerais, p. 33.

⁶ Prólogo á edición facsimilar do número 6 de *Yunque*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, p. III.

⁷ Contamos hoxe con edicións facsimilares de *Galiza*, *Cristal*, *Papel de Color*, *Resol* e *Universitarios*, publicadas polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades entre 1994 e 2006.

- *Logos*. Pontevedra (1931-36). Boletín católico. Publicación fundada e dirixida por Filgueira Valverde e Iglesias Vilarelle. Utiliza exclusivamente a lingua galega. Cultural, literaria e relixiosa.
- *Cristal*. Pontevedra (1932-33). Revista literaria. Predominio da lírica. Gravados en linóleo. Directores literarios: Juan Vidal Martínez, A. Díaz Herrera, R. Ulloa e Xosé M^a Álvarez Blázquez.
- *Universitarios*. Santiago (1932-33). Dirixida por Francisco Fernández del Riego. Docente e literaria, cultural e centrada na Universidade de Santiago.
- *Resol*. Santiago (1932-36). *Hojilla volandera del pueblo*. Literaria e lírica en especial. Directores: Arturo Cuadrado, Luis Seoane e, en Lugo, A. Fole, responsable do seu nº 10 (25 de xullo de 1936). Seoane levouna en 1937 a Bos Aires, onde tirou dous números xunto co suplemento *El Bulubú*. Antifranquista.
- *Erte.....!*. Ferrol (1933). Boletín galeguista. Director: N. García Pereira. Entre política e literario-cultural.
- *Máis!*. Santiago (1933). Folla da «Vanguardia Nazonalista Galega». Dirixida por Álvaro de las Casas. Política e galeguista radical. Tirou un só número.
- *Papel de color* (Mondoñedo. Editorial Un. «Oficiña lírica do Leste galego») (1933-35). Curta serie de tarxetóns poéticos creada e dirixida por Álvaro Cunqueiro e continuada posteriormente en *Frol de Diversos*.

Nos anos 1934-35 apareceron cabeceiras tan coñecidas como as do boletín político *Alento* (Santiago, 1934-35), creado e dirixido por Álvaro de las Casas; *Spes* (Pontevedra, 1934-47), voceira da mocidade da Acción Católica de Pontevedra e dirixida ata 1947 por G. Méndez Rodríguez; *Ser* (Santiago, 1935), «Semanario gallego de izquierdas» que dirixiu Ramón Suárez Picallo e que adoptou un claro compromiso galeguista; *P.A.N.* (Madrid, 1935), «Revista epistolar y de ensayos», dirixida por Xosé Otero Espasandín e na que colaboraron numerosos escritores galegos que vivían en Madrid, e *Guieiro* (Ourense, 1935-36), «Outavoz patriótico da F.M.G.» de Ourense, nacionalista radical e combativa.

A esta panorámica, á que seguiron as publicacións xurdidas nos anos da Guerra Civil (1936-39) (*El Miliciano Gallego*, *Misión*, *Nueva Galicia*, *Nova Galiza*, *Galicia Libre* e outras), hai que engadir outra, xeograficamente máis limitada: a da prensa luguesa⁸ da II República na que *Yunque* se insire.

⁸ Sobre a prensa luguesa pódense consultar, entre outros: José Altabella Hernández (1958): «El periodismo lucense hasta nuestros días», en *El Progreso*, 17 agosto, pp. 23-24; Uxío Carré

Trátase agora daquela prensa diaria ou semanal movida e orientada por idearios políticos e intereses diverxentes ou sostida por núcleos liberais, conservadores, monárquicos, republicanos, católicos etc., que mantiveron cabeceiras propias (algunhas como *La República* explicitan con claridade a súa filiación), que se enfrontaron ás veces de forma polémica e animaron a vida política e cultural luguesa. Por certo que nalgunhas destas cabeceiras están sinaturas presentes en *Yunque*, a de Ánxel Fole entre outras.

Circulaba nos anos 1931-35 un xornal que sobrevive aínda hoxe como o máis emblemático de Lugo, *El Progreso*, que aparecera en 1908 e que se proclamaba «Diario Liberal». Fundador e propietario deste diario foi Purificación de Cora (don Puro de Cora); Xosé Gayoso, Antonio de Cora e o mesmo don Puro foron os seus primeiros directores. Fole publicou en 1928 as súas máis temperás colaboracións xornalísticas aquí e, con posterioridade, faría do xornal algo así como a súa segunda casa, na que desenvolvería un extensísimo labor literario-cultural e mesmo deseñaría unha longa e amena crónica de Lugo cidade. A. Cunqueiro, C. Fernández de la Vega, Trapero Pardo, F. Fernández del Riego e Luís Pimentel colaboraron, entre moitos outros, nas súas páxinas.

Pero no mesmo ano 1928 publicaba Fole o seu primeiro artigo xornalístico (versaba sobre o poeta Rafael Alberti) que aparecía en *La Provincia*, «Diario de información y de intereses generales», liberal-conservador (F. Lamas foi un dos seus redactores), cuxa xeira cruza os anos vinte e ao fin desa década debeu rematar. Nilo Fernández Castro foi o seu director.

Precisamente a *La Voz de la Verdad* alude ¡*Ahora!*, nº 2 (23-III-1930), nun solto no que lemos: «También agradecemos a *La Voz de la Verdad* su silencio», declaración irónica e reveladora dos ben diferentes posicionamentos ideolóxicos das dúas cabeceiras da prensa luguesa. Pero nese mesmo escrito, e xa sen ironía, hai unha expresión de gratitude para *El Progreso* e *El Regional*⁹. Este último nacía en Lugo en 1884, dirixido por Aureliano J. Pereira, e chegaría ata 1931. De ideario rexionalista, amosou interese pola literatura galega, apoiou a creación da Academia Galega e contou con numerosos e destacados colaboradores, publicando, como folletín, a peza narrativa *A Cruz de Salgueiro*, de Xoán Rodríguez López.

Aldao (1991): *Monografía histórica acerca del periodismo Lucense*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia; M^a Paz Teijeira e María de la Torre (1997): *A prensa en Lugo, dous séculos de historia*. Lugo: Deputación Provincial de Lugo.

⁹ María X. Rodríguez Valcárcel (1993): *Lingua e Literatura en «El Regional»*. Santiago: Lea.

Algo anterior foi a xa citada *La Voz de la Verdad* (1910-1937), o «Diario católico» e antiliberal que comezou a dirixir Eugenio Zavala. Foi partidario e defensor da dereita política (da agrupada na CEDA) e naceu por iniciativa das Damas de la Buena Prensa de Lugo, recibindo despois o apoio da Editorial Católica Lucense. Nos anos vinte circulaban na cidade luguesa *El Progreso*, *La Provincia* e *La Voz de la Verdad*.

Nos anos trinta xorde, baixo a dirección de Juan A. Correa Calderón, *Vanguardia Gallega* (1931-1933), subtitulada «Diario de la República» e fundada por Evaristo e Juan Antonio Correa Calderón. Colaboradores das súas páxinas como L. Pimentel, Víctor Casas ou Alexandre Bóveda comparecen tamén en *Guión* ou *Yunque*, pero tamén Castelao, Otero Pedrayo ou Valentín Paz Andrade foran os seus colaboradores. Cultura, educación ou economía foron preocupacións fundamentais deste diario.

Menos preciso é o coñecemento que temos de *La República* (1932-36), voceiro do partido Unión Republicana e, en parte, coetáneo de *Yunque*, o mesmo que *Alborada* (1931-36), subtitulado «Diario de Galicia» e de clara tendencia monárquica. «Dios, España y Galicia» foi a súa aposta particular. En fin, tamén nestes anos trinta tiveron curta xeira cabeceiras como *Labor* (1933), voceiro das organizacións campesiñas de Lugo, e *Mundo de Ahora* (1933-34), fundado por Antonio López Acuña, de ideario católico e actitude radical, que foi órgano de expresión da Xuventude da Unión Rexional de Dereitas.

Pouco ou nada sabemos daquela revista *Horizontes* que cita Rodríguez Fer¹⁰, na que, seguramente polos anos de *Guión* e *Yunque*, deu saída Fole ao seu espírito revolucionario, ao seu achegamento ás propostas do marxismo e do comunismo, aos seus ataques ás boas conciencias burguesas, católicas e ben-pensantes da cidade luguesa. Serviuse para tal fin do pseudónimo «Bacurín» (inspirado na toponimia luguesa), certamente fácil de confundir con Bakunin, polo que o escritor lle insistía a Carlos Casares: «Si señor, Bacurín», cualificando aqueles seus artigos de «Demagóxicos...moi forzados. Non estaba un no seu sitio»¹¹

¹⁰ Claudio Rodríguez Fer, *op.cit.*, p. 31

¹¹ Carlos Casares (1984): *Conversas con Ánxel Fole*. Vigo: Galaxia, p. 41.

ARREDOR DE ¡AHORA! E GUIÓN

Un lugar á parte, pola súa moi directa relación con *Yunque*, merecen o par de cabeceiras *¡Ahora!* (1930) e *Guión* (1930-31). *¡Ahora!* era un «semanario republicano» voceiro da ORGA de Lugo na que Fole militou por un tempo para deseguido pasar ao Partido Republicano Radical Socialista e despois ao Partido Galeguista. Dirixido polo xornalista e poeta Avelino López Otero (1903-1936), *¡Ahora!*, que tirou oito números, centrouse en temas de Política-Cultura-Información. O prezo do exemplar era 15 cts. nos dous casos. A xeira das dúas cabeceiras dirixidas por López Otero foi certamente moi curta. Pola contra, é significativa e relevante a nómina dos seus colaboradores: Xesús Bal y Gay, Aníbal Otero, Enrique Ramos, Avelino López Otero, M. Sariñena, César López Otero, Otero Pedrayo, Ramón Villar Ponte, Vicente Risco, R. Carballo Calero, Ángel Revilla, J. García Labella, Rafael de Vega Barrera, José M^a Castroviejo, Ben-Cho-Shey, Xaime Quintanilla, Antón Villar Ponte, Suárez Couto, Xosé Otero Espasandín, José del Peso Sevillano, Cándido Carreiras, Fiz Mosteiro, Julio Ramos, José Díaz-Villamil, Mauro Varela, B. M. Gómez Otero, R. Pazos Jiménez, Luciano García de la Riva, José Lourido, F. Tornés Serra, Cástor Carballada, Juan Carballeira etc.

Xunto aos xa citados debemos facer mención doutros que reaparecerán en *Yunque*: L. Pimentel, Á. Fole (Troitiño), Luís Manteiga, Francisco Lamas, Romero Boelle, Ángel Johan, Luís Seoane, Víctor Casas, Arturo Cuadrado, Pepe Gayoso, Ramón Martínez López ou Xosé López Durá. Polo que atinxe aos pseudónimos citemos: Dedalus (seguramente José Barbeito Ramos, aínda que se ten falado de Vicente Risco), Troitiño (Á. Fole, como xa dixemos), Yó de aquí (Avelino López Otero, que empregou tamén o de Abel de Acevedo) e outros como El Duende, Cauterio e Incrédulo. En definitiva, dende o prezo ata o formato, dende o subtítulo ata o enderezo da redacción e administración, dende o director ata un considerable grupo de colaboradores, dende o número de páxinas ata a tipografía dalgunhas cabeceiras e as liñas centrais dos contidos, de carácter político, social e cultural e aínda a numeración correlativa dos números das dúas cabeceiras fan de *¡Ahora!* e *Guión* unha unidade que, co engadido de *Yunque*, posúe a seguinte secuencia cronolóxico-numérica:

- a) *¡Ahora!*: do nº 1 (16-III-1930) ao nº 8 (4-V-1930).
- b) *Guión*: do nº 9 (11-V-1930) ao nº 15 (22-VI-1930) —Extra con motivo da Festa do Traballo (1-V-1931).
- c) *Yunque*: do nº 1 (14-V-1931) ao nº 6 (outono 1932).

Como *¡Ahora!* e mais *Guión* son claros precedentes de *Yunque*, non estará de máis facer algunhas observacións froito da consulta directa dalgúns números deses semanarios republicanos que dirixiu Avelino López Otero e que, como dixemos, foron a mesma e única publicación, circunstancia que se pon de relevo no nº 8 de *¡Ahora!* (4-V-1930) no que en primeira páxina, nunha viñeta de Ángel Johan, lemos: «AHORA... GUIÓN... el periódico cambia de nombre, pero nada más que de nombre», advertencia que se reitera na derradeira páxina: «Este periódico, a partir del próximo número, aparecerá con otro nombre: GUION», matizando deseguido o motivo do cambio de cabeceira: «Don Luis Montiel, propietario de «Estampa», nos participa que el título «¡Ahora!» está registrado a su favor como nombre comercial y para un diario madrileño que se publicará en breve».

Xa falamos das claves que confirman plenamente a unicidade das dúas cabeceiras. Nesa liña podemos engadir que non varían as seccións —informativas ou de opinión— que *¡Ahora!* mantiña: «Vida agraria», «Coplillas», «Lucus Augusti», «Libros y revistas», «Editoriales», «La Provincia», «Folletones» e algunha máis. Tamén hai —como xa anotamos— a mesma nómina de colaboradores, dos que unha parte significativa ingresa en *Yunque*.

Estamos, fundamentalmente (unificando as dúas cabeceiras), ante un semanario republicano que nace un ano antes da proclamación da II República e que declara a súa filiación e a súa liña de actuación: «nos hallamos hoy al servicio de la República» (*Guión*, nº 15, 22-VI-1930, p. 1), polo que son cotiás as informacións referidas á Alianza Republicana. Outras significativas presenzas son as das Irmandades da Fala e a do Partido Socialista.

O galeguismo de signo autonomista e federalista, que en Fiz Mosteiro (sección «Pregóns galeguistas») rexeita o separatismo, ten aquí unha canle afirmada, evidente, pero certamente subsidiaria. O uso da lingua está limitado a algún comunicado das Irmandades ou ás colaboracións de Fiz Mosteiro, R. Villar Ponte, Ben-Cho-Shey e Otero Espasandín. Irrelevantes son as achegas de creación literaria; pola contra, son máis significativas as informacións culturais sobre libros e revistas, actos da vida literaria (conferencias, presentacións) e tamén novidades de cine, teatro e espectáculos diversos, con atención especial á capital da provincia. No entanto, o marco informativo non é só local, senón rexional e nacional, con particular dedicación ao ámbito lugúes-galego («La Provincia» luguesa posúe unha sección de seu).

A defensa da República, os ataques á Ditadura —á de Primo de Rivera e á posterior do goberno do xeneral Berenguer—, a actualidade das agrupacións republicanas, a preocupación polo agro galego, os ataques ao caciquismo, a atención á Universidade de Santiago e ás actividades da F.U.E., a crítica das imposicións da censura política, a confesión da fe democrática, os comentarios e informacións de agrupacións políticas e sindicais de ámbito local ou nacional, as noticias do mundo obreiro, os artigos de carácter anticlerical e antimonárquico e as propostas de novas eleccións son as constantes que inspiran este semanario (sexo *¡Ahora!* ou *Guión*) onde o peso da información e a actitude crítica e reivindicativa dende a radical liberdade de opinión e información son algúns dos seus máis salientables sinais de identidade.

A crítica a puntuais feitos e personaxes da política nacional ou local, en ton satírico-burlesco, é a función das «Coplillas» de *Yó de aquí*, que non é senón o propio director do semanario, Avelino López Otero¹². O mundo agrario, tamén con sección propia, ten unha segunda e sorpresiva canle de manifestación no folletón de B. M. Gómez Otero, pero a súa actualidade aparece en varias informacións breves.

O frecuente «visado pola censura» dá pé aos múltiples xuízos que ven no goberno de Berenguer unha continuación da ditadura primorriverista, polo que a conclusión das multas e suspensións de que son obxecto os medios de prensa e algúns políticos non é senón que «Continuamos viviendo en régimen dictatorial» (*¡Ahora!*, nº 2, 23-III-1930). No mesmo número ocupa ampla extensión a noticia da morte de Primo de Rivera.

En fin, a nota de acuse de recepción que *¡Ahora!* publica fala da oposición na prensa lucense: dunha banda, *El Progreso* e *El Regional* saúdan o novo colega; doutra, *La Voz de la Verdad* silencia a súa aparición. En calquera caso, estamos diante dunha plataforma que apoia a chegada da República, consciente dos moitos problemas e dificultades que se presentarán, e dende unha actitude de vixía crítica do día a día, da actualidade. Trátase de facer política dende a idea de República, dende a liberdade e dende a fe no futuro. Política como cultura, porque tamén a política é problema de cultura que require acción, pragmatismo, solucións para os vellos problemas e traballo para a consolidación da vida democrática.

¹² Sobre a vida e obra de Avelino López Otero, vx.: Claudio Rodríguez Fer (1994): *A literatura galega durante a Guerra Civil*. Vigo: Edicións Xerais, pp. 111-114.

DE PERIÓDICO POLÍTICO A PERIÓDICO LITERARIO

O periódico *Yunque*, que agora recuperamos para a súa difusión, sae do prelo o 14 de maio de 1931 levado por un grupo de mozos de Lugo e Santiago de Compostela que constituían a sección máis esquerdista do xornal *Guión*, «Semanario republicano de Política-Cultura-Información» no que colaboran dende o seu nacemento ata o primeiro de maio de 1931. Nesta data prodúcese a escisión dalgúns dos membros desta empresa editorial e nace a «xeración Yunque»¹³, formada, entre outros, por Ánxel Fole, Francisco Lamas, López Durá ou Martínez López. Neste último número de *Guión* (1º de Maio de 1931) xa se evidencia un cambio de ton, sendo moi significativo o feito de mudaren o subtítulo «Semanario republicano» e mesmo o formato do periódico. Catorce días máis tarde aparece a primeira entrega de *Yunque*, onde, a través do editorial (p. 2), se explica o motivo que os levou a abandonar a publicación anterior:

Nace YUNQUE por razón de urbanidad política. Nuestra sensibilidad no podía resistir más tiempo el espíritu en cierto modo conservador que se pretendía que tuviese «Guión» por eso nos separamos.

Declárase tamén, neste editorial inaugural, que *Yunque* será un periódico político que tentará acabar co ton conservador que se pretende impor á República española. E certamente así será, especialmente nos catro primeiros números, que se caracterizan pola presenza de artigos de marcada filiación esquerdista. Os números restantes (5 e 6) supoñen unha ruptura plena con respecto aos anteriores xa que, agás algunhas colaboracións de Luís Manteiga ou de Santiso Girón, encontramos unha revista literaria onde se reproducen textos de autores significativos da literatura galega e que abandona case por completo o ton reivindicativo. Alén desta transformación temática, tamén se aprecian diferenzas no que respecta ao formato e número de páxinas.

Podemos, por tanto, establecer dúas etapas nesta publicación, tendo en conta a evolución do seu contido, nun percorrido que vai dende o período político e combativo ata o periódico case estritamente literario, aínda que no número 6 advirtamos artigos políticos de Ramón Piñeiro e Santiso Girón.

¹³ No nº 4 (1 de maio de 1932) os fundadores desta publicación declaran o seguinte: «Nosotros que nos llamamos, con legítimo orgullo, 'generación Yunque'».

PRIMEIRA ETAPA

O número 1 de *Yunque* (14-V-1931) ábrese co revelador «editoriales», que pon en evidencia a radicalización das posturas que defenderán a través das páxinas desta publicación os seus fundadores, figuras que durante os anos da II República xogaron un papel moi notable, sendo a maioría destes mozos perseguidos dende 1936 e, nalgúns casos, asasinados polas súas ideas políticas.

Entre outros, é salientable un texto de Víctor Casas, «Galicia¹⁴ ante o momento actual», que expón as mudanzas experimentadas tras a instauración da República en Galicia, considerándoas inconclusas ata a chegada do Estatuto de Autonomía:

Fai falla agora que nos dispoñamos a abranguer o trunfo comprobante e definitivo. Ese trunfo será cando teñamos conquistada a constitución legal da República federal hespañola e a autonomía integral de Galicia.

O sentimento nacionalista-federalista estará presente nas páxinas de *Yunque*, sendo significativo neste número inicial o feito de reproduciren o anteproxecto do Estatuto de Galicia elaborado polo Seminario de Estudos Galegos, así como o artigo de Gayoso Veiga, que critica algúns «sociales de Lugo» por consideraren que o «autonomismo, regionalismo=negación de internacionalismo, universalidad, tendencia a unir todas las razas y naciones», afirmación que el considera «Tópico y falacia».



Homes de *Yunque*: Romero Boelle, Á. Xohán, F. Lamas e Á. Fole, que está lendo *Resol*

¹⁴ O anómalo e xeneralizado uso de minúsculas onde a norma ortográfica pide maiúsculas é un signo transgresor no particular ámbito da grafía destas páxinas que, neste sentido, están na liña do deseño gráfico ruso e alemán da época.

É de cumprida mención tamén o escrito titulado «Después de todo lo pasado, cura y renovación», de Francisco Lamas, o cal insiste na necesidade de formar persoas autónomas e críticas, como única solución para acabar co analfabetismo e ignorancia que truncaban o progreso do Estado. Aínda sendo maioritarias as achegas puramente políticas, Luís Pimentel colabora cun artigo de marcada denuncia social a través dun texto en prosa cun carácter máis literario que rompe, en certa medida, coa tónica dominante no periódico. Destacable é tamén a sección «Metralla», que se continuará en todos o números de *Yunque*, agás nos dous últimos, e que se caracteriza por unha aceda ironía e un ataque contra os reaccionarios da época, centrándose sobre todo en personaxes do Lugo do momento.

Así as cousas, faise patente dende o comezo da publicación a orientación política que defenden estes mozos de Lugo e Santiago. Seguen na liña republicana que caracterizaba *Guión* e a súa antecesora *¡Ahora!*, aínda que dende unha posición máis revolucionaria e progresista, cunha defensa en xeral do federalismo, tendo presente sempre os intereses de Galicia.

Doutra banda, resulta lóxico que neste periódico que nace con vontade política aparezan anuncios sobre chamamentos, reunións ou outros actos organizados durante a República, tal e como o lector pode observar na páxina 2, no artigo titulado «Una significativa convocatoria».

Iníciase o número 2 de *Yunque*, ao igual que o anterior, coa sección «editoriales», onde se comenta, entre outros asuntos, a necesidade da unión dos partidos republicanos con vista ás eleccións que se celebrarían proximamente. J. López Durá incide de novo no tema da educación —como fixera Francisco Lamas— co artigo «Sobre la caracterología del actual estudiante de Derecho: un fenómeno altamente sugestivo», aínda que neste caso centrándose no ensino universitario, concretamente no relativo á avogacía. López Durá dá conta da necesidade de formar non simples avogados, senón persoas con conciencia social. Este tipo de declaracións revelan a fe que estes homes depositaban no pobo como medio para erradicar a situación que se arrastraba dende a ditadura.

Tamén fican reflectidas as inquietudes deste colectivo nas palabras de Ánxel Fole que, partindo dun escrito de Rafael Dieste —publicado en *Crisol*¹⁵—,

¹⁵ *Crisol* nace o 4 de abril de 1931 baixo a inspiración de José M^a Urgoiti e Ortega y Gasset, convertido posteriormente nun dos diarios máis respectados de Madrid.

invita a mocidade galega a «instar al poder público a que expulse de sus feudos, durante el período electoral, a todos los caciques».

Na liña dos artigos de temática política e social encádrase o texto de Ramón Martínez López, quen dende unha posición galeguista fai unha crítica ao centralismo na súa colaboración «varias mentiras y una verdad». Achamos tamén neste número dous artigos en que se comentan accións levadas a cabo pola Organización Republicana Gallega Autónoma (ORGA) en Palas de Rei e a presentación da nova «Agrupación Socialista» creada en Rábade.

O carácter político que caracteriza *Yunque* québrase —ao igual que no número anterior fixera con Pimentel— coa colaboración de Álvaro Cunqueiro «Arredor de nós. Seitura inicial» que, a través dos ollos dun home que observa con atención a paisaxe, fai unha chamada á unidade e ás expectativas dos novos tempos.

O extracto do ideario do partido republicano radical socialista que inicia o seguinte número de *Yunque* (o nº 3), a reprodución dos «Estatutos de la Organización Republicana Galega de la Provincia de Lugo (ORGA)» ou a sección «metralla» son reveladores do predominio de colaboracións de filiación política que seguen a ser unha constante.

López Durá, co seu artigo «a autualidade galega. rexionalismo e internacionalismo», abre un debate que continuará noutros números de *Yunque*, sobre a defensa do nacionalismo ou do internacionalismo. Mostra disto é tamén unha das consignas que aparecen na mesma páxina: «La República unitaria, es tan absurda como la misma monarquía. La realidad española, reclama la implantación de la República federal». Luís Manteiga chama á loita, á revolución en «después del silencio conminación a la lucha» e Luís de Veiga (Ramón Piñeiro) en «política de contido» chama a atención sobre o feito de non abandonar a loita unha vez conseguido o triunfo da República, pois tal e como el di «a verdadeira laboura escomenza agora, a laboura de remoción das bases sociaes, de destruíción dos poderes de feito mais tiránicos e mais difíciles de desarraigir do que os ministros do vello réxime das súas cadeiras de mangoneo».

Enlazando co número anterior —o número 2— onde se presentaba a nova «Agrupación socialista» de Rábade, exponse agora o seu ideario, ademais doutras cuestións como o número de membros ou os candidatos a ocupar determinados postos dentro da agrupación. Alén disto, aparecen ao longo de

todo este número anuncios informativos sobre a constitución de «el nuevo ayuntamiento», sobre os próximos actos que organiza a ORGA ou arredor da asemblea celebrada na Coruña, onde se debateron cuestións relativas ao estatuto.

O número 4 de *Yunque*, considerado durante moitos anos como o número inicial, ten un formato superior e un deseño diferente aos restantes. Ademais, o feito de conter un artigo co título de «representación» levou a pensar a estudiosos das nosas letras, entre eles Alonso Montero ou Claudio Rodríguez Fer, que este era o primeiro número do periódico, xa que se observan afirmacións como as seguintes: «el último número de *Guión* (1º de Mayo de 1931) se tiñó de rojo estridente. Esto escandalizó a los señores que lo financiaban. Entonces lo abandonamos definitivamente, y fundamos YUNQUE». Mais a verdade é que si é unha «representación», pois reaparecen despois dun período de ausencia, agora como xeración, sinalando que: «YUNQUE será algo más que un periódico (mejor un aperiódico) de vanguardia política».

Ánxel Fole, que figura neste número como director, —única referencia ao respecto sobre a dirección deste xornal— introduce a poesía nesta publicación, co texto titulado «Diana», que como sinala Modesto Hermida¹⁶, é «un cántico ás reivindicacións proletarias e á revolución». Evidénciase unha forte defensa do comunismo¹⁷, reproducíndose a Internacional Comunista e mesmo consignas tiradas do «Manifesto comunista» de Marx e Engels. Nesta liña encádrase o artigo de Santiago Montero Díaz —«Eremburg y Galicia»— no cal comenta o libro *España, república de trabajadores*, publicado polo escritor ruso Iliá G. Ehrenburg, que comenta a situación da España do momento sen esquecer Galicia. Reparará nisto Montero Díaz, facendo unha chamada de atención á situación dos galegos esquecidos dende Madrid («Madrid, en cambio, no lo conoce. Porque no quiere verlo») e rematando este artigo cunha esixencia revolucionaria:

Es hora de llevar a los campesinos una conciencia revolucionaria. Demostrarles que el problema no se resuelve trasladando su esclavitud ni

¹⁶ Modesto Hermida, *op. cit.*, p. 51.

¹⁷ Aínda que como di Alonso Montero na introdución á edición facsimilar do número 6 de *Yunque*: «a maior parte dos responsables e simpatizantes de *Yunque* (Fole, Manteiga, Seoane, Montero Díaz, Francisco Lamas, Ánxel Xohán...), que non pertencían ao Partido Comunista nin sequera ao socialista, posuían un certo fervor marxista».

concentrando las energías. Concentrándolas en las células revolucionarias campesinas. Pero no en emigrar, sino para hacer la revolución.

Luís Manteiga tamén incide na necesidade de unión e de loita do pobo como solución á situación problemática que atravesaba o país:

Pueblo: no es este gobierno manso y cobarde, el que puede traernos la revolución, no es tampoco yendo a la calle, a tontas y a locas, como lograrás tus derechos. Organízate, prepárate, agrúpate, hazte fuerte. Las horas llegan y sólo se puede aprovechar si hemos sido previsores.

Francisco Lamas e Arturo Cuadrado dedican nestas páxinas unhas palabras ao 1º de Maio —protagonista deste número— e Ramón Martínez López, cun breve artigo de base nacionalista titulado «deseo», expón a necesidade de «lograr una España organizada en libres nacionalidades».

Seguindo a dinámica de *Yunque* aparece, por última vez, a agresiva e contundente sección «metralla». Alén disto, é destacable a colaboración plástica de Seoane «Galiza ergueita» —que é máis que ilustrativa do seu ideario— e a ornamentación de A. Romero Boelle.

SEGUNDA ETAPA

Sendo ben perceptible a diminución da temática política no número 5 (25-VII-1932) de *Yunque*, sorprende así mesmo este número pola ruptura total co anterior tanto no contido como no formato. Estamos agora ante unha revista onde predomina a literatura, aínda que esta, en ocasións, tamén será utilizada como arma ideolóxica na que publican autores importantes das nosas letras. Neste penúltimo número achamos poemas de Álvaro Cunqueiro («Poemas do Si i-o Non»), Aquilino Iglesia Alvariño («Na oscuridade...») ou Luís Pimentel («Horas»). Mais os artigos de filiación política non desaparecerán completamente, e así Francisco Lamas, en «Ollos mollados», invita o pobo a loitar xunto cos «galeguistas», pois será así a única forma de salvar Galicia.

O número ábreo Ánxel Fole con «Ultreya. Las veinticuatro horas lucenses de Mabilie de Poncheville», onde relata a visita do escritor francés a Lugo, e continúa cun artigo de Arturo Cuadrado titulado «Teleflor», adicado a Gómez del Valle, «poeta, comunista e mártir»¹⁸.

¹⁸ Título dun artigo publicado por Xesús Alonso Montero (1999): *Madrygal* 2, Madrid.


Alén dos textos publicados por Luís Manteiga ou Carlos Martínez Barbeito é de destacar o artigo final de Emilio Pita no que defende un teatro social e comprometido co pobo («El teatro, por ser el arma más eficaz de sugestión y acción directa...»).

Este número do 25 de xullo de 1932 contén un encarte complementario que leva por unha parte un poema en galego de Xulio Sigüenza e pola outra un linóleo de Ánxel Johan.

O sexto e derradeiro número de *Yunque*, moi en consonancia co anterior, contén colaboracións poéticas de grande interese, destacando a publicación por vez primeira do «Madrigal a la ciudad de Santiago», do poeta Federico García Lorca. Carlos Martínez Barbeito participa neste número cos poemas «Apolitikon» e «Sin Dios»; Luís Pimentel, na liña do simbolismo, colabora con «Oración» I e II e «Paseo» e Xulio Sigüenza con tres poemas —en galego— sobre a paisaxe. Tamén está presente unha composición do alemán Ernst Toller («Das schwalbenbuch») traducido por Mercedes V. Fernández Pimentel.

A cuestión política é tratada por Luís de Veiga e L. Santiso Girón, debatíndose este último entre o internacionalismo e o nacionalismo. O aspecto cultural é comentado por Luís Manteiga, que lembra a bailarina e comunista Isadora Duncan; por Dedalus, que publica unha semblanza do escritor Ramón Gómez de la Serna, e por Arturo Cuadrado, quen dedica unhas palabras á figura do pintor Arturo Souto.

Álvaro Cunqueiro e Ánxel Fole colaboran nesta entrega con fragmentos de prosa. O segundo deles participa de novo na sección «Signario», que dá noticia das novidades culturais do momento e, xunto co seu amigo Luís Manteiga, pecha *Yunque* con «Libros», sección que recolle comentarios sobre



Na imprenta mirando *Yunque*: Romero Boelle, Fole, F. Lamas e A. Suárez


obras de Ehrenburg, mais supomos que a idea destes homes sería ampliar esta sección con outros autores de referencia.

Temos que destacar, no referente á faceta plástica, que estamos diante do número máis ilustrado, pois nel colaboran artistas galegos como Colmeiro, Ángel Johan, Eiroa, Maside, Seoane e Romero Boelle, alén da arxentina Norah Borges. Anúnciase na páxina final deste número de outono de 1932 a saída duns «Cuadernos Yunque» de economía, política, literatura, arte etc., mais ata o momento non temos coñecemento da súa existencia.

Á vista dos seis números de *Yunque* podemos facer unhas valoracións a modo de conclusión. Como se dixo ao longo das páxinas precedentes, estamos ante unha publicación que se caracteriza por unha afervoadada convocatoria á participación crítica na vida política tras o recente triunfo da República, centrando a atención en Galicia.

Á hora de valorarmos *Yunque* debemos ter en conta que, aínda que os seus creadores denominaran «periódico» a esta publicación —vocábulo que tamén usamos nós nestas páxinas introdutorias—, na realidade estamos máis ben ante unha publicación periódica de irregular comparecencia, comprometida e combativa, pro-republicana, socialista, federalista, autonomista e ata vangardista elaborada por xentes entusiastas e con anhelos de cambios sociais e políticos.

En síntese, *Yunque. Periódico de vangarda política* foi unha publicación que naceu como froito da ilusión e da exaltación dun grupo de mozos que, tras a etapa ditatorial primorriverista (1923-1930), viron a posibilidade de loitar por uns ideais políticos e sociais, nidiamente de esquerdas e revolucionarios, que ata ese momento parecían inviables. Porén, o carácter da publicación foi mudando ata se converter nunha revista literaria —sen deixar nunca o ton reivindicativo— na que encontramos un importante grupo de interesantes sinaturas, varias delas —Fole, Cunqueiro, Pimentel, Aquilino I. Alvariño ou García Lorca— convertidas en voces de primeira liña da literatura galega e da española no caso de Lorca.



Saudade (Verba Galega nas Américas). México D.F., 1942-1953, Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.). Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2008.

Contextos de *Saudade*

EMIGRACIÓN

Polo que atinxe á emigración galega en México aparece, nos estudos cos que ata agora contamos, como reducida ou residual cuantitativamente. Os traballos realizados por Elixio Villaverde son unha obrigada fonte informativa e así sabemos, a través da súa consulta de 50.000 fichas de españois do Archivo General de la Nación mexicana, que no período que vai de 1878 a 1936 chegaron a México 4.085 galegos. O mesmo investigador fala, matizando a cifra, de 4.468 «inmigrantes galegos probablemente rexistrados» que

representarían o 14'89% dos 30.000 españois contabilizados por Clara Lida¹. Repara o profesor Villaverde nos «centos de galegos» que chegaron na década 1926-1936; nos 267 emigrantes galegos a México xa na etapa 1891-1895; nos 12 coruñeses que en 1885 desembarcaron en México (fronte aos 1.555 que chegaron a Arxentina) e nos 72 galegos rexistrados no período 1878-1898.

De «unha ausencia case total de estudos sobre a emigración a México» fala Ramón Villares², para o que o país azteca foi «un destino importante da emigración galega» da que salienta localizacións como Puebla³ ou Nova Galiza de San Lorenzo. Na década 1885-1895 serían 292 os galegos emigrados a México fronte aos 64.953 que elixiron Cuba ou os 26.128 que foron a Brasil. Pilar Cagiao afirma que «É moi pouco o que se pode dicir da presenza das mulleres galegas en México», aínda que poderían chegar ao 15 ou 20% dos máis de 4.000 galegos chegados de 1878 a 1936. Non deixa de reparar a investigadora citada no feito de que en México o fenómeno do exilio desviou a atención pola emigración, da que sabemos moito menos.

Na enquisa feita en centros e asociacións galegas, que recolle datos dos galegos no mundo, cífranse en 70.000 os galegos de México no ano 1980. No entanto, xa en 1989 a cantidade baixaba aos 36.700. Salienta a perdurabilidade —polo menos ata a derradeira década do século XX— do Padroado da Cultura Galega de México⁴, que desenvolveu un amplo e meritorio labor cultural ao longo do tempo. Ao respecto, en *Vieiros* (nº 1, 1959, sección «As labours») escribe C.V.C. unha nota na que lemos que «o grupo do Padroado ten publicado en diferentes xeiras as revistas *Saudade*, *Nova Galicia*, *Loita*,

¹ Vx. Elixio Villaverde (2000): *Pioneiros na corrente de golfo. A primeira emigración galega a México (1837-1936)*, Vigo: Xerais, pp. 56 e ss.

² Ramón Villares (1886): *Historia da emigración galega a América*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, [colección a Nosa Diáspora], pp. 101 e 106.

³ Datos referentes aos galegos asentados no Estado de Puebla témolos en Elixio Villaverde (1999): «Os galegos no estado e na cidade de Puebla á luz do Rexistro Nacional de Estranxeiros (1878-1936)» en Pilar Cagiao Vila (comp.), *Galegos en América e americanos en Galicia*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, [colección a Nosa Diáspora], pp. 275- 309.

⁴ Este Padroado nace nunha xuntanza mantida o 29-VI-1953 no hotel Majestic de México D.F. O violinista ferrolán Xesús Dopico Barreiro preside a primeira directiva. Moi cedo prestíxouse esta organización no ámbito do galeguismo e nun ano pasou de 33 a 400 socios. En agosto de 1953 remataba a xeira de *Saudade*. Promoveu o Padroado clases de música, lingua, historia, xeografía, socioloxía etc. Nas páxinas de *Vieiros* hai ampla información das súas actividades.

o libro *Presencia de Galicia*⁵ en México e agora iste Vieiros, máisimo esforzo pola interculturazón dos galegos».

Afirma Ma Xosé R. Galdo⁶ que hai que agardar polo menos ata 1946 para que se reinicie o fluxo migratorio ás Américas, en particular a Venezuela e México, fluxo que percorre as décadas que van do 1950 a 1970 e que sucede á eclosión da chegada de exiliados políticos españois (1939-1942) que levou a México a máis de 20.000 republicanos. Respecto da xeografía galega na que xorde esa emigración de finais dos anos corenta, está centrada no «cuadrilátero ourensán Avión-Beariz-Borborás-Carballiño». Venezuela e México son destinos preferentes para os emigrantes ourensáns, pero é México o elixido maioritariamente, sobre todo a partir de 1964.

CENTROS GALEGOS

Menos representativa aínda que a creación de cabeceiras de prensa é a fundación de entidades societarias. Hai xa anos que só temos constancia do funcionamento de dúas: o Centro Gallego de México D.F.⁷ (fundado en 1911 como Orfeón Gallego —con José González como primeiro presidente e con sede na colonia Roma—, como Casa de Galicia aparece en 1936 e como Centro Gallego de México. Asociación Civil, témolo dende 1948) e o Centro Gallego de Guadalajara, fundado en 1992 e continuador do Club España de Guadalajara fundado en 1985. A sociedade galega de México D.F. agrupaba no ano 2000 un total de 1.240 familias e ata 1996 mantiña a revista *Anduriña*, fundada en 1948. En 1969 contaba 828 socios, que pasaron a 2.780 en 1988. Desenvolve actividades culturais, folclóricas e deportivas.

EXILIO

No contexto destas olladas previas á consideración de *Saudade* haberá que lembrar o feito do exilio galego en México⁸, enmarcado no exilio español ao

⁵ Publicado en 1954, recolle trinta e cinco ensaios emitidos previamente pola radio do Padroado da Cultura Galega na súa emisión «Hora da cultura galega», que comezou a súa xeira en 1952.

⁶ Vx. Ma Xosé Rodríguez Galdo (2004): *Galegos en México. Pasado e presente*, Viveiro: Xunta de Galicia, pp. 85 e ss.

⁷ Vx. (1991): *A galegidade no mundo*. Asociación Cultural da Vieira: Madrid, p. 27.

⁸ Será oportuno precisar aquí que durante moitos anos o exilio galego non contou con estudo ningún mentres que o exilio español incrementaba unha valiosa bibliografía. Agora, o caso galego conta coa plural e múltiple análise das *Actas do Congreso Internacional «O exilio galego»* (congreso celebrado en 2001, actas publicadas en 2006-2007) xunto co libro *O exilio*

país, que representou a chegada de continxentes que eran a elite de intelectuais e profesionais de España: médicos, xornalistas, avogados, artistas, profesores, escritores, investigadores ou editores. Os estudosos do tema estiman que dende 1939 ao remate da Guerra Civil española chegaron a México arredor de 20.000 españois. Deles, máis do 22% eran cataláns, mentres que os galegos sumaban o 4'2%. Os primeiros milleiros chegaron a Veracruz a mediados de 1939, nos buques Ipanema, Mexique e Sinaia. Politicamente, o 13% eran republicanos, o 20% socialistas e o 7% nacionalistas. Procedían dos campos de refuxiados de Francia, onde sobreviviran en terribles condicións. Da instalación en México ocupábanse as organizacións SERE (Servicio de Evacuación de Republicanos Españoles) e JARE (Junta de Auxilio a Refugiados Españoles). Juan Negrín e Indalecio Prieto dirixían estas organizacións⁹.

O exilio galego representa unha nova dimensión da Galicia peregrina, que agora deixa a terra por razóns políticas e despois da desfeita da Guerra Civil española (1936-39). Son, efectivamente, refuxiados políticos galegos os que entre 1939 e 1945 chegan a México. Ben cedo a convivencia anímase nos inevitables faladoiros de café dos que fai memoria Ramón Esturao Calvo: «Enseguida se formaron peñas en los cafés, había en el Café París, en el Venecia costaba veinte centavos el café, el Betis, el Tupinamba, el Papagayo, en fin, había varios, esto lo instauramos los españoles porque los mexicanos estaban acostumbrados a reunirse en las cantinas. Y allí, en los cafés, nos pasábamos las horas gobernando España a control remoto»¹⁰. Un ambiente de elevada fervenza política caracterizou a estadía dos exiliados nos primeiros anos, de acordo co novo testemuño do comandante Esturao¹¹: «En cuanto a

galego de 1936. Política, sociedade, itinerarios (2006-2007). De notable interese é tamén a xa citada monografía de M^a Xosé Galdo (na que colabora tamén M^a Antonia Pérez Rodríguez), *Galegos en México. Pasado e presente* (2004).

⁹ A afirmación da excelente acollida dos exiliados españois en México na etapa do presidente Lázaro Cárdenas debe e pode ser matizada como acontece no testemuño dun daqueles exiliados, Delgado Gurriarán, que co paso do tempo lembrará que na prensa mexicana «se publicaban muchos artículos en contra de los exiliados políticos españoles diciendo que veníamos a sacarle el pan a los trabajadores mexicanos, todo lo malo que ocurría nos lo achacaban a nosotros» (citado en Enriqueta Tuñón Pablos, *op. cit.*, p. 507).

¹⁰ Vx. Enriqueta Tuñón Pablos, *op. cit.*, p. 506 [Tuñón Pablos, Enriqueta (2006-2007): «El exilio gallego de 1939 en México» en Xosé M. Núñez Seixas e Pilar Cagiao Vila (eds.) *Actas do Congreso Internacional O exilio galego*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega/ Sada: Ed. do Castro].

¹¹ Ramón Esturao Calvo, natural de Bastavales, estudou Dereito na Universidade de Santiago e no ano 1936 viaxou a Cuba. Participou na Guerra Civil española ás ordes do xeneral Enri-

la vida política, yo iba a todas las conferencias que daban los catedráticos, estábamos muy pendientes de cuando hablaba Prieto o don Diego Martínez Barrio, de cuando hablaba Ruiz Funes de Derecho Penal, o llegaba de Estados Unidos don Fernando de los Ríos y pronunciaba una conferencia. También asistía a los mítines que se daban del Partido Comunista, pero allí se acabó. Por otro lado, también concurríamos a los centros españoles, sobre todo al Fogar Galego, también Ateneo»¹².

A partir de 1946 a emigración adquire de novo o seu clásico papel. Inmigrantes e refuxiados políticos relaciónanse¹³ e configuran grupos onde as motivacións da relación dos integrantes é diferente. Co paso do tempo non faltarán discusións e enfrontamentos debidos ás diferenzas políticas. En todo caso, o grupo de galeguistas era pequeno, reducido. Nucleouse arredor de organizacións unitarias de inspiración comunista como Alianza Nazional Galega (1942), na que confluían socialistas, comunistas, cenetistas e republicanos de diversa filiación ideolóxica ou partidista. A alianza creou o Fogar Galego e o Ateneo de Galicia (este, presidido por Amancio Bolaño Isla). Os nacionalistas galegos desenvolveron actividades culturais, docentes e de lecer a través do Padroado da Cultura Galega, que —como xa anotamos— impulsou varias publicacións periódicas voceiras do seu ideario. Patrocinou tamén o Padroado programas de radio como «Hora da Cultura Galega», ao que xa fixemos referencia, organizado por Elixio Rodríguez e Roxelio Rodríguez de Bretaña. Houbo tamén unha delegación de Galeuzca en México da que F. Delgado Gurriarán foi un dos seus representantes.

Lectura de interese para entender o contexto cultural de *Saudade* é o capítulo sete do libro de M^a Xosé Rodríguez Galdo —*Galegos en México. Pasado e presente* (2004)— onde percorre a presenza en terras mexicanas, case sempre en calidade de exiliados, de figuras como os escritores Valle-Inclán, R.

que Lister e foi un dos galegos que chegou a México no Ipanema. Afincado en Guadalajara, na antiga Nova Galicia, traballou na contribución dos mexicanos á Guerra Civil española. Falece en México en 2002. Temos noticias da súa biografía no traballo de Villaverde, Elixio (2006-2007): «De Francia a México: a incerta travesía existencial dos refuxiados republicanos galegos» en *Actas do Congreso Internacional «O exilio galego»*, op. cit., pp. 1974-2011.

¹² Op. cit., p. 508.

¹³ Recoñece Ramón Esturao, a respecto da convivencia entre emigrantes e exiliados que «El encuentro con los de la colonia antigua, era de discusión porque ellos eran muy franquistas y nosotros antifranquistas, pero fuimos caminando, fuimos conociéndonos y entonces vino la amistad que rezó por encima de lo político y así, muchos de ellos empezaron a emplearnos... » (En Enriqueta Tuñón Pablos: op. cit., p. 507).

Dieste ou Lourenzo Varela; pintores como Arturo Souto e Francisco Miguel; investigadores e profesores universitarios como Alejandro Otero Fernández, Ramón Iglesia Parga ou Bibiano Fernández-Osorio Tafall; músicos como Xesús Bal y Gay ou Xesús Dopico Barreiro; xentes do mundo cinematográfico como Carlos Velo¹⁴ ou Juan Orol; fotógrafos como os irmáns Mayo (Julio e Cándido Souza e Faustino e Pablo del Castillo) etc. Varios dos citados colaboran nas páxinas de *Saudade*.

PRENSA GALEGA

Contrariamente ao que adoita acontecer en países como Cuba ou Uruguai, onde a prensa galega é creación de emigrantes galegos e, case sempre, voceira das súas institucións societarias (centros, casas, lares, irmandades etc.), en México esa prensa nace no seo dos exiliados, posúe un marcado acento político e está protagonizada por republicanos, nacionalistas, socialistas e comunistas aos que a Guerra Civil española (1936-39) levou ao país presidido por Lázaro Cárdenas na etapa que vai de 1934 a 1940. Precisamente é a década 1940-1950 a que ve o agromar destas publicacións, que chegan a un total de once cabeceiras.


O Partido Galeguista, a Comisión galega do Partido Comunista español, o Grupo Saudade-Irmandade Galeguista, o Padroado da Cultura Galega, a Alianza Nazonal-Galega ou o Centro Gallego de México son organismos —políticos, societarios— emisores de cabeceiras que evidencian a súa orixe galega: *Anduriña* (1948), *Compostela* (1967), *Galicia* (1943), *Nova Galicia* (1968), *Saudade* (1942) ou *Vieiros*¹⁵ (1959). De todas elas é *Vieiros* a máis e mellor coñecida. Difundida nunha edición facsimilar¹⁶, *Vieiros* impresiona no artístico polas ilustracións (Castelao, L. Seoane, J. Díaz Pardo, A. Souto, Carlos Maside ou Xaime Quesada están entre os seus ilustradores), ás que temos que sumar un envexable conxunto de colaboracións escritas que desenvolven un amplo abano de temas e formas (dende o lirismo do verso ata o pensamento político,

¹⁴ Redactou integramente as páxinas do nº 1 da revista *Terra e tempo*, impresa en México e distribuída clandestinamente en Galicia. Esta publicación era voceira da UPG, da que Velo foi un dos fundadores, ao mesmo tempo que axudaba á recuperación de Galeuzca no exilio mexicano.

¹⁵ De acordo coa información aparecida en *Vieiros* (nº 2, 1962), houbo tamén un *Vieiros* galego na Arxentina que apareceu, con textos en galego e portugués, no ano 1962. Arturo Souto ilustraba a cuberta do seu número 1, de cuxa saída deu conta o seu homónimo de México.

¹⁶ *Vieiros*, edición facsimilar, Vigo: A Nosa Terra, 1989. Nota prologal de Margarita Ledo Andión.

social e cultural, todo centrado en Galicia) nas sinaturas de Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro, X.L. Méndez Ferrín, Cabanillas, V. Paz Andrade, Núñez Búa, López Cuevillas, F. Delgado Gurriarán, Elixio Rodríguez, Carlos Casares, L. Carré Alvarellos e moitos outros. O Padroado da Cultura Galega, responsable desta publicación, tivo outras voceiras como o *Boletín Informativo* (1966) ou a xa citada *Nova Galicia*, que só tirou cinco números, todos eles en 1968.



Os comunistas galeguistas lanzaron en 1943 o mensuario *Loita*, en galego, dirixido por Luís Soto, radicalmente antifranquista e partidario da unión das forzas antifranquistas vehiculada pola Alianza Nazional Galega¹⁷, que tivo en *Galicia* (1943), dirixida por J. García Gómez, o seu órgano de difusión, unitarista e antifranquista igualmente. No mesmo 1943 os comunistas publicaron *Loita*, como xa dixemos, e conxuntamente tiveron un efémero *Boletín Gallego de Información* para espallar a política do P.C. galego en México. Páxinas societarias foron unicamente as de *Anduriña* (1948; segunda época, 1990), voceira do Centro Gallego de México D.F. e dirixida inicialmente por José Luis Sánchez. O labor, as actividades da entidade son aquí prioritarias sen esquecer temas e asuntos galegos. Por fin, neste mesmo terreo, rexistramos iniciativas individuais levadas por Alejandro Finisterre. Referímonos a *Compostela* (1967), «Revista de Galicia», bilingüe e de número único con máis de 900 páxinas. As páxinas de creación literaria e de lingua complétanse coas dedicadas a lares e centros galegos de México ou coas que se ocupan do III Congreso da Emigración Galega que tivo lugar en Santiago. Textos da autoría de Florencio Delgado Gurriarán, Xesús Bal y Gay, Arturo Souto, Ramón Villar Ponte, Jesús Dopico, Amancio Bolaño ou Uxío Souto figuran como colaboracións neste volume.

Cómpre facer mención aquí da «Revista de poesía universal» *Ecuador 0º, 0', 0''*, publicación creada por Alejandro Finisterre, que dedicou un número especial (1965) á poesía galega. Trátase dunha escolma de poetas galegos contemporáneos onde están representados —en galego ou castelán— case un cento de sinaturas (Cunqueiro, Risco, Otero Pedrayo, Díaz Jácome, Díaz Castro, V. Paz Andrade etc.). Amplo espazo ocupan as ilustracións (fotografías, debuxos, gravados etc.), que son obra de Colmeiro, Castelao, Díaz Pardo, L. Seoane, A. Faílde e de fotógrafos como A. Fisterre ou Ksado.


A consideración de conxunto deste material hemerográfico non fai senón salientar a presenza de colaboradores literarios que frecuentaron as páxinas da nosa prensa emigrante no alén mar: Otero Pedrayo, Manuel María, R. Rey Baltar, Valentín Paz Andrade, Cunqueiro, Cabanillas, X. Álvarez Gallego, E. Blanco Amor, R. Villar Ponte, Pura Vázquez, Suárez Picallo, L. Cuevillas, Ramón Piñeiro, xunto con artistas plásticos como Castelao, Seoane, Díaz

¹⁷ Creada en setembro de 1942, proclamouse representación auténtica da Galicia no exilio. Enfrontada ao fascismo, publicou un documento de Bases políticas onde se restauraba a legalidade republicana, a Constitución de 1931 e o Estatuto da Nazionalidade Galega. Os integrantes da alianza pertencían a múltiples grupos de esquerdas.

Pardo, A. Souto, A. Faílde, Maside e outros. A estes nomes que vemos en *Vieiros*, *Saudade*, *Compostela* ou *Ecuador 0º, 0', 0''* hai que engadir, como galegos —intelectuais, artistas— exiliados en México e colaboradores na prensa político-cultural galega editada naquel país, os nomes de Florencio Delgado Gurriarán, Xesús Bal y Gay, José Caridad Mateo¹⁸, Alejandro Campos Ramírez (Alejandro Fisterre), Juan López Durá, Luís Soto Fernández, Santiago Álvarez, Francisco Comesaña, Carlos Velo, Lois Tobío Fernández, Elixio Rodríguez, Roxelio Rodríguez de Breaña, ademais dos escultores Arturo Souto Feijoo (tamén pintor) e Uxío Souto. Outros galegos significativos viviron exiliados en México: o poeta Ángel Lázaro, o editor José M^a González Porto, o catedrático Bibiano Fernández Osorio Tafall, o historiador Ramón Iglesias Parga, o fotógrafo Francisco Souza, o médico Alejandro Otero Fernández, os xornalistas e escritores ferroláns Fernando e Víctor Rico Galán e Víctor Rico González así como Julio Sesto, escritor, Ramón Cabanillas Álvarez, xornalista e Julio Sanz Sáinz, editor e xornalista.

PRENSA MEXICANA

Unha referencia sequera breve á prensa mexicana nas décadas en que apareceu *Saudade* (1942-1953), referencia que debe encabezar *Excelsior* (1917), fundado por Rafael Alducín, que dende 1932 funciona en réxime de cooperativa. Nos anos cincuenta dirixiuno Rodrigo de Llano. Nos anos setenta tiraba 146.000 exemplares. É un xornal conservador, independente e crítico. Longa xeira tivo tamén *El Universal* (1916), pertencente á familia Lanz Duret ata 1976. Apoiou o proceso revolucionario do país e foi pioneiro da prensa industrial. De orientación liberal-conservadora, foi un dos dez máis



¹⁸ José Caridad Mateo: foi un dos fundadores, xunto a Manuel Porteiro Viñas, Arturo Souto Alabarce e Carlos Velo, en 1949, do Ateneo Español de México, que promovía actividades culturais e daba acubillo aos exiliados.

vendidos de México, tirando 90.000 exemplares nos anos noventa do pasado século. Compañeiro deles é *La Prensa* (1928), o xornal máis vendido, que tiraba 300.000 exemplares a finais dos noventa. Trátase dun xornal populista que perdura baixo a fórmula cooperativa. En fin, o cuarto gran diario é *El Nacional Revolucionario*, que chegou aos 120.000 exemplares. Foi sempre defensor do PRI e da propiedade estatal.

En 1936 Ignacio F. Herrerías funda *Novedades*, matutino moi lido (chegou aos 210.000 exemplares diarios) e pouco despois (1938) aparece o progresista *El Popular*, directamente relacionado co mundo obreiro e desaparecido en 1961. Tamén en 1938 xorde *La Voz de México*, o máis importante voceiro do Partido Comunista mexicano, desaparecido en 1969. Xa en 1941 nace *Esto*, que é o gran xornal deportivo do país nos anos setenta, con 200.000 exemplares de tiraxe. Ao seu carón, *Ovaciones* (1947), que chegou á súa mesma tiraxe. En 1953 *Cine Mundial* informaba dos espectáculos para ofrecer despois información xeral. México D.F. era unha capital con moita prensa, caso tamén de Bos Aires. Nas décadas 1940-50 esa prensa era de signo oficialista e estaba controlada polo goberno, que na etapa presidencial de Lázaro Cárdenas fíxose co monopolio do papel (tiña o 60% das accións da Empresa Nacional papeleira). Estaba, ademais, a cuestión da propaganda institucional e das grandes empresas relacionadas cos gobernos do PRI. Nos anos setenta comeza un proceso de apertura.

Nos diferentes estados e cidades houbo importantes xornais. Así, en Guadalajara aparecía en 1942 *El Occidental*, e nos anos cincuenta *El Sol de Guadalajara*. En Monterrey circulaba dende 1919 *El Porvenir* e en 1938 nacía *El Norte*, que chegaba aos 125.000 exemplares. En Puebla tiñan dende 1935 o *Diario de Puebla*, o máis lido de todos, e nos anos cincuenta circulaban *La Voz de Puebla*, *El Sol de Puebla*, *Aristos* ou *La Opinión*. A lectura da prensa era un feito relevante aínda nos pobos pequenos, que tiñan ata dous ou tres xornais. Así en Cananea (Sonora), nos anos cincuenta, mantíñanse *La Palabra*, *El Intruso* e *El Sol del Bajío*; en Ciudad Obregón (Sonora) líanse *Heraldo del Yaqui* e *Diario del Yaqui*; en Hermosillo (Sonora), *El Imperial*, *El Pueblo*, *El Regional* e *La Opinión*. En Villahermoso (Tabasco) editábase *La Tarde* e na mesma década dos corenta (fundado en 1943) *Rumbo Nuevo*. En 1954, de acordo coa estatística da UNESCO manexada por Checa Godoy¹⁹, había en México 162 xornais activos, que en 1965 sumaban xa 220.

¹⁹ Antonio Checa Godoy (1993): *Historia de la prensa en Iberoamérica*, Sevilla: Alfar, pp. 427-441.

B. Na prensa

B.1. Olladas ao meu Ferrol

É que eu non podo esquecer Ferrol. Podo non vivir nel e criticar a cidade, pero eu son de aquí e trato de facer por ela o que modestamente estea nas miñas mans

Ao amor da radio

Un servidor pasou, de pequeno e ata de maior, moitas horas entretido, xa que non feliz, aínda que tamén, e perdoen o enredo expresivo. Na miña memoria auditiva aínda soan os compases de lenta cadencia daquel fox do mestre Glenn Miller e a súa orquestra, titulado «Collar de perlas», que lle servía de sintonía ao programa Ferrol de Noche de Radio Ferrol, emisora do Movemento, que remedio. Escoitándoa unha noite quedei sumido na perplexidade, cando nunha crónica diaria se anunciaba que aparecera «un cadáver morto na baía». Tal cal llelo digo. O noticiable sería que o cadáver estivese vivo, pero non era o caso, o que constitúe unha torpe redundancia ou un inútil pleonismo.

En materia de radio, o máis serio era o cotián *Diario hablado* de Radio Nacional de España; popularmente «o Parte», que con puntualidade británica se emitía ás dúas e media da tarde e ás dez da noite. Boas e ben timbradas voces para tanta noticia que demostraba, nunha orxía de aperturas e inauguracións (desde o clásico pantano ata a barriada de vivendas populares), que España ía ben, firme, alegre e confiada, mentres outros países o pasaban mal, sobre todo, claro, os do pano de aceiro, con Rusia á cabeza. Que se ía esperar daqueles comunistas! Como non era eu un localista radical, buscaba no dial a emisora da Coruña. Alí gozaba coa serie de vaqueiros *Dos hombres buenos* e coas delicias imaxinativas de *Hoy en Galicia*, de Álvaro Cunqueiro, que chegaban na aveludada voz dunha locutora da que esquecín o nome. Afeccionado ao fútbol como era, entretíñame coa transmisión de partidos por Enrique Mariñas, que se completaba coa crónica de viaxes *Europa adelante*, do inesquecible Real Madrid de Gento, Puskas, Kopa e Di Stefano, a «seta rubia», ao que certo día sorprendín nun cartel publicitario coa cabeza entre dúas pernas esculturais, asegurando que «si yo fuera mi mujer, medias Berkshire usaría». De momento, aquel par de extremidades inverosímiles non eran da súa muller. Enrique Mariñas e Matías Prats eran o dúo de ouro do fútbol radiado os domingos exclusivamente, e aliviaron o tedio das tardes caseiras de moitísimos españois.

Volvendo a Ferrol, gustábame aquel programa de discos dedicados. Eran as cancións de Juanito Valderrama, Marifé de Triana, dona Concha Piquer, Antonio Molina e logo Manolo Escobar e o incombustible Raphael as máis solicitadas. No noso medio rural, a copla andaluza facía furor. Nalgunhas dedicatorias dicíase: «De fulanito a menganita, con todo cariño... por lo que ella sabe». Eu pensaba que sería o que eles sabían pero non dicían. As miñas sospeitas de que non todo era trigo limpo naquelas dedicatorias confirmoumas hai uns días don Benito Vázquez, factótum que foi da radio local, recordándome que algunha como «a mi marido, que está hoy de guardia» alertaba un terceiro en discordia... que tiña campo libre para o que vostedes e mais eu sabemos.

Por aqueles anos, as radios máis solicitadas eran Marconi e Telefunken. Eu entretíñame viaxando no dial polas grandes cidades que tiñan gravado o seu nome no cristal da pantalla, iluminada por unha pequena luz interior. Pero tamén o facía cos chistes de Gila, as cancións de Emilio «el Moro», a arte de asubiar de Pepe Iglesias «el Zorro» e ata algúns anuncios publicitarios coma o do doméstico Cola-Cao («Yo soy aquel negrito del África tropical») que se cantaba, mentres que outros eran máis telegráficos e reiterativos («trincheras Ford, gabardinas Ford, impermeables Ford. Ford, lo mejor que se fabrica»). Non obstante, eran as series que recreaban célebres contos as que escoitaba con máis fruición e agora mesmo, dunha como a de Peter Pan, recordo pasaxes enteiras: «Prepárate a morir, Garfio... morirás tú, rapaz insolente, te cortaré el gañote... como buenos cobardes, los piratas desertaron...» etc. Anos despois fun seguidor das corrosivas críticas futbolísticas do pequeno grande home José María García, alias «Butanito». García, ao parecer, saíu coma un foguete, nun coche sen capota, Gran Vía abaixo, para contar polo miúdo os acontecementos do 23 de febreiro, o «tejerazo». Algún paseante que o viu berroulle: «A dónde vas, García, que Porta no está en el Congreso». Con Porta, presidente da Federación Española de Fútbol, era García un home sen piedade e, día si e día tamén, fulminábao con arrebatados cualificativos coma «chupóptero» ou «abrazafarolas», entre outros que fixeron época.

Pero deixen que me poña sentimental e que recorde as melodías do ferrolán trío Los Zafiros, harmónico e ben conxuntado, que escoitaba en Radio Ferrol, en inesquecibles tonadas líricas coma «Flor de azalea» ou «Flor silvestre campesina...», de raíz mexicana. Anos despois, encantoume o grupo Los cinco platinos, que alcanzaron merecida popularidade nunha liña que

seguía a dos extraordinarios Los cinco latinos. Fin desta emisión e coa música a outra parte.

[*Diario de Ferrol*. Ferrol a orillas del tiempo. 15 de marzo de 2014]

Entre recados e recordos

Nos meus anos de adolescencia, eu era o mozo dos recados. Gustábame (ben mandado que era) saír a aquelas pouco novelescas «expedicións». Unha delas era levar os partes de viaxeiros á comisaría de policía, que estaba case ao fondo da rúa de Lugo e que, teño que recoñecer, me daba medo nada máis entrar. Certa vez, curioso como era, asomeime a unha porta e vin a malleira que dous pequenos policías lles daban a dous delincuentes altos coma torres. Sen inmutarse nin os uns nin os outros, non se vaía pensar. Había respecto profesional, diso non hai a menor dúbida.

Outro dos meus destinos era a veciña papelería de Luma, cuxo propietario era proxenitor de familia numerosa con tres fillas, louras as tres, que non pasaban desapercibidas aos meus poucos anos daquel entón. No soto daquel comercio refuxiárase a miña familia, fuxindo de disparos descontrolados, nos primeiros días da nosa Guerra Civil —xa saben, a do 36—, á que o meu mestre don José Leira se refería con sorna como «glorioso meneo». O feito é que certo sábado, ao mediodía, houbo un rebumbio fronte ao comercio; saían, con albos traxes de noiva e os seus veos de tule ilusión, aquelas tres deidades, aquelas louras nórdicas, de camiño ao altar. Algo desacougado, metínme entre o xentío, que abundaba en comentarios, e puíden escoitar un, masculino, que dicía: «¡Coño, qué tío ese, casa a tres y de tacada, pero a esas también las casaba yo, que mujeres de esas ya no se ven». E tiña razón.

Pero para min, por aquel entón, o canon de beleza representábao, sen posible comparación, Paquita. Era Paquita unha morena e esvelta rapaza duns vinte anos, atenta e agarimosa comigo, que me permitía coller os pequenos pauciños que viñan nos zapatos, entre o talón e a punteira. Con aquel material, meu tío Juan, un home verdadeiramente hábil cos traballos manuais, facíame un fortín no que os soldados ianquis soportaban o asedio dos apaches, dos comanches ou dos sioux, que de todo había entre indios. Paquita traballaba en Calzados Pereiro (xusto fronte ao noso hoteliño), que era un establecemento rexentado por dous irmáns, Paco e Susi Pereiro, amigos da miña madriña. A publicidade do comercio rezaba: «Se quere calzarse por pouco diñeiro, merque os zapatos en Calzados Pereiro». Máis claro, auga.

O inevitable, xa se sabe, é inevitable. Un aciago día que maldixen, Paquita, en idade de mocear, moceou; e casou, e alá que se me foi. Parafraseando un tango dos de Gardel, eu podería dicir: «Mi Paquita se casó, mi alegría se fue». E tanto que se foi, aínda que a gardo, nostálxico, na miña tenra memoria sentimental de rapaciño.

O tango, nos anos corenta e cincuenta, estaba moi de moda; tamén en Ferrol. Gardel, o mito, era afeccionado a apostar nas carreiras de cabalos, onde tivo que perder moitos dos seus bens, algúns «por una cabeza», o título dun dos tangos máis coñecidos. En España triunfaba outro Carlos, o bonaerense Carlos Acuña, que non o facía nada mal. En conversas familiares, na miña casa, dicíase que en certo salón de baile da cidade máis dunha parella conseguía bailar un tango na mínima superficie dun pano. Eu, que vin bailar tango en locais de estrita tradición, en Bos Aires, non sei se crer na fazaña do pano. Pero, vindo de Ferrol, non me estrañaría. Cousas daquel Ferrol.

Tamén acudía eu, máis dunha vez ao día, á ben abastecida tenda de ultramarinos de Sardiña, onde se despachaba todo tipo de comestibles e ata de «bebestibles». A comezos de mes, don Paco, o tendeiro, regalábame un paquete de caramelos, que eu non compartía con ninguén. Na parte de atrás, entre bocois de viño, consumíanse as típicas cuncas do noso tradicional ribeiro, que tantos estómagos e fígados devastou ao longo dos anos. Os paisanos distribuíanse en pequenos faladoiros, mentres outros, senlleiros, afogaban as súas penas naquel viño de sospeitosa e incerta cor. E penas, dende logo, non faltaban, dígase o que se diga.

[*Diario de Ferrol*. Ferrol a orillas del tiempo. 22 de marzo de 2014]

Galiano, 24. Intramuros

Os hóspedes son a razón de ser de calquera hotel, hostel, hospedaxe ou pensión. Así pois, como é comprensible, eu fun coñecendo toda unha colección de personaxes de moi diverso pelame e condición que lle daban vida e cor ao modesto hotel onde me criei. O edificio era propiedade de Cándido Rico, do comercio local, persoa de amable e considerado trato. Nos anos setenta, as esixencias do Ministerio de Turismo obrigaron a botar o peche. Negocio escravo onde os haxa, o da hostalería.

Pero repasemos aquela galería de espécimes. Os primeiros, un matrimonio de lagarteranos que chamaban a atención na cidade vestidos cos seus exóticos

traxes da comarca toledana de Lagartera. Vendíanlle encaixes e puntillas e roupas de cama e de vestir a unha nutrida clientela á que avisaban por teléfono, o noso teléfono, o 2124, que botaba fume con tanta chamada. Viñan, puntualmente, unha vez ao ano. Non lles ía mal, non.

O persoal máis abundante era o dos viaxantes, gremio sufrido, certamente, cos seus mostrarios ás costas, a súa verba para seducir o comerciante do momento e a súa vida errante, improvisada. Lembro un moi simpático, apelidado Flores e moi dado á arte do piropo: «Pisa morena, pisa, que onde pisas ti nacen mancheas de caraveis» era o seu preferido. Algo floreado en exceso, creo eu. De menor presenza era o grupo de xogadores do Racing e doutros equipos. O porteiro do Sevilla, por exemplo, quixo «golear» certa noite unha guapa telefonista de León, de nome Raquel, que puxo o gardameta no seu sitio. Falloulle o tiro ao porteiro.

Algunhas figuras individuais. Así, don Cipriano Dobarro, sacerdote na concatedral de San Xulián, que tiña ao parecer o récord da misa máis rápida, entre quince e vinte minutos. Misa en latín, por suposto. Así tamén Rafael Taibo, de voz espléndida, que fixo brillante carreira en Madrid, en Radio Nacional de España e noutras emisoras. Ou Rodrigo Pena, que foi, se a memoria non me traíza, o último dos hóspedes do hotel. O seu irmán, Eugenio Pena, realizou un meritorio traballo na Televisión de Galicia.

A precariedade económica era norma daquela xente de hixiene escasa e vestir menos que apañado. Era frecuente usar mantas ou toallas para limpar os zapatos, e incluso vixiar, poñendo un sinal na botella, o nivel do viño, que era realmente un extra, un luxo.

A fame deixaba limpos fontes e pratos, mentres se reclamaba máis abundancia no pan e nas patacas fritidas. Isto lembrábame o malpocado Carpanta dos cómics, de profesión a súa fame insaciable, que tiña pesadelos nocturnos cun polo ben adobado que se lle esvaecía un día tras outro no seu triste despertar. No comedor facíanse e desfacíanse amizades, pero o persoal ía ao seu: comer. Á hora de pagar non faltaban problemas, que se arranxaban... ou non. A gargalladas, meu irmán e eu mesmo gritabamos: «Hotel Sopapo. Cerren portas e ventás. Un que marcha sen pagar». O resabido do momento arriscábase, porque viña a policía e todo quedaba en orde. Faltaría máis.

Unha das escenas que máis me conmovían era ver as mulleres axeonlladas, fregando os chans, traballo degradante onde os haxa e, ademais, nada respec-

tado. A modesta fregona (invento español, por certo), que se faría esperar, liberou as mulleres daquela escravitude. E, neste sentido, a chegada das primeiras lavadoras foi un novo milagre. No hotel tivemos axiña unha, de tres pas e tres patas, de forma cilíndrica, que cun só puñado de xabón facía brancas marabillas. Que tempos! Aínda se resistían a deixarnos as brillantes pero noxentas cuspideiras, que non faltaban ás portas ou nos corredores de grandes edificios. Pero a hixiene impúxose, grazas a Deus, e desapareceron, non foi sen tempo.

Un «suceso» do que fun espectador vou contar. Remedios, a camareira, levaba a sopeira polas mesas do comedor para que os comensais foran servíndose. Cando estaba niso, don Eduardo, de idade provecta, lanzou un contundente esbirro e co esbirro, á velocidade da luz, saíu disparada a súa dentadura postiza, que acabou aterrando na sopeira. Remedios, expoñente da sufrida Galicia profunda, non podía concibir que unha dentadura puidese saír do seu natural asento e, ao ver tan fantástico suceso, o seu espanto non tiña límites, pois saíu a fume de carozo do comedor bisbando algo así como: «isto é cousa do demo, isto non pode ser cousa de Deus».

Ao tempo, o sufrido don Eduardo buscaba afanosamente co cazolo aquilo que normalmente tiña na súa boca e que se lle ocultaba entre o espesor da sopa. Os comensais, abraiados, non saían do seu asombro, e este voso servidor tivo que suplir a Remedios, que non se repoñía do susto. Dos meus tempos de camareiro afeccionado (o meu irmán nunca estaba para eses mesteres) gardo aínda certa habilidade no manexo de bandexas e doutros elementos do enxoval gastronómico. Deus ma conserve, que todo se vai perdendo e os tempos son de conservar o pouco bo que aínda nos queda. Que así sexa.

[*Diario de Ferrol*. Ferrol a orillas del tiempo. 24 de maio de 2014]

Tempos de cine

Arredor dos anos sesenta, Ferrol presumía dun envexable número de salas de cine, e o cine e o fútbol (o Rácing e o Arsenal) eran os dous espectáculos que convocaban máis público. En Ferrol, pois, tiven a sorte de facerme cinéfilo, de contemplar centos e centos de filmes que pasaban previamente, todos e cada un deles, polo pudoroso filtro da censura eclesiástica. No Carme, á entrada da igrexa, exhibíanse nunha vitrina as fichas onde se clasificaban as películas en carteleira do 1 ao 4; isto é, dende «todos os públicos» (nenos incluídos) ata «maiores con reparos» ou «gravemente perigosa». Isto último avivaba

o morbo dos que non chegabamos aos anhelados dezaioito anos da maioría de idade e recorriamos a poñer pantalón longo para ver se picaba o porteiro da entrada que, experto naquelas lides, che pedía o carné e morría o conto.

O Capitol, o Avenida, e ás veces o Jofre, eran os locais de estrea. A mariñeiría xuntábase, os sábados e mais os domingos, na barafunda da xeral do Capitol para celebrar, polo menos, os xenerosos escotes de Sara Montiel en *El último cuplé*, e outras películas. A rapazada acudía en masa, ás tres da tarde, á función do Madrid-París, ao comezo da estrada de Castela. As de vaqueiros e as de guerra, ademais das de romanos en Semana Santa, eran as máis celebradas, por ofreceren aos nosos ollos aqueles eternos combates entre o ben e o mal, que tiñan, como non, un final feliz que recibiamos con aplausos. A de *Robin Hood* veríaa polo menos seis ou sete veces, e non foi a única.

O Callao, na praza do seu nome, era enorme e tiña bancada para cincocentos espectadores. No inverno ou no verán, eu era un fiel seguidor da «sesión continua: programa dobre», que me tiña abobado de catro a nove da tarde nas vacacións do verán. Atendía o decoro e a orde no escuro local un acomodador chamado Gorila pola súa contundente corpulencia. Gorila deulle certo día un memorable moquete a un rapaz que gritou o seu nome sen percibir que tiña o mangallón pegadiño a el. Aciaga sorte a súa.

O Cinema, entre María e Rubalcaba, era un lóbrego rectángulo que pintaban e repintaban a cada pouco. Daban malas películas, case todas nun tétrico branco e negro, e lembro con horror dúas nas que chorei os sete chorares: *Molokai* era unha delas e a outra trataba sobre a peste bubónica. Sen comentarios.

O cine era daquela un refuxio, unha evasión fronte a unha dura e gris realidade. Era un lugar para os sonhos e un instrumento para exercitar a imaxinación. Debo lembrar, en xustiza, os pintores das carteleiras que cada local exhibía na súa fachada e, como non, aqueles programas de man, tan coloridos, que atraían incluso a algúns coleccionistas.

O Renacemento (o popular Rena), na rúa do Sol, próximo a Amboage, alternaba os filmes con outras actividades. Unha delas era os concursos de cantantes noveis; como «Camino de la fama», ou algo semellante. Aos aspirantes acompañábaos o mestre Malde, a quen eu felicitaba por teléfono a instancias da miña madriña.

Naqueles concursos oín por primeira vez cantar en inglés. Dicían que era inglés, vaia, pero ata o presentador poñía unha cara moi rara ante aqueles

xemidos de pronuncia máis que sospeitosa. Nada que ver coa refinada elegancia do francés, do que o célebre Chalín, xornalista de sociedade (casorios, viaxes, éxitos de cidadáns distinguidos e outras minucias locais), foi profesor, aínda que nunca souben nin como nin por que. Do Rena só queda un patético frontispicio que acredita o tempo que viviu.

O Atenas chegou tarde e durou pouco, estaba fronte ao Inferniño. Ao Avenida apenas ía, daba boas películas e aínda hoxe se conserva pechado, leva así décadas. Para rematar, no cuartel de Infantería de Mérida poñían, os domingos ás sete, unha película polo módico prezo dunha peseta. Aínda me vexo de camiño, acompañando a miña nai, por aquel paseo de robustas e poderosas árbores, ata chegarmos ao cuartel.

A tele, o vídeo, o DVD e outras novidades, xunto cun evidente retraemento da xente á cómoda privacidade das súas casas, provocaron a caída súbita e total de todos os cines.

Aqueles cines de Ferrol! Eu precisaba algúns minutos para volver, despois de vivir ensimesmado polas imaxes, á vil realidade, á miña pequenez cotiá. Débolle ao cine, coma a xente da miña xeración, parte do mellor dos meus anos de formación, de aprendizaxe; anos de infancia e adolescencia que son, ao cabo, o noso máis querido e pechado paraíso. Con razón, algúns cines levan ese nome, coma Cine Paraíso; isto é, o alto ceo, as máis altas bancadas dos cines e dos teatros.

[*Diario de Ferrol*. Ferrol a orillas del tiempo. 29 de marzo de 2014]

Entre comercios

Nos anos sesenta, era Ferrol unha cidade vital, en crecemento, afirmada na solidez de dous piares: Astano e Bazán. O «pito» de Bazán marcaba en certa medida o ritmo da vida urbana e o auxe da construción naval determinaba a intensa actividade de pequenas empresas auxiliares e o incremento da poboación a base de traballadores que proviñan de Galicia e mesmo de fóra.

Consecuentemente, bares e cafeterías, en horas de tarde e fins de semana, estaban «de bote en bote», como se dicía daquela. E ateigado aparecía tamén o estadio do Inferniño, os domingos ás 5, especialmente nos derbis ferroláns-coruñeses (Villa ladra contra Villa podre), nos que os verdes contaban coa contundencia defensiva dos irmáns Anca, coa filigrana no caneo de Suco (logo fichado polo Barcelona), cos malabarismos do negriño Franklin na

portería e, como non, co mozo Marcelino, que nos fixo felices co seu gol de cabeza, rasante, que a «araña negra» (Yashin) non puido parar e que nos fixo campións de Europa de seleccións por primeira vez. A eclosión do baloncesto foi posterior, e tivo en Anicet Lavodrama a súa figura máis estelar.

O pequeno comercio urbano coñeceu tempos de prosperidade e bonanza. Para vestirmos estaban Rafael e Vicente (Todo nuevo), Taca, Pedregal, Simeón, Olmedo ou a popular La Pilarica (A raíña do vestir); os mellores xeados, en La Ibense; para electrodomésticos, Couto; os sombreiros, en Monzón; a Librería Helios, un foro cultural; Gascón e outras pastelerías ocupábanse de adoarnos o padal; os ultramarinos selectos, na casa Amador; mercería de luxo, El Cisne; xoguetes, no concorrido e popular Tobaris; bolsos e complementos, en Barros; zapatos, en Pepe Rodríguez, Blanco, La Fábrica ou Pereiro; en fin, eran innumerables os bares, cafeterías e restaurantes; destes últimos, Pataquiña tiña merecida fama.

Á xente, en Ferrol, gustáballe estrear, e era Semana Santa, co seu esplendor (tantas veces pasado por auga), unha época ben propicia. A saia de tubo coñeceu un grande auxe, seguida anos despois da mini aperturista. Ás medias collíanselles os puntos cunhas sinxelas máquinas que unhas mozas traballadoras manexaban nalgúns portais tras dun pequeno mostrador. Outra novidade foi a chegada do tergal, que non engurraba. Darlles a volta aos colos e aos puños das camisas era un traballo diario de costura caseira. Empezaba a difundirse, para acelerar e facilitar o consumo, a compra a prazos, en accesibles cotas, para o desafogo das familias máis modestas. Os militares e os obreiros da construción naval beneficiábanse dos economatos, que lle facían competencia desleal ao pequeno comercio, abafado anos despois polos supermercados e as grandes superficies.

Ferrol nutríase, socioloxicamente, dunha masa obreira, doutra militar e, no medio, do pequeno comercio e dos servizos. A presenza de uniformes era ostensible, pero había graos e a Mariña levaba a palma.

Moitos dos seus xefes, tamén os do Exército de Terra, aproveitábanse para teren traballando na súa casa, como servizo gratuíto, os mozos que facían a mili, que tanto limpaban ventás como sacaban os fillos a xogar e a merendar aos parques e aos xardíns.

De aí pasouse a celebrar algunha festa privada no edificio da Capitanía. Todo gratis! Nun céntrico edificio, a Telefónica de «Las matildes», facía o seu agos-

to cos soldados e mariñeiros que chamaban ás súas casas en Andalucía ou Estremadura ou noutras rexións. O tempo dos móbiles quedaba aínda moi lonxe e as chamadas «de conferencia» sufrían demoras e fallos das liñas, ademais dalgunhas impertinencias das señoritas telefonistas que tocasen no momento. O gran Gila, a quen a Telefónica debeu nomear «telefonista honoris causa», fixo parodia de aspectos da vida nacional, e mesmo da Guerra Civil, naquelas memorables chamadas nas que escachabamos coa risa.

Este que lles escribe era un afeccionado á gasosa, xa fose «Los quince hermanos» ou «Lanzós». En materia de pans, Pan Piana era case obrigado. Os «picaderos» tiñan que ser do Sakuska. O pantalón longo, coas súas vantaxes de «maior», facíase de rogar e non chegaba ata os dezasete anos (mes arriba, ano abaixo). O primeiro refresco que chegou a Ferrol bebino no café Nueva York. Chamábase Nik, e era a novidade que abriría paso á febre «refresqueril» que culminou na Coca-Cola. E boa memoria gardo daqueles extraordinarios zapatos de goma marca Gorila. Unha marabilla! Á par que chegaban as bonitas Katiuskas, porque a chuvia era teimosa.

Eu adoitaba acompañar a miña nai nas súas saídas ás compras. Certo día, entramos en Rafael y Vicente, cuxos dependentes eran expertos en teas e tecidos, e ademais trataban a clientela cunha moi profesional dedicación. Ante o mostrador, ao noso lado, unha señora, acompañada da súa filla, dirixíase a un deles (acaso a Arsenio): «Pues verá, se me casa la niña (de nena tiña pouco, que eu lembre) y necesitamos cinco metros de tul ilusión». O dependente, algo abraiado, replicoulle: «Señora, tul ya no tenemos... ¡sólo nos queda la ilusión!». O que si tiña Rafael y Vicente era un contrato coa Mariña para confeccionar os uniformes; certo ano, creo, adiantóuselles El Corte Inglés e perdérono, o que precipitou o seu peche. De perder e de perdas ía saber moito o noso Ferrol, pero iso viría despois; iso si, arrasando con case todo. Nesas estamos, a ver se escampa.

[*Diario de Ferrol*. Ferrol a orillas del tiempo. 7 xuño de 2014]

B.2. Letras de Hispanoamérica

Denzil Romero: sete variacións sobre o erotismo

Denzil Romero (1938-1999) é un venezolano cuxa presenza entre nós se fixo notable cando, en 1991, a súa novela *La esposa del Dr. Thorne* obtiña o X Premio de Novela Erótica «La sonrisa vertical» da editorial Tusquets. Pero convén lembrar que precisamente Romero vira referendada a súa tarefa de novelista cando outra das súas obras, *La tragedia del generalísimo*, alcanzaba o prestixioso Premio Casa de las Américas de Cuba.

Agora, co longo título de *Tardía declaración de amor a Seraphine Louis* (Ed. Laia, 1988) asedia o escritor venezolano os ámbitos do relato e, ao tempo, reincide na temática do erotismo. O poderío verbal, feito de incontinencia e barroquismo, volve a advertirse nestas sete pezas breves nas que a prosa narrativa xira arredor de extensísimas enumeracións, engárzase en proseguidas metáforas e estoupa nunha exuberancia léxica na que conflúen, ás veces de maneira detonante, americanismos de raíz coloquial e localista con refinados cultismos.

Dous mundos de moi diferente natureza habitan estes sete relatos. Está, por unha banda, o aproveitamento e a recreación dunha ampla gama de referencias culturais (dende o pasado helénico a Balzac, dende os pintores franceses contemporáneos ao surrealismo) de procedencia europea e máis especificamente francesa. Pero fronte a esta veta culturalista co seu toque de misterio e fantasía, e aínda de horror (véxase, por exemplo, «Novia surrealista»), perdura o universo rural venezolano. E así, nesta peza maxistral que é «La pasión de Juan Conejo», ao noso entender a mellor das sete das que consta o libro, erotismo e loucura danse a man no delirante monólogo interior do protagonista. Esa lingua de raíz oral, recargada de expresións populares, reiterada en frases feitas e caudalosa ao enumerar, é aquí un logro expresivo de indiscutible mérito.

Ten Denzil Romero a paixón pola palabra e tal paixón ponse aquí ao servizo da potenciación do Eros. O torrencial verbalismo gaña en transmisión de intensidade e plasticidade do erótico e perde en refinamento e perfección. Agás no relato centrado na obsesión pecuniaria de Balzac e o seu infortunado final (relato onde non se pode falar propiamente de erotismo), no resto destas prosas a palabra de Denzil Romero, desbordante de transmutacións

metafóricas, recobre e constrúe os escuros territorios do corpo e dos seus praceres, do tacto e dos seus labirintos, do sexo e dos seus abismos.

[*El Correo Gallego*. 5 de setembro de 1989]

Carmen Boullosa: entre a amenidade e a maxia

Carmen Boullosa é unha das participantes no recente «desembarco» mexicano da editorial Alfaguara. Poeta, narradora e autora teatral, gañou o Premio Xavier Villaurrutia coa súa novela *Antes*. A visión do pasado histórico colonial centrada en terras aztecas é o dobre eixe —temporal e espacial— da súa máis recente entrega, *Duerme* (Ed. Alfaguara, 1994). Nun México envolto no mito e a maxia pero cercado polas intrigas, cobiza e demais males da España da época, Carmen Boullosa tece a sorprendente historia de Clara Flor, francesa de orixe, prostituta e pirata, afeccionada ao traxe masculino e vítima dun caso de suplantación nun axustizamento. Dende o seu súbito arranque, a historia non decae en tensión e amenidade, aderezada con toda sorte de lances e peripecias coma se dunha novela de acción e de aventuras se tratase, cousa que é en gran medida. Pero o que subxace non é senón o enfrontamento entre o universo español e o indíxena, entre conquistadores e conquistados, poderosos e débiles. A riqueza e a vontade de dominio sanguento caracteriza os primeiros; o afán de supervivencia e o mudo sometemento os segundos. A esta confrontación súmaselle a que ten lugar entre maxia e mito por un lado e racionalismo por outro.

A través dun personaxe como Pedro de Ocejo —que é ademais a segunda voz narrativa desta novela— a literatura convértese en ingrediente da historia. Esta cobra vida nunha prosa que conserva unha impregnación de autenticidade, de sabor de época, que a fai esteticamente valiosa e narrativamente atractiva.

Cómpre anotar tamén unha historicidade de fondo que non estorba e un áxil dinamismo no ritmo da narración. *Duerme* é unha pura novela e, complementariamente, un valioso documento da vida daquela época. Ademais, unha novela poética e unha narración de amor. Estamos, con Carmen Boullosa, ante unha escritora que, nunha liña de marcada sinxeleza, ofrece máis do que a simple vista semella. Cada entrega súa recíbese con interese polo seu singularísimo atractivo.

[*El Correo Gallego*. 1 de xaneiro de 1995]

Sergio Pitol: a amante infortunada

Moito menos coñecido que os seus paisanos Carlos Fuentes ou Octavio Paz, Sergio Pitol (México, 1933) é, non obstante, un escritor digno de consideración. Da súa xa extensa obra narrativa, *El vals de Mefisto* alcanzou o acreditado Premio Xavier Villarrutia ao mellor libro mexicano de relatos en 1982. *El desfile del amor* (1984) significoulle, aquí en España, o Premio Herralde de Novela. *La vida conyugal* (1991) é a súa novela máis recente e con ela pecha o tríptico «El carnaval».

Hai escritores, poetas sobre todo, que ao escribiren exorcizan os seus fantasmas interiores, expulsan os seus desacougos e angustias da súa intimidade. Outros, polo contrario, facendo omisión do seu eu profundo, diríxense máis ben ao retrato do espectáculo alleo e pouco ou nada parece que lles afecte. Cando tal espectáculo ten un alcance colectivo estamos ante un cronista social, ante un espectador dos traballos e dos días dos seus contemporáneos. Este papel, dende unha mirada distante e non pouco irónica, parece asumir Sergio Pitol en *La vida conyugal*.

Con amplas elipses temporais, esta é a historia dun matrimonio; dun expoñente familiar da burguesía media mexicana cos seus afáns de ascenso económico (tradicionalmente encarnados na figura do marido) e cunha ansia de superación e redención pola cultura (na frustrada, insatisfeita figura da esposa). Pero cando vemos como o narrador manexa os fíos da trama dende fóra dela, como a esposa se chama Jacqueline Cascorro (pronunciado por ela como «Cascorró», polo pedigree do francés) e, sobre todo, como rematan as súas tentativas liberadoras da opresión do embrutecido marido, sabemos ata que punto o novelista move os fíos duns monicreques que manexa como quere mentres destaca a figura da muller.

Pola boca morreu o mudo, reza o dito popular. Como á Carmen de *Cinco horas con Mario* de Delibes, a esta Jacqueline as súas desgrazas, o traxicómico das súas relacións extramatrimoniais e a frustración definitiva da súa existencia véñenlle da súa incontinencia verbal, da súa desapoucada leria. O seu retrato, o dunha histérica ridícula, complétase co prurito de clase, o afán do «chic» cultural e o devorador encontro de Eros e Tánatos nas esporádicas relacións co marido.

Non se lle esquece ao escritor o reflexo da corrupción da vida política e económica mexicana. Tampouco falta o adobo do erotismo nin a super-

ficialidade dos círculos culturais. Pero nada diso ocupa aquí un primeiro plano. Si o fai, en troques, ese retrato da muller insatisfeita e sempre á deriva no seu intento de dar sentido propio á súa existencia, de corrixir o rumbo dunha vida matrimonial sumida na rutina, na infidelidade, na loita polo diñeiro.

De como a vida, con todo o seu implacable peso, arrastra uns débiles seres e de que ridículas son algunhas tentativas de autorrealización trata esta novela. Novela narrada a un ritmo vivo, con ben engarzados episodios e, sobre todo, tinxida dun aire paródico, de farsa máis ou menos amable que só ensombrece un pouco na páxina final. Na súa radical crise, a muller non deixa de resultar, ao fin, patética. Máis simple na súa talla como personaxe, o marido non carece de certa tenra humanidade. A existencia mesma acaba por unilos a pesar dos proseguídos afáns de separación. E na mesma unión, nunca mellor dito, levan a súa penitencia.

Novela, en fin, de moi agradable e lixeira lectura, pola que pasamos non sen máis dun sorriso.

[*Diario de Córdoba*. Cuadernos del Sur. 21 de novembro de 1991]

A noite sen lúa de Reinaldo Arenas

«Yo pensaba morirme en el invierno de 1987. Desde hacía meses tenía unas fiebres terribles. Consulté a un médico y el diagnóstico fue SIDA. Como cada día me sentía peor, compré un pasaje para Miami y decidí morir cerca del mar». Con estas sinxelas palabras, dignas dun final ou dun epílogo, iniciaba o escritor cubano Reinaldo Arenas un dos seus últimos escritos, «El fin», que aparece agora como introdución a *Antes que anochezca* (Ed. Tusquets, 1992), conmovedora autobiografía escrita —como o resto da obra de Arenas— «contra casi todo el género humano»; obra, ademais, que significou un paralelismo literario-vital: ao seu remate, no seu exilio neoiorquino, Reinaldo Arenas puxo fin á súa vida, xa practicamente devorada por esa noite sen lúa que foi a sida.

Tardará moitos anos en escribirse a historia literaria cubana durante o castrismo. Precisarase tempo para alcanzar obxectividade, perspectiva, serenidade coa que dar conta de como os escritores foron encarando a revolución e como alteraron as súas posicións ante ela. O silencio e a marxinación dalgúns en plena Cuba, o exilio e o suicidio doutros, a morte

silandeira na miseria, os vergoñentos procesos de «arrepentimento», os encarceramentos, a vixilancia policial fronte aos disidentes, a saída clandestina de moitas obras de arte e a vergoñenta convivencia dalgúns co poder deixáronnos algúns recontos individuais, pero falta a crónica xeral. En tal crónica ha de figurar Reinaldo Arenas, ao menos nunha dobre condición: a dun grande escritor e a de vítima do castrismo. Tamén, sen dúbida, na de soñador da liberdade do seu país dende «los sufrimientos del exilio, las penas del destierro», segundo as impresionantes palabras da carta que pecha *Antes que anochezca* e que Arenas escribiu pouco antes da súa morte voluntaria.

Nacido en Holguín en 1943, Reinaldo Arenas comezou a escribir en plena adolescencia; escribía «enormes y horribles novelas» mentres traballaba nunha fábrica de doces de guaiaba. En España foi o bo olfacto de editor de Carlos Barral o que o deu a coñecer. *Celestino antes del alba* e *Otra vez el mar* son títulos do seu ciclo *Pentagonía*, rematado con urxencia en *El color del verano* e *El asalto*, novelas cuxos orixinais están na Universidade de Princeton. E iso sen esquecer o grande éxito que obtivo en Francia con *El portero*, ou a súa obra poética, na que a súa triloxía *Leprosorio* (Ed. Betania, 1990), é título fundamental.

Polas páxinas de *Antes que anochezca* fanse directos e explícitos unha serie de datos biográficos de Reinaldo Arenas que xorden enmascarados, disfrazados a través da súa obra narrativa. Con voz libre, sen actitudes desafiantes pero sen evitar axuizamentos, oscilando entre a mirada interior e a visión cara a fóra, Reinaldo Arenas condúcenos polos seus territorios familiares, os seus amigos, a súa vocación e tarefa de escritor, os avatares políticos do seu país e, moi en particular, pola situación acontecida coa revolución do 59. Escritores como Lezama Lima, Virgilio Piñera, Heriberto Padilla, Cintio Vitier, Nicolás Guillén e moitos outros (algúns deles con nome algo disfrazado) pasean —para ben ou para mal— por estas páxinas.

A estalinización do réxime, o seu fracaso na zafra, a súa celebración da invasión de Checoslovaquia, o seu enfrontamento cos intelectuais independentes e, en xeral, a oprobiosa atmosfera de persecución, sometemento e cerco á liberdade no medio dunha situación económica a cada paso máis asfixiante son datos e circunstancias que translocen moi vivamente. E iso sen esquecer os anos de cárcere sufridos polo escritor, a súa fuxida a Estados Unidos, as súas viaxes a Europa e a súa estancia en España, onde escribiu

unha divulgada carta a Fidel Castro —ao que fai responsable máximo da situación en Cuba— solicitando un plebiscito na illa.

A orfandade primeiro, logo a precariedade e as persecucións, finalmente o exilio e a enfermidade cruzaron a vida de Reinaldo Arenas, ao que a sorte librou de morrer en numerosas ocasións. Pero de toda esta súa confesión autobiográfica o elemento clave, o trágico motivo dominante foi a súa condición de homosexual, que acabaría levándoo a presidio.

Tal condición, declarada dende as páxinas de *Antes que anochezca*, é un elemento máis dun ambiente de erotismo, dunha estendida e dominante homosexualidade: unha realidade testemuñada en numerosos escritores cubanos, moi presente en Arenas a través dunha rica expresividade e, tamén, un mal que o castrismo intentou abortar con confinamentos e castigos. O sexo como gozo, como celebración e pracer, amósase aquí sen veos nin pudores de ningún tipo.

Non se len estas limpas, libres páxinas de *Antes que anochezca* sen un interno tremor; non se len sen esa conmoción que sempre produce a verdade espida, ás veces a paixón. No caso de Reinaldo Arenas, a paixón pola literatura, o sexo, a liberdade. E, sobre todo, paixón por Cuba. Un libro, en suma, emocionante e memorable.

[*Diario de Córdoba*. Cuadernos del Sur. 4 de xuño de 1992]

Guillermo Cabrera Infante: a castración de Cuba

Sabido é que don Ramón María del Valle-Inclán —xenio e figura— ironizaba sobre a ditadura de Primo de Rivera cualificándoa de «dictablanda». Non está, en troques, para bromas un ilustre escritor e exiliado cubano, Guillermo Cabrera Infante, no artigo sobre o réxime castrista do que me sirvo para titular este que agora escribo. Estou seguro que non enfadará esta pequena apropiación ao autor de *La Habana para un infante difunto*, aínda que só sexa polo feito de que o fago para dar conta do seu último libro, *Mea Cuba*, de título tan ambiguo como propicio ao fácil chiste lingüístico.

Mea Cuba aparece nun momento —un máis— no que Cuba volve estar no ollo do furacán: un grupo de norteamericanos intentan pasar a fronteira cun convoi de axuda humanitaria. Entre tanto, o presidente Clinton, acabado de chegar ao poder, anuncia que non vai ceder nin un ápice no cerco á illa. En España, o Cervantes volve a ser polémico porque recae nunha poetisa

nonaxenaria, Dulce María Loynaz (onde están os seus libros?), cubana de silencioso exilio interior apoiada na súa candidatura polo novelista Pablo Armando Fernández, un home de confianza do réxime.

Cabrera Infante marchou de Cuba en 1965 debido á «politización totalitaria de la vida en la isla». A súa marcha foi relativamente sinxela e a súa persoa non deu lugar a un «caso»: como aconteceu, en cambio, con Padilla ou Valladares. Polo demais, dende o seu desarraigo londiniense —tras un paso fugaz pola España de Franco— gardou un prudente silencio só roto de vez en cando por artigos en prensa nos que manifestou a súa disidencia. É Cabrera Infante un ilustre expoñente dese decanato do exilio que ostentan os cubanos; deles, millón e medio residen en Estados Unidos.

Pero, ademais, *Mea Cuba* é un libro que, integrado por un conxunto de artigos e ensaios breves escritos dende 1968 ata hoxe, prosegue unha liña testemuñal, de disidencia, na que se inclúen precedentes como *Persona non grata*, de Jorge Edwards; *La mala memoria*, de Heberto Padilla; *Antes que anochezca*, de Reinaldo Arenas e algún outro. Engadamos que Cabrera Infante foi un protagonista dos anos aurais da Revolución dende o seu posto en *Lunes*, suplemento cultural de *Revolución*, que intentou un tanto confusamente, apresuradamente, dar un aire novo á cultura cubana baixo a dobre influencia do surrealismo e do cosmopolitismo. Estes non se fixeron esperar tras as primeiras disensións coa ortodoxia revolucionaria.

O núcleo do libro ocúpao a panorámica da vida literaria cubana, o retrato dos que a protagonizaron coas súas venturas e desventuras, a súa ascensión e caída. Nicolás Guillén, Alejo Carpentier, Cintio Vitier, Virgilio Piñera, Calvert Casey, Lezama Lima, Reinaldo Arenas, Lydia Cabrera, Antón Arrufat, Heberto Padilla ou Haydée Santamaría son algúns dos personaxes de primeira fila das páxinas de *Mea Cuba*. Xunto a eles, cubanos de orixe española como Lino Novás Calvo, Carlos Montemayor ou o recentemente desaparecido Néstor Almendros, pero tamén está a corta visita que fixo García Lorca á illa, cando Lorca fixo chover na Habana como nunca se recorda.

A cerna destas evocadoras páxinas nítrese de referencias á situación política, ás estratexias de represión, vixilancia e silencio, difamación e persecución desenvolvidas polo castrismo. Libro escrito dende a fonda convicción de intelectual que é Cabrera Infante, *Mea Cuba* está escrito sen apaixonamento. O interese do que se nos conta nel increméntase con esa permanente actitude —que o escritor recoñece— que leva a «hacer chistes y parodias

por el gusto de jugar con las palabras». Iso concrétase no reiterado emprego de aliteracións, paronomasias, distorsións e lúdicas rupturas de palabras e modismos, que confiren ao estilo do libro un aire desenfadado.

[*Diario de Córdoba*. Cuadernos del Sur. 17 de decembro de 1992]

Luis Sepúlveda e o vello que lía novelas de amor

Pouco ou nada se fai hoxe destinado a que perdure, a que permaneza. A cadea do consumismo feroz á que, de mellor ou peor grao, nos atamos, esixe que todo sexa efémero ou fugaz. Así, vemos novidades superadas ao pouco tempo de apareceren. A literatura non é allea a este fenómeno xeral e por iso é con frecuencia observable que unha editorial lance un libro, este se venda (con mellor ou peor fortuna) e pasado un mes xa non se teña noticia del, devorado pola imparable e cuantiosísima avalancha de novos títulos.

Polo xa dito, é de agradecer a publicación dunha novela —unha novela curta— como *Un viejo que leía novelas de amor*, do escritor chileno Luis Sepúlveda. Gañadora do Premio Tigre Juan do Concello de Oviedo, foi en 1989 publicada na editorial Azanca/Júcar cun breve prólogo de Juan B. Argüelles. Xa naquela edición Sepúlveda daba conta, en mínima nota, da morte dunha figura elevada á categoría de símbolo na loita de defensa do mundo amazónico, Chico Mendes, un humilde caucheiro alzado contra os terratenentes que perpetraron a devastación da Amazonia. Anos despois, Chico Mendes xurdía como heroe carismático dun testemuño novelado da loita en defensa da selva e dos seus habitantes indíxenas, *Senderos de libertad*, do xornalista madrileño Javier Moro Lapierre.

Cun labor literario que pasa da ducia de títulos, galardoado con diversos premios, errante activista comprometido en moitas políticas de liberación e en campañas ecoloxistas, non sería de estrañar que Luis Sepúlveda coñecese a figura de carne e óso que inspirou o personaxe que é eixe da súa novela, Antonio José Bolívar. Un vello de idade inmemorial que vive varado nun perdido enclave da selva ecuatoriana, El Idilio. Fracasado como colono agricultor, o vello viviu a inesquecible experiencia de convivir coa tribo suhar (da que proceden, como rama dexenerada, os xíbaros) e convertido en experto cazador, ha de enfrontarse a un tigrño asasino. Solitario na abismal soidade da selva, parco en palabras e rico en recordos, este vello rumia a súa melancolía coa traballosa lectura de novelas, de novelas de amor, pero un amor «del que duele». O seu enfrontamento final co temible tigrño posúe unha emocionada fondura

humana como expresión da loita nobre e equilibrada do home que intenta sobrevivir fronte ao animal que defende o seu medio natural, o seu territorio.

Escrita con exemplar e intensa sinxeleza, sen ningunha manifestación de exceso ou barroquismo expresivo; moi ao contrario, con singular economía verbal, *Un viejo que leía novelas de amor* é unha pequena obra mestra da narración, que pode ser entendida como novela da selva, como relato de aventuras e ata como obra de marcada intencionalidade ecoloxista. A descrición da vida dos indios da tribo suhar achégase á narración de corte antropolóxico. A visión do microcosmos que é El Idilio trasládanos ás terras profundas e irredentas de Hispanoamérica e posúe unha indubidable carga de denuncia social e política contra os afastados centros do poder.

Algún detalle concreto da vida do vello, algún personaxe concreto como o do sacamoas Loachamín sitúanos no ronsel de García Márquez, aínda que Luis Sepúlveda queira transformar o tan trillado realismo máxico para desvelar, en troques, a maxia da realidade. Iso non exclúe da súa novela o insólito e o sorprendente, pero é perceptible que ao expresalo a potencia imaxinativa aparece moi contida. A selva, o indíxena e a fauna son protagonistas desta novela na que o home branco é un violento e agresivo depredador, con frecuencia vítima do inferno verde e das súas criaturas. Só a sabedoría da adaptación ao medio e o respecto del pode salvalo.

Que en tal contexto un vello case analfabeto loite coas palabras para emocionarse coas coitas de amor dos personaxes das novelas do xénero non é senón unha manifestación da maxia que a realidade pecha en si mesma. Que tal feito poida ter diversas interpretacións simbólicas non é senón unha evidencia da pluralidade dun texto de tan limpa como aparente sinxeleza. Unha novela da que gardamos memoria.

[*Diario de Córdoba*. Cuadernos del Sur. 11 de marzo de 1993]

Jorge Andrade: a sedución do poder

Arxentino, economista e escritor, Jorge Andrade instalouse en España en 1976. Dous anos antes, a súa novela *Signos*, gañadora do Premio del Fondo Internacional de las Artes, marcara o inicio dunha carreira na narrativa que Andrade continuaría logo fóra do seu país. *Un solo dios verdadero* supón o cuarto título desa traxectoria, completada ademais cun libro de relatos, *Ya no sos mi Margarita* (1989).

Un solo dios verdadero remítenos a un itinerario, a un proceso de ascensión: o que leva a Adrián Larralde de escuro empregado dunha pequena oficina bancaria ao privilexiado estatuto de executivo de elite. En efecto, posuído dun entusiasta afán de triunfo, dunha ilimitada e insaciable ambición por ascender na escala social e económica e chegar ao centro mesmo da minoría que manexa os resortes dos grandes negocios financeiros, Larralde acabará por ver cumprido o seu soño, a posesión de poder e influencia, o gozo dos máis refinados praceres, a proximidade e a igualación co seu «Dios», o xeneral que dende o seu ceo de poder devolverá a Arxentina a súa perdida grandeza.

No seu camiño cara ao cumio, Adrián verá os «cadáveres» que vai deixando: a súa esposa, os seus pais, o seu amigo Nino, o poderoso Morales. Ideais de xuventude, existencia precaria, pequenas metas, marxinados na meteórica proxección do mimado triunfador. Pero ao reconto da peripecia externa do seu protagonista, o novelista engade, simultaneamente, a indagación no seu interior, non menos cambiante. E así, o éxito discorre pautado dunha serie de estratexias nas que alterna a astucia e a audacia, a cautela e a ousadía. Todo iso en contrapunto co peso dunha condición humilde, polo cerco do medo, a urxencia dun dominio omnímodo sobre as circunstancias, as persoas e o medo social. Apoios desa vontade de dominación son o alcol, a droga, as relacións sociais e o amor. Non obstante, que o mundo de Larralde cambalea evidencianolo a figura de Marcela, un luxoso «reposo del guerrero» cuxo recinto de superioridade e seguridade será inaccesible ata o final e provocará —en parte— a caída do arribista.

Esa caída está anunciada sen subterfuxios dende o comezo da fábula narrativa. *Un solo dios verdadero* lévanos, pois, cara a un desenlace presentido e condúcenos —como outras novelas de Jorge Andrade— por un múltiple espazo urbano bonaerense (o barrio humilde, os establecementos frecuentados pola alta burguesía, os centros do poder económico). A prosa está adobiada por un léxico e unha fraseoloxía porteños dun indubidable sabor.

É esta unha novela política e de alcance social, inscrita na corrente do realismo. Pero nunha temática polo demais recreada en numerosas novelas o escritor tivo o acerto de evitarnos todos os tópicos da violencia, da guerra sucia (crimes, torturas, violacións, masacres, desaparicións, métodos de terror) e levarnos en cambio ás pechadas esferas onde radica a corrupción e a violencia baixo os disfraces da impunidade, a retórica do progreso económico,

a mística do amor ao país, a rutina privada da inmoralidade e as tramas dos fáciles e lucrativos negocios inmobiliarios.

Se o desenvolvemento do asunto capta a atención do lector dende o primeiro momento, non acontece o mesmo coa actitude do narrador. Referímonos á súa teima amplificadora, que infla a expresión desacelerando os diálogos, creando un discurso narrativo dilatorio que ás veces extravía o lector pola súa desmesurada extensión. Porén, pola singular faceta do tema novelado, pola capacidade de penetración dos personaxes e pola sólida unicidade da súa estrutura, estamos ante unha novela de plena madurez. Unha novela interesante dun escritor fondamente enraizado na vida arxentina do último medio século. *Un solo dios verdadero* é unha exploración a fondo, intensa e trágica, dese universo.

[*Diario de Córdoba*. Cuadernos del Sur. 20 de xaneiro de 1994]

Horacio Vázquez Rial: galegos en Bos Aires

Dividido entre Bos Aires e Barcelona, Horacio Vázquez Rial é escritor fecundo e múltiple. Nove novelas en oito anos (a máis memorable, ao noso parecer, segue sendo *Historia del Triste*), vasta actividade xornalística, obra poética, estudos literarios dan fe dunha incansable actividade. Agora, *Frontera Sur*, preséntase como a súa máis ambiciosa empresa narrativa.

Os escenarios arxentinos, o espazo bonaerense en concreto, é o territorio unha e outra vez asediado por Vázquez Rial. Do seu coñecemento preciso da topografía daquela urbe e das vicisitudes da súa historia, dá conta, ademais, o seu *Buenos Aires* (Ed. Destino, 1988). O que agora nos entrega en *Frontera Sur* é un novo cerco, outra volta de folla á radiografía urbana porteña a través de cinco décadas: a que vai dos anos oitenta do pasado século ata o estoupido da Guerra Civil española.

Catro partes e un mínimo epílogo son deseño externo dunha historia que é, en primeiro termo, unha crónica familiar que abarca varias xeracións. A dos Díaz Ouro, encabezada por Roque, inicia o seu itinerario de prosperidade nunha Bos Aires en ebulición, cruzada de heteroxéneas masas de inmigrantes, abraída pola chegada dos inventos da sociedade industrial, cambiante e próspera no seu urbanismo, pero tamén azoutada pola violencia. E é nese ámbito, no dos *quilombos* e dos *conventillos*, os garitos e os prostíbulos de luxo onde Roque Díaz ha de moverse para alcanzar unha sólida e respecta-

ble posición que os seus descendentes herdarán. O amor, a morte, o crime, o culto á amizade son temas que van xirando coma unha imparable ruleta nun clima de degradación e de tensión que contrasta coa firme posición dos Díaz e a trama de solidariedade e estima que ao seu arredor tecen Herman Frisch, Antonio Reyles, o Gallego Julio e ata a alma en pena de Maidana. Este personaxe é o máis representativo da vertente fantástica, que pola vía da superstición, o máxico e o transreal ten cabida na novela.

Episodios sacados da crónica negra urbana (o caso dos Grosi), mutacións políticas, mitos populares como a figura de Carlos Gardel, activismo de signo socialista e anarquista, florecentes e corruptos negocios, espectáculos de *gallera* e miserias de *conventillos* son unha agridoce trama —escura, sombría materia narrativa— que ten un constante contrapunto no diálogo entre Gloria e o narrador.

Frontera Sur entra así por dereito propio na moi traballada parcela da narrativa urbanística contemporánea. Máis valiosa en extensión que en profundidade, a anécdota ten un sabor, unha autenticidade humana e social que, non obstante, vaise diluíndo no terzo final. Froito dunha pertinaz busca na memoria familiar e biográfica, está construída con xusteza, segue puntualmente unha cronoloxía lineal e os diálogos, concisos, son eficaces complementos dunha narración rápida e fluída. Novela de delitos e violencia, memoria familiar e crónica urbana, saga de xeracións de inmigrantes: baixo estes perfís pode catalogarse esta entrega de Vázquez Rial. Non é unha nova aposta do escritor, pero sendo unha nova exploración por temas e xeografías peculiares do seu universo de escritor, *Frontera Sur*, pola súa entidade como ben alzado universo de ficción, será unha novela das que han quedar, de recordarse como parte do mellor deste hispanoarxentino que é Horacio Vázquez Rial.

[*Diario de Córdoba*. Cuadernos del Sur. 28 de abril de 1994]

Julio Ramón Ribeyro: *Cambio de guardia*

Hai escritores que parecen inexorablemente destinados a ocupar un lugar de «segundóns» ilustres. Son escritores que, por diferentes razóns, non se fan de éxito, de masas, de universal recoñecemento. Ás veces pesa sobre eles —moi ao seu pesar— algunha próxima e ingrata sombra. Julio L. Ribeyro, Bioy Casares ou Álvaro Mutis (con Vargas Llosa, Borges e García Márquez respectivamente ao seu carón) poden moi ben representar esta situación.

O peruano Julio Ramón Ribeyro chegou a Europa —a súa outra ribeira— cando era un escritor novel, en 1952. Tras o seu paso por varios países estableceuse en Francia en 1960 e traballou na prensa e na UNESCO. As raíces peruanas do seu mundo de ficción —contos e novelas— son tan constantes como inequívocas. Dous libros de sorte ben diferente motivan que lle dediquemos estas liñas. O primeiro, a voluminosa compilación dos seus *Cuentos completos* (Ed. Alfaguara, 1994). Títulos como «Silvio en El Rosedal», «Los gallinazos sin plumas» ou «Las botellas y los hombres». O fracaso, a precariedade, o sufrimento, a frustración, a indefensión resultan ser inherentes aos personaxes de Ribeyro, cuxa literatura comparte a visión do duro peso da existencia e o penoso da realidade do seu arredor. Individuo, pobo, sociedade —medio rural ou urbano— foron retratados interna e externamente polo escritor, que impregna o seu mundo de ficción dun ton de tristura, desilusión e derrota.

O seu narrar é conciso e claro; a palabra, substantiva e fonda. O seu resultado, a emoción ferida e a palpitación do vivir. Un libro tan persoal como inclasificable é o das *Prosas apátridas*, onde se sintetiza a sensibilidade, o espírito, o pensamento de Ribeyro sobre o vivir cotián, sobre a condición humana, sobre a literatura. Libro de reflexións, de notas ou apuntamentos, diario heterodoxo... En todo caso, tan breve como memorable.

Pero non é este ao que aludiamos máis arriba, senón á novela de *Cambio de guardia*, presentada agora por Tusquets, aos trinta anos de que o escritor comezara en París a súa redacción. En Perú esta novela tropezoou cos inevitables problemas de censura e tardou dez anos en publicarse. En España chega con trinta anos de retraso, o que orixina un envellecemento desta obra nalgún aspecto. Referímonos concretamente á dimensión de novela do «mester de tiranía», co habitual ascenso ao poder do espadón cuarteleiro de quenda a modo de sempiterno salvador da patria traizoada. Ao xeneral Chaparro e aos seus espadachíns tócalles xogar e gañar a partida, e iso, entre estratexias e manipulacións de todo tipo, é o soterrado soporte da historia narrada.

Pero se tal dimensión da novela non a destaca entre algúns moi ilustres exemplos que trataron o mesmo tema, non acontece así co aspecto técnico, moderno e eficaz, nin coa capacidade de visión dos diferentes estratos da sociedade limeña que Ribeyro retrata.

O simultáneo da arquitectura de *Cambio de guardia* lévanos a unha recorrente sucesión de secuencias ou viñetas que o lector enlaza sen dificultade e que son as fichas do taboleiro limeño. Exército, igrexa, universidade e

intelectuais, sindicatos, oligarquía e xentes do máis baixo nivel da clase media urbana entretece o sobrecargado friso marcado pola corrupción, a inmoralidade, a violencia nuns casos; pola estreiteza, o sometemento, a morte e a desilusión noutros.

Comprimido o fluxo do tempo, o escritor desprega un extenso abano de escenarios e personaxes que interesan máis como compoñentes dun conxunto que como seres individualizados. Novela de irrenunciable dimensión social e política, é tamén novela da violencia non epidérmica, senón social e interior, que nos amosa un vivir insolidario e atrozmente desigual, marcado en definitiva por unha contundente escisión entre vítimas e vitimarios, poderosos e oprimidos.

Desta significación de fondo sálvase a obra polo sopro de humanidade dalgúns personaxes fronte á envilecida degradación dos outros. Polo colofón da historia déixase ver claramente o agudo pesimismo do novelista, a amarga comprobación da constancia do engano e a perpetuación do inmovilismo como esencia do «cambio». Esta estimativa sombría e desesperanzada é moi propia de Ribeyro. Esta áspera crónica da vida limeña non o disimula e por iso tivo que padecer anos de silencio.

[*Diario de Córdoba*. Cuadernos del Sur. 22 de setembro de 1994]

Jaime Bayly: o sexo como mordaza

Da narrativa peruana actual son ben coñecidos algúns consagrados nomes: Vargas Llosa, Bryce Echenique e Julio R. Ribeyro entre eles. Máis difícil é dar conta de quen, a estas alturas, representen unha alternativa ou relevo xeracional. É posible, non obstante, que entre os novos vaia ter cabida Jaime Bayly, cuxa primeira novela, *No se lo digas a nadie*, chega avalada por un eloxioso comentario de Vargas Llosa.

A novela de Bayly trata con decisión e sen reservas un tema sempre espiñento polas súas implicacións, o da homosexualidade. Joaquín Camino, un adolescente fillo dunha familia de clase media limeña, dá conta pormenorizada do seu persoal calvario a través da demorada crónica de aventuras e episodios sexuais que teimudamente lle confirman o intolerable e vergoñento desvío da súa condición. O doloroso itinerario para asumila lévaos a constatar o muro de prexuízos, hipocrisías, intolerancia e baixeza moral que o arrodean, dende o seu propio contorno familiar ata as amizades da súa mesma clase.

Dende o comezo mesmo o novelista centra o tema e non o deixa de man en ningún momento. Pero iso non impide unha profunda caracterización dos personaxes. Así, Joaquín, abúlico e sensual, xordo a toda iniciativa que non sexa abrirse un camiño de aceptación que finalmente non atopará. Ou a figura do pai, fiel e certoiro expoñente do máis desaforado machismo e do xeneralizado desprezo da clase alta polos *cholos*. Pola contra, a nai resulta ser o ridículo e castrador produto da influencia do Opus Dei sobre o pequeno núcleo de familias que ostentan o poder económico na sociedade limeña.

Aínda que aberta a outras xeografías —Madrid, Miami—, a novela discorre por algúns sectores privilexiados da urbe limeña, percorridos por Joaquín na súa particular fuga a ningures.

Lima, e Perú por extensión, xorde como un ámbito asfixiante, inmovilizado, sen horizontes. Ao odio social cara aos *cholos* engádese o tema do terrorismo, visto como un ameazador lastre para o país. Pero nin a violencia, nin a corrupción nin o racismo ou a miseria en que vive unha gran maioría parecen preocupar a unha clase social centrada nos veciños do norte e no seu benestar privado.

O retrato que da xuventude fai Bayly é verdadeiramente implacable. O pracer (o sexo), a droga, a paixón polos luxos da sociedade de consumo e do status social parecen ser metas únicas dos que ven como un puro absurdo calquera valor moral, social ou político.

No se lo digas a nadie é un exercicio de novela de aprendizaxe, pero tamén unha novela existencial marcada polo sufrimento, a frustración e o repudio social que o ser humano experimenta nun medio ancorado nunha moral colectiva que reacciona agresivamente contra calquera desvío da norma. Nese sentido, estamos ante a radiografía dunha sociedade pechada e farisaica.

No haber do novelista non só debe quedar o intenso e descarnado tratamento do tema central. Sen dúbida, a eficacia con que este nos chega débese a uns diálogos ben construídos, cheos de viveza e expresividade. Neles, ademais, recrea o escritor ao menos dous rexistros da lingua oral limeña: o das clases acomodadas coa súa fraseoloxía melindrosa e convencional e o nivel xergal do sexo e a droga. Como documento lingüístico, pois, ten esta obra un absoluto valor.

Todo o cal nos leva a estimar moi positivamente esta primeira entrega de Jaime Bayly. Unha novela moderna polo tema e polo seu enfoque, escrita

con sobrados recursos idiomáticos e ambiciosa nas claves do seu diagnóstico individual e colectivo do Perú dos nosos días.

[*Diario de Córdoba*. Cuadernos del Sur. 13 de outubro de 1994]

Elena Garro: a memoria desolada

Atentos —posiblemente en exceso— ao que é estrita novidade, descoidamos ás veces libros que son un necesario e grato reencontro. Un feliz caso deste último mes, máis de trinta anos despois da súa publicación en México, é a coidada edición de *Los recuerdos del porvenir*, de Elena Garro. Xunto a Elena Poniatowska e Rosario Castellanos, Elena Garro forma un selecto trío de narradoras que é parte esencial da novelística mexicana.

Nacida en Puebla en 1920, Elena Garro cultivou —ademais da novela— o conto e o teatro. Nos dominios do conto é *La semana de colores* (1964) a súa mellor contribución. *Testimonios sobre Mariana* (1980) pertence a unha segunda e xa distinta etapa e é unha novela na que, entre elementos tomados da experiencia persoal da escritora, se mantén unha das súas constantes, a creación de personaxes femininos que son eixe do narrado. Cómpre recordar que *Los recuerdos del porvenir*, a súa obra máis memorable, apareceu en 1963 (o ano de *Rayuela*, de Cortázar), xunto a *La feria*, do seu compatriota Juan José Arreola.

Sorprende ao lector, en principio, o punto de vista dende o que o acontecer nos chega. É o pobo mesmo o que adquire voz para relatar a súa desgraza. Pero, concedida a licenza, a fábula narrativa adquire unha extraordinaria tensión, os protagonistas intensifican o seu fantasmagórico relevo, a atmosfera vólvese densa na dor, a morte e o fracaso e a prosa adquire un poder expresivo rico en rexistros, suxestivo no misterio, espido na aberta sensualidade, circular na viva memoria, na total desolación de protagonistas e comparsas. Estamos, sen dúbida, ante unha novela de extraordinaria magnitude.

Personaxes como o de Isabel, sucesos como o da desaparición do sancristán, temas como o do paso do tempo (estancado, volto cara atrás ou lento ata a exasperación) confiren a esta obra de seres reais e criaturas fantasmais, de mortos e vivos, de perturbados soños e de vixilias de loucura, dimensión máxica.

O peso dun destino de sufrimento e morte cae sobre os personaxes e sobre todo o pobo. O resultado dunha grandeza trágica forxada na imposibilidade de

transgredir a realidade, no rancor e nas mesquindades, na miseria e na violencia, no sometemento e no fariseísmo. Todo o vivir dun México profundo, auténtico, cruzado de odio e finalmente alimentado só na memoria da súa autodestrución —nun futuro que rumia o pasado— late nesta novela de Elena Garro. Esta nova presentación de *Los recuerdos del porvenir* achéganos, pois, a unha mostra da máis característica e auténtica novelística mexicana deste século.

[*Diario de Córdoba*. Cuadernos del Sur. 20 de outubro de 1994]

Rodrigo Rey Rosa: encontro co mundo indíxena

Cunha obra narrativa aínda de moi reducidas dimensións, o guatemalteco Rodrigo Rey Rosa —vinculado como escritor á ilustre e errante figura de Paul Bowles— conseguiu, a base de orixinalidade, unha moi favorable acollida dun selecto sector da crítica. E en efecto, de entre os novos nomes que chegan de Hispanoamérica, singularízase este escritor cuxas débedas e filiacións resultan de difícil rastrexo. Pois se é certo que algunhas constantes do seu mundo narrativo (a escenografía centroamericana, a selva), da súa temática (pola que aflora a violencia e a morte) e dos seus personaxes (con frecuencia gringos, estranxeiros que escapan aos tópicos da súa condición) non son en absoluto novos, si o é a atmosfera que tinxe intensamente os seus relatos e as súas novelas curtas. Ao noso entender, sombras como as do citado Bowles ou Faulkner non están lonxe do escritor.

Unha novela curta e tres relatos, baixo o título da primeira, *Lo que soñó Sebastián* (Ed. Seix-Barral, 1994) é o máis recente que nos chega de Rodrigo Rey Rosa. A novela desenvólvese en antigas terras maias, nun espazo centroamericano selvático e lacustre.

Estamos ante unha narrativa que posúe unha vertente testemuñal ou documental de grande actualidade e de veracidade ben probada. Pero quizais iso non sexa o fundamental. O fundamental, cremos, é o efecto inquietante, turbador das súas ficcións. Por elas, a cada paso axexa un indefinible perigo, unha ameaza, un misterio que nunca se resolve totalmente. A conduta, os móbiles do home, o seu mundo interior só moi a medias se deixan entrever. Hai nos personaxes de Rey Rosa toda unha liña de sombra que nos impide coñecelos a fondo, entendelos, facer que nos resulten minimamente familiares. Son seres que simplemente están aí, ás veces anónimos, escasamente comunicativos, lastrados por un pasado que os marca e os frustra. Da dureza da convivencia do home nun ámbito habitado por mentalidades e formas de

vida opostas, do existir no que ten de alleo e de estraño, da agonía na que se debaten os últimos redutos dos indíxenas e dunha natureza que é para o home refuxio —con máis de inferno que de paraíso— fálanos Rey Rosa. E faino nunha prosa de axustado discorrer, de fraseo breve, tan precisa como exacta e eficaz. Unha prosa na que hai moito de gardado silencio, de omisión, de medida concisión. Todo o dito remítenos ao que xa anotabamos: a un escritor que deseña o mundo que se nos escapa, no seu reflexo, do manido e do habitual. Un universo de ficción tan intenso como ás veces inexplicable e brutal, tan inaprensible como verdadeiro.

[*Diario de Córdoba*. Cuadernos del Sur. 27 de outubro de 1994]

Juan Filloy: vellas historias de vellos pagos

Juan Filloy é pouco menos que un clásico contemporáneo nas letras arxentinas e Julio Cortázar, na súa *Rayuela*, di que os franceses «no tienen ningún Juan Filloy que les escriba *Caterva*». Precisamente *Caterva*, onde se trata a figura do *linyera* (voz do lunfardo que designa o vagabundo farrapento) crioulo, publicada en 1937, é un dos máis memorables títulos de Filloy, xunto con *Los Ochoa* (1972) e *La Potra* (1973), estes dous últimos recuperados recentemente pola editorial Interzona de Bos Aires.

O primeiro, *Caterva*, acaba de ser publicado en Madrid pola editorial Siruela, nunha nova e esmerada edición prologada por Mempo Giardinelli, que na presentación de *La Potra* (novela preferida polo propio Filloy entre os seus máis de sesenta títulos) recordaba que xa en 1934 Alfonso Reyes o proclamaba «progenitor de la nueva literatura americana». Aínda que a actitude de Filloy ante a súa obra foi de descoido e os seus libros circularon pouco e en pobres edicións, sen que lles faltase máis dun grave problema coa censura, son asombrosos neste escritor o seu dominio idiomático, as súas creacións metafóricas, o seu barroquismo expresivo e o seu exercicio da parodia, a ironía e a experimentación narrativa. A súa obra amosa, en asuntos e temas, algunhas modalidades narrativas de fondas raíces na novela hispanoamericana.

Case unha trintena de libros (poesía, narrativa e ensaio) integran a obra de Juan Filloy (1894-2000), lonxevo e prolífico, influído no seu momento pola psicanálise e as vangardas e polos personaxes, escenarios, costumes e historias do crioulo literario, que nos leva ao pasado século XIX, a un tempo de confrontación entre civilización e barbarie, a «los prolegómenos de la organización del país» cando non existía «ambiente social alguno, sino

individuos desperdigados aquí y allá», como recoñece o escritor no prólogo ao seu libro de contos *Los Ochoa* (Ed. Interzona, 2003) ou en *Saga de los 8A*, que van cubrindo as décadas entre os séculos XIX e XX.

Pois ben, *Los Ochoa*, coas súas oito desiguais narracións, coas súas diferentes historias, personaxes e escenarios vai amosando o cambio, a evolución, a transformación dun mundo que vai do campo e da vila á cidade; do cabalo ao automóbil; da desaparición de gauchos e indios ao aluvión de inmigrantes europeos; do gregarismo e a marxinação á concepción do país e á idea de unidade e de identidade. O escritor válese dos diferentes tipos de Ochoas (gauchos esquivos, bebedores camorristas, estafadores, domadores e algún brillante funcionario) para sinalar os rumbos da evolución, do progreso, do arrombar dun vello mundo que no seu tempo retrataron Roberto J. Payró, Fray Mocho ou Lucio Vicente López como expoñentes da narrativa realista e costumista decimonónica que deixa pegada nestes relatos, onde hai tamén trazos da picaresca española (tan claros en «El dedo de Dios», o penúltimo relato) e algún que outro de signo naturalista.

Teñen estes textos un primordial interese idiomático, nivel no que Filloy é un virtuoso, e xunto a iso hai que poñer a descrición de tipos e escenas. O sexo, a bebida, a violencia e a estafa son nestas páxinas, á vez desenfadadas e didácticas, motivos recorrentes que o escritor manexa non sen certo humor e dende unha actitude de censura moral.

En fin, aínda nesta ollada ao pasado, Filloy sorpréndenos con vestixios de modernidade e non só no plano expresivo-lingüístico. A Arxentina que foi latexa con autenticidade e certeza nestas páxinas, tan poboadas dun vivir bulicioso e sinxelo, pero difícil.

[*Diario de Ferrol*. Nordesía. 27 de xuño de 2004]

César Aira: narrativa para un derrubamento

Que a realidade no seu substrato de actualidade inspira non poucas obras literarias non é dubidoso. Que estas obras se limitan con excesiva frecuencia a seren crónicas ou testemuños, recreacións veraces ou visións en profundidade, tampouco o é.

De todo isto, na certeza destas premisas, é bo exemplo *Las noches de Flores* (Ed. Mondadori, 2004), a recente novela do sempre distinto e sempre chocante, do orixinalísimo e diverso escritor arxentino que é César Aira;

toda unha literatura, el só, coa súa longa vintena de novelas no seu haber, sempre inclasificable, alleo ao canon oficial, creador dun tipo de novela que renuncia á solidez da historia, ao motor da memoria e á arte de narrar en beneficio dun discurso narrativo feito de análises, comentarios, observacións, digresións e críticas, reflexións e olladas que compoñen e despezan a materia narrativa de forma tan insospeitada como intelixente, ao tempo que o escritor se comprace en amosar que nada é o que parece lanzándoo todo pola borda, facéndoo cachizas, derrubándoo de vez.

Isto último ilustra a perfección a trama de *Las noches de Flores* (o coñecido barrio bonaerense), na que unha parella de cincuentóns xubilados (Aldo e Rosa, expoñentes da maltratada clase media) fai fronte ao novo derrubamento do país —a demoledora crise económica— dedicándose ao reparto nocturno de pizzas. A visión da peculiar mitoloxía dos moteiros xuvenís que se dedican a ese traballo; os factores do medo, a inseguridade, a delincuencia (secuestros, asasinatos incluso) que a crise intensifica; a ruína social que fai dos obreiros uns lamentables cartoneiros sen teito son ingredientes —xunto coa peripecia peripatética da parella— dunha visión do acontecer marcado pola crispación, tinxido polo cotián e non exento de realismo.

Pero os elementos que se desencadean tras o secuestro de Jonathan (un repartidor adolescente) e, previamente, a aparición dunha escura e deforme criatura, Nardo Sollozo, mestura de papagaio e curuxa, de anano e ave, vanos introducindo no ámbito do fantástico, en zonas de insólitas sospeitas e misteriosas ambigüidades que, no último terzo da trama, lanzan a historia polo territorio do grotesco, da secuencia de anagnórisis e outros equívocos, da revelación do encadeamento de falsificacións e manipulacións do real; en fin, todo un cerimonial da impostura, unha farsa absurda e degradada, un enredo bufo e desbocado sen que, polo medio, falte algunha apreciable digresión como a que atinxe ao binomio realidade-arte moderna.

Irreductible a definición ou receita, volve César Aira a amosar o seu talento, a súa distinta voz en *Las noches de Flores*, mostra de lucidez intelectual, de forza imaxinativa, de actitude lúdica con asomos de ironía. Un escritor que é, inevitablemente, sempre el mesmo, o que os seus lectores agardan, capaz de brillantes achegas, novo por distinto: César Aira é a modernidade.

[*Diario de Ferrol*. Nordesía. 24 outubro de 2004]

Juan Gabriel Vásquez: o discurso delator

Seguramente non será nunca un escritor de obra abundante nin de moitos lectores nin de grande éxito. Terá, iso si, fieis seguidores xa non das historias que poida contar, senón da súa esixente arte de escribir, da súa escritura de perfecta ligazón e pulcritude: unha prosa que fixa con precisión unha realidade de elevada densidade humana reflexada con fondura, con minuciosidade, morosa e detalladamente. Referímonos ao colombiano distinto que é Juan Gabriel Vásquez, a quen recordabamos polos relatos (de escenografía francesa ou belga) do seu libro *Los amantes de todos los santos* e que agora presenta *Los informantes* (Ed. Alfaguara, 2004), unha novela de alcance ético que desprega un proceso, de revisión e ata de reparación moral a partir dun caso de denuncia ou delación na Colombia dos anos corenta, na escura etapa da Segunda Guerra Mundial.

Tal episodio é unha parte, aínda que fundamental, da base dunha historia relativa á presenza de alemáns en Colombia na citada época, pois tal é o tema a investigar (ou xa investigado) por un narrador, Gabriel Santoro, que publicou previamente *Una vida en el exilio* servíndose da informante Sara Guterman e escribiu, nunha segunda volta de folla ao problema, *Los informantes*, en cuxo centro se sitúa seu propio pai, prestixioso profesor de oratoria xurídica e delator que provoca a caída dos Dressler e o suicidio posterior de Konrad Dressler, acusado de filonazismo. Un epílogo que completa o ciclo de acontecementos, aínda que non consiga ordenar o seu peche cun final feliz, súmase a este *Los informantes*.

Juan G. Vásquez indaga nun pouco coñecido capítulo (son moito máis os referidos a Brasil ou a Arxentina) da vida política colombiana nunha trama narrativa de complexa armazón que entrecruza distintas temporalidades e incluso niveis de ficción e realidade, que gusta da suma de perspectivas e ordena a materia narrativa de xeito esteticamente eficaz e semanticamente intenso. Todo iso nunha novela que fai un percorrido de permanente busca, de indagación, de explicación e clarificación. Porque *Los informantes* é, en non pequena medida, a novela dunha crónica —ou de dúas— do real e, en consecuencia, preséntase como a investigación dun xornalista que mantén co seu pai unha relación distante e hostil, que se achega a el para seguir os seus últimos pasos e, sobre todo, a súa última e fracasada tentativa de reparación do mal, do dano. Ao tempo, o escritor reflexiona sobre o alcance e as consecuencias do oficio informativo, da información escrita, para re-

coñecer o que ten de roubo, de violación, de aldraxe, de perigoso exercicio dun poder que pode resultar criminal, trágico.

Por entre o fulgor da espiral de violencia do presente colombiano, pon o novelista en xogo importantes resortes da condición humana como o sentimento de culpa, a busca da verdade, a necesidade de redención ou expiación, a incomunicación e a falsidade e a fragilidade da conduta e o seu ulterior ronsel de vítimas. A capacidade de profundar nos secretos interiores dos personaxes, de mergullar en sucesos e recordos, de ordenar e encamiñar situacións fai de *Los informantes* unha novela de impecable factura, escrita con absoluta capacidade de persuasión fronte ao lector e significativa polo seu convincente internamento no ser humano. Unha novela para degustar nunha atenta e demorada lectura. Meréceo.

[*Diario de Ferrol*. Nordesía. 20 febreiro de 2005]

Fernando Vallejo: o alcalde inverosímil

A voz máis apocalíptica, devastadora e nihilista de Colombia e probablemente de toda Hispanoamérica, Fernando Vallejo, o autor das impresionantes páxinas de *La virgen de los sicarios* ou *El desbarrancadero*, acaba de dar outra implacable revisión á vida colombiana —esta vez a través da política local, nunha vila de montaña, no distrito de Antioquia— na súa última entrega narrativa, *Mi hermano el alcalde* (Ed. Alfaguara, 2004), novela na que o airado e o virulento da escritura de títulos anteriores deixa paso a unha visión satírico-humorística, a unha óptica deformante aplicada a unha realidade degradada e a unha intencionalidade irónico-sarcástica dende a que se contempla Támesis, a vila «alegre y parrandera» perdida nas montañas de Antioquia e espello dunha Colombia que non é senón «un sueño vano, las ruinas de nada» (p. 159) onde os políticos son «irreductiblemente traidores. Y el electorado igual» (p. 39).

Disposto ao ton e espírito do esperpento, da farsa grotesca, Fernando Vallejo escribe a inverosímil crónica dunha campaña electoral, a de Carlos I de Támesis, alcalde elixido polos mortos (milagre do censo) e empeñado nunha tarefa de luces e ilustración que ten como culminación o megaproxecto hidráulico e a expansión da Internet, pero que choca cos urxentes apetitos dun insaciable electorado que porfiaba no «deme plata» a cambio do voto e no hábito da «tutela» ou denuncia cando algo lle vai en contra dos seus intereses.

A historia, bastante eslamiada, nútrese dun feixe de anécdotas e sucesos cada un máis desaforado que o anterior, máis inmoral, máis ridículo polo abismo que hai entre o propósito civilizador e a barbarie representada pola corrupción, a violencia e a ruindade do pobo, asediado, como o país enteiro, por mortíferas lacras como o guerrilleiro Tirofijo, os *narcos*, os paramilitares, e os politicastros. Álzase toda unha lería traxicómica para derrubarse e para corroborar a persistencia dos males e dos danos do país do café, do crime e da cocaína, «el champaña de las drogas» (p. 121).

Implacablemente crítica, *Mi hermano el alcalde* resulta a un tempo inmisericordiosa e radicalmente pesimista. Polo demais, a barroquizante acumulación verbal sitúanos fronte a un novelista de alta capacidade expresiva, dono dunha linguaxe narrativa batuxada de popularidade, acelerada en ritmos e exaltada en ton, próxima ao rexistro oral e rica en matices intencionais que distorsionan a realidade para caricaturizala. Unha novela que nalgún intre se eleva cara ao fantástico, pero que se ancora na paisaxe e na comunidade popular colombiana: unha bandada de loros acode a un mitin municipal mentres se convoca a votar aos mortos e baixan polo río os cadáveres. É a Colombia do asombro e do espanto na palabra de Fernando Vallejo.

[*Diario de Ferrol*. Nordesía. 8 de maio de 2005]

Leonardo Padura: retorno de Mario Conde

En 1989 remataba o cubano Leonardo Padura a súa tetraloxía ou ciclo narrativo *Las cuatro estaciones*, co que ascendía a un primeiro lugar no ámbito da novela negra hispanoamericana. O nexo do ciclo constituíano as figuras do tenente de policía Mario Conde, a escenografía habaneira e unha serie de trazos que definían o personaxe e o dotaban dun tempero romántico e antiheroico, solidario e meditativo, pesimista e crítico; convertíano, en fin, nunha figura de espesa substancia humana atraído polo sexo, o trago e a boa mesa, pero sobre todo nun ser entre nostálgico e desenganado, que se aferraba á amizade e a unha ética persoal atacada por moitos flancos, pero nunca totalmente vencida.

Quince anos despois e tras unha novela sobre José María de Heredia e unha novela curta —*Adiós Hemingway* (2001)— na que comparece «el Conde», o escritor recupera o seu personaxe (pero agora xa oficialmente fóra da súa profesión) en *La neblina del ayer* (Ed. Tusquets, 2005), na que o típico presentimento do ex-policía ao examinar unha biblioteca (pois

dedícase agora á compravenda de libros), lévao a afondar nos tempos do goberno de Fulgencio Batista e a seguir a pista dunha misteriosa cantante de boleros, Violeta del Río, desaparecida prematuramente en pleno éxito como artista.

Os sucesivos pasos do investigador habilitan dúas épocas separadas por medio século. Un pasado —anos cincuenta— no que a Habana era «una ciudad rutilante y pervertida» (p. 103), o paraíso da música, da *gozadera*, do trago, dos cabarés e dos luxosos hoteis, dos grandes negocios de políticos cubanos e mafiosos norteamericanos. O presente é, pola contra, o inferno da crise, o submundo infrahumano de barrios coma o de Atarés, que o escritor (pp. 310-311) describe con terrible dureza na súa mestura de miseria, fetidez, droga, violencia, crime «y la degradación moral cotidiana, entre el caos y los acordes de las trompetas del Apocalipsis». En fin, o eixe da trama non é senón unha desculpa para enfrontar o presente imposible da Habana (tamén de Cuba, por extensión) e, en definitiva, para constatar o naufragio persoal e xeracional, o frustrado do destino e da historia do país e a reiteración dos seus fracasos e oportunidades perdidas.

Coa novidade dunha prestixiosa bibliografía insular á que se examina, *La neblina del ayer* confirma os peculiares sinais de identidade da escritura de Leonardo Padura e a intransferible fibra existencial —vencida, desesperanzada, ao borde do mesmo derrubamento ético— dun Conde xa cincuentón e descrido de case todo, que vive ao día e contempla o pesadelo diario de sobrevivir na Habana. O novelista, sen dúbida, salientou sen ningunha concesión na súa visión, dolorosamente alucinada, o presente da realidade cubana e afondou de forma patente na manifestación do discurso político como fraude histórico, individual e colectivo.

En *La neblina del ayer* non só os avatares da trama, os lances vividos polo teimudo investigador (xa só privado) manifestan unha notable crueza, senón que todo é máis sombrío, todo está sumido nun maior grao de deterioro, todo é máis precario e caótico. Nada queda incólume, nada queda afirmado mentres deambula por rúas e habitáculos infames un Mario Conde ao encontro do pasado histórico —envolto nunha misteriosa e ameazante neboeira— dende a sensación do derrubamento do seu contorno e do extravío vital e moral.

Novela, pois, demostrativa das moitas cordas que se poden pulsar (e que Padura pulsa) dentro do xénero negro e do criticismo deste contra o poder. Visión aceda e desolada do vivir cotián de Cuba a base da constatación

inmediata da realidade material e social. A belixerancia contra o poder, contra o sistema, advírtese con nitidez, corroborando que o novelista estreita o cerco ao país e ao seu personaxe. Ten particular encanto o apartado epistolar da novela e posúen sólida tenrura humana personaxes como Flor de Loto ou o Africano. As boas feituraas da construción e o dominio eficaz dunha linguaxe narrativa batuxada dun desgarrado coloquialismo acreditan a un moi notable escritor preocupado polo seu país. Motivos non lle faltan e esta recente novela airea algúns deles. Léana e terán algunhas certezas da vida, a cultura e a historia de Cuba.

[*Diario de Ferrol*. Nordesía. 23 outubro de 2005]

Alonso Cueto: da verdade como expiación

O peruano Alonso Cueto, con *La hora azul* (Ed. Anagrama, 2005), conseguiu o Premio Anagrama de Novela en 2005 e, de paso, ingresou no grupo de novelistas hispanoamericanos (Roberto Bolaño, Alan Pauls, Jaime Bayly, Juan Villoro e xa antes Sergio Pitlor, tan de actualidade agora) que o obtiveron ultimamente. Moi pouco coñecido entre nós, Cueto escribiu xa un conxunto narrativo —novelas e contos— de considerable entidade que o situou nunha prestixiosa primeira liña nas letras do seu país, Perú, cuxa vida política e social é eixe constante da súa angueira narrativa. Ese asedio ao Perú actual, a unha Lima violenta e mísera cun inevitable lastre de fracaso e de tristura, de violencia e terror desatados, de corrupción do poder, de denuncia da pobreza e da marxinalidade e, en fin, de crónica negra do país, vímolos en *Grandes miradas* (Ed. Anagrama, 2005) e en gran medida, centrado agora nos crimes, torturas e demais sanguinarias aldraxes da guerra contra os «terrucos» do Sendero Luminoso, atopámolo de novo en *La hora azul*, que vertebra a trama narrativa no proceso de transformación que experimenta un burgués acomodado, Adrián Ormache, en busca da verdade do pasado de seu pai (militar enfrontado á guerra contra os terroristas) e tras as pegadas dunha das súas vítimas.

Estamos, pois, ante unha crónica de terror e morte, pero tamén ante unha lacerante radiografía social que achega sectores privilexiados da capital a distritos marxinais cuxos habitantes, sumidos na desesperanza, son puros superviventes dunha Lima áspera, violenta, sucia, hostil. Esta é a liña ou veta marcadamente realista dunha novela que é testemuña amarga e moi crítica dun país inmerso nunha crise radical e nunha trágica confrontación

social. Por outra banda, e a través da evolución do protagonista, atopámonos ante unha historia de amor de signo trágico e a revelación dunha existencia que busca activamente a verdade, que afonda no mutismo e no segredo ata alcanzar a comprensión, a solidariedade e a tenrura.

La hora actual é unha novela de técnica moi sinxela, que amosa unha construción impecable, coherente e gradual na súa andadura, poboada de momentos de grande intensidade e dunha dolorosa verdade humana. O fiado dos pasos do influente avogado encaixa á perfección cun crispado contexto social, político e histórico que percorremos ao tempo que o protagonista accede á negrura do mal, da dor, da humillación.

Unha linguaxe narrativa de forte expresividade, de fluxo firme e sosegado, cruzada de tensións e sólida no reconto dos feitos e na indagación interior dos personaxes, culmina esta novela que penetra coma un estilete nunha humanidade na que a muller volve de novo asumir o papel de vítima, aínda que o escritor axuste eses resortes que escinden a realidade de xeito simplista en culpables e inocentes, en vítimas e en verdugos. En todo caso, *La hora azul* fainos ver como as circunstancias e o coñecemento cambian o ser humano e como indagar na realidade oculta dos seres e das cousas nos redime e nos dignifica aínda que represente con frecuencia un penoso sacrificio.

Novela de densa problemática esta de Alonso Cueto, cunha historia convincente (talvez algo tópica) e uns personaxes de notable espesor humano. Unha novela con máis sombras que luces, que conxuga, con excelente tino, a historia colectiva coa peripecia individual e que excede o puro testemuño para facer unha novela total que engaiola o lector. Novela pouco innovadora argumentalmente, pero cun universo que nos atinxe e conmove pola súa dolorosa cosmovisión e as súas ásperas certezas.

[*Diario de Ferrol*. Nordesía. 5 febreiro de 2006]

Mayra Montero: da Cuba que foi

Nacida na Habana pero afincada en Porto Rico, xornalista e narradora de xa amplo percorrido, Mayra Montero é de ascendencia galega e parte dese pasado familiar localízase en Ferrol ou na súa contorna. Dende que en 1927 se dera a coñecer con *La trenza de la hermosa luna* (Ed. Anagrama), a súa primeira novela, as súas contribucións ao xénero sucedéronse con alternancia

de escenarios sobre todo haitianos, dominicanos, cubanos e portorriqueños e coa perfecta amálgama de ingredientes narrativos nos que o máxico se combina co transunto político; o fantástico coa realidade violenta e criminal; a aventura individual coa visión do destino fatal e o xenocidio dalgúns pobos; a nota romántica coa denuncia do horror. Para quen vaia ler —e fará ben niso— *Son de almendra* (Ed. Alfaguara, 2006) abonda unha última referencia previa á arte de novelar (cultivou a novela erótica, a política e a de aventuras e incluso foi tentada pola investigación antropolóxica e a mitoloxía do mundo negro haitiano) de Mayra Montero: das súas novelas sedúcenos, atráenos por riba de todo as súas excelentes historias; posúe no bo trenzado da acción, no remonte da intriga e na caracterización que singulariza algúns dos seus protagonistas unha mestría innegable.

E, de novo sedutora no que pode cualificarse como *thriller* ou mostra de novela negra ou de novela política ou de crónica do real, lévanos pola Cuba de finais dos cincuenta: a abraiante Cuba da mafia e dos gánsters (os Meyer Lansky, Lucky Luciano, Al Capone) dos hoteis de luxo, do crime e dos grandes negocios, do terror político e do encanto do mundo do baile e do espectáculo musical. Todo iso atravesa *Son de almendra*, onde un imberbe xornalista, Joaquín Porrata, se aproxima ao criminal submundo do binomio mafia-poder político vinculado polo diñeiro e os negocios que florecen. Artellada en dúas liñas narrativas distintas (unha delas cede voz á enigmática personaxe de Yolanda a través de varios monólogos densamente narrativos con perfís intimistas), esta é unha novela que, a través da peripecia individual (e familiar tamén, sen dúbida) de Joaquín e algo de enredo, reflicte os estertores duns anos de tránsito, de ocaso sanguento que darán paso ao triunfo dos «barbudos» revolucionarios que xa se facían notar nos anos finais do goberno corrupto de Batista. Dona dos recursos do oficio, Mayra Montero dosifica o misterio, tensa os puntos do clímax, pecha e abre pistas, desvela enigmas: sorprende a cada paso o lector e manteno en vilo engaiolándoo nunha atmosfera trágica de violencia, terror e misterio.

Froito dun arduo traballo de investigación, revisión dun territorio cubano case mítico, abordado en incontables novelas anteriores, *Son de almendra* é unha novela que encanta, que leva o lector onde quere, que se erixe nun labirinto, nun xogo de espellos poboados de paixóns, de crimes, de inconfesables convivencias, de claves ocultas que conforman unha complexa trama co seu lastre de fracaso, dor e tristura, froito maduro dun tempo e dun país onde «todo se está desmoronando... se va a pique» (p. 272)... e foi. Mayra

Montero testemuñao nesta emocionante e amenísima novela que se le con verdadeira avidez, sen decatarnos. Léana xa.

[*Diario de Ferrol*. Nordesía. 19 de marzo de 2006]

Santiago Roncagliolo: subterráneos do terrorismo

Apostar por un novo valor, con moi pouca obra, aínda en alza, é bo sempre para un premio que quere «facer» escritores, novelistas neste caso. E esta foi a aposta do xurado de Alfaguara ao outorgaren o premio de narrativa de Alfaguara de 2006 a *Abril rojo* (Ed. Alfaguara, 2006), do peruano Santiago Roncagliolo, afincado en España e do que temos fresca aínda a lectura de *Pudor*, a súa anterior novela. Ademais da historia criminal —tremenda, aterradora— que garda *Abril rojo*, describe a realidade peruana no abismo da súa violencia e da súa sordidez; da corrupción, do segredo e o mutismo do home e a mitoloxía indíxenas, da soidade agresiva da súa xeografía de chan ou montaña. O fondo Perú está aquí, lacerado e doente; mundo magoado e embrutecido polo trago, vítima do poder e á súa vez vitimario; en reduto irredento do país, sen modernidade posible, en loita cunha parte de si mesmo; co misterioso mundo indíxena e co flaxelo do rebrote dun «Sendero Luminoso» que provocou o terror nos anos oitenta.

Este é o marco, a atmosfera, o círculo polo que discorre o infortunio dun pobre home, «el fiscal distrital Félix Chacaltana Saldívar», que dende o escuro destino no seu Ayacucho natal e atado á letra dos códigos ha de enfrontarse a unha serie de crimes atroces (corpos queimados, mutilados, deformados con saña) que son secuela dos aínda activos «terrucos» e que acaban revelando as atrocidades cometidas polo exército, co silencio do goberno no poder e a conivencia da igrexa e o final deterioro e loucura dos que protagonizaron a aniquilación dos *senderistas*. As peores pantasma do pasado inmediato do país (bombas, apagóns, mortos, torturas) volven de novo no relato de crimes vesánicos froitos de destrutivas e feroces paranoias. Todo o cal é calvario do ignorante fiscal burlado, movido coma un monicreque por todos e levado finalmente á loucura no seu intento de entender unha realidade que é un caos sinistro, unha conxura de pesadelo que é mortífero e aniquilador para quen se lle achega.

Certamente, o recurso do escritor é un: situar un personaxe débil en si mesmo, apegado ás normas lóxicas da xustiza nun territorio bárbaro no que vítimas e verdugos intercambian os seus papeis. Se a iso lle engadimos o bisturí

que corta por un Perú desolador, devastado, teremos este *Abril rojo*, que é un abril sanguento: non o de Santos Chocano, o lírico modernista, senón o de José María Arguedas, indixenista e conflitivo, apaixonado en estado puro.

Confirma este «policial sangriento» en expresión do propio escritor a capacidade do xénero policial (da novela negra máis exactamente) e do *thriller* de paranoia criminal para ofrecer visións válidas e profundas da realidade social e política dun país e das súas máis violentas tensións internas: todo iso acoplado a unha trama aquí de implacable dureza e sordidez. Un paso máis da sempiterna dualidade civilización/barbarie cun implacable desenvolvemento desta última e unha radical indagación no mal, no crime, na destrución. Axustada, cinguida á atmosfera e á índole dos sucesos (unha pavorosa crónica negra entre rural e urbana), a linguaxe potencia e impulsa todo, coas necesarias matizacións e diferenzas de acordo con algúns protagonistas.

Abril rojo é a constatación do notable tino narrativo deste peruano que se move entre Arguedas e Vargas Llosa e que pode converterse nunha nova e acreditada voz novelística do seu país. Talento, capacidade verbal, dominio técnico e historias que contar son os seus avais. Co tempo, daranos Santiago Roncagliolo máis dunha gran novela. Xa o verán.

[*Diario de Ferrol*. Nordesía. 30 de abril de 2006]

Evelio Rosero: a morte interminable

O colombiano Evelio Rosero Diago, do que sabiamos por unha das súas primeiras novelas, *Juliana los mira* (Ed. Anagrama, 1986), acaba de gañar o Premio Tusquets de Novela con *Los ejércitos* (Ed. Tusquets, 2007), título que culmina por agora unha longa traxectoria narrativa que ten en *El incendiado* (1988) un fito de obrigada referencia.

É unha boa nova o regreso deste importante escritor ao noso ámbito editorial, agora cunha novela de temática tan triste e traxicamente actual como ineludible, ao fin, para os escritores colombianos dende hai décadas, séculos incluso. Nin sequera García Márquez, do que se conmemora o cuadrexésimo aniversario da publicación de *Cien años de soledad*, puido resistirse a novelar o drama nacional do que son vitimarios os exércitos (comandos, escuadróns sería máis exacto) de militares, paramilitares e guerrilleiros montaraces de todo tipo.

É esta unha novela sobre o xenocidio do campesiñado na Colombia profunda, concretada aquí na vila de San José, onde, xa en idade senil, sobreviven os mestres Ismael e Otilia. A condición de teimudo e ridículo *voyeur* de Ismael guía a trama por un equívoco camiño que cede ben pronto a dispersos sinais de violencia que se intensifican ata facerse unha devastadora espiral de secuestros, crimes e execucións que arrasan toda a vila. A este via crucis asiste, entre patético e desafiante, un Ismael que perdeu a súa muller e que só agarda a fin.

Temática e escenario tráenos o recordo dalgũa novela de Tomás González. Pola súa parte, Evelio Rosero capta aquí esplendidamente a atmosfera, o clima de equívocos, maledicencias, segredos e simulacións que rexen as relacións dos personaxes. No perfilado auténtico deles (ademais do protagonista, Ismael, outros como Oyeee, Geraldina, o médico Orduz, o curandeiro etc.) esmérase o escritor, experto en graduar a temperatura do seu mundo de ficción ata o devastado final, e en manter, malia todo, o eterno combate entre Eros e Tánatos aínda nos seus rexistros máis atroces.

Los ejércitos exhibe unha trama de perfecta cohesión e unicidade que debuxa unha curva de descenso infernal. É un exemplar expoñente de sinxeleza dunha novela que podemos considerar crónica do real, pero que é en todo caso unha nova fenda narrativa máis no tráxico enfrontamento civil que vive todo un país onde a violencia institucionalizada é sinal característico de identidade. A andaina narrativa desta novela é concisa, cinguida, mestura de forza e sinxeleza, cunha prosa abertamente coloquial que potencia a perceptible autenticidade do conxunto; un conxunto integrado por escasas pezas, caracterizado polo cotián e pola dureza e o elemental da existencia, pero perfectamente axustado; unha engrenaxe que funciona con radical precisión. Novela que dá alzado e relevo á vida e á morte verdadeiras e exhibe o pesadelo alucinante de todo un pobo a través dunha fábula narrativa que pecha en si mesma moito máis do que decide amosarnos. A mirada, testemuñal, é implacable, e o final, de impacto sen ningunha concesión. Lese, necesariamente, dun tirón. Só un.

[*Diario de Ferrol*. Nordesía. 8 de abril de 2007]

Hernán Rivera Letelier: crónica inaudita do último partido antes da fin do mundo

De poucos novelistas pode afirmarse con contundencia o que define ao chileno Hernán Rivera Letelier: que novela a novela, dende *La reina Isabel cantaba rancheras* ata a recentísima *El Fantasista* (Ed. Alfaguara, 2007) pasando por *Fatamorgana de amor con banda de música* e outros varios títulos, o seu mundo narrativo, o dos campamentos ou oficinas das salitreiras chilenas (e pampeiras) do deserto de Atacama foise perfilando ata facerse inconfundible e ir radicalmente asociado á angueira do escritor, o que o converteu no eixe e centro da súa novelística. Por outro lado, a estética do escritor inscríbese, unha e outra vez, na categoría do grotesco e o deforme, do degradante e o esperpéntico, o que se proxecta sobre unha humanidade lacerada por un atroz sometemento a un traballo embrutecedor nunha inhóspita e agresiva xeografía. Todo iso filtrado aínda por un humor de trazo groso, negro ás veces polo inmisericordioso, corrosivo e burlón ata o extremo, resolto en delirante e devastadora parodia. Os personaxes, carne sobrevivente, alucinantes despojos, fan acenos ao destino, á dor, á morte e ao proceso de monifización ou bonequización ao que os somete o seu creador maniféstase xa na súa risible onomástica, que en *El Fantasista* se concreta nas figuras do Choche Maravilla, Tarzán Tirado, María Marabunta, Loca Maluenda, Pata Para ou Cachimoco Farfán, o tolo que exerce de locutor dun partido de fútbol que é un duelo a morte nos campamentos Coya Norte e Sur (isto é, entre os Cometierras e os Comemuertos).

Dende a misteriosa chegada dun malabarista do balón que xamais xogou un partido e que oculta unha virilidade deforme e desbaratada, ata o lanzamento do penalti que pecha o partido, *El Fantasista* é a crónica dun evento futbolístico e a narración de toda clase de disparatados e traxicómicos episodios arredor dese evento en clave paródico-burlesca. Da urdidura xergal, aturrada da prosa, o máis orixinal é a linguaxe do locutor Farfán, que aplica a terminoloxía médica ao rexistro verbal do fútbol. O humor, disparatado e groso, non deixa facho aceso neste inferno mineiro e pampeiro cuxa morte está comunicada non sen algún vestixio de tenrura, de nostalgia e dalgunha sarcástica alusión á ditadura de Pinochet, que nalgún momento parece asomar por estas divertidísimas páxinas.

Volven en *El Fantasista* algunhas mensaxes implícitas do escritor como o seu gusto polo cine e as rancheiras mexicanas ou a súa atracción polo de-

forme, pola caricatura cruel desa heteroxénea choquinada, desa peza cómica de desvergoñado e desafiante vitalismo, dese cerimonial carnavalesco que aquí ten unha vertixinosa representación. O fútbol é protagonista dunha trama que non dá respiro e, nese sentido, iso lémbra-nos ao arxentino Osvaldo Soriano, notable na súa narrativa futbolística e a outros narradores que o curioso lector atopará nas antoloxías do estilo armadas polo locuaz —elegantemente locuaz— Jorge Valdano, versado na traxectoria estética do balón nos terreos ou canchas do bo contar, nos que dende xa ten o seu asento reservado Hernán Rivera Letelier: un hiperbólico superador da dor e da risa, un persoalísimo e recoñecido novelista de Chile.

[*Diario de Ferrol*. Nordesía. 27 de maio de 2007]

Claudia Piñeiro: Premio Clarín 2005

Clarín, un dos máis importantes e prestixiosos diarios bonaerenses, vén dende hai tempo propiciando un premio de narrativa que leva o seu nome e que, sucesivamente, nos foi chegando a través de distintas editoriais. Pois ben, o correspondente ao ano 2005 foi outorgado a *Las viudas de los jueves* (Ed. Alfaguara, 2007), de Claudia Piñeiro, colaboradora de diversos medios de prensa escrita e audiovisual e finalista do Premio Planeta no mesmo ano 2005. A súa ascendencia galega é máis que evidente a vulgar polo apelido, e o éxito de público e crítica da súa novela non se apagou, polas noticias que temos, pois a escritora segue dándolle publicidade con éxito á súa novela por distintas cidades do seu país.

A vida (na súa dimensión aparente ou externa e no refuxio do oculto e o máis recóndito) dun grupo de personaxes no privado e privilexiado recinto dun *country* illado da gran capital —o que aquí chamariamos unha zona residencial de luxo— é a panorámica narrativa que co sereno pulso narrativo, cunha mirada intelixente e analítica e, dende logo, cun moi inmediato coñecemento do terreo que pisa, vai dispoñendo a escritora. Trátase, así, do trazado dun mapa ou a radiografía dun reducido e selecto (elitista no económico) sector social, encravada a súa dinámica nos tempos da última crise económica arxentina: un derrubamento que revela o fráxil e quebradizo dunha economía nacional hipotecada, carente de calquera sólido soporte e lastrada por corruptelas e por prácticas de resultados rápidos e lucrativos. Ao tempo, unha lección do breve e perecedoiro do status social e económico nun caótico, inestable país cunha política fantasmal.

O decorrer da trama constitúe un proceso lento, puntual, apoiado en anécdotas e detalles de todo tipo que son índices ou expoñentes de clase social e delatan algúns dos máis característicos convencionalismos burgueses que conforman a peculiar mentalidade do grupo protagonista, cuxa descomposición vai precedida dalgúns inquietantes indicios e cuxa autodestrución representa o momento máis intenso dunha ben graduada fábula narrativa. Na retina da novelista, o grupo da urbanización Altos de la Casiada leva implícito o principio da súa ruína, falto de calquera sólido ou solidario valor, atento unicamente a si mesmo, instalado no racismo, no falso das aparencias, no culto ao corpo, en prexuízos de todo tipo e no refinamento dos mecanismos de apartheid e autoprotección.

Las viudas de los jueves é un espello deformador e danado do mal social dun país invertebrado, onde unha elite absurda e inútil se autofagocita, cansa de gozar do alto nivel social, pero radicalmente incapaz de enfrontar a realidade e abafada por unha ficción protectora, excluínle e ata cruel con eles mesmos, pois non se perdoo o fracaso. Por fin, a linguaxe narrativa é a natureza funcional; un medio apto e preciso para trasladar un mundo de ficción que certamente a escritora denuncia e desvela na súa banalidade, nos seus ocos, sen que falte, non obstante, a tenrura e a comprensión. Boa e oportuna novela.

[*Diario de Ferrol*. Nordesía. 1 de xullo de 2007]

Héctor Abad Faciolince: memorial para unha sombra

A tarde de finais de agosto de 1987 na que un sicario disparaba seis tiros ao doutor Abad na cidade de Medellín marca sen dúbida o momento de clímax do libro (confesión, testemuño, diálogo íntimo, memorial de agravios e desolacións) que o seu fillo, o novelista Héctor Abad Faciolince, lle dedica a modo de eloxio e elexía conxuntamente. Levaba o doutor no seu peto un papel coa copia dun poema de Borges que di: «Ya somos el olvido que seremos», verso inicial que, recortado, queda neste *El olvido que seremos* (Ed. Seix Barral, 2007), título que é un fermoso descubrimento, entrañable, transcendente para un libro que é na súa totalidade un emotivo retrato paterno, un reflexo da intimidade do escritor, unha variada crónica familiar e panorámica implacable —como non!— da violencia e a morte en Colombia.

Ten este libro os mellores resortes do narrativo: contén unha historia de fondo e atractivo calado humano, un protagonista de talla vital, existencial

e social fóra do común e uns detalles no forxado da anécdota que revelan o narrador que vive con paixón o seu oficio e que en entregas anteriores como *Tratado de culinaria para mujeres tristes* (1996) demostrou, en variedade de tons, temas e asuntos narrativos, a súa alta versatilidade.

En *El olvido que seremos*, ao abeiro da pintura familiar, entra o escritor —entre comprensivo e crítico— na tradición católica do país co seu tufo beato e intolerante, ata fanático. Na mesma orde crítica, a esquerda política non se libra do peso do sectarismo, o dogmatismo e os seus coqueteos coa loita armada. O centro da trama ocúpao unha vítima, un crucificado de anunciado sacrificio no que o escritor verteu non pouco encanto nos seus afectos e paixóns, na súa forma aberta e tolerante de ver a vida, na súa ética impecable, na súa loita por mellorar a hixiene, a sanidade pública e as condicións de vida dos máis desfavorecidos no seu país, na súa vontade política de liberal-reformista e na súa férrea oposición á corrupción da política gobernamental ancorada no crime e o enfrontamento cívico-militar e social.

Conflúen en *El olvido que seremos* momentos de tenrura e lirismo e momentos de desenfado irónico, virulentos nalgunhas denuncias de atroces vexacións contra o ser humano e ata —por poñer talvez a súa única pexa— excesiva fronte á dor de morrer (casos do doutor e a súa filla Marta); conflúen, dicimos, o reconto amorosamente demorado de recordos, acontecementos ou vivencias coa intensidade emotiva que perfila non a poucos personaxes, algúns deles só fugaces presenza. O resultado é que a palabra transmite, delicada ou forte, a autenticidade de vivir e das vidas, a complexidade (ou a sinxeleza) da intimidade das xentes e das servidumes, praceres e dramáticos avatares da convivencia e as relacións humanas, no individual e o comunitario. Un libro, *El olvido que seremos*, que se precipita finalmente para achegarnos ao acabamento, ao esquecemento, ao territorio das ausencias e das sombras. Pero ata deses trágicos termos afirma a certeza que as palabras, a linguaxe, erixen nestas páxinas. Unha inevitable catarse e excelente e agridoce narración que fixa con doloroso apaixonamento o que semella ser o destino dun país que devora, sen misericordia, a moitos dos seus mellores fillos: Colombia.

[*Diario de Ferrol*. Nordesía, 2 de decembro de 2007]

Élmer Mendoza: Premio Tusquets de Novela 2007

Á moi considerable representación de narradores mexicanos que encabezados polo mestre Carlos Fuentes están presentando as súas novidades (Juan Villo-

ro, Yuri Herrera, Guillermo Fadanelli, Guadalupe Nettel, Ángeles Mastretta, Antonio Ortuño) súmase agora Élmer Mendoza, un veterano e acreditado novelista do que coñeciamos *El amante de Janis Joplin* (Premio Nacional de Literatura en México) e que con *Balas de plata* (Ed. Tusquets, 2008) recibiu a distinción coa que titulamos estas liñas.

Balas de plata é un título que suxire xa o asunto narrativo e, en definitiva, o xénero ao que a novela pertence, o xénero negro, coa marca mexicana da casa e o peculiar xeito de encarar ese xénero do propio autor, que pon aquí en escena, como eixe protagonista, ao «Zurdo» Mendieta, unha figura gris agoniada por un fracaso amoroso, cliente do psicanalista do momento, prestixioso no oficio policial, pero inequívoco perdedor que só in extremis resolve o caso do asasinato dun avogado pertencente a unha poderosa familia. E, precisamente, da inmoralidade, a corrupción e a degradación de prominentes individuos e familias que ostentan os poderes económico e político e da súa conivencia cos sectores da mafia e o narcotráfico fala esta novela na que o texto se cingue moi estreitamente ao fío central da trama e o proceso de busca, de esclarecemento do caso, pon ao descuberto as violentas tensións individuais e colectivas da xeografía da capital mexicana: un dispar conglomerado de xentes de moi diverso pelame (mafiosos, corruptos, homosexuais, mulleres prepotentes, venais candidatos políticos) entre os que Mendieta intenta sobrevivir.

Como acontece en case toda boa novela, *Balas de plata* exhibe un destacado tecido expresivo, neste caso cortante, incisivo, conciso ata o extremo, case sempre de vivísima estirpe oral e encarrilado nunha veta conversacional rica en rexistros, en matices de todo tipo. Todo iso deriva da estratexia do permanente uso do móbil (o «celular» aquí) que se converte nesta historia en determinante canle de comunicación e abre a maioría das secuencias do texto (onde as diversas voces narrativas se empastan e se funden con eficaz inmediatez), influído polo particular aparello tecnolóxico que ten claves e funcións específicas de uso. Ao tempo, o emprego do «celular» orienta elementos e circunstancias do proceso indagatorio do bo de Mendieta, un perspicaz pero fatigado corentón.

A excelente escritura de *Balas de plata*, adecuada ao xénero aquí cultivado, compléméntase cun bulicioso, violento e quebradizo microcosmos narrativo forxado no conflito de contrarios, no escuro rexistro do latexo da existencia, no tacto rugoso e febril da vida mexicana na súa dimensión ou vertente

urbana. Boa, moi boa novela, inscrita nun territorio que tenta hoxe os máis prestixiosos novelistas. Por algo será.

[*Diario de Ferrol*. Nordesía. 27 de abril de 2008]

Jorge E. Benavides: o Perú de Velasco Alvarado

En 1968, o xeneral Juan Velasco Alvarado daba un golpe de estado co que destituía o presidente Fernando Belaúnde Terry (que volvería á presidencia de Perú doce anos despois) e emprendía unha aventura política de tipo ditatorial que se anunciaba como «revolucionaria» baixo os signos do nacionalismo e o reformismo e se concretaba en tentativas nacionalizadoras da industria do petróleo e reformas no sector agrario e na prensa. O novelista de Arequipa Jorge Eduardo Benavides, que se afana por deseñar o mapa sociopolítico do seu país na segunda metade do pasado século (con algún alcance incluso no actual) escribiu en *Un millón de soles* (Ed. Alfaguara, 2008), a crónica narrativa dese período revolucionario de Velasco Alvarado, rematado por un novo golpe de estado dos seus compañeiros de xeneralato.

País inmerso aínda hoxe en moi graves problemas de todo tipo (raciais, sociais, económicos, políticos), Perú tivo en novelistas como José M^a Arguedas, Julio R. Ribeyro, Ciro Alegría ou Mario Vargas Llosa voces críticas que testemuñaron algúns graves «males de la patria», pero quizais ningún deles configurou un proxecto tan vasto, unha radiografía tan global e precisa no social e político como Jorge E. Benavides, que culmina agora a triloxía inaugurada con *Los años inútiles*. Así pois, *Un millón de soles* é, en esencia, unha novela política, un novo exemplo de novela do ditador (todo un xénero nas letras de Hispanoamérica), pero, sobre todo, é unha historia referida ao exercicio do poder político dende o acontecer trivial e cotián ata os máis graves problemas da vida do país, pasando por trampas, tramas, segredos e labirintos fraguados no exercicio político e no séquito de corrupcións, crimes e excesos de todo tipo destinados á perpetuación no poder «a como dea lugar».

Combinando unha óptica xeral e outra particular, unha interna e outra externa, unha pública e outra privada —historia e intrahistoria—, o novelista vai desenvolvendo, nun *in crescendo* destrutivo, os episodios do «proceso» revolucionario protagonizados por un limitado pero variado personaxe-grupo integrado por espadóns do xeneralato e algún maquiavélico «doctor». Conspiracións, deslealdades, arribismo, rivalidades e afáns de poder arman unha movediza trama

que ten continuado contrapunto nas partidas de cartas e nalgunhas escuras paixóns e delirios sexuais dalgúns outonais xerarcas cuarteleiros.

O ton ben equilibrado, ben definido no narrar e na palpable homoxeneidade da linguaxe narrativa xunto coa amena combinatoria de motivos narrativos, escenarios e personaxes e, sobre todo, o mantemento do estadame da trama no seu conxunto fan de *Un millón de soles* unha novela compacta, sen fisuras, ben dosificada na intriga e convincente, ademais, pola posición de observador que o narrador adopta ante unha corte política non pouco patética, guiñolesca nalgún aspecto, pero finalmente destrutiva e terrorífica. É esta, en suma, unha novela atractiva, interesante e ben escrita. Para moito máis que entreter, aínda que tamén iso consegue en moi boa maneira.

[*Diario de Ferrol*. Nordesía. 11 de maio de 2008]

Yuri Herrera: balada do cantor na corte do *narco*

Prensa e literatura rexistran, de modos diverxentes, o que é unha lacra da vida mexicana actual: o asasinato de cantores de *narcocorridos* a mans de grupos do narcotráfico. Cun tratamento próximo ao mito e á lenda (ou á fábula), o mexicano Yuri Herrera alzou en *Trabajos del reino* (Ed. Periférica, 2008) a infausta balada do cantor (Lobo, o Artista) na corte (o Palacio) do señor dos *narcos* (el Rey). O acceso do desastrado artista aos favores do Rey, épico ascenso e posterior caída do seu señor, a estrutura dunha grotesca «corte dos milagres», o acoso da sucesión do «trono» sanguento e un final de esperanza liberadora van marcando as secuencias da ruta do Lobo, o cantor, que percorre o viacrucis que o leva dende a súa desvalida orfandade a recobrar a súa dignidade e a súa decisión de enfrontarse á vida el mesmo.

O agri doce remate da fábula narrativa non deixa de ter unha mensaxe de fondo exemplar. O heteroxéneo, traxicómico círculo de personaxes (todos eles innominados, despersonalizados, servís adláteres do Rei) acompásase ben co fantasmagórico da palaciana escenografía, secreta e ameazante (sexo, bala, bruxería) para dar curso a unha historia non pouco carnavalesca, coa súa parte de orxía ou bacanal na que a vida depende do antollo do «monarca»: un mito degradado que ben pronto exhibe as súas debilidades e miserias.

Como case sempre facemos —quen nos le, sábeo— nestas liñas sobre *Trabajos del reino*, que é ante todo unha manifestación de literatura (letra) narrativa,

debemos falar da linguaxe, que realza o conxunto de elementos desta novela e que é modélica en forza e laconismo expresivos, no latexo de pausas e silencios, no reflexo das tentativas de comunicación non fraguadas e ata no seu duro e inapelable carácter sentencioso nun territorio no que falar pode ser sinónimo de morrer. Coma se un vento furioso e destrutor derrubase fráxiles criaturas de barro e inestables fichas de dominó: así é esta novela de excelente factura idiomático-expresiva, de zarandeadas e humilladas vítimas da historia (ou sexa, das zonas máis inconfesables e degradadas da vida mexicana). Unha novela, en suma, de atrevida autenticidade e máxima actualidade.

[*Diario de Ferrol*. Nordesía. 1 de xuño de 2008]

Israel Centeno: só quedaba delirar

No conxunto da novelística do venezolano Israel Centeno é *Calletania* (1992), título que neste 2008 recupera Periférica, unha contribución inicial do escritor, que inaugura o que se entende como primeira etapa da súa obra; dela, cómpre recordalo, comentamos aquí *Iniciaciones* (1996) e *Como hilo de cometa* (1996), ambas as dúas recuperadas igualmente pola citada editorial estremeña.

Calletania, co seu aire caótico e a súa difusa presentación dunha historia que moi dificilmente entrevemos, fragmentada e anarquicamente, despezada, é unha novela que exhibe a vontade rupturista e ao tempo innovadora do novelista, que debuxa un espazo urbano que é suma dun prostíbulo, un axitado balbordo das rúas e un brote de violencia a cabalo entre o terrorismo e o combate contra os cárteles da droga.

Debe resaltarse aquí o fluxo de conciencia en crise, delirante e envilecida, angustiada, do Coronel, figura entre patética e degradada, profundamente complexa, desvelada en vertixinosas secuencias guiadas por monólogos interiores. E igualmente o multiforme dunha historia cuxo máis amplo referente é Venezuela, vista como un magma cheo de impurezas, como un conglomerado dos fracasos e as decepcións dunha xeración no ético e no político, que supón a deriva destrutiva do quebrado personaxe grupo que, en parte, protagoniza un tráxico intento final. O sexo, a amoralidade, a transgresión, a corrupción son eixes do labiríntico fío narrativo que se vai facendo, en progresión, un carnavalesco cerimonial ata o derrubamento último.

Haberá que resaltar, dende logo, unha linguaxe narrativa que xorde en avalancha, destrutiva, en acumulación expresiva de signo claramente barroquizante e en forma dislocada. Unha linguaxe que é vehículo do caos, do deterioro violento e paranoico dos personaxes e do seu contorno ideolóxico, mental e existencial.

Polo violento aluvión verbal temos que deixarnos levar mentres acá e alá xorden retrincos, instantáneas, movementos que se entrecruzan e golpean, no externo e no interno. O resultado desta *Calletania* (onde Tania ten algo da sempiterna Lolita) é unha asombrosa visión dunha realidade que se desfigura, que renxe e estrala ao desmembrarse para acabar no delirio do naufraxio. Un texto esixente para unha novela máis que interesante, por algunhas de cuxas escuras calellas nos guiamos.

[*Diario de Ferrol*. Nordesía. 22 de febreiro de 2009]

Daniel Sada: o noivado insufrible

É Daniel Sada, para moitos, un dos poucos grandes novelistas vivos de México. É, dende logo, un corredor de fondo, un maratoniano case en termos novelísticos, cultivador do exceso, do exuberancia, da demasía, xa nos seus inopinados títulos (*Porque parece mentira la verdad nunca se sabe*, 1999, é un deles), xa no avultado das súas fabulacións extensísimas, na verborrea imparabile, de notabilísima estirpe popular-mexicana e enraizadamente coloquial, que converte as súas mellores novelas en obras de arte da linguaxe, en insólitos desafíos expresivos: movediza substancia, barroquizante, dun escritor compracente coa exhibición idiomática, co alarde do verbo e do fraseo cortante, contundente; co seu toque ata arcaizante, a súa torcedura neolóxica. Un torrente lingüístico erixido por unha única voz abráianos (ou esgótanos) polo seu tortuoso fluír na novela *Casi nunca* (Ed. Anagrama, 2008), que logrou para Sada o Premio Herralde de Novela malia o ambiguo e inexpresivo do seu título.

Casi nunca percorre o tramo da existencia dun pusilánime e envilecido personaxe, Demetrio Sordo, que vai do noivado ao casorio. Pero a novela é, sobre todo, non xa a manifestación da superioridade e o absoluto mando da muller dentro da máis rancia e rexa tradición do México rural, senón o inventario de estratexias para ocultar e «domar» o varón e educalo nunha dilatada contención pasional que terá un definitivo premio e vencerá todas as barreiras represoras o día do casorio. O sexo turbador e obsesivo, a férrea personalidade da estrutura familiar, as lacras de corrupción e inmoralidade

social e a constante do atraso do mundo rural son outros tantos camiños que aquí se exploran a través dunha fábula de reducido alcance, pero ben graduada, na que situacións e motivos, prósperos e adversos, cobran sentido como coadjuvantes do destino erótico-formal do trastornado monicreque que é Demetrio, caído na tea de araña de Renata, soñada presa do galán depredador malamente contido.

En *Casi nunca* triunfa, evidente, o comentario (do narrador) sobre a narración (dos personaxes); estes, manipulados polo omnipresente narrador que todo o estira e o amplifica, todo o conduce e o contempla non con pouca ironía, con humor silandeiro, con desenfadada grandilocuencia e ata con non disimulada desvergoña; un narrador que burla as tres harpías que atenazan a un Demetrio que non merece nada mellor. A particular feitura da prosa consegue non só un despreocupado e enxeñoso exercicio expresivo, senón que conduce o lector ao interior da historia, a relacionarse cos personaxes, ao constante asomar do narrador no lento decurso da ficción, convertida —repitámolo— nunha admirable construción verbal e de estilo «made in» Daniel Sada.

Hai moita verdade humana, moita oprimida tradición do país da aguia e a serpe nesta novela, sobre todo nas tres personaxes de muller ás que nos referimos. *Casi nunca* pode verse, superficialmente, como unha visión algo a contratempo no México do século vinte e un. Pode e, cremos, debe verse, como unha desenfadada réplica aos tópicos do machismo e unha afirmación do matriarcado. Todo baixo o glorioso imperio da palabra onde Daniel Sada goberna ao seu xeito. Non hai dúbida.

[*Diario de Ferrol*. Nordesía. 19 de abril de 2009]

William Ospina: Premio Rómulo Gallegos

El país de la canela (Ed. La otra orilla, 2009) é o suxestivo e mítico título co que o colombiano William Ospina —poeta, ensaísta e narrador— acaba de obter o XVI Premio Rómulo Gallegos de narrativa, distinción literaria de entidade e prestixio. A novela é parte dunha ambiciosa e memorable triloxía iniciada en *Ursúa* e rematada en *La serpiente sin ojos*, publicada por Mondadori en 2013. Os dous primeiros títulos guían o lector, sen temor a equívocos, pola temática dos feitos, viaxes, guerras, exploracións e aventuras da conquista de América: todo un universo entre realista e marabilloso que a nosa novela desaproveitou con mínimas excepcións (Sender co seu Lope de Aguirre é un exemplo ilustre) mentres a nosa historiografía literaria

ditaminou que foron os cronistas e os historiadores de Indias os grandes novelistas da conquista e incluso os seus grandes xeógrafos literarios, pois a natureza impón a súa lei, a súa condición de gran protagonista por explorar, por describir nesta materia americana.

En *El país de la canela* un escarmentado e fracasado expedicionario, un mestizo frustrado na busca das árbores vermellas da canela está facendo relación ao mozo Ursúa dos danos, estragos, guerras, fames, terrores, mortes e todo tipo de padecementos dunha abismada viaxe por montaña, río e selva, que comeza en Cuzco para remontar no Amazonas e chegar a costas e illas de Venezuela. Un periplo infernal no que a realidade máis descarnada e hostil alterna co fantástico e o mítico do mundo indíxena ao paso dos dous galeóns polo curso do inmenso río. A mortífera ruta, a abraiante xeografía e os desastrosos sucesos son as claves do mundo de ficción que William Ospina erixiu con notable instinto fabulador, con fundamentais apoios na realidade histórica (os Pizarro, Orellana, Fernández de Oviedo ou Almagro desfilan, xunto a figuras do mundo incaico, por estas páxinas).

Representa, por outra parte, *El país de la canela*, un considerable e ben conseguido esforzo idiomático: a prosa flúe devagar entre un riquísimo caudal léxico e uns toques de lirismo só ao alcance dos que posúen sensibilidade de poeta. Todo un elenco de motivos secundarios (a mestizaxe, o Renacemento italiano, as guerras españolas en Europa, o choque entre o vello e o novo mundo) sazona esta intensa e amenísima narración de fondo viaxeiro, movida pola ambición e asfixiada pola natureza encarnada nunha pavorosa selva. Espléndida novela, en suma, esta que o bo narrador que é Ospina nos agasalla mergullándonos entre a historia, o mito e a lenda. Unha lectura obrigada, a desta magnífica novela.

[*Diario de Ferrol*. Nordesía. 6 de setembro de 2009]

Guillermo Saccomanno: Premio Seix-Barral

Co éxito que supón gañar un premio como o Seix-Barral de novela, o arxentino Guillermo Saccomanno viu compensado o seu descoñecemento no noso país, onde apenas a súa novela *Bajo bandera*, en versión cinematográfica, o deu a coñecer.

Pola contra, en Arxentina, onde Planeta publicou algúns dos seus títulos, obtivo varios premios, entre eles, o Premio Nacional de Novela por *El buen*

dolor (1999). A historia do seu país na segunda metade do século pasado e os avatares da vida política baixo o implacable azoute da violencia informan moitas das súas tramas novelescas, nas que é suxestivo o impacto da súa prosa, de poderosa forza verbal e variados rexistros expresivos.

El oficinista (Ed. Seix-Barral, 2010), coa que obtivo o premio da editorial catalá, é unha novela culminante, dotada dunha historia concentrada ao máximo e artellada arredor da figura dun anónimo e sombrío oficinista cuxa desastrosa andaina vital parece aliviarse coa revelación do amor que, non obstante, resulta un novo fracaso, unha quebra radical: un calvario tras o que «No tiene dónde caerse muerto» (p. 199); tras o engano, o desamor e o envilecemento ao que o seu perverso «outro eu» lle obriga. Unha criatura bondadosa e pusilánime que o narrador, frío e distante, retrata na súa loita interior con implacable frialdade.

Novela arquetípica de personaxe, *El oficinista* é un asedio sen concesións a unha figura socio-profesional obxecto de importantes recreacións literarias; así as de Mario Benedetti, en prosa e verso, e outras co inequívoco selo demoledor, alienante, asfixiado na insoportable rutina e no mortal absurdo co que Franz Kafka viu personaxes e situacións dalgún dos seus máis memorables títulos. Non se ocultan algúns ecos de Freud. En fin, a peripecia en caída delirante e dolorosa tínxese dunha visión extremada, desmesurada no atroz e o terrible servida por destrutivos trazos de corte expresionista e reflexos na virulenta degradación da realidade.

Unha atmosfera apocalíptica de destrución, terror e morte asocia a vida urbana que é eco dalgúns aciagos anos (terrorismo urbano, torturas, poder militar) de Arxentina, cun Bos Aires sitiado, cercado en guerra.

Pero tanto ou máis destacado que a hiperbolización da violencia, que o perverso «alter ego» do oficinista, que a ben marcada traxectoria do naufraxio do protagonista é unha linguaxe narrativa de fraseo telegráfico, cortada con aceirados fíos, fortemente empastada, gobernada por mil e unha pausas que a fragmentan. En canto á cosmovisión do microcosmos arxentino de Saccomanno, todo —feitos, personaxes, escenarios— se envilece e se degrada, todo se fai desolado e inmoral, todo ten o tamaño do inferno. *El oficinista*: o reencontro presente do pesadume e do doloroso da condición humana. Implacable texto. Moi boa novela.

[*Diario de Ferrol*. Nordesía. 28 de marzo de 2010]

Jaime Bayly: adversos destinos

Cunha carreira novelística xa de indubidable peso e solvencia, e tras o seu periplo editorial por Seix-Barral e Anagrama, tras o asedio pertinaz á homosexualidade xuvenil, á alienación cruel dos «chicos» da burguesía adiñeirada peruana, volve Jaime Bayly a Alfaguara cunha —agora si— nova novela, *El cojo y el loco* (2010), cuxa historia compacta, fluída e ben trazada no seu desenvolvemento vai alternando a peripecia autodestrutiva de dous personaxes nos que as agudas taras da infancia imprimen marcas indelebles de fatalidade nos seus destinos. Nacemento, vida e morte de ambos os dous tréznanse nos aciagos casos do coxo Bobby e o tolo Pancho, que «nacen jodidos» en familias ricas, incapaces de asumir os seus defectos e imperfeccións, a súa condición de seres raros, socialmente impresentables, familiarmente indecorosos: por defectuosos, repudiados; por repudiados, malditos e condenados.

Dotada dunha escritura rápida, descaradamente salaz, de agudos fíos expresivos e non exenta de toques de humor negro, de explosiva demasía en termos de crueldade e perversión, *El cojo y el loco* exhibe impacto, vertixe e violencia irreprimibles no narrativo para (na sucesión de episodios e anécdotas, xogando con momentos de bonanza, con secuencias de distensión) ir tensando o proceso de degradación dos protagonistas, acumulando os seus procaces e ata criminais desaforos e perfilando un final anunciado que, no caso do coxo, é particularmente inverosímil e parece estar tomado dunha película —peripecia nunha illa con modernos piratas— de Harrison Ford. Aínda que non é innovadora, a anécdota narrativa, en permanente bifurcación, é unha feliz achega en cuxo transcorrer afonda sen ningunha piedade o escritor. A conflitividade racial é espesa e lacerante; o sexo, explícito, recargado, pornográfico; a violencia, múltiple e constante; a visión social acentúase nos prexuízos de clase, no machismo e na hipocrisía. Todo: perfís de personaxes, ambientes, camiños da trama e problemas novelados, todo se afirma plenamente dende o comezo nunha historia sen pausas nin fisuras que o novelista ten premeditada e controlada dende o comezo.

Deixa *El loco y el cojo*, novela sumida no mal e en degradados instintos e ancorada na escenografía urbana dalgúns selectos barrios de Lima, un resaibo como devastador ou aniquilador a partir do malditismo que rexe algunhas existencias. E deixa, sobre todo, a impresión dunha novela realmente conse-

guida na que todo se inunda de atroces desmesuras, do cúmulo de excesos destrutores. Sen dúbida, un dos dous ou tres títulos clave do escritor.

[*Diario de Ferrol*. Nordesía. 18 de abril de 2010]

Guillermo Cabrera Infante: segunda crónica habaneira

Exiliado en Londres durante varias décadas e ata a súa mesma morte —mal para España non telo, non arroupalo en tan penosa situación—, acontecida en 2005, Guillermo Cabrera Infante continuou a súa escritura na que deu cabida, mirando atrás sen ira, aos seus tempos de xuventude e aos seus comezos como escritor; crítico de cine primeiro como G. Cain, primeiros contos, colaboracións na poderosa *Bohemia* de Miguel Ángel Quevedo, redactor xefe en *Carteles* e director da publicación *Lunes de Revolución*.

Precisamente tras a Revolución todo fracasou, pero antes viviu os difíciles anos cincuenta do goberno de Fulgencio Batista, da mafia americana, dos «barbudos» de Escambray, os mortos e os torturados na noite habaneira, o luxo dos cabarés e os grandes hoteis, o esplendor da música, as «ruidosas» sesións eróticas do teatro Shangai no barrio chinés da cidade; a corrupción dos «tiburones» políticos e os primeiros pasos (1959) da Revolución, coa viaxe de Fidel Castro a Estados Unidos, Arxentina, Venezuela e Uruguai como colofón.

Sobre os anos 1950-1960 en Cuba hai unha vasta literatura narrativa á que se engade agora *Cuerpos divinos* (Ed. Galaxia-Gutenberg, 2010) de Cabrera Infante, crónica ou memoria persoal ou novela de raíz autobiográfica cuxa primeira versión ou variante foi *La ninfa inconstante* (2009), que ofrece máis dun centenar de páxinas que figuran como parte inicial de *Cuerpos divinos*, similitude que o lector de ambas as novelas percibe inmediatamente.

Itinerario amoroso de corpos divinos —ou case—, quebra familiar do protagonista, anécdotas na redacción de *Carteles*, actividade política clandestina; cine e literatura e un constante ir e vir pola xeografía habaneira van orientando unha narración amena, divertida ás veces, sensual e sentimental na que o propio narrador-protagonista non sempre sae ben parado.

A tensión do ambiente rompe un tanto coa chegada da Revolución e dos seus «santones»: Fidel, o Che, Camilo Cienfuegos, Raúl Castro etc. Personaxes, anécdotas, situacións, acontecementos son aquí unha movediza substancia narrativa que é reflexo verdadeiro da vida cubana daqueles anos, escuros e inquietantes por unha banda; gozadores e vitalistas pola outra.

Naturalmente, tratándose de Cabrera Infante o tecido da prosa elabórase con solta e zumarenta expresividade, coa ensamblaxe do texto culto, fortemente literaturizado, e os ricos matices da oralidade conversada da rúa: un substancioso conglomerado de quen rende culto á expresión, ao estilo, ao idioma, á palabra.

Cuerpos divinos é a autenticidade do país e a sinceridade dun escritor en vías de logro ante unha encrucillada histórica. O destino de ambos os dous discorreu por camiños opostos. De todo isto dáse conta, con fortuna literaria, neste libro, que non está libre dalgunhas críticas, algunhas melancolías e outras decepcións e fracasos na peripecia vital do narrador Cabrera Infante.

[*Diario de Ferrol*. Nordesía. 4 de xullo de 2010]

Claudia Piñeiro: crime, paixón, naufraxio

A estas alturas do noso outono, a arxentina —de ascendencia galega— Claudia Piñeiro está vivindo no seu país o éxito da versión cinematográfica da súa novela *Las viudas de los jueves*, que aquí mesmo comentamos, e a boa acollida que entre nós está tendo *Tuya* (Ed. Alfaguara, 2010), texto narrativo de implacable concisión e elevada temperatura expresiva, discurso de espléndida oralidade e de perfecto artellamento ou encaixe estrutural. Os adxectivos que lle dispensamos non son nin gratuítos nin hiperbólicos.

Tuya non é enteiramente (ou soamente) unha novela negra, ou policial ou criminal. En boa medida, as súas mellores bazas pouco teñen que ver co xénero. Así acontece coa palpable inmediatez, desenfado e ironía dos monodialogos narrativos da protagonista, de solta e aceirada palabra, de cortante sintaxe e veloz aínda que entrecortado ritmo. Ou co hábil manexo dos planos: parcial conversa telefónica, fragmentos de textos legais, narración obxectivista en terceira persoa e, no estrutural, a función contrastiva das pasaxes das conversas que, con intelixencia e bo olfacto narrativo, sitúan o lector nun plano superior ao da narradora, aínda que iso non faga previsible o desenlace dunha trama que, ás veces, semella acougar, pero decontado emprende o seu curso con novos e ben trabados sucesos.

Vista en conxunto, esta novela ilustra o derrubamento dun mundo familiar pequeno-burgués carente de soportes morais e vítima propiciatoria do paso do tempo e da desestruturación familiar.

Eficaz é tamén a oposición entre un pusilánime sedutor (Ernesto, o marido), de pura e tópica inmaduridade, e unha muller de galadas, resolutiva (aínda que coñeza ben as súas fraquezas) e eficaz ante as infidelidades trapalleiras do seu señor, o arteiro Ernesto, un malpocado sedutor. Engadamos, por fin, o determinante dunha prosa eficaz como a que sabiamente manexa a escritora; prosa que culmina expresivamente na oralidade (axitadamente íntima e confesional, chea de viveza no seu fluír) de Inés, a narradora, unha muller desacougada polo desamor do seu marido e o rexeitamento da súa filla.

Tensión de misterio, suspense, incerteza e rumbos imprevistos da historia fan de *Tuya* unha novela na que nos mergullamos dende o seu xa revelador arranque ata un destrutivo final. Estamos ante unha novela na que a paixón e a frialdade van xuntas e na que nada queda en pé, nada é duradeiro; ao contrario, todo —no humano e no social— resulta ser un oco e feble artificio. Tal é a mensaxe implícita desta novela moi de arestora, co selo do fracaso nas relacións humanas e o asedio da violencia. Aínda que o esencial é que *Tuya* calla en sólida novela que engaiola e inmoviliza o lector. Convén non perdela.

[*Diario de Ferrol*. Nordesía. 21 de novembro de 2010]

Gioconda Belli: o feminismo ao poder

Por fas ou por nefas non logrei ata agora mesmo «entrar» como lector na obra, xa relevante (prosa e verso, significativos premios) da nicaraguana Gioconda Belli, militante do feminismo e recente gañadora do premio de novela La Otra Orilla con *El país de las mujeres* (Ed. La Otra Orilla, 2010). A súa lectura permíteme resarcirme do baleiro da miña ignorancia, cuxa experiencia persoal na Nicaragua sandinista coas mulleres agrupadas no PIE (Partido de la Izquierda Erótica) está na raíz mesma da ficcionalización dunha militancia tanto máis meritória por canto se deu nun país de hiperbólica violencia e asentado machismo como Nicaragua.

El país de las mujeres vén sendo a crónica, o episodio do triunfo político do feminismo no país (fantástico) de Faguas, no que as mulleres, agrupadas arredor da afouta xornalista Viviana Sansón, chegan ao cumio do poder gobernamental e, facendo táboa rasa do «universal masculino», executan un asinado programa reformista que leva o país a un edénico «buenismo» ou «felicismo» liberador do tradicional e explotador oprobio machista e conciliador da vida familiar, persoal, social e laboral da muller. Texto programático da «nueva política», entrevistas, aparato publicitario de prensa, narración e algunha lixeira digresión

reivindicativa da degradante situación da muller son materiais desta novela cuxo clímax se adianta no primeiro capítulo para ir logo sosténdose na trama sen a tentación de caer nunha volta tópica e violenta que o capítulo anuncia.

Con *El país de las mujeres* atopámonos na imaxinación utópica de final feliz, pero tamén cunha historia de marcado signo cómico-humorístico, no que o «revolcón» antimachista e o aluvión profeminista contra discriminacións, sometementos e outros pesadumes emanados dos tradicionais roles que encadraron durante séculos á muller, vanse executando (non sen algunhas estrañezas) ata alcanzar un paradisiaco igualitarismo.

Por descontado, o protagonismo positivo é da muller... e un par de personaxes masculinos. E por descontado tamén, moitas das situacións e das relacións home-muller nada teñen de localistas; é máis, en boa parte son actualidade no noso aquí e agora.

Algunhas medias e estratexias extremadas son postas na picota en ton irónico-burlesco. En xeral, a novela resulta amena e divertida, cunha trama que se mantén e que fai aflorar o sorriso no lector, que «coñece» o terreo que a escritora lle achaa e simplifica dende unha óptica idealizadora e paródica.

Gioconda Belli posúe —como xa se dixo— enxeño para a invención e o contar narrativos. Escribe con axilidade e soltura, en ocasións cun rexistro moi xornalístico, moi de reportaxe de actualidade. Divírtenos contando e lévanos, lenemente, ao seu terreo, sen estridencias nin prédicas de manual. O resultado: unha novela co tirón dunha sensibilidade moi de hoxe e con algunhas propostas que día a día se están impoñendo... paso a paso, como quere a Izquierda Erótica de Viviana e as súas ministras. Lean, en fin, esta gratificante novela escrita sen ningunha acritude. Ben escrita e de ávida lectura.

[*Diario de Ferrol*. Nordesía. 13 febreiro de 2011]

Contos do mestre Fogwill

Digámolo xa: unha ben sopesada antoloxía realizada co criterio do seu persoal gusto polo escritor, que só deixou en pé unha vintena de contos longos e novelas curtas (inesquecible «Los pichiciegos», entre outras) é o que nos presenta Alfaguara (2010) nun volume titulado *Cuentos completos*, de Fogwill; un clásico heterodoxo das letras arxentinas do século XX; provocador e iconoclasta inclasificable; autor dunha persoalísima literatura; á vez arxentino puro e universal; dono dunha escritura de plurais dimensións e

opostos rexistros expresivos capaz de abraiarnos e ata de confundirnos ou extraviarnos; paródico e polémico; narrador e ensaísta que preme todo tipo de asuntos: dende o máis desaforadamente imaxinativo e fantástico ata a inmediata realidade política ou social do seu país. Fogwill: un grande como Filloy, Sábato, Borges ou Cortázar, Arlt, Bioy... En palabras do prologuista E. Gandolfo, «esta es una antología de media docena de autores muy distintos que tienen sólo un nombre de marca: Fogwill».

A celeridade do curso da prosa, as súas abruptas rupturas, os choques expresivos, a constante amálgama de motivos, a atención ao duro mundo rural do país, as referencias constantes ao peronismo, as historias domésticas nas que o fantástico irrompe, o sexo e a droga, a conflitividade política (guerra, loita clandestina), a fragmentación das tramas e os xogos da temporalidade son aquí notas dispersas en textos de inequívoca personalidade autorial e expresividade indomable de caudaloso verbalismo. Pura orixinalidade.

Fogwill: un escritor que se impón ao lector e ás súas criaturas de ficción, capaz da narración máis callada e das piruetas digresivas máis raras e de asomarse ás súas ficcións sen ningunha máscara, medularmente egocéntrico. Irreverente fronte a calquera corrección e contundente nas súas formulacións, escritor de corpo enteiro como acreditan «Japonés», «Los pasajeros del tren de la noche», «La larga risa de todos estos años», «Camino, campo, lo que sucede», «Help, a él» e outros textos que contén este volume e que testemuñan a arte literaria dun Fogwill único e múltiple, despregado nunha escrita arborescente pero, ao tempo, sabedor de que contar é «saber el sitio justo donde uno debe quedarse quieto» (p. 193). Aínda que nos gustaría que non parase en ningún lugar, en ningunha parte. Coñecer a Fogwill é saber da mellor e da máis transgresora literatura contemporánea.

[*Diario de Ferrol*. Nordesía. 27 de marzo de 2011]

Lina Meruane: podremia, enfermidade e outras desoladas revelacións

Fruta podrida (Fondo de Cultura Económica, Santiago de Chile, 2007), da chilena Lina Meruane, é unha novela que nos chega con certo retraso, pero que resulta, na súa ardua lectura —«No claudicar en su concentrada lectura» (p. 145) debe ser meta do activo e atento lector— de interese certo e seguro co desafío da súa cruel e degradada atmosfera, coa súa arrasadora e destrutiva desolación, coa multiplicación de penares e penalidades do corpo e do destino e ata coa implacable lucidez de desvelar trampas, subterfuxios e

espellismos que a ciencia nos presenta como avances en pro da conservación e mellora da vida, cando en realidade son sucedáneos que non impiden o mortífero labor dos virus e outras ínfimas e mortíferas criaturas.

Fruta podrida, que garda indubidable parecido coa última novela da tamén chilena Diamela Eltit, e que obtivo o Premio á Mellor Novela Inédita en Chile, no ano 2006, é un texto de moi reducida e apenas entrevista —isto é, pouco accesible— historia e, contrariamente, de moi esixente e ben elaborado discurso: novela de cosmovisión con pretensións de mirada devastadora á condición humana, de diagnóstico inmisericorde sobre un vivir brutalmente agresivo, dunha existencia en perpetuo e mortal acoso. Novela, en suma, que comunica un pésimo diagnóstico do ser e do vivir hoxe, e que poderíamos concretar no título do coñecido poemario de Luis Cernuda, *Desolación de la quimera*, aínda que a quimera aquí só sexa o puro sobrevivir.

Fruta podrida mostra un curso narrativo tecnicamente hostil ao lector co proseguido emprego do monólogo interior en primeira e segunda persoas —este último, de tan bos resultados na brevidade do poema—, tan indagador e analítico: un estilete en psicoloxía e estados anímicos e imaxes delirantes e obsesivas e ata paranoicas que enlaman e perturban con virulencia ao ser humano.

Embarullada de poemas —caderno en descomposición—, a súa arquitectura, secuencias que flúen bruscas, aquíétase nun final de pura aniquilación.

Do exitoso negocio da froita chilena extráese esta fábula existencial da irmán-formiga (industriosa) e a enferma, perdida ao fin no limiar da súa esperanza; fábula onde os froitos naturais son correlatos metafóricos dos seres humanos. Por descontado, este é un texto de paixón discursiva, interiorista, con non pouco de penumbra e *duermevela* oníricos e unha infernal desesperanza. Unha segura condenación do noso tempo, sen escapes nin paliativos.

[*Diario de Arousa*. O Salnés Siradella. 24 de abril de 2011]

Edmundo Paz Soldán: do atroz e do paranoico

Hai escaso tempo, comentando unha novela dun mozo escritor boliviano, estimaba eu que era Edmundo Paz Soldán o mellor e máis callado narrador daquel país andino. Agora, a súa recente entrega, *Norte* (Ed. Mondadori, 2011), reafírmame en tal valoración ao ser referencia inevitable da súa carreira narrativa (iniciada en 1998 con *Río fugitivo*, novela de aprendizaxe, de fermosa e delicada prosa) e ser, sobre todo, unha novela de estrutura

tripartita e trenzada en tres liñas; un conseguido desafío narrativo que nos leva por psiquismos destrutivos, paranoias violentísimas, subconscientes torturados e, ademais, unha durísima mirada, americana toda ela, a territorios fronteirizos de inmigracións, de crime organizado, de frustradas e mortais buscas do inhóspito paraíso do norte. Deberá o lector, antes de meterse neste *Norte*, consultar os datos da nota do epílogo do libro para constatar a súa base verídica, a súa natural reelaboración imaxinativa e a súa condición testemuñal sustentada en dous dos casos aquí tratados.

Un mexicano desvalido e solitario acollido nun manicomio dunha cidade norteamericana, Martín Ramírez, é cabeceira e eixe dunha das tres historias que se desenvolven alternándose; é, ademais, un personaxe enteirizo e tráxico, abismado na súa loucura e redimido ao convertela en arte, o que lle dará forma, aínda que non evite o seu final inclemente. Jesús, mexicano tamén, iníciase adolescente no crime e convértese nun *railroad killer* vesánico, atroz, destrutivo ata a perversión e o sadismo máis delirantes, Michelle, universitaria, móvese nunha precaria e ambigua situación sentimental co único pretexto da súa vocación como debuxante.

A fragmentación preside a presentación e o devir destas tres historias, independentes entre si sempre, excepto os nexos e enlaces que, con soltura e nun convincente azar, o novelista urde nos tramos finais. A novela impresiona pola súa forza e riqueza expresivas, pola súa indagación no subconsciente do xenial Martín, patético na súa indefensión e capaz de borrar, na súa mente enfermiza, calquera ameaza con simplemente pechar os ollos; polo criminal crescendo do mozo Jesús, sempre en fuga por rutas de estrada ou ferrocarril, polo medio das trampas e das encrucilladas da fronteira mexicano-norteamericana; en fin, polo desequilibrio do vivir de Michelle, a costas coa súa soidade e vítima da súa fragilidade interior.

Norte é novela de movedizos escenarios e non de poucas mestizaxes. Ilustra sobre algúns dos máis inconfesables abismos da condición humana, sobre a proximidade do xenio e da loucura, sobre a máis desaforada violencia e, en fin, sobre o inferno das terras de fronteira: miraxe e imán, reclamo dos desposuídos. *Norte* é unha novela para lectores maduros, feitos, cunha sensibilidade equilibrada. Por algunhas das súas páxinas nin se respira. Queda advertido. E queda dito: é unha abraiante novela. Unha ficción que a realidade non supera, só a inspira.

[*Diario de Ferrol*. Nordesía. 11 de setembro de 2011]

Rodolfo Walsh, mestre do conto

O arxentino (de orixe familiar irlandés) Rodolfo Walsh (1927-1977) viviu cincuenta anos e morreu nun encontro armado contra os *montoneros* (organización de loita armada na que militaba), na convulsa Arxentina de Videla. Á prensa contribuíu con artigos de crítica, denuncia e investigación que logo fraguarán en libros de grande impacto no país como *Operación masacre* ou *El caso Satanowsky* e chegarán ás súas dúas únicas obras teatrais.

Walsh, membro da xeración de «parricidas» do medio século, forxado á sombra inmensa de Borges e con Haroldo Conti, Andrés Rivera ou Antonio di Benedetto como compañeiros de xeración, escribiu unha literatura xornalística en clave ideolóxica, revolucionaria e radical, de forte compoñente político.

Diferente é o caso dos seus contos, que agora, co título de *Cuentos completos* (Ed. Veintisieteletas, 2011), ven a luz, en edición a cargo de Viviana Paletta, que nos orienta pola vida e os contos de Walsh nun cinguido, axustado prólogo. Unha trintena de contos, configurados en catro libros, e un conxunto de pezas soltas aquí reunidas, integran estes textos nos que destaca o xénero policial, pero hai outros de misterio, infantís, poéticos ou fantásticos.

Ao xénero deu Walsh personalidade literaria arxentina por escenarios, personaxes e linguaxe; tamén por asuntos e motivos temáticos. Creou os disímiles investigadores Daniel Hernández (corrector de probas de imprenta) e o comisario Laurenzi (un memorioso xubilado).

Ao escritor vanlle as tramas policiais coa súa dose de enigma e misterio e os seus meandros dedutivos. Vaille o medio rural, inclemente e senlleiro, tráxico na súa nudez de contados e pechados personaxes, recargado na dureza do sobrevivir e percorrido pola silueta dun antiheroico e xa provector Laurenzi. E vaille, en fin, unha ruda e lacónica linguaxe, con raíces de extremada autenticidade vinculadas á terra e ás xentes.

É, en xeral, o ámbito de boa parte destes contos, violento, tráxico, problemático. A vida é densa e escura, forxadora de seres dunha soa peza. Os rancores perduran recónditos.

Noutra liña sitúanse as historias do Gato, coa escenografía escolar e o fondo autobiográfico e a pegada dos emigrados irlandeses. E máis variedade: «La muerte de los pájaros» é un extraordinario conto infantil; «Olvidanza del

chino» incide no marabilloso; «Tres portugueses bajo un paraguas» é un xogo de adiviñas e tanto en «Variaciones en rojo» como en «Un kilo de oro» hai textos que oscilan entre o conto longo e a novela curta.

O latexo existencial e as referencias de alcance social ou histórico que neste variado corpus se perciben, ceden en todo caso ante o impulso literario que as informa e lles dá alento, sosténdoo cunha prosa oral ás veces, traballada na narración compacta e puntualmente detallada case sempre. Sen que falte algunha levidade irónica, desenfadada.

En suma: un gran libro dunha editorial minoritaria —que non menor— e dun arxentino que é historia literaria recente do seu país. Só lle vexo un defecto: pesa demasiado. Léano na mesa ou no atril ou en calquera outro soporte. As súas mans agradeceranllo.

[*Diario de Ferrol*. Nordesía. 6 de novembro 2011]

«Parranda» para Parra

Gañou o Cervantes («Cervantes: un principiante que promete mucho», auguraba don Nicanor) un chileno máis e un poeta, gran poeta, máis: Nicanor Parra, xa entre nonaxenario e centenario, nacido ao sur de Santiago, en terra de chuvias e zonas húmidas, moi preto de onde o fixo Pablo Neruda en 1914.

Violeta Parra, que cantou aquela nostálgica e triste «Te recuerdo, Amanda», un tema de Víctor Jara con letra de Quilapayún que falaba das fábricas e das rúas molladas da capital chilena e da morte, nos anos nos que o Mapocho, o río gris e turbio, baixaba e viaxaba con cadáveres nas súas augas; Violeta, digo, é súa irmá. A Mistral e Neruda, Gonzalo Rojas e Jorge Teiller, Pablo de Rohka e Rosamel del Valle, Vicente Huidobro e Pedro Prado e Óscar Hahn e Enrique Lihn —a lista sería amplísima— son algúns dos seus compañeiros de viaxe máis ou menos próximos. Eles acreditan o tópico de «Chile, tierra de poetas».

Por certo (e por adiantado): en Seix Barral, Cátedra, Visor, Alfaguara ou Galaxia Gutenberg (nesta última a súa obra completa) ten o lector interesado os poemas e poemarios e antoloxías de Parra en boas edicións; non debe esquecerse, non obstante, que foi *Poemas y antipoemas* (1954) o libro que o consagrou como poeta maior, heterodoxo, «anti» e «contra» case todo, rebelde e sarcástico, agresivo e patético, burlón e paródico, corrosivamente irónico, desmesurado e alucinante.

O que fala nos poemas de Parra revístese de innumerables disfraces, de roupaxes e máscaras polas que asoma un *eu plural* nas dimensións individual ou social-comunitaria e política. O poeta asume historia e tradición, incontables raíces verbais e poéticas (que xa advertiu Ibáñez Langlois) nun lirismo xa prosaico, xa conversacional; nunha versificación xa breve e rimada, xa de alongado versículo: nunha asunción do surrealismo, da canción popular chilena, da poesía visual (en poemas de signo existencial, discursivos e histriónicos), do graffiti da rúa e a consigna contestataria. Temas e linguaxe teñen a inequívoca e irreverente personalidade do que enuncia e fai de todo un artificio farsesco, un guiñol cruel, un insólito teatro do mundo coa súa dose de espectáculo circense, carnaval, exhibición e mostrario de inxustizas e abusos nun mundo absurdo, cruel, trastornado.

Nada lle é alleo a este antipoeta francotirador para o que «el género artístico supremo es la pantomima» e que «no responde de las molestias que puedan ocasionar sus escritos» grotescos, airados, lúdicos que se materializan nun extraordinario polimorfismo: sonetos (feitos con cruces), *cuecas* (longas ou non), artefactos (explosivos), prédicas, sermóns, cancións (rusas ou non), «ejercicios respiratorios», poemas (de salón, de emerxencia, para combater a calvicie), «hojas de parra», chistes, ecopoemas, *quatapiques*, *cachureos* e ata antivillancicos e discursos rimados.

Nicanor Parra é, en definitiva, un poeta persoalísimo e inclasificable, irreductible a unidade interpretativa ou valorativa. Quede, pois, ao abeiro deste Cervantes xusto e xustificado, a nosa cálida invitación a ler o poeta, a coñecelo e desfrutalo. En todo caso, vaian providos: «Yo no permito que nadie me diga que no comprende los antipoemas/todos deben reír a carcajadas». Rían, pois, para non anoxar a don Nicanor, que non o merece, pero non para de pedir: «Erijanme un monumento y verán como me hago famoso». Terá que conformarse por agora cun premio, o Cervantes desta volta, que non está nada mal.

[*Diario de Ferrol*. Nordesía. 11 de decembro de 2011]

O primeiro Ernesto Mallo

Antes do que eu mesmo prevía, volví ao arxentino Ernesto Mallo; a dicir algo sobre a que en rigor é a súa primeira novela aquí publicada, *Crimen en el Barrio del Once* (Siruela, 2011) e, conxuntamente, a primeira aventura, co aderezo dalgunhas desventuras, do comisario Lascano, un memorioso

«predestinado a la soledad», un agudo intérprete de sucesos e observador de persoas, un resistente do idealismo que ao alba ou ao anoitecer recorre unha fantasmagórica Bos Aires, misteriosa e trágica Bos Aires asfixiada por un ambiente opresivo de medo e de morte, o que ten o seu correlato simbólico nos temibles Falcon policiais. «Policía muy perspicaz», Lascano ten moitos problemas: mira sempre de fronte, fai o que non lle convén, é un impenitente sentimental.

Pese ao dito, esta novela é sobre todo un exercicio presentativo do protagonista (Lascano), o seu escenario (Bos Aires), a época (anos de ditadura militar) e ambiente (secuestros, desaparicións, venalidade dos poderes públicos). Establecido o cal, o que ha de ser futura serie do xénero negro, policial, ten sentadas as bases, mentres o desenlace do episodio dos tres misteriosos cadáveres é un final aberto con non poucos cabos soltos... retomados en *El policía descalzo de la Plaza San Martín* (Siruela, 2011), da que xa lles falei.

Conta Mújica Laínez que os fregueses de élite din que van «a Colón» e non «al Colón» cando hai función naquel célebre teatro. Eu escribín sempre estación o barrio Once ou de Once (non «del Once»). Minucias á parte, esta sopesada, medida trama de Ernesto Mallo destaca polo constante xogo de planos ou niveis: temporais, expresivos, técnico-formais e ata gráficos. Todo o cal implica un ben patente formato fragmentario da historia, cunha envolvente evolución do conxunto e as súas partes e un evidente *tour de force* estético-narrativo. Nada diso, non obstante, distende a tensión: ao contrario, increméntaa dilatándoa, graduándoa. (Nota: este par de xerundios é ata de mal gusto. Valle-Inclán escarnecía a un escritor que, dicía el, «ten o sangue cheo de xerundios». Xa saben).

Saiban, tamén, que ademais do bo olfacto para o xénero negro e a flexible fibra de narración de Ernesto Mallo, este novelista, gañador con esta obra do Premio Silverio Cañado na xa consolidada Semana Negra de Xixón, é dono dunha prosa versátil que se excede do que o xénero impón. Un exceso de calidade que o bo lector (non hai lectores malos, só infrecuentes ou infieis) agradece. Eu, modestamente, tamén.

[*Diario de Ferrol*. Nordesía. 8 de xaneiro de 2012]

Alejandro Paternain: guerra no mar

Alejandro Paternain foi, ata a súa morte en 2004, novelista, profesor e crítico no seu Montevideo natal. Sinxelo e modesto, escritor en solitario ao dicir do seu prologuista Arturo Pérez Reverte, foi Paternain narrador interesado no complexo e axitado pasado histórico do seu país, tema de novelas como *Los fuegos del Sacramento* (Alfaguara, 1998), e *La cacería* (1999), esta última reeditada por Alfaguara no presente 2012 a instancias do entusiasta prologuista antes citado.

Fai uns anos tiven o empeño de coñecer a novela uruguaia das últimas décadas: Tomás de Mattos, Omar Prego Gadea, José M^a Domínguez, Hugo Fontana, Mario Levrero e Paternain son nomes que lembro como expoñentes do bo contar e do ben escribir sen campañas publicitarias, xiras de presentación nin acordados fervores críticos.

Lin e agora releo esta bela novela, emotiva nalgún extremo e aplicada a fundamentar valores humanos como a dignidade, o respecto á lei, o honor, a misericordia e a moral, así na paz coma na guerra. Sobre todo na guerra, porque aínda que a cataloguemos como novela de aventuras, como historia de guerra no mar, como reconto puntual dunha persecución, *La cacería* afonda nos personaxes e débúxanos un panorama histórico no que se fraguará a independencia de Uruguai, da Provincia Oriental baixo o liderado independentista de José Artigas, a quen evocou nunha das súas «vidalas» o desaparecido Alfredo Zitarrosa.

O cadro histórico protagonízano crioulos uruguaio e arxentinos, monárquicos españois e portugueses e republicanos norteamericanos «en corso» (corsarios, pois, non piratas) sen que falten a trata de negros ou a caza de baleas. Froito da súa condición de novela de mar é o debuxo de rutas de bricks e goletas, de corvetas, fragatas, faluchos, barcazas, baleeiros ou polacras. O cal nos leva a unha das mellores dimensións da novela: o arduo esforzo de recompilación léxica, que se combina cun esforzo de escritura puntual e rigorosa, apegada á época (1819...) e de afirmada autenticidade incluso en pasaxes de expresión protocolaria, documental.

Sen engadidos nin adherencias extraliterarias, cunha anécdota que o narrador segue de cerca e fielmente desde unha posición equilibrada (alternando, ademais, puntos de vista, *La cacería* é unha novela de aventuras de ben probada calidade literaria, para nada aburrida, exemplar no seu xénero, posuidora

dunha prosa de fonda solidez, significativa e situada nun veraz fondo histórico que se integra perfectamente na pura ficción. Nunha tradición máis anglosaxoa que hispánica (o argumento lembra non pouco á película *Master and Commander*), *La cacería* léese en calquera tempo e lugar, a calquera idade e en toda circunstancia. Unha sinxela novela que é fiel expoñente do que chamamos a aventura de ler. E non sen razón.

[*Diario de Ferrol*. Nordesía. 5 de agosto de 2012]

Rodrigo Rey Rosa: visión de Guatemala

Hai escritores, refirome naturalmente aos que están con obra en marcha, aos que un bota de menos, dos que un agarda un novo título, un reencontro máis. Deses «agardados», centroamericanos nesta ocasión, a Sergio Ramírez ou Castellanos Moya hai que engadir o guatemalteco Rodrigo Rey Rosa, moi benvido sempre e mellor recibido agora con *Los sordos* (Ed. Alfaguara, 2012), novela que, apoiada nunha trama criminal, nun episodio de secuestro e extorsión, aspira a ser unha eficaz e fonda panorámica social e racial, telúrica tamén, dun país «que se va al carajo», afogado nunha omnipresente e xeneralizada conflitividade na que se alían crime e corrupción.

Excepcional e orixinal contador de historias, o escritor ofrécenos unha trama pechada en círculo, unha anécdota que revela o ocaso dunha poderosa familia, un «caso» que pon en movemento a personaxes de distinto signo (exparamilitares, gardacostas, doutores e letrados inmorais e un gran «capo» familiar) co engadido do mundo *nauhalt*, co que a novela discorre pola vertente indixenista a través do contexto e confrontación de ambos os dous, ancorados estes últimos na tradición, na pobreza e no inmovilismo do mundo rural.

En *Los sordos* hai, ademais, un esbozo de enredo familiar e amoroso no que se introduce sen reparo o tema das clínicas experimentais coas súas secuelas de mercado de órganos e tratamentos psiquicamente destrutivos en cobaias humanas. Todo o conxunto da anécdota, variado e amplificado no seu núcleo central, móvese e evoluciona, ben controlada a súa construción polo novelista, que acaba deixando máis dunha ventá aberta no fin dos acontecementos e o destino dos seus personaxes. Por descontado, a boa dose de intriga provoca unha lectura ávida e amena. E, por descontado tamén, o trazo claro e directo, non sen algunha mestizaxe idiomática, da prosa desta novela, narrada sostidamente, dotada dunha expresión directa e clara.

En fin, unha vez máis, Rey Rosa denuncia, en primeiro e último termo, a desmembración moral e social do seu país, ancorado dende hai longos anos nunha aterradora contenda civil que non parece, de momento, ter solución, malia a beleza da súa paisaxe e a grandeza imponente dos seus volcáns. *Los sordos* está entre o mellor de Rey Rosa, que é un dos mellores, dos grandes.

[*Diario de Ferrol*. Nordesía. 30 decembro de 2012]

Álvaro Mutis: a última viaxe do *gaviero*

No México onde padeceu o cárcere (o de Lecumberri, no que escribiu un diario) e viviu un sosegado exilio, morreu, nonaxenario, o escritor —poeta e novelista— colombiano Álvaro Mutis, de ascendencia española, andaluza.

Vivía nunha fermosa casa da capital azteca, na rúa Hidalgo 13, onde hai anos o entrevistou o seu colega e compatriota Rafael Humberto Moreno-Durán, que dedicou a Mutis o capítulo «La nostalgia del reino» do seu libro *Como el halcón peregrino*. A esas amenas e vívidas páxinas volvo para lembrar que o creador de Maqroll el gaviero (último romántico de viaxes e aventuras sen conto) era amigo das plantas e das árbores e lucía na súa casa un limoeiro regalado pola esposa de García Márquez, o seu grande amigo. En Cartaxena de Indias participou nun certame poético no que o público votaba na urna para elixir o seu poeta preferido. En México fixo, para Luis Buñuel, o guión dunha película que nunca se rodou. Discreto no persoal e descrido no político, o seu primeiro libro poético, *La balanza*, sucumbiu no «bogotazo» de 1948.

Polo que se refire a Galicia, estudou e editou a Cunqueiro cando exercía como profesor nun Liceo francés; dedicou un emotivo poema ao Apóstolo Santiago e rematou entre Santiago e A Coruña nunha das súas novelas. Foi, en fin, un dos mellores poetas que deu Colombia.

Como escritor, nin foi popular nin elitista. Coñecido sobre todo como novelista, é autor da saga de amores, viaxes e aventuras protagonizada por Maqroll, unha especie de Ulises sen Penélope; un consumado perdedor que roda, á marxe de leis e de ataduras, polos mares e os trópicos a bordo de ruinosos Tramp Steamer, pequenos e encallados navíos. O seu grande amor, Ilona, tampouco lle dura: é unha perda, un naufraxio máis. As súas andainas están rexistradas por títulos que apareceron, sobre todo, nas editoriais Siruela, Mondadori e Alfaguara: *La nieve del Almirante*, *Ilona llega con la lluvia*, *Abdul Bashur, soñador de navíos* ou *Un bel morir* son fitos dos azarosos itinerarios

de Maqroll, o nostálxico antiheroe que Mutis deu a coñecer nos poemas de *Los elementos del desastre* (1953) editado por Rafael Alberti na bonaerense Editorial Losada que o noso poeta dirixía.

Se me permiten que personalice, eu pasei moi boas horas lendo a Álvaro Mutis. Un dos seus libros, pouco coñecido, paréceme o de prosa de máis valor estético, dotada da beleza e da harmónica perfección dun clásico. Refírome a *La muerte del estratega*, que publicou o Fondo de Cultura Económica hai anos. Cando un é feliz lendo a un escritor e pode comunicalo non debe desaproveitar a ocasión. Esta invitación a compartir o bo, o que nos abre camiños imaxinativos creados por un orixinal narrador, é o motivo destas liñas. O escritor é e está nos seus libros, o único acceso para o coñecer. Os de Álvaro Mutis xa son parte da mellor literatura en lingua española e están avalados, non o esquezamos, polo Premio Cervantes. Don Quixote e Maqroll poden xa contarse as súas coitas e desventuras.

[*Diario de Ferrol*. Nordesía. 29 setembro de 2013]

Nicolás Cabral: contrautopía, antinovela

É *Catálogo de formas* a primeira novela do arxentino Nicolás Cabral, que vive, exiliado, en México. A súa condición de arquitecto e o feito de que dirixa *La tempestad*, revista dedicada ás artes (a arquitectura unha delas, seguro), son determinantes no asunto xeral e algúns motivos particulares dun texto que é cento por cento experimental, radical tentativa de construción dun cosmos imaxinativo en regresión e destrución a través dunha escritura tan recortada como incoherente, onde a puntuación da prosa queda suspendida por momentos e o pequeno grupo de personaxes son expoñentes innominados, xenéricos, dunha humanidade degradada, fantasmal, enclaustrada na súa autodestrución.

Formas e materiais, cores e estruturas e, en especial, arte e natureza chocan aquí nunha convivencia ou concordia imposibles. O enunciado narrativo fíltrese de problemas da arquitectura: sentido, técnica, formas, beleza, utilidade, deshumanización, economía... «La arquitectura moderna no es otra cosa que puta del capital...» (p. 87). Así, o Arquitecto constrúe cova en lugar de casa coa selva como marco, fóra do inferno urbano. Hai, ademais do mencionado, un mítico pasado de horror e xenocidio que unha prosa levada ao extremo da frialdade, da precisión, certifica. O punto de vista multiplícase para construír unha serie de variacións sobre o enigmático Arquitecto que se oculta para

achar o seu fin. As referencias librescas, de cuxas fontes temos constancia nas «Notas» finais, sitúannos ante unha antinovela de biblioteca, na que o texto e a arte priman fronte á vida, que chega por momentos a unha sexualidade brutal na que o masoquismo se fai presente.

Nunha prosa que avanza dividida en secuencias breves e nun opositivo despece expresivo, con fortes contrastes na temperatura verbal, o lector só pode entrever, só albiscar restos, farrapos, pespuntadas dunha realidade opaca na que latén momentos de clímax violento e destrutor e todo se fai dislocación, instantánea, cortes bruscos. Unha pugna, en suma, entre caos e orde, entre o superficial e o subxacente, entre o coherente e o irracional.

Xoga o escritor con numerosos asentamentos de distinto relevo: a estética formal dos ismos de vangarda, o universo kafkiano, a literatura fantástica e a procura rupturista da antinovela. A cosmovisión resultante ten non pouco de absurdo e pesadelo, de realidade regresiva e degradada. *Catálogo de formas* é un inventario de desafíos nos que a referencia directa, lóxica convive rodeada da mirada atroz, visionaria. Estamos, hai que repetilo, ante unha primeira tentativa que atinxe un tipo de lector minoritario. Parécenos Nicolás Cabral un escritor con vontade e posibilidades de selo. En adiante, veremos que pode e que quere contarnos.

[*Diario de Ferrol*. Nordesía. 27 de xullo de 2014]

Laura Esquivel, corazón de muller

Hai escritores que pasan a súa vida atados a un título. En México, Juan Rulfo foi e é un deles. Máis recentemente, Laura Esquivel coa súa proteica e explosiva *Como agua para chocolate* (1989), síntese de paixón de muller e deleite gastronómico. A traxectoria posterior da escritora non logrou superar nin facer esquecer aquel primeiro grande éxito. Digamos, de paso, que a tradición indíxena mexicana, a gastronomía, o amor, as paixóns e os desexos encarnados en figuras de muller e os máis trágicos perfís da vida mexicana contemporánea son columnas que sustentan o mundo de ficción da Esquivel, un mundo de singular forza vital e asinado por un feminismo que se amosa sen recorrer a teorizacións ou prédicas finxidas.

E nesa liña de creación de figuras de muller autenticamente vivas, seres complexos e ata contraditorios, ancorados nun vivir de constante cara e cruz

entre a exaltación do pracer e o pesadume de dores e naufraxios, sitúase agora *A Lupita le gustaba planchar* (Ed. Suma-Santillana, 2014), novela de estrutura radial onde a protagonista é eixe único dunha historia animada por un elemento episódico: o asasinato dun político local, feito do que a nosa Lupita foi testemuña... e de que xeito!

Naturalmente, a esta fuxidía e quebradiza Lupita non só lle gusta pasar o ferro, o que a catalogaría nun modelo tradicional que lle queda sumamente estreito. O debuxo narrativo da escritora asómanos, como en calidoscopio, aos diferentes ángulos e no interior da arriscada moza, sempre en loita consigo mesma para erguerse de erros e fraquezas que non exclúen o cárcere, a droga, o maltrato, o alcoholismo, a soidade e a morte do fillo, ademais da pantasma do medo.

O devandito asasinato é o apoio para a denuncia de aspectos tan sórdidos como tópicos da vida política mexicana; aspectos que enfronta a Lupita guerreira, pura paixón xusticeira, que é, ademais, axente de policía. Paralelamente, a heroína (e antiheroína) guíanos polos extremos dos seus desexos, pola busca do pracer, polo seu gozo amoroso; isto é, polo seu retrato de muller que asume retos, desenganos e miserias propios dunha sociedade degradada polo machismo e a violencia.

O devir da acción vese, con frecuencia, entrecortado por citas e lendas referidas ao mundo indíxena azteca, o que nos introduce no real marabilloso, conectado con trazos e motivos narrativos ou algúns perfís sentimentais da protagonista.

Encanto e sedución son termos que ben poden definir *A Lupita le gustaba planchar*, de escrita dotada de vigorosa forza expresiva e indiscutible atractivo en todos os seus elementos, que non son poucos os que a autora pon en xogo. Esta tarefa é posible grazas ao donaire e firmeza cos que a Esquivel manexa a fala popular mexicana. Outra liña da prosa, de maior amplitude sintáctica e de estirpe culta, é a que nos deixa ver, dende o interior, o perfilado íntimo de Lupita. O resultado é unha novela dotada dunha protagonista de orixinal e intensa vibración emotivo-sentimental e escrita cun absoluto dominio narrativo. Un ser palpitante que loita por superar feridas e asperezas. É esta unha lectura que nos deleitará.

[*Diario de Ferrol*. La Galería. 5 outubro de 2014]

Tomás Eloy Martínez: o maxisterio da escritura

Sería inxusto, tras comentar o volume de contos *Tinieblas para mirar* (Alfaguara, 2014), do arxentino Tomás Eloy Martínez, non facer o propio co que apareceu simultaneamente, *Lugar común la muerte* (Alfaguara, 2014) que, estruturado en dúas partes, presenta un conxunto de textos apiñados nese instante supremo e universal no que a vida culmina: a morte, aínda que nin sequera no modo, o momento e as circunstancias sexamos iguais os humanos; tampouco o somos no vivir.

Así pois, coa ancoraxe en tal asunto, levado a un conxunto de importantes personaxes e a dous grandes sucesos históricos (as bombas atómicas de Hiroshima e Nagasaki e o xenocidio indíxena no Amazonas), este libro, en parte escrito no exilio do autor en Venezuela, nos anos setenta, confirma as excelencias dun prosista admirable tanto no periodístico coma na ficción literaria, terreos ambos os dous nos que Eloy Martínez (que recibiu no noso país o Premio Ortega y Gasset de periodismo de *El País*) foi un destacado mestre. Tal maxisterio está avalado pola exemplar traxectoria profesional do escritor e pola súa solvencia intelectual, manifestada na súa defensa da liberdade e dos dereitos humanos fronte aos crimes e excesos do poder político nos países de Hispanoamérica, Arxentina en particular.

O narrador, o historiador e o cronista de prensa están xuntos nestas páxinas nas que, en distinta medida, se combinan imaxinación e datos obxectivos. Nestes textos a tarefa do escritor foi múltiple: seleccionar personaxes e acontecementos para logo perfilar os momentos de maior intensidade significativa en cada biografía, o que implica delinear os contornos, reordenar a cronoloxía, combinar escenarios e transmitir o máximo de tremor humano no conxunto de momentos culminantes de cada protagonista, marcado polo cerco destrutivo de fracaso, soidade, enfermidade e infortunio que abocan á morte. O resultado é un retrato fragmentario que afonda na intimidade e que nos conduce por secretas sombras, por dolorosos camiños, polas pegadas do declive existencial.

Os escritores son aquí maioría. As súas figuras carecen de calquera esplendor. Os seus tributos son migallas. Arrastran personalidades entre esquivas e enfermizas. José A. Ramos Sucre, Vicente Gerbasi e Guillermo Meneses son venezolanos. Ezequiel Martínez Estrada, Macedonio Fernández, Manuel Puig e José Bianco, (como Rosas y Perón) integran o grupo arxentino. Con eles, as poderosas individualidades do cubano Lezama Lima, «el viajero inmóvil» e do uruguaio Felisberto Hernández, raro supervivente como escritor

e como pianista. Como extraordinario colofón, a crónica elaborada a base de entrevistas que testemuña nas fantasmagóricas xeografías de Hiroshima e Nagasaki, a desolación da luz, a caída do ceo, a necrópole de cinzas e pantasmas. O resultado é conmovedor pola verdade que transmiten os testemuños das vítimas. Aquí está o claro predominio da crónica que se harmoniza na pluralidade de voces e a alternancia de tempos. E en abundantes datos.

Non é unha novela este *Lugar común la muerte*, mais si unha *summa* de literatura e xornalismo. En todo caso, a solidez da escritura, o seu profundado interiorismo e a súa acompañada progresión son logros que o lector percibe e goza. Hai, dispersos, momentos de lirismo marchado, triste e outonal. O escrito de Borges sobre o xenial Macedonio Fernández está tocado pola man de Borges, única sempre. As versións de Ramos Sucre, Puig e Lezama Lima posúen particular encanto. O deambular en torno a Perón déixase filtrar polo fantástico a través da figura enigmática do «brujo» López Rega. É este un libro de non poucas arestas e non escasas transcendencias. Un libro que o tempo respectará, coma a morte respectou a tantos personaxes como recorren as súas páxinas. Aprendemos moito en poucas liñas. Unha gran lectura. Literatura maior.

[*Diario de Ferrol*. Nordesía. 12 de abril de 2015]

Valeria Luiselli: venturas dun mestre poxador

Prezada Valeria: permítame que, neste seu caso, substitúa o acartonado comentario de prensa por este máis familiar, quizais máis confidencial; mostra epistolar da que me sirvo, primeiro, para felicitala por *La historia de mis dientes* (Ed. Sexto Piso, 2014), historia de lendario e, non obstante, incógnito poxador apelidado (mellor, alcumado) Carretera, que dirixiu unha breve pero moi variada panoplia de poxas de obxectos de distintas formas e texturas, contadas en orixinal conexión verbal e ilustradas e narradas de xeito hiperbólico, parabólico, elíptico, alegórico etc. A miña felicitación tamén á súa ilustradora, Daniela Franco, tan versátil no copioso comentario que vai dende a arborescencia xenealóxica ata a moderna mitoloxía das marcas comerciais, pasando por un urbanismo á vez aterrador e alucinante, fácil de observar en calquera «villa miseria» que se prece.

É esta unha novela? Non estou seguro, aínda que vostede lle atribúa comezo, medio e fin en lugar dos máis clásicos atributos de presentación, nó e desenlace. En todo caso, desordenado e cortado a gusto, sen nada (ou case)

que se manteña en pé, non me negará que se esmerou vostede en construír, con imaxinación deformadora e divertida, un texto raro, estrafalario, que respira literatura por moitos dos seus poros, frecuentemente mexicanos, e é de supoñer que amigos seus varios deles (e delas, coidado).

Non carece vostede, repito, de inventiva imaxinativa nin de xenio verbal. Todo en clave de orixinalidade, de ruptura, de tonalidade entre agresiva e dada ao perverso; iso, en alternancia con momentos e trazos de inxenuidade e tenrura. Choques que resaltan a intensidade paródica, recargada dunha ironía cruel, inmisericorde.

Os personaxes son monifates que vostede move e manipula ao seu gusto nas dúas liñas narrativas que se desenvolven paralelas: a do poxador e a das poxas. Chama a atención a enorme cantidade de cousas, de obxectos que sobrenadan nestas páxinas tan acumulativas, tan barroquizantes e tan poboadas de absurdo. Un, que está disposto a non deixarse sorprender por audacias e novidades que con frecuencia non o son para nada, confesa o moito que aquí hai de rebeldía, de risco, de atrevemento creador apoiado en bases sólidas de lecturas que se contemplan con irreverencia e soltura imaxinativa. A estas alturas parece que vostede tomou o seu rumbo e non titubea.

Os detalles, os descubrimentos expresivo-imaxinativos son, por sorte, felices e numerosos. Insisto na pegada do absurdo, na aceda ironía, no extremado e deformador na visión, na desmembración do pastiche, na desmesura do prolixo conxunto de elementos que converxen nas historias contadas e nos seus mecanismos. *La historia de mis dientes* ten unha veta divertida, por fortuna. Outras historias, como a do pelo, por exemplo, do admirable Alan Pauls, non o posúen.

Remato. Dise que coas cousas de comer non se pode xogar. A gastronomía, vostede sábeo, está hoxe de moda, causa furor. Dígolle isto porque cara ao final da súa novela escribe vostede sobre a receita do polbo á galega e mételle «arroz en blanco». Craso e grave erro! Dígollo eu, que son galego e algo sei do asunto. A próxima vez consulte unha bibliografía máis sólida: Picadillo, Simone Ortega, Araceli Filgueira... Cunqueiro... Ben, non, Cunqueiro non, que non é moi de fiar; é novelista, claro, aínda que a bo catador (cos seus amigos Castroviejo e Luján) ninguén lle gaña. Pero en materia de poxas, dentes e excentricidades gaña vostede, sen dúbida.

[*Diario de Ferrol*. Nordesía. 21 de xuño de 2015]

Eduardo Halfon: as raíces identitarias

Unha das máis fondas interrogantes que con farta frecuencia inquietan ao ser humano é a da súa identidade. Tal interrogante pode formularse no ámbito individual e no colectivo (pobo, sociedade). A obra narrativa de Eduardo Halfon, un excéntrico guatemalteco de plural e dispersa ascendencia, ten seu eixo central nesta problemática cuestión que o escritor leva sobre todo ao terreo familiar. Pero tamén ao seu, fondamente persoal, e con elo, simultaneamente, ás súas lembranzas de emigracións e diásporas, de xeografías migratorias, de conflitivos contrastes relixiosos, idiomáticos, culturais, sociais, etc.

A narrativa de Halfon, que cultiva a brevidade tanto na novela coma no relato, atravesa as dúas primeiras décadas deste século. O escritor deixa xa o seu selo de orixinalidade nos títulos: desde *El ángel literario* (2004) ata *Elocuciones del tartamudo* (2012) e elixiu o autobiografismo, co emprego da primeira persoa, para vertebrar o seu viaxeiro e diverso mundo de ficción, situado en xeografías non menos persoais e familiares como Polonia, Israel, Líbano ou Guatemala. É este un escritor de moitas encrucilladas, viaxeiro pola «aldea global» do mundo presente, mais tamén un defensor do singular, o propio e o diferente.

A súa imaxinación aliméntase de lembranzas; a súa narrativa, de seres, detalles e cousas. A súa actitude crítica ciméntase na disensión, na ironía, nunha distante frialdade cos seus personaxes e fronte aos mundos de ficción. A súa prosa posúe sólidas bases literarias e vese salpicada tanto polo material culturalista como polo seu constante asomarse autobiográfico entre liñas.

O pasado 2014, Libros del Asteroide publicaba a súa novela *Monasterio*, tamén de curta andadura; de historia tan sinxela como profunda, isto último evidente nalgunhas dimensións do transcendente humano. Emendamos, aínda que tarde, a nosa omisión desta novela breve, o que non é grave: para un libro un ano non é senón un breve prólogo, unha posta en marcha do seu incerto camiño.

Trátase, neste caso, cos cimentos dunha viaxe a Israel sometido ao estado de guerra, de levarnos ao costado xudeu da súa xenealoxía, a recuperar pequenas cousas familiares e afondar en lembranzas, hábitos, tradicións e momentos que a memoria restaura con viveza, mentres o protagonista os filtra con estimativa pouco misericorde, agás algunha efusión sentimental. En liña semellante desdebúxase a historia de amor que abre a novela, da que destacamos, en conxunto, a súa atmosfera escura, contaminada e áspera. Elo

deriva nunha prosa tinxida de agresividade, correlato dunha cosmovisión negativa e de cerrada incomunicación.

Nun plano máis particularista, acerta o autor en detalles que demostran a súa solvencia narrativa: o corazón de Chopin, o número de presidiario de Carlo Levi, a orixe do termo «bikini», a cruz gamada na gorra do músico ou a oración nocturna en hebreo antes de deitarse. Detalles de talento. Outra singularidade de Halfon é a interconexión (intertextualidade) de sucesos e personaxes por varias das súas obras. Situado nun primeiro plano da súa escritura narrativa, Halfon comunica directamente co lector. A expresión é, nalgún momento, reiterativa, o que non escapa a unha certa rudeza característica do modo coloquial. Halfon non é un fino estilista; ao contrario, non son infrecuentes os descoidos e irregularidades indicativos dunha perceptible distensión formal. *Monasterio* é unha novela de corte existencial, memorialista, que está ao marxe de toda discursividade filosófica. A entrada no profundo do humano, baixo signos de traxicidade, emana facilmente da historia e dos seus protagonistas. Estamos ante un dos mellores textos que coñecemos deste guatemalteco peculiar.

[*Diario de Ferrol*. Nordesía. 13 de setembro de 2015]

Edgardo Cozarinsky: aprendizaxe no escuro

En máis dunha ocasión tiveron a oportunidade de escribir sobre o escritor arxentino Edgardo Cozarinsky, dono dun vasto currículo en ámbitos como o da narrativa de ficción, a biografía, a colaboración de prensa, o guión, a dirección cinematográfica etc. París e Bos Aires limitan o decorrer da súa vida. Home instalado con claridade na esquerda política, descende de familia de xudeus ucráinos, circunstancia que asoma na súa narrativa, crítica, testemuñal e sentimental.

Cozarinsky (nado en Bos Aires en 1939) continúa escribindo a día de hoxe, pero nunca buscou éxito ou fama. A editorial Tusquets veu ofrecendo algunhas das súas máis significativas obras, a máis recente esta *Dark* (2016), que se serve no seu título dunha voz inglesa que traducida é «escuro».

E a escuridade existencial é misterioso e suxestivo espazo da xeografía urbana bonaerense polo que se move Víctor, o adolescente que precisa descubrir as zonas do prohibido que alberga, nocturna e tentadora, a gran cidade: espazo acoutado, inaccesible, ao que accederá a través do seu misterioso mentor,

Andrés, unha figura ambigua e inquietante cuxa revelación final marca un momento de clímax no contexto dunha historia cargada de tensión interna.

Tras o dito, o lector pode deducir facilmente que *Dark* é un perfecto expoñente de novela chamada de aprendizaxe ou de autoformación, protagonizada polo binomio mestre (guía, mentor) e alumno. Que quede claro que neste caso o mentor oculta ou disfraza a súa aterradora condición (torturador), así como a súa ambigüidade sexual. En fin, a entrada en materia da acción narrativa faise a través da fórmula da entrevista de prensa. De aí en diante ábrese a escura xeografía bonaerense con escenarios e personaxes de profunda raizame: cafés cantantes, prostíbulos, fumadoiros de opio e garitos da droga e da delincuencia... ata rematar na crise de violencia política e do terrorismo urbano que azoutan o país.

A dimensión teórico-formal da novela pasa polos seguintes mecanismos: unha estrutura xeral de tipo pechado-circular, unha temporalidade bipolar marcada por unha elipse de varias décadas e unha amplísima retrospectiva; unha converxencia ou desdoblamento entre protagonista e escritor (sexa este último adolescente ou «viejo y memorioso»); un escenario único, pero movedizo e itinerante nos seus espazos sempre urbanos; unha cronoloxía tamén escindida entre a metade e finais do século XX. O núcleo da historia narrada vai flanqueada por dous breves textos que remiten a un presente de acabamento e acaso de perturbación psíquica do «escritor», que habilitou a súa memoria para reconstruír o seu camiño nos anos adolescentes.

A narración cínquese estreitamente á andaina dos feitos narrados, aos que potencia e dota cunha expresividade non exenta de notas coloquiais. A palabra é fondamente significativa. Perpetúase e aínda se fortalece o misterio e a escasa comunicación entre mentor e discípulo. Bos Aires brota nocturno e como fantasmagórico, sombrío. Cozarinsky manifesta unha afirmada compenetración co microcosmos de ficción que coñece a fondo, nas súas secretas entrañas; en lugares e figuras xa desaparecidos que evoca nostálxico e triste.

Dark é unha novela ben traballada, sólida no estrutural e no expresivo. Unha obra reveladora da fecunda madurez dun escritor agora xa outonal, comprometido no político, no estético e no sentimental. Esmeradamente pulida, evidencia contención e concentración na arte de narrar. É, sen dúbida, unha pequena xoia que lemos dun tirón, nun único impulso. Un acerto, en suma, para gozo do lector, que discorre por ela con avidez.

[*Diario de Ferrol*. Nordesía. 23 de outubro de 2016]

C. En libros e revistas

Arredor de Os vellos non deben de namorarse, de Castelao

Non falaremos aquí dese polifacético intelectual, escritor e artista plástico e inqueda político que foi o rianxeiro Alfonso D. Rodríguez Castelao (1886-1950), sobranceira figura da Xeración Nós. Do conxunto da súa obra literaria unicamente *Os vellos non deben de namorarse* pertence ao ámbito concreto da literatura dramática, pero, certamente, a vocación teatral de Castelao excede con moito da simple realización textual da devandita obra.

Castelao tentou poñer os alicerces dun teatro caracteristicamente galego e as páxinas do seu *Diario* (1921) son inequívocas ao respecto. O propósito está claro nas liñas de anotación do 10 de abril, despois de asistir no Teatro Fémina de París a unha representación da Compañía do Teatro do Morcego (Chauve-Souris) de Moscova. Aquel teatro era unha estilización dos diferentes elementos das obras de carácter popular. Nesa liña Castelao anota o esquema de cinco argumentos posibles, « cousas pra faguer en Galicia » nun futuro. A fusión da cor e a concentración expresiva, a dimensión de parodia, ironía ou bufonada das representacións do Teatro do Morcego chamaron a atención de Castelao.

Xa en 1933 o escritor rianxeiro foi o encargado de facer os decorados de *Divinas palabras*, de Valle-Inclán, representada no madrileño Teatro de la Princesa, e aínda hoxe conservamos os bosquejos que deseñou para ese fin no Museo de Pontevedra. Mantivo moitas conversas con Otero Pedrayo sobre o presente e o futuro do noso teatro e cando marchou ao exilio levaba consigo os libretos orixinais das dezaseis pezas do *Teatro de Máscaras* do polígrafo ourensán.

Os vellos non deben de namorarse tivo a súa xénese en Pontevedra, nos anos vinte. Ía ser un breve sketch titulado «Pimpinela», pero o texto inicial foi logo aumentado e modificado ata constituír, na versión definitiva da obra, o acto ou lance III. Para a estrea da obra Castelao fixo os moldes das caretas que levaban algúns actores, os figurinos do vestiario e os decorados dos cadros, así como tivo tamén a responsabilidade da dirección escénica. Figurou esta farsa sobre o amor e os vellos oito días en carteleira. Logo pasou ao Teatro Solís de Montevideo. A primeira representación en Galicia tivo lugar, ao aire libre, na Praza da Quintana de Santiago, o día 25 de xullo de 1961. O poeta Aquilino Iglesia Alvariño fixo a crítica nas páxinas de *La Noche* do 31-7-1961. *Os vellos non deben de namorarse* foi publicada no ano 1953 e leva ata agora oito edicións.

ALGUNHAS CLAVES DA OBRA

Os vellos non deben de namorarse leva como subtítulo «Farsa en tres actos cun prólogo e un epílogo», pero se ben este último pertence propiamente ao corpo da obra, o prólogo e as «indicacións» finais están fóra dela e son un conxunto de apreciacións de diversa índole do autor. Trátase dunha peza teatral breve, con deseño externo artellado en tres actos/lances, integrados á súa vez por sete, catro e seis escenas respectivamente, co engadido do epílogo como peche.

Malia a estimación do escritor de que non se trata dunha obra de tese, non lle faltan razóns a Carballo Calero para subliñar que xa no mesmo título está contida a mensaxe ou tese: prevención ou aviso contra os amores serodios, a destempo, dos vellos. Amor, morte e vellez son os eixes ou centros temáticos neste caso que, polo demais, amosa un evidente propósito de carácter didáctico. O esquema da fábula está deseñado a xeito de variacións sobre un mesmo tema, con certa diferenza entre as dúas primeiras e a terceira.

A perspectiva paródico-burlesca do tema, os intres de bo humor, a núa e reiterada sinxeleza estrutural da anécdota, o paralelismo vello-home-rico/moza-muller-pobre que leva encuberta unha xerarquización de clase social opositiva e outra oposición de actitudes morais, a personificación de forzas e elementos abstractos como a morte, a incorporación do fantástico-visionario e as lembranzas dos «diálogos dos mortos», a funcionalidade pura dos personaxes, a presenza do coro e das cancións e música populares, a morte como restauradora do quebrantamento da orde moral (sanción exemplarizadora) e a mestura de elementos estéticos de orixe popular a carón doutros de carácter culto, son algunhas das claves desta obra, no canto doutras tamén estudadas por Carballo Calero.

Nas «indicacións» do final está o artista plástico, non o literato. Nelas precisa Castelao cuestións referidas ás caretas, aos decorados, ás luces e ás cortes dos traxes, aos espantallos e aos retratos, á música e ao movemento dos actores. Mais, sen dúbida, na peza *Os vellos non deben de namorarse* están vencellados o escritor, o pintor e o debuxante e o galego que Castelao foi.

TEXTO

Entra don Ramón, bambeándose. As mulleres rín e as máscaras recíbena con cortesías.

O DEMO

Boas tardes meu amo.

A PORCA

Boas tardes, Don Ramonciño.

O DEMO

E logo, Don Ramón. ¿A onde vai o meu almirante a estas horas e con tanta tormenta?

DON RAMÓN

Vou a onde me peta.

A PORCA

Dirixíndose ao demo

Déixao ir, home, que vai ben acompañado... Vai ver á miña comadre, ¿sabes ti? Vai ver á filla do antroido, a marquesa das filloas.

As mulleres rín a cachón

DON RAMÓN

Hai que ter crianza, ¿eh? Que non todos somos uns.

O DEMO

Dirixíndose á porca

¿Ves ti, porca das ánimas? ¿Quen che mandou descubrires a Don Ramonciño? El vai a onde lle peta, que por algo nasceu fidalgo e ten señorío.

A PORCA

Fixen mal decir que vai ao sarao da marquesa.

As mulleres rínse moito

DON RAMÓN

Falade con tento e non lle roubedes o creto a ningunha muller de ben.

As mulleres ceiban risadas e toses finxidas

O DEMO

¿Ves tí? Xa se enoxou o meu amo, e con moita razón. ¿Coidas que Don Ramonciño é parvo ou qué? El sabe ben por ónde vai e a ónde vai...

A PORCA

¡A cas da miña comadre está lonxe e teño medo que Don Ramonciño dea un traspés e cisque o diñeiro na lama!

O DEMO

¡Non teñas medo; Don Ramonciño vai ben alumeado, e hoxe leva unha chispa...!

As mulleres ceiban novas gargalladas

DON RAMÓN

¡Vaia unha broma de Antroido! E moito coidadiño comigo, ¿eh? Porque cando me poño teso... arrímanse os cans ás paredes.

A PORCA

Sí, señor, sí. A este hai que baixarlle as orellas.

Dirixíndose ao demo

¡Quen che mandou moverlle a pacencia a Don Ramonciño! ¿Non sabes tí que é o galo do mundo?

O DEMO

Don Ramonciño é un galo vello, un barbouzán, e góstanlle as galiñas novas... Don Ramón é, máis que un galo, un raposo, e cando entra nun galiñeiro... Ja, ja, ja.

DON RAMÓN

Tan raposo como calquera.

COMENTARIO

Seleccionamos para o noso comentario un fragmento da escena II do acto II da obra. O fragmento proposto posúe unha notable unicidade temática, pero temos que advertir que coa súa análise non facemos senón un exercicio metodolóxico, de técnica literaria, que pouco ten que ver co xuízo ou valoración

da obra como totalidade. O noso esquema de comentario, doutra banda, é só un dos posibles e tenta dar conta dos elementos constitutivos dos niveis do mundo dramático (contido), forma e expresión. É preciso subliñar que a obra teatral exhibe un nivel —non o do texto, senón o da representación— de natureza non textual, non literaria. Ese ámbito do teatral, sen dúbida de moito interese neste caso e cada día máis relevante no teatro, non pode ser tratado nestas liñas e precisaría para a súa valoración dun especialista na materia.

ANÁLISE DA TEMÁTICA

O noso fragmento textual sitúase nun previo contexto da obra do que é preciso dar referencia. Don Ramón é un vello fidalgo que anda bebendo os ventos por Micaela, que se aproveita do desacougo do seu namorado para sacarlle os cartos e as propiedades. Deitado na cama, borracho, o fidalgo fala cos retratos dos seus pais, que lle botan en cara o seu proceder e a súa situación de ruína material e moral. Malia o aviso de Micaela para que o fidalgo non a visite, pois é domingo de entroido e a xente burla e murmura, don Ramón marcha á súa procura e camiño da casa sitúase o fragmento que imos comentar.

Se tivésemos que sintetizar o mundo dramático do noso texto, teríamos que falar da burla á que o fidalgo, que vai bébedo, é sometido por dúas «máscaras» de entroido (o demo e a porca) en medio das risas das mulleres. Burla, ironía, mofa son, pois, as resultantes da actitude ante o personaxe que é eixe da escena, don Ramón. Hai, pois, unha situación de confrontación, de enfrontamento entre os personaxes que, polo que se refire ás máscaras, parte dun precoñecemento do personaxe burlado (precoñecemento que, sen dúbida, teñen tamén as mulleres aludidas polas acoutacións que pautan o diálogo). Na estratexia dialéctica que comporta o texto, o movemento de ataque (burla) ten a súa resposta (defensa) nos avisos —que chegan ao final á ameaza— do fidalgo. O malfadado da súa situación non fai, non obstante, senón poñelo máis en ridículo, pois a altiveza que quere amosar non se corresponde co vergoñento e desairado da súa circunstancia presente.

ESTRUTURA TEMÁTICA

Xa anotamos a perceptible unicidade temática do fragmento. Nada temos nel que non estea referido á burleira acollida de que é obxecto o «señor» don Ramón. Aínda así, no proceso de desenvolvemento da escena hai unha gradación do clímax, da atmosfera de tensión que xorde do enfrontamento

dos personaxes. Anotemos, de paso, que as discrepancias entre as máscaras constitúen un xogo de equívocos, comicamente moi eficaz, que non fai senón evidenciar a súa complicidade. Temos así os seguintes tramos neste fragmento:

- a) *Un intre de distensión*: introdución da figura de don Ramón en escena; saúdos rituais e iniciación da conversa (ls. 1-6).
- b) *Unha rápida ascensión climática*: orixinada pola revelación dos propósitos do vello namorado («Vai ver á miña comadre») e a reacción deste, desafiante e ameazante a medida que a escena progresa e as mofas das máscaras soben de ton («Falade con tento»... «Hai que ter crianza»... «Moito coidadiño») (ls. 7-27).
- c) *Un remate anticlimático*: a partir do antepenúltimo parlamento («Si, señor, si...») que ten a súa máis exacta manifestación na última resposta de don Ramón, ao pechar o texto (ls. 29-36).

ACOUTACIÓNS E DIÁLOGO

Na presentación do mínimo universo dramático, da realidade que contén, o fragmento adopta o método dramático de representación, caracterizado porque a situación está presentada ante o lector (ou os espectadores no nivel de representación) dende a óptica ou perspectiva dos personaxes. Consecuencia disto é a presenza da forma narrativa que chamamos diálogo, vehículo que forma a situación de confrontación entre personaxes e, dende o punto de vista da lingua, do seu nivel oral ou conversacional.

Vertebrado pola ordenada sucesión dos parlamentos dos personaxes, o diálogo exhibe neste fragmento unha expresividade popular, unha tensa brevidade textual e unha formalización en estilo directo puro. Carece de incisos explicativos, frases introdutorias ou verbos *dicendi* que son moi frecuentes no diálogo narrativo e que transparentan a existencia nel dun elemento reitor (o narrador) no seu desenvolvemento.

As devanditas marcas, características do diálogo narrativo, están suplidas neste diálogo dramático ou teatral polas acoutacións, se ben estas non se integran no texto (drama), senón que pertencen ao nivel supratextual da representación e nela quedan transformadas en elementos de carácter extraverbal, non literario.

As acoutacións, oito en total, teñen funcións diferentes. A primeira delas, inicial do fragmento, proporciona información dos personaxes en escena

—as mulleres, as máscaras, don Ramón— e matiza a situación e actitudes destes. Outras («Dirixíndose á porca», «Dirixíndose ao demo») subliñan os movementos, a direccionalidade da conversa. Pero as máis delas pertencen ao repertorio extraverbal da situación elocutiva e teñen o seu ámbito na quinésica. Funcionan como marcas enfáticas do efecto burleiro que nos personaxes pasivos da escena (as mulleres) provoca a situación mantida polos tres personaxes activos (don Ramón e as máscaras). Trátase de reiterar unha reacción emocional e intencional do grupo de mulleres que así manifestan a súa toma de posición a favor das máscaras: ... «rin a cachón» ... «rinse moito» ... «ceiban risadas» ... «ceiban novas gargalladas».

OS PERSONAXES

Como elementos que moven e animan a escena, os personaxes pódense clasificar en tres diferentes niveis.

1) Don Ramón: personaxe individual, eixe de todo o acto II e desta escena. Posúe identidade precoñecida para o resto dos personaxes e non agocha esta identidade. Fachendoso e valentón na súa actitude e no seu falar, ridículo na súa presenza, é un dexenerado expoñente da fidalguía con conciencia da súa situación social («Hai que ter crianza... non todos somos uns»). É o destinatario único das burlas e ironías dos demais.

2) As máscaras: como corresponde á coordenada temporal no entroido na que se sitúa a escena, xorden as máscaras, personaxes así mesmo centrais pero de identidade encuberta, situación que fai posible a súa actitude ante o señor don Ramón. O demo e a porca teñen —por diferentes razóns— fonda tradición no entroido galego. O home e a muller (se xulgamos polas marcas de xénero espaxadas polo texto) que se agochan tras as máscaras, a carón das mulleres que «corean» as alusións dirixidas ao fidalgo, representan ao pobo que aproveita o entroido para facer burla dos feitos e persoas que decote son obxecto de murmuracións e maledicencias. Polo demais, o demo é personaxe moi frecuente nos autos sacramentais e tamén na nosa literatura fantástica. A zoomorfización presuposta pola porca lembra o que acontece nos ámbitos do fantástico e marabilloso. As máscaras, cómpre sinalar, eran obrigado aditamento dos actores no teatro clásico grecolatino.

3) As mulleres: estamos ante un personaxe colectivo ou personaxe-grupo, testemuña marcada só nas acoutacións do que acontece en escena entre os protagonistas. Como o coro do teatro clásico grecolatino, funcionan a xeito

de eco. Carecen de actividade elocutiva, pero intensifican a dimensión irónica e lúdica da escena dende a posición a carón das máscaras contra don Ramón.

TEMPO E MARCO

Contra o que adoita acontecer no teatro, nin o diálogo nin as acoutacións proporcionan ningunha información espacial. En todo caso estamos nun espazo aberto. Pode ser un camiño, pola referencia á «lama» e, sobre todo, pola acoutación inicial da escena, «Fondo verde e chan verde» (previa ao noso texto) que semellan situarnos no ámbito rural, aldeán. O feito de que —segundo a citada acoutación— as mulleres estean «sentadas en arró» propicia a interpretación do marco situado á beira dun camiño.

O marco temporal da escena sitúase na tarde, de acordo cos saúdos iniciais, «Boas tardes». A súa duración é moi breve. A temporalización pertence á modalidade de ordenación lineal, cun estrito paralelismo entre o desenvolvemento cronolóxico da escena e o tempo do discurso que a configura. O tempo verbal dominante é o presente, característico do diálogo e da presentatividade pura que implica a escena teatral. En canto ao «tempo» ou ritmo do se suceder da escena, cómpre aquí falar da ralentización ou lentitude, ao incidir o discurso dramático, unha e outra vez, sobre a situación e intencións dun dos personaxes, don Ramón, vítima de ironías e burlas reiteradas sen que o discurso amose novas ou diferentes dimensións do personaxe.

O PUNTO DE VISTA

A cuestión da focalización, da perspectiva que sobre a realidade a tratar ofrece o texto, é sempre un aspecto de interese. O método dramático de representación da realidade, a formalización textual no diálogo inflúen no feito de que o punto de vista estea situado nos personaxes. Trátase, así, dun punto de vista en preseguida alternancia, tripartito, que implica unha focalización en constante movemento.

Pero se tecnicamente o punto de vista é múltiple e alternante, semanticamente estamos ante unha dualidade: don Ramón contra as máscaras e o grupo de mulleres. Así, a visión da figura de don Ramón, do seu proceder e intencións, está ollada dende unha dualidade, dende unha dicotomía perspectivística: dunha banda, a súa imaxe moralmente degradada; doutra, a súa altiveza, fachenda e elevada posición social. O lector (ou ben o espectador) asiste a este entrecruzamento de puntos de vista e, de certo, ten poucas dúbidas sobre cal deles posúe un maior grao de autenticidade.

O PLANO EXPRESIVO

O presente fragmento literario, dramático, é representativo —unha vez máis— da tentativa de reproducir, de reflectir o nivel falado da lingua; máis concretamente, a situación conversacional de rexistro popular. Nese uso lingüístico intermedio —nin culto nin vulgar—, familiar e cotián, distendido e cheo de expresividade, situamos este fragmento.

No que á lingua se refire, salientamos a presenza dun sistema léxico pertencente ao nivel do real e concreto, usual e rico en intencionalidade expresiva. Foneticamente, a forma *pacencia* é un hipergaleguismo e *cas* leva apocopada a vogal final. Para *tormenta*, usual en castelán, posúe o galego formas como *trebón*, *treboada* ou *tronada*. Construcións como «¿A ónde vai o meu almirante...?» ou «Vou a onde me peta» precisan da supresión da preposición e son calcos do castelán. *Barbouzán* é variante ditongada de *barbuzán*.

As claves expresivas de maior importancia son as seguintes:

1) Excitantes de atención: marcas que poñen a énfase na presenza dos interlocutores na conversa. Son elementos, por veces redundantes, que intensifican a función apelativa da linguaxe; índices da situación elocutiva. Temos catro clases deles:

— Pronomes persoais: *El* vai a onde *lle* peta; *El* sabe ben por ónde vai; ¿Sabes *tí*?; ¿Non sabes *tí* que é o galo do mundo?

— Imperativos introdutorios: *Déixao* ir; *Falade* con tento.

— Vocativos: *don Ramón*, *don Ramonciño*/ *home*/ *porca das ánimas*.

— Interrogacións apelativas: ¿*Ves ti*?, ¿*Sabes ti*?, ¿*eh*?

2) Tratamento sarcástico: emprego de fórmulas de tratamento de prestixio inadecuadas á catadura do personaxe cunha finalidade irónico-sarcástica. Son moi frecuentes nos esperpentos teatrais de Valle-Inclán.

— «Almirante» (o don Ramón, que vai borracho).

— «A marquesa das filloas» (a Micaela).

3) Metaforizacións zoomorfizantes: transmutacións zoomórficas feitas con diferente intencionalidade (mellorativa ou pexorativa), típicas da fala popular.

— Don Ramón é *galo vello*, *galo do mundo*, *raposo*.

4) Sentos translaticios das palabras: a expresividade popular adoita empregar moitas palabras con acepcións semánticas diferentes ás habituais, incrementando así a súa polisemia.

— *Chispa* (borracheira); *teso* (alporizado); *tormenta* (borracheira, embriaguez); *petar* (desexar, apetecer); *vai ben alumeado* (borracho).

5) Sufixación apreciativa: subliñemos aquí a presenza dos diminutivos, índices, neste caso, dunha afectividade ou actitude negativas do falante.

— Don Ramonciño (valor irónico-burlesco).

— Moito coidadiño (intensificación da ameaza).

6) Antífrase e hipérbole: a antífrase é un recurso de ironía, non exenta, neste caso, de humor. A hipérbole é unha magnificación desmesurada da actitude violenta de don Ramón. Temos como exemplos, respectivamente:

— «Déixao ir, home, *que vai ben acompañado*» («acompañado» só do moito viño que leva con el).

— «Porque cando me poño teso... arrímanse os cans ás paredes» (expresión desmesurada do medo que lle teñen todos cando se alporiza).

7) Expresións pleonásticas: son, por veces, simples reforzamentos da expresión. En ocasións matizan, amplifican, modifican a expresividade da frase.

— Déixao *ir*, home, *que vai ben acompañado*.

— *Vai ver* á miña comadre... *vai ver* á filla do antroido...

— *Sí, señor, sí.*

— El sabe ben por onde vai e a onde vai...

— ¿Non sabes tí que é *o galo* do mundo... é *un galo* vello... é, máis que *un galo*...

8) Claves da sintaxe: a sintaxe do fragmento posúe evidente sinxeleza formal e manifesta o predominio da frase curta, da xustaposición ou ben —nas frases compostas— do enlace débil copulativo. Temos algúns exemplos de truncamento da frase porque o que vai expresado suxire dabondo o que o falante omite. Vai expresa só a parte relevante da mensaxe e o resto é superfluo (de aí o truncamento) e o tonema final queda en suspensión.

— «*Vai ben acompañado...*».

— «El sabe ben por ónde vai e a ónde vai...».

— «E góstanlle as galiñas novas...».

— «E cando entra nun galiñeiro...».

Anotemos así mesmo a presenza de partículas gramaticais de transición que son reforzos da comunicación (función fática): «E logo, don Ramón»; «Vai a onde lle peta, *que* por algo naceu fidalgo» etc. E tamén a irregularidade da estrutura dos elementos suprasegmentais —expresiva da intensidade emotiva— coa frecuente aparición de períodos sintácticos de entoación exclamativa e interrogativa, rematamos en tonemas ascendentes ou en suspensión.

[Unha primeira versión deste artigo foi publicado en Alonso Girgado, Luís (1992): «Os vellos non deben de namorarse de Alfonso R. Castelao» en *Literatura galega do século XX: comentario de textos para COU*, Vigo: Galaxia, pp. 23-40]

Ánxel Fole e *Á lus do candil*

Malia o que puidera ter feito, pois formación non lle faltou para iso, Ánxel Fole non deixou senón páxinas espalladas por limiares, libros de conversas, artigos de xornais e aínda polo medio dalgún dos seus libros de contos sobre a arte da narración curta. Ben entendido que ás veces fala directamente da súa propia contribución á contística, mentres que noutros casos discorre sobre o conto en xeral.

Á LUS DO CANDIL

Con *Á lus do candil* (1953) comeza Ánxel Fole a súa traxectoria no ámbito da narrativa curta en galego. Foi o seu primeiro libro publicado despois da tentativa frustrada que significou *Auga Lizgaira*. Sabemos polo escritor que este libro foi o froito dun moi propicio intre creativo nas terras do Incio, na montaña luguesa, illado e entre precariedades económicas segundo deixan entrever certas cartas dirixidas a Salvador Lorenzana, quen preparou este libro de Fole, fixo un limiar e foi o interlocutor dos proxectos tanto narrativos como teatrais do autor. O libro ía contar coas ilustracións de Colmeiro, substituídas ao final polos gravados de Xoán Ledo.

No mesmo ano da aparición do libro temos unha crítica de Carballo Calero¹ na que o profesor ferrolán fai unha clasificación temática dos contos, detecta neles a presenza do elemento de «misterio e alento sobrenatural» e salienta os dotes de observación e seleccionador da realidade do seu autor. Ao mesmo tempo, albisca no libro o asomar do novelesco erudito (en contos como «O espello» ou «O tesouro»), se ben non se lle escapa a filiación popular do conxunto.

A segunda edición do libro en 1968 orixina unha crítica de X. L. Franco Grande² que, despois de lembrar a significación da aparición da obra en 1953, salienta a sinxeleza técnico-expresiva do escritor e rexeita a descualificación de «enxebrista retrógrado» coa que alguén recibiu o lugués. Non deixa non obstante de advertir «certas eivas» na lingua dos contos, lingua por outra parte caracterizada pola súa autenticidade e fidelidade oral.

¹ Ricardo Carballo Calero (1982): «Contos de Ánxel Fole» en Op. Cit., pp. 237-239 [R. Carballo Calero: «Sobre Terra brava» en *Libros e autores galegos. Século XX* A Coruña: Fundación P. Barrié/ R.A.G. O traballo está reproducido en *Os escritores lucenses arredor de Fole*, Lugo, 1986.]

² Xosé Luís Franco Grande: Op. Cit. [Franco Grande, X. L. (1968): «Á lus do candil, por A. Fole», *Grial* 21, pp. 366-368.]

Unha terceira edición en 1979 mereceu unha nova recensión, esta vez doutro lugués que se ía revelar como un dos máis tenaces estudosos da obra foleana, Claudio Rodríguez Fer³. O axeitado retrato do ámbito todo das terras do Courel —costumes, xentes, vida, lingua— no seu devalar intrahistórico, a recreación lírica da paisaxe poboada de figuras, o trazado dunha panorámica xeoantropolóxica, os elementos de medo, humor e misterio a carón de esculcar no alén, no metapsíquico e parapsicolóxico, no mundo e no trasmundo, en fin, do home galego, foron algunhas das claves advertidas polo crítico.

E outras claves do libro proporcionadas por Fernández del Riego nas páxinas de *Grial*: a fundamental importancia do «sucedeo» —ou acontecemento puro— eixe da historia, a forte presenza do narrador no decurso da narración, o achegamento do onirismo e a superstición como contrapunto do realismo cara á terra, o ton poético do fraseo e o estilo flexible caracterizarían este «retábulo de costumes» das xentes do común do medio rural, que artella así mesmo nas súas historias un «comento interpretativo do dexergar personal» do escritor. Para nós é de especial relevo a observación de como Fole ás veces «lisca da realidade tanxible e visible para albiscar as zonas misteriosas que beirean o fantástico»⁴.

Por último, e para pechar este breve percorrido crítico polo libro, cómpre facer mención dalgunhas estimacións do propio Fole, para que a experiencia da vida na aldea, na montaña, fora decisiva á hora de escribir estes contos. Na súa xénese advirte dúas liñas: a daqueles que desenvolven unha historia allea á súa invención persoal e a dos inventados por el mesmo. «¡Aleluia!», baseado nun pesadelo que tivera Carlos Maside, é un exemplo dos primeiros: a preferencia do escritor vai non obstante polos segundos, que son moito máis numerosos, pois «nos meus libros case todo é invención. Os meus mellores contos son os inventados»⁵.

O FANTÁSTICO EN *Á LUS DO CANDIL*

A situación de moi boa parte dos contos de *Á lus do candil* no eido da narrativa curta de carácter fantástico precisa polo menos dunha breve referencia á literatura fantástica, á tradición galega do fantástico e, por fin, ás peculia-

³ Claudio Rodríguez Fer (1980): «*Á lus do candil. Contos a carón do lume*, por Ánxel Fole», *Grial*, 67, pp. 115-117.

⁴ Francisco Fernández del Riego (1987): «Narrador e paisaxista», *Grial* 95, pp. 36-48.

⁵ Carlos Casares (1984): *Conversas con Ánxel Fole*, Vigo: Galaxia, pp. 73 e ss.

ridades do fantástico en Fole. Agás no último dos casos, para todo o demais remitimos ás páxinas do noso traballo *Ánxel Fole e Á lus do candil*⁶, nas que fixemos un breve percorrido polos principais autores, títulos e liñas mestras da literatura fantástica universal ao tempo que reparamos —aproveitando a contribución de Antón Risco⁷— en certos exemplos proporcionados pola literatura galega a ese eido da narrativa e damos conta dun feixe de definicións que con mellor ou peor fortuna, de forma máis ou menos completa, delimitan o estritamente fantástico do chamado marabilloso ou catalogado cunha serie de cualificativos afíns ou sinónimos.

Para nós non ten dúbida que en moitos contos de *Á lus do candil* o problema-eixe é o da interpretación da realidade visible, do que os personaxes perciben polos ollos en visións que os fan tremer e que, na meirande parte dos casos, están vencellados a premonicións de morte para quen as experimenta.

En «¡Viña do alén!» o personaxe-narrador ten a privilexiada visión dun home «que non daba fala». A posterior explicación por un paranarrador non contribúe á explicación lóxica do feito, reafirmado nunha nova visión que o narrador ten ao final da historia, na que o fantástico mantén a súa natureza de feito supranormal, inexplicable, insólito, entre a perplexidade e a dúbida do personaxe e do lector. E outra percepción visual é clave de «O Lordanas», no que Fole crea unha atmosfera ateigada de medo e estarrecemento coa aparición do tolo Montero no camposanto nunha noite pecha de treboada. Nin a meiga nin o médico dan conta cabal do efecto da visión —a morte do Lordanas—, aínda que ao final a explicación discursiva do escritor rache coa aceptación e credibilidade do fantástico.

Dunha visión trata así mesmo «O traxe do meu tío», onde un traxe gris sae voando pola fiestra. A visión provoca noutro personaxe distinto ao que está a experimentar a premonición de morte, que acada un súpeto cumprimento en poucas horas. Aquí o fantástico queda en pé, vinculado á premonición e á superstición. Outra premonición de morte diante da contemplación do seu propio enterro, e motivada polo tanto por unha contemplación visionaria, é eixe de «Antón de Cidrán». O narrador mantense nunha eficaz neutralidade e o fantástico acada toda a súa virtualidade.

⁶ Na Editorial Galaxia, no prelo.

⁷ Antón Risco (1991): *Antoloxía da literatura fantástica en lingua galega*, Vigo: Galaxia.

Aínda que cunha fábula máis complicada no seu desenvolvemento, tamén «O espello» posúe na súa cerna mesmo unha visión: a dun cabaleiro misterioso que está a revolver nunhas gabetas á procura dunhas cartas. Pero nesta ocasión o peche do conto proporciona unha explicación lóxica como «cousa do subconsciente» ou simple lembranza dun soño.

Visto o carácter visionario, de percepción visual problemática, insólita e inexplicable, do fantástico nestes contos citados, pasemos a dicir que, entre as liñas do chamado neofantástico, xa H. G. Wells⁸ falou dun tipo de relato no que tivera lugar só un feito fantástico e todo o demais fora grisallo, cotián. Esta contextualización do fantástico axudaría co seu realismo á credibilidade ante o lector e estaría a diferenciar o fantástico do puramente marabilloso. Velaí o chamado realismo fantástico que M. R. James vinculaba á «poética do estarrecemento»; isto é: nun universo de radical credibilidade (realista) xorde un feito increíble, extraordinario, estraño, insólito (fantástico) e o sinistro asoma a orella. O tratamento realista conforma case todo o universo narrativo agás un feito puntual de moi diversa natureza.

Este é, estimamos, o caso dos contos fantásticos de Fole, afastados do fantástico puro, pero achegados aos temas da literatura fantástica nas súas historias das xentes labregas, das xentes da montaña luguesa olladas polo demais cunha óptica documentalista, como se dun etnógrafo se tratase. O realismo de Fole é integral na medida na que abrangue o home concreto e a comunidade, o home e o seu medio, e así mesmo o mundo e o trasmundo, o aquén e o alén dese home galego, de mentalidade poboada pola superstición, o medo, as premonicións, os feitizos. Un intramundo habitado de fenómenos e percepcións de natureza fantástica radicalmente enfrontados coa realidade lóxica, explicable, sólida, segura e natural.

Algúns exemplos concretos de todo isto. En «O espello» temos un espazo narrativo de referencialidade inequivocamente galega: terras ourensás da Rúa, ribeiras do Sil, Santiago, o pazo. O pazo é obxecto dunha precisa descrición da riqueza das cousas do seu interior. Dous dos personaxes (un deles o narrador) estudan en Santiago e pasan unha tempada no pazo, no que vive Rosiña, unha moza fermosa. O tempo das vacacións pasa devagar. E un día, de súpeto, unha visión que enfiá a historia polos vieiros do fantástico nun contexto, como xa vimos, cotián e realista.

⁸ Italo Calvino (1987): *Cuentos fantásticos del siglo XIX*, vol. I., Madrid: Siruela, pp. 9-20.

En «¡Viña do alén!» atopamos uns tratantes de gando que acudiron a unha feira. Comen e beben na taberna, xogan ás cartas; logo, a viaxe de volta. Mais cando están a xogar, a visión, o xurdimento dese «peto do trasmundo»⁹ que está a se internar «no caserón semi-valdeiro da vida cotián» en palabras de García-Sabell. E comentarios semellantes e aínda máis precisos do realismo contextual de raíz galega, no que xorde nestes contos o puntual feito fantástico, pódense facer de «¡Aleluia!», «O Lordanas», «Arxemiro» ou «O traxe do meu tío».

Dentro desa dimensión de suxestión visual do fantástico foleano poderíamos matizar aínda que a iconografía das visións está a se caracterizar polo seu realismo e a súa reiteratividade. Trátase sempre de figuras humanas ou elementos —o traxe, por exemplo— referidos ao home, sen que teña cabida a rica fauna do fantástico a base de vampiros, anxos, monstros, diaños ou calquera ser extraordinario.

Din os tratadistas do fantástico que nunha narración desta natureza o escritor debe sempre habilitar, abrir unha porta á explicación lóxica; apertura que non deberá, non obstante, anular ou invalidar a aceptación do irracional, do inexplicable, do insólito. Para observar como Fole resolve esta cuestión, o «Grande parladoiro» de *Terra brava* semella unha imprescindible fonte de consulta, na medida en que nesas páxinas digresivas Fole verte máis dunha interesante opinión sobre o tema.

Pero vexamos algúns exemplos concretos. En «¡Viña do alén!» hai dúas explicacións lóxicas á visión: unha alucinación producida polo viño e o efecto do meigallo. A reaparición desa visión mantén, non obstante, a validez do fantástico e a perplexidade, a dúbida, a inqueda no personaxe ou no lector. Pola contra, en «¡Aleluia!» o escritor recorre ao tópico do soño e racha así a validez do fantástico que, por outra banda, resulta inoperativo en «Arxemiro» —onde vai asociado á premonición de morte— pois o recurso á alucinación froito da bebida deixa ergueita, non obstante, a perspectiva de credibilidade no lector. Por outro lado, o tratamento claramente paródico-humorístico anula toda a eficacia do fantástico —revelado neste caso por vía auditiva— en «Os defuntos falaban castelao». En «O traxe do meu tío» a explicación dada polo tío Pepe non revela senón o seu interior supersticioso.

⁹ Domingo García-Sabell (1985): «Disculpa por Galicia», *Terra brava*, Vigo: Galaxia, 3ª edición, pp. 15-21.

En síntese, e sen abondar máis na exemplificación, poderíamos sintetizar a caracterización do fantástico nos contos xa citados de *Á lus do candil* nos seguintes puntos:

1. O fantástico xorde como suxestión visual. Isto sitúa o escritor na liña do fantástico-visionario, preto da tradición do xénero que parte xa do século XIX.
2. A visión caracterízase pola súa instantaneidade. Recorrente nalgún caso dentro do mesmo conto, marca un clímax dramático nos personaxes e vai asociada neles ao medo, ao estarrecemento ou á premonición da morte propia ou allea.
3. Adoita o autor deixar unha fiestra aberta, unha explicación lóxica ao feito fantástico. Nalgún caso esa explicación anula a súa virtualidade e destrúe a súa credibilidade perante o lector.
4. A iconografía das visións é moi sinxela: son case sempre imaxes humanas ou cousas familiares e cotiás. Non aparecen figuracións abstractas, simbólicas, moi frecuentes no xénero fantástico.
5. O contexto realista de referencialidade galega enche todo o universo narrativo dos contos. O fantástico, que é tan só un punto nese universo, é elemento desencadeante da acción e constitúe unha manifestación do tras-mundo do home galego, da súa mentalidade máxica poboada de fenómenos do transreal de dimensión supranatural.
6. En certas visións hai elementos de claras connotacións galegas que, na mentalidade supersticiosa das xentes, están revestidos de máxicos poderes. Así acontece con certos animais como a curuxa, pero tamén cos cans ou o paxaro laión. Tamén aparecen as meigas ou a Santa Compañía.


[Unha primeira versión deste texto foi publicada como introdución á edición de *Á lus do candil: contos a carón do lume*, que veu a luz da man da Editorial Galaxia en 1993]

Ollando nos «arquivos» de Rafael Dieste

Antes de entrar na consideración dalgúns aspectos dos «arquivos» narrativos de Dieste, non será inútil reparar no título mesmo do seu libro: *Dos arquivos do trasno*. Un título, ao noso ver, acertado polo que ten de intelixente, de suxestivo. Como se advirte, a natureza do que agochan eses arquivos vai elíptica ou tácita e suscita o interese do lector polo que poida ter de misterioso e descoñecido. Pois nun arquivo, coma nun cartafol ou nunha gabeta, gardamos os documentos ou papeis privados, confidencias, segredos. «Arquivo», polo demais, é unha voz pertencente ao rexistro culto que, polas súas connotacións, nos remite ao pasado cronolóxico, ao ámbito da letra impresa. Coa súa mención Dieste volve unha vez máis ao tópico da procedencia allea do que se vai referir, tal e como fixera xa Cervantes no seu *Quixote*, por poñer só un exemplo.

Pero, ademais, «arquivos» contrasta moi expresivamente co núcleo do seu complemento, «trasno», palabra de xenealoxía popular e afincada fondamente no terreo do máxico, do irreal, do sobrenatural da mentalidade galega. O trasno lévanos ao folclore, á literatura de tradición popular. Como pequeno diaño, como espírito rebuldeiro —non totalmente inofensivo ás veces— ten a súa representación en moitas tradicións literarias (o elfo xermánico, o gnomo irlandés, o troll escandinavo, a *fairy* inglesa ou o *brownie* celta), como observa Estelle Irizarry. Nun senso metafórico, pero non menos popular, «trasno» remítenos ao rapaz algareiro, ao inquedo protagonista das «trasnadas» infantís.

Por certo, o mundo narrativo de *Os arquivos do trasno* non desminte, senón todo o contrario, as observacións feitas a propósito do seu título. E por aí mesmo podemos principiar o noso percorrido polo libro, a nosa caracterización das súas claves de unicidade e dalgunhas dualidades opositivas que este feixe de contos manifesta.



A primeira desas dualidades é a concorrencia de vida e literatura. Neste senso, xa Fernández del Riego anotou que o libro de Dieste se alimentaba «de ese deslumbrante caos que son la vida real y la imaginada... de la vida y de los libros». Por descontado, a vida é a vida de Dieste, a lembranza dos seus anos rianxeiros recreados por unha memoria lírica, sensitiva, nostálxica. «Moitas rianxeiras impresións primeiras de Rafael poderán ser rastrexadas logo na súa obra aquí e alá», escribe Rei Núñez na súa biografía do autor. Exemplo paradigmático, no libro que nos ocupa, é o conto «De cómo veu a Rianxo unha balea», baseado nun feito real acontecido na vila mariñeira aludida no título. A lembranza do «rapazote» narrador daquel suceso que conmoveu «o cabo do mundo» que era Rianxo, a alusión precisa aos «altos de Tanxil», o enfrontamento Rianxo-Vilanova pola posesión da presa, a tenra compaixón ante o cetáceo morto expresada polo narrador —«¡Criaturiña!»— teñen o sabor do vivido. O mesmo podemos dicir dos picariños que xogan no almacén en «Espanto de nenos», das figuras dos mariñeiros, taberneiros, vagabundos, vellos, tolos e emigrantes que protagonizan as historias que se están a contar.

Nestas historias hai, dunha banda, a dimensión do directamente vivido; doutra, a do escoitado de fonte allea. Na crédula imaxinación do Dieste neno non deixarían de quedar impresas as cousas que lle contaba a súa nai, dona Olegaria, que ao parecer tiña excepcionais dotes de narradora. Nin tampouco as conversas que escoitaba na tenda de don Xosé R. Nine, amigo do seu pai, nas que se falaba de novos e sorprendentes inventos da época, así como de temas filosóficos.

Pero, a carón das lembranzas rianxeiras incorporadas ao universo de ficción dos contos, está o feito de que Dieste foi un precoz e asiduo lector que amosou unha temperá afección polos libros de filosofía. Falando dos tempos nos que Dieste exercía o xornalismo en Vigo, Pillado Rivadulla anota que «Rafael Dieste, a los veintitantos años, había leído y estudiado muchísimo». A ese soporte libresco hai que engadir «el contacto entrañable con la Galicia más auténtica y con sus gentes, con los convecinos rianxeiros, campesinos, pescadores, artesanos». Sen dúbida da curiosidade intelectual polos temas científicos, filosóficos ou metafísicos, proceden as claves de contos como «Once mil novecientos vinteseis», «O drama do cabalo de xadrez» ou «O neno suicida», entre outros. Semella innegable, polo demais, que a madurez técnica e estilística do conto diesteano é froito dunha previa asimilación de moitas lecturas e dunha consciente reflexión sobre as mesmas.

Unha segunda dualidade, a presenza do culto e do popular, corre en certa medida parella á anterior. Concordamos con Carballo Calero en salientar o «primor intelectual» da obra do rianxeiro e doutros novecentistas da súa xeración. Mais sen dúbida, por moito que de requintamento estético, de esixencia formal e de intelectualismo que advirtamos, non é rigoroso falar de asepsia sentimental. Pezas como «Na morte de Estreliña» —un verdadeiro poema lírico en prosa—, «Nova York é noso», «O vello que quería velo tren» e outras máis posúen unha contida emoción, unha lírica emoción tinxida de dramatismo e de tristura. Só dun xeito impreciso pódese falar dun Dieste neopopularista. Máis exacto semella anotar a presenza do popular sometido a unha estética, a unha técnica e unha expresividade de orixe culta.

Populares —do popular galego— son a meirande parte dos personaxes, tipos ou arquetipos que constitúen o verdadeiro eixe dos contos. «Todos os seus contos —di Basilio Losada— constrúense arredor dun home». Este home protagonista (ás veces un neno) xorde acosado pola pobreza, pola desilusión, pola adversidade ou pola morte.

Criaturas de ficción como o neno de «Nova York é noso», o vello de «De cómo se condenou Ramires», o barbeiro de «O grandor do mundo» ou mesmo o vello Moreno son expoñentes da dignidade dun pobo que sabe sufrir, resistir a adversidade, soportar o fracaso, destemer a morte. Ademais, estes personaxes non só están ollados na súa dimensión externa. A súa mentalidade poboada por supersticións, pola crenza no supranatural —«as verdades invisibles do alén», en expresión de Fernández del Riego— aparece tamén como manifestación da visión interna, en profundidade, do home galego. Pero diso falaremos cando analicemos a dimensión do fantástico en Dieste.

No plano técnico, o conto popular, o conto contado, o conto tradicional galego, está a influír no escritor, como máis adiante e con máis evidencia estará en boa parte dos mellores contos de Ánxel Fole. Sen esgotar a cuestión reparemos na natureza popular do remate didáctico e sentencioso de pezas como «Un conto de reis». Maior relevo teñen estratexias características da narración popular como as apelacións ao auditorio do tipo «Non me deades moito creto...», «Terei agora que vos pór ao tanto...», «¡que tola anguria, meus amigos!...», «Vós teredes, supoño, mellor idea...» e moitas outras que o narrador prodiga intensificando a atención e a participación dos presentes no que se está a contar.

Os dominios da metanarración popular pertencen ás expresións do narrador a xeito de comentarios sobre a súa propia forma de contar. A este propósito que pon a énfase na arte do contador das historias, obedecen expresións do tipo «lonxe de min a intención de metervos medo...», «os contos hai que adornalos, moi ben adornadiños...», «pro diso non estou certo» etc., que atopamos espalladas aquí e alá no decurso das narracións. De feitío popular é o narrar demorado, as reviravoltas que dá o narrador antes de entrar no miolo da súa historia e aínda cando xa está nela, tal e como acontece na leria. Non hai senón ler «A volta» para constatar como o narrador anota feitos, datos e circunstancias accesorias que difiren a aparición do núcleo da historia. Convén engadir, non obstante, que isto non é nin xeral nin excesivamente frecuente no escritor. Adoita este, en troques, empregar outra técnica do conto popular, a do encaixe ou engarzamento dunha historia noutra, co correspondente cambio de narradores. Esta técnica especular, moi empregada por Ánxel Fole, advírtese nidiamente —por poñer un só caso— en «O vello Moreno», na taberna que é marco da narración o anónimo contador da primeira historia dá entrada ao vello Moreno, que comeza o reconto do seu caso: «Eu sei dunha muller...».

Finalmente, neste breve percorrido cómpre facer mención dos encadramentos espazo-temporais, que enmarcan as coordenadas da historia: «Alá polo mil oitocentos trinta...», «Eran dalá da montaña... dunha disas aldeas...», «Cando eu era rapazote... chegou un día a Rianxo», son frases que en forma de clixés ou estereotipos sitúan o relato ante o auditorio.

Xa no plano do contido, non esquezamos a débeda dalgúns destes contos coas lendas da tradición popular galega. En casos concretos como «Encol da morte de Bieito», «Hestoria dun xoguete», «Espanto de nenos» ou «A volta», Dieste aproveita elementos das lendas de mouros, aquelas que tratan das visitas dos defuntos, da Santa Compañía e outras de carácter relixioso que o escritor recrea con orixinalidade.

Outra dualidade nestes «Contos do monte e do mar», subtítulo que leva este libro, é a condición de contos do fantástico dalgunhas historias a carón do realismo que se manifesta noutras. Como contos realistas podemos mencionar «De cómo veu a Rianxo unha balea», «Na ponte de ferro», «O grandor do mundo» ou «O vello que quería velo tren». Neles a anécdota é mínima, puntual, e a narración posúe unha delicada tea de lirismo envolto ás veces en melancolía, ás veces en signo trágico. Esa substancia lírica que non pasou

desapercibida a Vicente Risco nin a Basilio Losada, asolaga un conto como «Na morte de Estreliña».

Aínda que cunha terminoloxía cambiante —E. Irizarry fala de «realismo máxico»—, non é dubidosa a inclusión de moitos contos deste libro no ámbito da narrativa fantástica curta; unha narrativa que ten nas nosas letras unha rica tradición e na que Dieste ocupa un lugar de privilexio xunto a Cunqueiro, Fole ou Risco. O fantástico posúe en Dieste manifestacións de diferente natureza. O autor está a indagar no estrato irracional, ilóxico, sobrenatural, vixente na mentalidade e na psique do home galego. Nun contexto realista, nun ambiente no que impera o cotián e o popular asoma a orella un feito insólito, inverosímil, que promove o terror, o arreguizo, o medo; que abre a porta ao misterio, ao alén, ao inexplicable. Ás veces un motivo poético —a luz, por exemplo— anuncia a presenza do fantástico, como acontece en «A luz do silencio», que acada implicacións filosóficas e metafísicas acerca da existencia, da identidade, da realidade perceptible e do pensamento do home. Implicacións que xorden tamén en «Espanto de nenos», onde se problematiza a realidade do visible, a visión do «ollo alerta e só» que fita os rapaces. O entrecruzamento multiperspectivístico co que se interpreta finalmente o feito deixa en suspenso, na dúbida, a natureza deste. Así o escritor non racha coa credibilidade do fantástico, coa posibilidade de que aquela visión —«ca súa frieza de transmundo axexante»—, inquietante e misteriosa, fora unha mensaxe do alén, da realidade sobrenatural.

A problematización sobre a realidade do visible resoa novamente en «A volta», cando o fillo da vella Resenda xorde de súpeto «ergueito e led» co caravel entre os dentes. Trátase, unha vez máis, do regreso do defunto vinculado agora á premonición da morte. Na contística de Fole atopamos varios casos semellantes. De novo a Luz, «o resprandor do pequeno lume», está presente, preto da aparición do fantástico.

Ao ámbito do fantástico científico pertence «O neno suicida», aínda que o tratamento do tema difira moito de calquera cientifismo. Trátase aquí da posibilidade de inverter a bioloxía, o desenvolvemento biolóxico do home en aberto desafío ás leis naturais. Hai neste conto un fondo de lenda, posúe un desesperanzado compoñente existencial e unha mensaxe fortemente pesimista, polo que ten de constatación da radical soidade e indefensión do ser humano. E fantasía científica que cae no eido concreto das chamadas «viaxes polo tempo» é «Once mil novecentos vinte e seis». Un ben coñecido

e clásico exemplo é a *Máquina do tempo* (1895) de H. G. Wells. Dieste trata o caso do home soterrado en vida que —froito do experimento do doutor Nóvoa Santos— esperta nun nicho aló polo ano 1926. Neste conto, por vez primeira, o escritor crea un estarrecedor escenario fantástico no que, despois de dez mil anos, o home vive nun estado de absoluta regresión; nun salvaxe primitivismo que o leva á antropofaxia e a unha linguaxe que é berro elemental. Estamos ante un conto que promove o arreguizo no lector; un conto no que a escenografía primeira procede xa da novela gótica, sempre proclive aos lóbregos e fúnebres subterráneos (criptas, nichos, pasadizos, covas). O macabro non agocha tampouco a súa presenza. A ollada no futuro é desoladora polo que a historia ten de negación do progreso. Podemos exemplificar neste conto a negación do fantástico. A confesión feita finalmente polo narrador protagonista de que todo foi un soño, un pesadelo —«Despertei de vez, aterecido»— anula calquera eficacia, calquera apoio de credibilidade da historia.

Non acontece así no primeiro conto do libro «Encol da morte de Bieito», no que a credibilidade do fantástico —unha percepción sensorial, auditiva— queda en suspenso despois de que o narrador protagonista dea conta da súa actitude pasiva ante o feito; actitude motivada polos seus medos, as dúbidas, o temor ao ridículo que puidera comportar a afirmación daquilo —«Unhas uñas desesperadas rabuñaban nas táboas» do cadaleito— que escoita ou cre escoitar. Lembremos, co mesmo motivo narrativo, pero con tratamento moi diferente, «A caixa de morto», de *Á lus do candil* de Ánxel Fole.

Temos que renunciar a máis precisións e ao exame de contos dos que non fixemos mención. Aínda así non deixaremos de facer algunha referencia máis ao mundo narrativo de Dieste nestes «arquivos».

Dese mundo, a constante máis evidente é a morte. A morte como cerimonia e rito, como premonición, como límite da resistencia das conviccións, como liberación ou como acto de autosupresión. O suicidio está presente en máis dunha ocasión. A morte é igualmente veciña da infancia e da vellez. A morte como epílogo dunha existencia ameazada pola soidade, o sufrimento, o fracaso, a pobreza, o desamor e o abandono. Sen pretensións de exactitude na xeneralización, semella ben certo que a visión da existencia que nos transmite o escritor é morna e desesperanzada, pesimista e triste.

Outros motivos a carón da morte son os da marcha e o retorno, a marxina-ción e o fracaso existencial, o enfrontamento coa adversidade dende unha

actitude de dignidade, o derrubo dos soños, a inaceptabilidade da condición humana e a nostálxica lembranza da infancia. Hai, xa que logo, un afondado humanismo cuberto dunha atmosfera sombriza que está complementada por un lirismo ateigado de emoción. Isto é consecuencia do privilexiado estatuto que os personaxes —ampla galería de figuras de inequívoca estirpe galega algunhas delas— posúen nestes contos. A aparición do compoñente humorístico é máis esporádico que constante.

[Extracto de «Ollando nos 'arquivos' de Rafael Dieste», *A Nosa Terra. A Nosa Cultura* 15, marzo, pp. 26-30]


Nas moradías poéticas de Avilés de Taramancos: dos poemas de *Tapal a Cantos Caucanos*

A traxectoria poética de Xosé Antón Avilés Vinagre (despois, literariamente, Antón Avilés de Taramancos) desenvólvese ao longo de tres etapas que en definitiva reflicten episodios e circunstancias da peripecia biográfica do escritor. Vida e creación poética, pois, corren parellas, unha vez máis, e a primeira informa —nutre, alimenta, determina— a segunda. Será preciso matizar, non obstante, que a vida implica non só a peripecia biográfica nun senso circunstancial ou externo, senón tamén —e sobre todo— un conxunto de claves internas, un substrato existencial ou vivencial que no caso de Avilés de Taramancos posúe unha dobre dimensión ideolóxica e sentimental. Na primeira está a súa concepción nacionalista de Galicia dende unha perspectiva de loita liberadora. No íntimo-sentimental, un conxunto de perdas e naufraxios: a xuventude, os seus sonhos, o mar, a terra natal, a obsesiva ausencia dos seus eidos, o latexo amoroso, a identificación coa natureza e a recorrencia do retorno á patria perdida.

Non será esaxerado dicir que estamos ante un caso en que o nacemento á vida consciente implica o nacemento á poesía. Pois se habitualmente asociamos a lírica á xuventude —con todas as súas consecuencias— en Avilés de Taramancos (Taramancos-Boa, 1935-Noia, 1992) temos que falar dunha adolescencia que manifesta a precocidade literaria de quen xa aos catorce anos daba á luz as súas primeiras composicións.

A primeira etapa da obra poética de Avilés de Taramancos percorre a década do medio século, corresponde ás xeografías de Noia, A Coruña e Ferrol e resulta dos anos de aprendizaxe

—adolescencia, primeira xuventude— do escritor. Esta etapa representa, primeiramente, a súa prehistoria como poeta (as inevitables tentativas iniciais) e ten a súa canle en distintas revistas poéticas ou literario-culturais



para rematar na publicación do seu primeiro poemario, *As moradiñas do vento* (1955) e despois —xa con voz poética de seu— en *A frauta y-o garamel* (Moret, A Coruña, 1959). Outros conxuntos poéticos como *Poemas a Fina Barrios. Pequeno canto* (1959) ou *Poemas soltos a Maricarme Pereira* (1961) agardarán a súa publicación ata 1982, na recompilación que, co título *O tempo no espello*, presentou Salvador García-Bodaño¹.

A xeira poética daquel «autodidacta sen aulas nin cátedras»² comeza en Noia, cando era un rapaz que cursaba o bacharelato nunha academia e contaba o poeta muradán Manuel Fabeiro Gómez como mentor en materia de lecturas. Foi Fabeiro (o popular Manolé) quen lle abriu as páxinas para colaborar en varias revistas e a primeira delas foi *Tapal* —literaria, ilustrada, atenta aos asuntos locais de Noia— que entre 1950 e 1955 botou nove números. Naquelas páxinas nadas baixo o signo dunha «Minerva inexperta y azorosa» fixo o seu bautismo poético un José A. Avilés Vinagre que entre 1950 e 1955 publicou oito composicións³, unha delas —«Soneto»— en castelán. Non é de estrañar que na primeira, ao pé do poema, xunto co nome do autor apareza o dato «14 años» e quizais tampouco que a esa idade, o «poeta» celebre as terras de Noia sen esquecer —xa coa ferramenta da imaxe— a fermosura das mozas noiesas, que aos

seus ollos xorden
cal raíces de sol
son pelras douradas
brilantes de amor

O ton nostálgico faise sombrío, fúnebre na segunda entrega, «Morriña», onde asoma como motivo central a saudade, contemplada como unha dor que aparece de súpeto e que carece de explicación. O sistema léxico seleccionado polo poeta (ôsos, roian, sofria, probe, cadavre, xemido, escuro, triste etc.) enfatiza a desolación. A encrucillada proposta

quen poidera morrer na terriña
quen poidera marchar

¹ Antón Avilés de Taramancos (1982): *O tempo no espello*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro.

² Ana Romaní (2002): «Que non existe o olvido, meu señor amigo» en *Antón Avilés de Taramancos*, A Nosa Terra, Col. A Nosa Cultura, 21, 8.

³ A primeira aparece no número 2 de *Tapal* (decembro, 1950) e a oitava no número 9 (agosto, 1955).

preludia o motivo da viaxe, anos despois asumido na vida do poeta cando marcha (emigrado, exiliado) ás Américas, a Colombia, onde vivirá case vinte anos. E isto que apuntamos ten o seu referendo en «Saloucos d'un emigrante», certamente premonitorio, onde se mesturan dous leitmotiv do poeta: Noia (logo a Noia-Ítaca) e a saudade ferinte da súa ausencia:

Ai, Noia, Noia querida... ¡cando volverei pr'ahí! ... non chores mais, qu'unque morra, anque morra...¡jei de ir a Ti!

En marzo de 1952 o Circo de Recreación da vila noiesa cumpre o seu centenario e convoca un certame literario baixo o lema «Exaltación de Noya o sus glorias». Manuel Fabeiro intervén no acto que, celebrado no Teatro Galicia, preside Otero Pedrayo. O noso poeta, mozo de 16 anos, envía un poema en galego que é distinguido cunha mención honorífica. Trátase en realidade de dúas breves composicións —«Antón de Noia» e «Cadarsó»— que se configuran metricamente en fragmentarios romances heroicos ou reais de verso hendecasilabo que homenaxean a dous personaxes históricos de Noia vinculados á volta ao mundo de Magallanes e á viaxe americana de Colón. Interesa aquí salientar a altura do ton e o alento épico do canto ao que volverá o poeta anos despois. No mesmo número da publicación, outro poemíña, «Poema da lúa e do mar» —unha estampíña paisaxística moi cromática— evidencia a pegada da cosmovisión e temática hilozoístas:

O mar arrulou a lúa...
a lúa morreu de medo...

«Lume que morre» é un mínimo romance lírico ateigado de sentimentalismo. Pola contra, chea de ledicia comparece a voz que canta a «Maruxiña» nunha peza que demostra o sentido do ritmo, o bo oído musical do autor.

Por fin, «Morte belida» é o resultado da atracción do abismo da morte que aquí aparece vital, fermosa, moza «Danzariña da noite», humanizada e ollada nunha escenografía cósmica. O verso hendecasilabo semella xa unha clara elección do poeta.

En 1952 publica o que será o seu único poema na pontevedresa *Sonata Gallega* (1944-1952)— ampla e prestixiosa na súa nómina de colaboradores e significativa nos gravados en linóleo —que contou con Celso Emilio Ferreiro como redactor literario. «Ofrenda a Manuel Antonio. Poema da nai soia»⁴

⁴ En *Sonata Gallega*, 13, Pontevedra, 1952.

non é senón o que o título anuncia co engadido da tristeza e a tenrura. Non faltan nin sequera os tópicos diminutivos, (filliño, meniño, currunchiño), signos dun sentimentalismo falto de contención.

Algo máis de entidade posúe a colaboración que, en 1955, presenta en 4 *Ventos*, «Revista lusíada de literatura e arte» que se publicaba en Braga e na que converxeron escritores portugueses, galegos e brasileiros. Boa publicación. Co título xenérico de «Cantigas da noiva núa» Xoán A. Avilés Vinagre ofrece un conxunto certamente unitario de catro pezas breves⁵. Fermosura da palabra, fluidez rítmica do verso (hendecasilabo), pegada da imaxinería amadocarballista —«na espiga sempre morna do solpor»—, idealización da paisaxe, intensidade sensorial, humanización dos elementos cósmico-telúricos, revelación do corporal e aínda certo erotismo son aquí trazos ben perceptibles. Estamos ante exercicios líricos que resultan da aprendizaxe literaria e que revelan sensibilidade poética, sentido do verso, esteticismo expresivo.

En rigor, nestes primeiros pasos do poeta, debemos polo menos mencionar o seu paso pola coruñesa *Amanecer*, menos que mediocre froito dunha xuventude lírica moi da época. No número 1 daquela revistiña colabora Avilés, en 1957, cun poema en castelán. Manuel Álvarez Torneiro, participante da aventura do grupo, deixou puntual testemuño daqueles anos coruñeses da «Peña Amanecer» cando aquel «rapaz aldeán de dezasete anos»⁶ chegaba á cidade para estudar na Escola de Náutica, facía novos amigos (Urbano Lugrís, González Garcés, o mesmo Álvarez Torneiro), pronunciaba as súas primeiras conferencias, lía *Residencia en la tierra* do seu admirado P. Neruda por indicación do poeta Xabier Babilio e, en fin, descubría a vida literaria e vivía a bohemia ao tempo que afirmaba a súa vocación no mester da poesía.

En 1958, cando estaba a facer o servizo militar como mariñeiro en Ferrol e vivía precariamente, presentouse un bo día no café Bonilla onde tiñan dende había anos o seu cuartel xeral Tomás Barros, Miguel C. Vidal e Mario Couceiro, que, como amigos, compartían a dirección de *Aturuxo* (1952-1960). Entregoulles un poema e co paso do tempo visitou con certa frecuencia os responsables e colaboradores da revista poética ferrolá que se reunían tamén no café Galiano. Un deles, Miguel C. Vidal, recorda aínda aquel rapaz que gustaba das anécdotas do mundo dos escritores e ao que convidaban habi-

⁵ 4 *Ventos*, 7, Braga, outubro, 1955.

⁶ Manuel Álvarez Torneiro (2002): «Memoria na Coruña dos anos 50» en *Antón Avilés de Taramancos*, A Nosa Terra, Col. A Nosa Cultura, 2, p. 10.

tualmente porque andaba mal de cartos. O poema era a «Balada do barqueiro mozo»⁷, escrito en versos alexandrinos e cun certo recendo neotrobadorista. Composición na que a voz do falante lírico se amosa chea de entusiasmo e ledicia, está ilustrada por Isaac Díaz Pardo e foi reproducida cun comentario de Álvarez Torneiro, anos despois, nas páxinas de *Luzes de Galiza*⁸.

Da man de Uxío Carré Alvarellos, e paralelamente á súa colaboración en *Tapal*, publicou algúns poemas en *Lar*⁹, «Revista mensual de la Asociación Gallega de Beneficiencia y Mutualidad» que en 1934 comezaba a súa xeira en Bos Aires dirixida por Ramón D. Villar. «A Castelao», «Lume que morre» e «Meu anxeio», publicados no bienio 1953-1954 son eses poemas que, de certo, nada engaden ao que ata agora apuntamos. A lectura e admiración por Castelao son temperás no noso poeta, que naquel ano 1954 facía unha simbólica afirmación de fe nacionalista xunto os seus amigos Reimundo Patiño, Xohán Casal e Enrique Iglesias no chamado «xuramento de Laracha».

E aos anos coruñeses temos que volver porque, en 1955, na penúltima separata de *Atlántida* (encarte do número 11-12 da revista), que remataba prematuramente a súa xeira (1954-56) no número 13 dedicado a Valle-Inclán, aparece un significativo conxunto de sete poemas co título *As moradiñas do vento*. Separatas con poemas de Cunqueiro, González Garcés, Luz Pozo, Pura Vázquez ou Manuel María precederan esta de Avilés de Taramancos. Con elementos cósmico-telúricos sometidos a un proceso dinamizador e humanizador (*voz do vento, campás ledas, a surriza do mar, noite de curazón escuro, ourelas do día*) enraizado no hilozoísmo, o poeta leva o vento por unha xeografía paisaxística —mar e terra— punteada de referentes galegos concretos (a gaita, a muiñeira, o pino, a saudade) para instalalo finalmente no cadaleito do outono, a súa última «moradía».

A rica paleta pictórica, a forza imaxinativa, o amoreamento de adxectivos, a captación espida dos elementos —seres, cousas, fenómenos— configuran un cosmos poético esteticamente requintado que, por veces, conmove emocionalmente o eu lírico e no que o home non ten cabida. A visión dese cosmos é por momentos alzada, poderosa; noutros casos inxenua e ata lúdica ou

⁷ *Aturuxo*, 9, Ferrol, 1958.

⁸ *Luzes de Galiza*, 21. Sada-A Coruña, febreiro de 1953, p. 20. (Nota de Álvarez Torneiro e ilustración de Emilia Salgueiro).

⁹ *Lar*, Bos Aires. Os poemas apareceron nos números 236-37 (25-VII-1923) e 248-50 (25-VII-1954).

percorrida pola tristeza e a soidade. Metricamente estamos na encrucillada tradición-vangarda. A relativa polimetría non impide o gusto polo hendeca-sílabo, tan reiterado. O verso, autónomo, flúe de vagar, elegante.

Son estes poemas literatura lírica en estado puro e manifestación admirativa do asombro e devoción de quen canta polo obxecto do seu canto. O sistema léxico está ancorado na natureza, pero a súa patentización no poema posúe unha forte literaturización na que ecoan as vangardas. A construción dun espazo, dunha escenografía é aquí fundamental e, en consecuencia, a nominalización —o estilo nominal— predomina con moito sobre a visión temporalizadora.

A construción amosa unha nidia tendencia ao fragmentarismo, á xustaposición de secuencias. Con todo, o máis vangardista —pero de ben pouca presenza— é o visionarismo de imaxes como «Mans de vidro e de nuben,/ vento amigo».

A presenza do poeta nas revistas con poemas soltos ou integrados en pequenos conxuntos conclúe, naturalmente, nesta primeira etapa, coa publicación do seu primeiro e tamén breve poemario, *A frauta i-o garamelo* (1959). Non entraremos na cuestión de se o libro foi ou non escrito nunha noite cando o escritor estaba a facer o servizo militar en Ferrol. En calquera caso, este libro de paxaros (en palabras de Cunqueiro ou Otero Pedrayo) contou coas ilustracións de Aleixandre González Pascual —Lixandre- e publicouse por iniciativa dun grupo de amigos do poeta, que tiña daquela 24 anos.

A frauta i-o garamelo é xa un libro que revela a un poeta. As súas once pezas son unha homenaxe á natureza: paxaros (o xílgaro, o merlo, o paspallás, o xirín, o corvo...), árbores, auga. Cega a radical pureza da palabra; salienta a sabedoría retórica; emociona o tenro achegamento do eu lírico á materia do seu canto ou, se se quere, á amorosa identificación do poeta coas criaturas da natureza. Sorprende a intensidade expresiva dos primeiros poemas, a imparable concatenación de imaxes, a plenitude do sensorialismo a través das sinestesias (*fresco ouvear, escuras parolas, perfumada sonma, fumes silandeiros*), o desprazamento cualificativo (*bermello sancristán nas cereixeiros*), os epítetos (*doce coitelo, soave corazón, paxaros apagados, longas verbas, frolecida meixela*) ou o cromatismo da adxectivación. Hai un continuado emprego da imaxe apositiva (*albre, vello labrego; xílgaro, novelo de lilainas; xerín, esguía frauta*), aínda que non faltan mostras da metáfora impura (*fenestras da tarde, gacio da serán, viño de carne, orquestra de solpores*). O visionarismo adquire máis relevo na imaxinería dos poemas e, dende logo, continúa vixente aquí a cosmovisión hilozoísta.

O cumio do conxunto é o poema epistolar —a carta ao corvo Alberte— no que remata. Conmóve a súa autenticidade emocional, a síntese de inxenuidade e tenrura, a afirmación da infancia —«onde xoga o neno eternamente»— e ata as notas de fantasía imaxinativa.

A frauta i-o garamelo posúe unha evidente veciñanza temático-expresiva cos poemas de *As moradias do vento*. Confirma a un poeta non da terra nin da paisaxe, senón da natureza, pero tamén do cosmos; un poeta lírico que debuxa espazos, xeografías que son o seu particular paraíso só habitado de criaturas puras e elementais e fenómenos cósmicos, aínda que percorrido de elementos de referencialidade galega. A lingua xorde da terra onde o poeta nace, do mundo aldeán e mariñeiro, aprendida no seo familiar, no «diccionario vivo e pouco contaminado»¹⁰ que foi a súa avoa Pastora. A retórica confírelle, na escrita, categoría estética de linguaxe poética baseada sobre todo no culto á imaxe, no seu perfecto encaixe no verso harmonioso, na fermosura da palabra, na elevación do canto ou na comuñón sentimental do eu lírico co seu mundo poético.

No mesmo ano 1959, cando xa temos ao poeta nun libro, o grupo de escritores galegos Brais Pinto, en Madrid, distingue co premio que leva o mesmo nome do grupo o poemario *Pequeno canto*, integrado por dezanove composicións. Se a subscrición dun grupo de amigos posibilitou a publicación de *A frauta i-o garamelo*, esta vez o poemario queda inédito durante algo máis de vinte anos. En 1982, cando o poeta Salvador García-Bodaño o dá a coñecer nunha primeira summa poética de Avilés de Taramancos recollida baixo o título común de *O tempo no espello*, leva o máis explícito título de *Poemas a Fina Barrios*. Pequeno canto e o engadido final —confesional, emotivo— dun soneto en verso alexandrino.

O fío da temática amorosa percorre de principio a fin este *Pequeno canto*, libro unitario tamén no emprego proseguido do hendecasílabo branco, aquí perfecto de forma, acougado de ritmo. Novamente, ecoa a natureza xa non só como pano de fondo, senón como materia que fornece as imaxes que celebran e encarecen o ser do ti lírico destinatario do canto ou que serven de canle á expresión do sentir que ese ti amoroso suscita no eu que canta.

Trátase aquí dun primeiro amor —xuvénil, primaveral— que motiva a paixón, o desexo. O ser amado (amiga, noiva, dona, deusa) é obxecto dunha visión

¹⁰ Xosé Agreló Herme (2002): «Os compromisos de Avilés» en *Antón Avilés de Taramancos*, A Nosa Terra, Col. A Nosa Cultura, 21, Rev. Cit., p. 14.

idealizadora e o poeta canta a ledicia, o «milagre novo] que a chegada dese ser —«meu amor temperán de fondos ollos»— leva á súa vida e que o converte, definitivamente, nun «romeiro apaixonado pola dita». Cántico de celebración, pois, o espazo poético rexistra a primacía do sentir namorado do eu lírico que vive ese amor como acougo, como acubillo, como entrega e «luz acolledora», pero tamén, por veces, xorden as «vivas labaradas da paixón», «o tremor varil» do desexo, o desacougo da saudade.

Perfecto formalmente, elegante e fermoso no verso, luminoso (ou melancólico ás veces) na palabra, *Pequeno canto*, no que a voz do poeta, «a palabra plena que se arrinca/ do currecho máis íntimo do ser,/ e a sinxeleza/ de decir bolboreta ou margarida» engaiola ao lector pola súa beleza, pola súa frescura e lixeireza. Poemario sen embargo inmaturo no tratamento do tema, carece de tensión e aínda amosa algunha puntual reiteración expresiva. Libro de limitado horizonte, está centrado case exclusivamente na manifestación de «este gozo/ que dá o primeiro amor».

Pouco podemos dicir da seguinte entrega do poeta, un feixe de composicións (dez en total) reunidas co título de *Poemas soltos a Maricarme Pereira* e publicado por vez primeira en 1982, na citada compilación de García-Bodaño. Son, certamente, poemas soltos nun conxunto carente de unicidade. Hai aquí algunhas mostras de culturalismo. «Solaina» é un exercicio hilozoísta. O mar, a viaxe son motivos frecuentes. Tamén o neotrobadorismo deixa a súa pegada no poema «Pola frescura da pomareda». En «O semideus derrotado» temos unha composición de perceptible impulso épico que co tempo adquirirá renovado pulo no poeta. Novidade é o verso curto, nalgún caso combinado coa longa liña poética do versolibrismo.

Deixou escrito Avilés de Taramancos que a vida, como a poesía é «unha tentativa»¹¹. Desá condición de tentativa non saen estes dez poemas. Cérrese así, na xeira poética do noso poeta, un primeiro ciclo ou etapa: varios poemas soltos en revistas, un único libro publicado e outros dous inéditos son a súa bagaxe. Ata agora é un lírico da natureza, un poeta dominador da imaxe e da harmonía do verso, habitante dun fermosísimo cosmos sensorialista, inclinado á saudade, requintado na retórica e dono dunha lingua na que a palabra é pura, natural, delicada ou intensa: un esplendor verbal literariamente potenciado.

¹¹ «Limiar» de *As moradias do vento*, en *O tempo no espello*, Op. cit., p. 13.

En 1961 Antón Avilés Vinagre viaxa a Colombia. Vive naquela terra americana case vinte anos... «vinte anos de ausencia», anos que son un tempo de desterro. Afronta as difíciles circunstancias da súa nova situación de emigrado, na que «non hai tempo para gaitas nin para poemas»¹². Sobrevive, faise «un home curtido» ocupándose en todo tipo de traballos. Magoado pola saudade, ferido pola Noia-Ítaca ausente, vai enfiando a súa lenda de aventureiro. Recoñece que está a triunfar, que gaña cartos, pero vive desacougado, aínda coa esperanza do retorno. En Bogotá, fala algunha vez con Pablo Neruda. Confesouse «colombiano de adopción»¹³ e, á hora de falar de América, de definila esencialmente, salientou a súa magnificencia telúrica, o secular azoute da violencia e o seu soño de liberdade.

Lonxe xa, desaparecida a súa xuventude bohemia na Coruña, a súa actividade creadora esmorece en Colombia, onde «a poesía se vai afogando pouco a pouco no silencio». Aínda así, crecen «as pobres rosas do meu desterro»¹⁴ en forma de novo poemario de título inevitable: *Os poemas da ausencia* (Bogotá, 1963-1969), inéditos ata 1982, malia o adianto de dez composicións nas páxinas de *Grial*¹⁵ en 1971.

Poemas da ausencia configúranse como un díptico poético que é a resultante fundamental da tarefa poética de Avilés en terras colombianas; tarefa que xorde difícil, compulsiva —«escribo a ráfagas, como os furacáns»¹⁶— nun contexto biográfico de atrancos e incertezas e nunha intimidade desacougada, pois o poeta séntese un apátrida, un «cíclope ferido de saudade», magoado pola insoportable dor da ausencia da súa terra, do seu mar, das «universais entrañas do meu eido» que ama cun amor que o autodestrúe.

A primeira parte, datada en Bogotá en 1963, está integrada por nove poemas, máis un prólogo e un mínimo epílogo; once en total, o número de *A frauta i-o garamelo*. Amosa este breve corpus lírico unha fonda e precisa raíz autobiográfica, un superior alento da voz —alta, rexa, plena de interioridade por momentos— e un máis amplo substrato existencial. Dende a súa condición

¹² Nota de encabezamento de *Os poemas da ausencia*, I; en *O tempo no espello*, Op. cit, p. 93.

¹³ Texto publicado en *Luzes de Galiza*, 21 febreiro 1923, p. 23 (o escrito está datado en febreiro de 1990 e a revista reproduce o autógrafo do escritor xunto á súa transcripción).

¹⁴ Nota que encabeza *Os poemas da ausencia* en *O tempo no espello*, Op. cit, p. 93.

¹⁵ «10 poemas», *Grial* 31, Vigo (xaneiro-marzo, 1971), pp. 67-73.

¹⁶ Carta a Salvador García-Bodaño, reproducida na «Introdución» de *O tempo no espello*, Op. cit, p. 9.

de desterrado, o motivo do canto do poeta é a terra orixinaria, non a de adaptación. O poema continúa a deseñar un espazo, un territorio, un eido propio e íntimo —«É primavera en Noia...»— que adquire múltiples e íntimas resonancias: é a «lonxana luz», a «perdida amiga», o «fogar mariñeiro», o remoto e ausente reino de sonhos e ilusións da «mocidade tola» do poeta que xa son un «bote naufragado».

É clara a dualidade, a bipartición deste ben artellado conxunto poético. Temos, dunha parte, as composicións que son un canto afirmado e esperanzado. Convencido de que «sementar é a victoria», o poeta mitifica o traballo que fai do home un deus creador, «a columna do mundo». O vivir, celebrado, é un sementar na terra; a terra —como a muller— é a vida: vivifica e alimenta o home, que deixa a súa semente na mesma terra, na casa, nos fillos. A plenitude, o triunfo do home está no seu renacer na terra mesma, na súa fusión radical con ela.

Este telurismo nutricio ten o seu contrapunto na constatación da desposesión, da perda desa substantiva raíz telúrica que acusa o eu lírico, que se sabe «ermo na miña dor», «atado á miña dor senlleira e única», desalentado no seu extravío —«ando lonxe e senlleiro»— porque é un camiñante sen patria «acoitelado... de tanta longa terra camiñante».

Un poema como «Sangue callado. Terra escura, terra» acredita a veciñanza do lirismo de *A frauta i-o garmelo*. En «Hoxe amiga quero soñarte núa» está patente o sentimento de solidariedade co pobo humilde —a «Camponesa de Cáqueza» — tamén desposuído da súa terra. En «Vibra a egua na malla e vibra a moza» está, rotundo, o erótico-corporal, o vitalismo do sexo. En «Feliz viaxeiro subterráneo» triunfa a resurrección do home pola fusión coa terra-vaxina-nai nunha entrega amorosa.

Na métrica continúa vixente a polimetría, o gusto polo hendecasílabo e unha maior frecuentación de versos como o alexandrino ou o hexadecasílabo. Ausente a rima, o ritmo é aquí emocional e flúe, sosegado e harmónico, no amplo voo da sintaxe. A retórica instálase no dominio do estilo nominal cunha rica adxectivación e unha variada gama de epítetos (*corazón cristalino, peso húmido, raíces mansas, ráfaga amarela, feliz negrura, cervo afervoadado*) e de imaxes (*flor roxa do cobre, corpo de pan quente, eiras do ceo, cúpulas da túa carne, esqueleto do céfiro, brado da ledicia*) con evidentes e puntuais pegadas do modernismo, o simbolismo, o hilozoísmo e o visionarismo vangardista. Sensorialismo e sentimentalidade conflúen nestes poemas de fermosa e traballada palabra poética, de expresión abraiante cando se ergue a fantasía visionaria do poeta.

A segunda parte do libro está datada tamén en Bogotá, pero en 1969. Sen embargo hai poemas que foron escritos entre 1974 e 1978. O conxunto, dedicado a Urbano Lugrís, íntimo amigo do poeta, está presidido por un díptico e seguido dunha «Sementeira inicial» con once poemas (algúns deles con varios apartados) nos que é singular unha vibrante elexía, o «Pranto por Urbano Lugrís» datada en 1974 e publicada nas páxinas de *La Voz de Galicia* (11-VIII-1974). Os anos do tempo de desterro do poeta, lonxe da «Terra perdida,/ perfume preferido da memoria/ Galicia enteira...» non pasan en balde e producen agora un perceptible aumento da temperatura da tristeza, da nostalgia, de melancolía, da sensación de orfandade, da saudade, aínda que nalgunha ocasión a visita do mar —«o mar de Finisterre, o mar da Vida»— promova un intre de esperanza, de fe nun futuro retorno, de soño no regreso liberador aínda que sexa para «naufragar con gozo».

Esta parte segunda do libro confirma raíces biográficas xa explícitas na primeira, pero resulta, como totalidade, máis desigual formal e expresivamente; tamén nas claves de mundo poético e no estatuto e condición do eu lírico. A estrutura interna, máis laxa e feble, está percorrida por constantes xa obsesivas como a ausencia da terra, o extravío existencial —«ando polo mundo a tombos»— a dor da «longura da saudade» e o naufraxio dos feridos «navíos de antano»; é dicir, os soños, as esperanzas, a xuventude.

Hai, sen embargo, dúas novidades que representan unha proxección máis universalizadora das inquedanzas do poeta. Unha delas é o violento rexeitamento do tempo que lle toca vivir; un tempo de destrución da pureza, da autenticidade e tamén do home, da terra, da natureza. Estamos, así, no tempo da ameaza nuclear, do armamentismo; na era espacial das «cápsulas do terror» que furan o ceo; no tempo do terror das máquinas, do «corvo cosmonauta», da «morte alxebraica», dos obuses e as bombas, do «vivir ferozmente».

Contra todo iso érguese o poeta (dende un pacifismo activo, dende un humanismo telúrico e solidario) en defensa do home e da vida e canta un tempo mítico, o das orixes puras, da inocencia e da beleza, do amor e da liberdade.

Xorde entón un lirismo xenesíaco, o do poeta que, dende o alto, convertido en bardo, en guieiro ou condutor, ofrece a crónica das orixes, ilustra e conduce o seu pobo. Xunto con esta liña mítica convive a telúrica e tamén a de raíz sociopolítica e clara intención denunciadora. Desta última son manifestacións composicións como «O obús», «A máquina» ou «No fondo, madre, no epicentro ígneo» entre outras. Ao seu carón debemos situar «O pater noster de

Biafra» onde, dende o sarcasmo, o poeta denuncia —increpando a un Deus indiferente, insensible— a trágica inxustiza da fame dos pobos africanos.

Poemario desigual, como dixemos, nesta segunda parte, ofrece dúas pezas memorables: a conmovedora canción dedicada ao fillo («Cántico de anguria...») e a manifestación da desmesura da dor —e tamén do afecto— na elexía a Urbano Lugrís. Rosalía, Pondal e Curros son correlatos da teimosa expresión de amor a Galicia, da voz «de terra» do poeta que, outra volta, evoca a mítica figura de Ulises e rouba «tódalas naves do mundo» para retornar á súa Ítaca galega.

Escritos «na terra do xoropo, do xaguar, do papaio» os poemas deste libro só conteñen referencias illadas, fragmentarias á Colombia na que o poeta viviu durante case vinte anos. Antes do seu retorno a Galicia comezou un novo libro, *Nova crónica de Ulises*, que rematou en Noia en 1980 pero que só se publicou en 1982 como poemario final de *O tempo no espello*. Son oito —e son en verdade desiguais— as composicións deste brevísimo poemario de transición no que o «Limiar» imita (en ton, metro e linguaxe) as oitavas reais (aquí sen rima) dun poema épico no que o heroe, o «varón famoso», non é senón «o pai Ulises], xa citado polo poeta en *Os poemas da ausencia* e obxecto dunha «fusión mítica» que leva ao extremo a identificación de Avilés co personaxe de Homero. Antón Capelán, nun ben traballado artigo¹⁷, deu conta con detalle deste feito. En calquera caso, o «lobo do deserto», a «besta acoitelada» pola saudade da terra ausente —a súa «raíz umbilical»— xa está na súa terra, como Ulises, consciente sen embargo de que, despois de vinte anos, «outros son os navíos, outros mares/ os que cruzas...», pero, aínda así, coa vontade clara, dende o seu permanente soño liberador da terra, de empeñarse na loita —«eu son o teu soldado mais forte»— asumindo o papel comunitario do pobo.

Cómpre falar aquí —aínda que xa se debería facer tras da lectura de *Os poemas da ausencia* (en especial da súa segunda parte)— da voz épica ou épico-mítica do poeta e, así mesmo, do seu acento profético cando albisca o futuro da súa terra, do seu pobo. Neste terreo tense falado da pegada das altas voces de Pablo Neruda ou Walt Whitman, que alzan o seu canto telúrico e asumen na súa voz o destino dos homes e dos pobos.

Percorrendo, en fin, estes poemas, advertimos que «Hai que matar a Supermán» está na liña do catastrofismo premonitorio dalgúns poemas finais

¹⁷ Antón Capelán (1993): «A fusión mítica na obra de Avilés de Taramancos», *Luzes de Galiza* 21, pp. 40-49.

do anterior libro, coa denuncia da aterradora ameaza nuclear personificada no «paxaro da morte» creado polo «home de Minessotta» e simbolizada tamén en Supermán, mito norteamericano rexeitado e maldito dende unha declarada postura denunciadora. Os «Poemas do regreso» amosan de novo a saudade, agora polas terras colombianas de exilio. En «Itaka» está máis que suxerida a soidade, o abandono do que retorna e só atopa «un can vello e xordo» como signo do naufraxio.

Pero é no ano 1985 cando aparece o poemario —*Cantos caucanos*— que vai consagrar a Avilés de Taramancos como un poeta de relevo. A edición do citado ano, definitiva, estivo precedida por outra do autor en Círculo Aberto e contiña os poemas escritos no bienio 1983-84. Agora complétase coa sección «Crónicas» datada en 1985.

A primeira —e máis ampla— parte do libro son os «Cantos caucanos»: doce composicións que, na súa maior parte, constan de dous ou máis apartados. Inspirados «no ámbito do Cauca», estes poemas americanos ofrecen unha visión do colombiano na súa natureza e paisaxe, na música e literatura, no seu pasado mítico e na súa loita de liberación e aínda no gastronómico. Isto último, patente na «Fórmula secreta do sancocho do Cauca», un soneto (volve ao poeta a poesía rimada) que, na súa temática, lembra a Neruda —o das Odas elementais (1945), prolongadas en dous libros posteriores— e que presenta un convincente remate erótico-humorístico. Engadamos, como curiosidade, que polo gastronómico-erótico-psicolóxico anda o novelista colombiano Héctor Abad Faciolince, que vén de publicar un moi orixinal *Tratado de culinaria para mujeres tristes* onde revela receitas en verdade sorprendentes.

Consegue o poeta aquí algúns poemas redondos, callados, plenos; eses poemas que definitivamente consagran un poeta. «Chachauí» é un deles. Vertebrado pola recorrencia da figura chamada epímone —«Ter unha casa en Chachauí»— é un canto cósmico-telúrico que celebra a maxestuosidade da altura (cumes, aves, ceo, sol) e cega na súa rica sensorialidade. «María» parafrasea a novela romántica do colombiano Jorge Isaacs e a súa fráxil e melancólica heroína é correlato obxectivo do eu lírico do poeta: amor e morte, plenitude e tristeza, sensorialidade e saudade cruzan estes fermosos versos a un tempo románticos e sensuais, eróticos e fúnebres. «O piano» é froito da imaxinación visionaria do poeta, que non anda lonxe —na fantástica viaxe do piano dende Europa ata unha facenda do campo colombiano— da realidade máxica de García Márquez. Como en «Chachauí», tamén aquí a

recorrenza (o epímone) é a lei construtiva da composición, de lento e ben marcado ritmo, orixinal na contaminatio rítmico-musical que o obxecto (o piano) experimenta na súa viaxe. Recordemos aquí o puntual traballo de Luísa Villalta¹⁸ sobre a presenza da música e a danza na poesía de Avilés; música vencellada á natureza e reflectida no sistema léxico do poeta; canto cósmico, ritmos, danzas e instrumentos de referencialidade galega ou colombiana. Un feliz exemplo (ademais do xa citado «El piano») é o «Canto de Noralba Timbacoi», onde muller-música-danza son o mesmo, onde eros e tánatos van xuntos nun tríptico que é retrato máxico dunha muller, pero sobre todo unha celebración ritual, un cerimonial nocturno ateigado de paixón e vitalismo, no que se mesturan sexo, corpo, droga, baile, erotismo e alcohol nunha frenética espiral rematada na morte, na dolorosa evocación do amor e da mocidade perdidos.

Non é difícil detectar —no telurismo, na epicidade, no erótico— os acentos nerudianos. E tampouco a constatación de certas claves ou motivos recorrentes: a dor da patria ausente, o desamparo, a soidade, a evocación dos derrubados soños xuvenís, a beleza perdida. Evidentemente resalta o incrementado relevo do ton elexíaco, que calla na espléndida composición «A crónica ferida», síntese poético-existencial das feridas da dor de «amar tan longamente o/ ben perdido» de quen leva na súa voz «a extensa xeografía dunha patria lonxana».

A «Crónica de Bernaldo Fros» desenvolve, de novo, o motivo da viaxe e resulta ser tamén un dos poemas impregnados de certa narratividade. O protagonista, Ulises Fingal, lembra a Urbano Lugrís, que empregaba ese pseudónimo, pero sobre todo é un reencontro co benquerido e mítico navegante protagonista de *A Odisea*. Trátase aquí dunha viaxe marabillosa, chea de fantasía onírica, co contrapunto da nostálxica evocación do amor e da xuventude perdidas.

Evidencian estes cantos a espléndida fantasía onírico-visionaria do poeta, o seu dominio da longa liña poética —o versículo— que flúe con elegancia e harmonía, os americanismos léxicos, a forza das imaxes, a intensidade sensorial, o abraiante telurismo, o esplendor do erótico e corporal, a riqueza toponímica, os contrapuntos de tristeza, destrución, morte e saudade; en fin, a súa radical plenitude e mestría expresivas.

¹⁸ Luísa Villalta (2002): «Un canto á procura do corpo» en *Antón Avilés de Taramancos*. A Nosa Terra, Col. A Nosa Cultura, 21, pp. 34-40.

Galardoado co Premio da Crítica española 1985, *Cantos caucanos* é o primeiro gran libro do poeta; cumio de plenitude e madurez, é unha axeitada síntese das claves da personalidade lírica de Avilés e un texto poético impar na poesía galega contemporánea.

Sería máis que pretencioso establecer aquí, a través da lectura incompleta da súa obra poética, unha axustada síntese das claves do lirismo de Avilés de Taramancos. Limitarémonos, pois, a establecer algunhas observacións. A primeira delas pasa pola constatación da negativa resultante dos vinte anos (1961-1980) de ausencia do pasado en terras de Colombia, feito que supuxo un grave obstáculo para o normal desenvolvemento da súa tarefa creadora e motivou un claro desaxuste na situación do poeta no contexto da xeira da poesía galega da segunda metade do pasado século XX. A súa ausencia determina un serodio coñecemento —en 1982, da man de García-Bodaño— de boa parte da súa obra, que ofrece tamén serodiamente os seus mellores froitos nos anos oitenta e comezos dos noventa. A partir de *As moradiñas do vento* (1955) —e logo en *A frauta i-o garamelo* (1959)— nace o poeta, coleccionista de ventos e arbres, de aves e paxaros, de fragatas e galeóns. Nace achegado á vangarda, ao hilozoísmo e ao visionarismo surrealista. Posúe unha máis que notable intuición para o verso e a súa linguaxe poética sorprende pola súa fermosura, pola súa aberta sensorialidade, pola súa limpa recreación do ámbito cósmico-telúrico cos seus fenómenos e criaturas. Cultiva a imaxe e o epíteto, índices do seu fecundo visionarismo. Revélase despois, cos *Poemas a Fina Barrios. Pequeno canto* (1959) como un sensible e delicado poeta amoroso, cunha nota de requintado formalismo e unha perceptible contención sentimental. Chega despois o artificio culturalista —vangardista tamén, con pegadas cunqueirianas— dos *Poemas soltos a Maricarme Pereira* (1961). A estética do verso e a palabra amosan unha escolleita sensibilidade, un traballo de depuración, unha arquitectura espacial de brunida sensorialidade. O pudor afectivo determina unha despatentización do eu lírico que só se manifesta (e sempre nunha actitude de contemplación) na veta amorosa.

Con *Os poemas da ausencia* o cosmos poético do escritor adquire máis forza, máis tensión expresiva e tonal. A terra convértese en fixación obsesiva para promover soidade e saudade, soño de retorno, evocación do perdido (ámbito familiar, xuventude, loita nacionalista, paisaxe, amigos —Urbano Lugrís-, mar). A situación de desterro motiva unha expresividade máis rexa e violenta. O poeta asume o papel de novo Ulises e teima na urxencia do retorno.

O peso dun ideario —o nacionalista— vivido con paixón sen límites non deixa de advertirse. O poeta é voz da terra e do pobo e asume o papel de bardo e profeta: descende aos mitos, ás orixes e vaticina o futuro. Nesa altura de voceiro do home e do pobo galegos, do seu presente e destino, e de cantor da paisaxe telúrica americana, xorde o alento épico. Tamén —universal— denuncia o terror, a premonitoria hecatombe dos experimentos nucleares promovidos polos «gringos» e os seus «aparells terroríficos». Posto na disxuntiva, o poeta elixe o pasado mítico, a terra e a natureza, a solidariedade, a palabra, a fermosura, o elemental e puro dos homes, a vida.

No treito que vai dende *As moradias do vento* ata *Cantos caucanos*, Avilés de Taramancos é un poeta que evoluciona: amplía o seu universo poético, intensifica o seu poderío expresivo-verbal, asenta o versículo, afonda na súa intimidade e enraíza con paixón a súa vida nos seus versos. Habería que falar, nunha análise máis detida da que facemos aquí, do seu sistema simbólico, da ben coidada arquitectura dos seus poemas, do asomarse da tenrura e da emoción e, sobre todo, da prodixiosa retórica que dá pulo á marabilla da fantasía onírica. E, dende logo, hai que ter en conta os seus últimos e espléndidos libros: *As torres no ar* (1989), «un dos mellores libros de poesía do século XX» en estimación de Xosé M^a Álvarez Cáccamo¹⁹, e ese testamento humano e poético que é *Última fuxida a Harar* (1992) de publicación póstuma.

Entre os versos de «A crónica ferida» deixou o poeta escrito algo que seguramente esclarece a súa poesía:

«levo a palabra feita de ferro incandescente e rosas...»

Só compre dicir que, co paso do tempo, as rosas do poeta murcharon en punxente nostalxia, saudade e desposesión. O ferro para gravar a terra no corazón e na palabra chegou despois, pero sempre houbo rosas, e algunhas rosas negras.

[Luís Alonso Girgado (2003): «Nas moradias poéticas de Avilés de Taramancos: (dos poemas, de *Tapal* a *Cantos Caucanos*)», *Boletín da Real Academia Galega* 364, pp. 7-20]

¹⁹ Xosé M^a Álvarez Cáccamo (2003): *Vida de Antón Avilés de Taramancos*, Vigo: Galaxia, p. 108.

Polas canles líricas de Xosé María Álvarez Blázquez

*Nada xa me conmove.
O que me fire e doe, o que me inqueda,
é aquil neno que eu fun, sempre perdido*
(X.Mª Á.B.)

Para os que estimamos a literatura (pura ou impura, simple ou complexa) en e por si mesma e temos algo que ver coa da nosa terra, a elección de Xosé Mª Álvarez Blázquez como escritor homenaxeado no Día das Letras deste



2008 é unha noticia non escura, senón todo o contrario, leda e ben xusta aínda que algo serodia. Ao meu ver, non só se trata dun escolleito poeta que acredita unha obra breve pero suficiente, senón tamén dun creador literario multifacético en xéneros (conto, novela, teatro, estudos e ensaios) que sobrepasa aínda esa estrita condición para integrarse, por méritos propios do seu incansable traballo, naquela outra de intelectual, de home de cultura, de espírito atento a todo o que puidese levar o selo de Galicia. Este labor polisémico no cultural, que excede do terreo da escrita para alcanzar o pulo fundador de empresas editoriais como Castrelos ou Monterrey, de

publicacións periódicas como os *Cuadernos de Arte Gallego* ou *Cristal*, xunto coa súa actividade de colaborador en traballos arqueolóxicos na cidade de Vigo, de mestre e profesor (certo que por tempo moi limitado), de académico da R. A. G. ou de cronista oficial da cidade olívica; este labor, dicimos, está sintetizado en palabras do seu fillo Xosé Mª, que se refire ao «poeta, narrador, dramaturgo, conferenciante, editor, arqueólogo e investigador da literatura, a historia e a etnografía»¹ que fora o seu pai, do que salienta «a súa constante actividade intelectual de intensa e moi diversa especialización

¹ Xosé María Álvarez Cáccamo, «Presentación» de *Canle segredo*. Vigo: Galaxia, 2008, p. 9.

creativa e reflexiva»². Subliñemos igualmente os seus méritos de antólogo e de colaborador de prensa.

Como a poesía de Xosé M^a Álvarez Blázquez (1915-1985) está fundamente enraizada nos ámbitos persoal, familiar, social (sentimentos, crenzas, vivencias), na saudade e na solidariedade, na inqueda pola terra e no vivo latexo amoroso e en moi fondas claves existenciais, cumprirá ter en conta que o seu proxecto persoal (malgrado en medida certa pola Guerra Civil, (1936-1939) e as feridas tráxicas que levou consigo para unha parte da saga dos Álvarez e, concretamente, para o seu pai, o doutor D. Emilio Álvarez Limeses, fusilado en 1936) está aberto, iniciado, activo en diferentes vieiros na década de 1930: os seus estudos de Maxisterio e mais Filosofía e Letras (estes, frustrados); a publicación de *Abril* (1932), o seu primeiro e adolescente poemario; os seus primeiros poemas galegos nas páxinas de *Cristal*, que fundou ao carón do seu amigo, o poeta Xoán Vidal Martínez; o ingreso na Federación de Mocidades do Partido Galeguista (1933); a sobrevivencia nos anos da contenda e o seu posterior desterro en terras de Zamora (1936) por separatista-galeguista, así como a perda de *Os ruíns*, un feixe de contos que desaparece ao desaparecer *Nós* (o prelo de Ánxel Casal en Compostela) nos tempos da guerra, son liñas do proxecto humano, intelectual e ideolóxico de quen tivo que traballar arreo noutras ben diferentes áreas para manter a súa familia en décadas de radicais e múltiples dificultades para galegos e españois en xeral.

Das lecturas, da formación lectora en materia literaria de don Xosé María temos constancia polo menos en dous textos da súa autoría. No primeiro, un «inquerito» que redacta Filgueira Valverde para unha futura escolma de poesía galega, teima na súa predilección polos *Cancioneiros* medievais: «No galego, prefiro os Canzoeiros... é percisa unha volta aos Canzoeiros», ao tempo que se declara lector múltiple e caótico: «As leituras numerosas, mais desorganizadas»³. Isto confesa en 1935. Algo máis preciso e algúns anos despois, nun escrito de autopoética nunha ben coñecida escolma poética de Fernández del Riego,⁴ no que fala do seu interese pola Rosalía «do íntimo» e polo Pondal «máis descriptivo», reitera a importancia dos *Cancioneiros*

² Op. cit., p. 9.

³ Reproducido por Clodio González Pérez en *Xosé María Álvarez Blázquez 1915-1985*, Noia: Toxosoutos, pp. 78 e ss.

⁴ En *Escolma de poesía galega*, IV. *Os contemporáneos*, Vigo: Galaxia, 1955, pp. 286-287.

medievais e omite a opinión sobre os seus coetáneos, declarando porén que «dende o século XIII, non se deu en Galicia un movemento lírico de tal fondura e amplitude coma o presente» sen especificación ou concreción ningunha de nomes ou correntes. En castelán foi lector de García Lorca (ao que coñeceu e tratou en Pontevedra, nos anos trinta, nos tempos de *Cristal*), Frei Luis de León ou Antonio Machado, mentres que dos portugueses cita a Antero de Quental e Teixeira de Pascoaes. Estivo interesado no «misterio» do lirismo popular e, dende logo, conectou co imaxinismo de Amado Carballo, coa lírica neopopularista e co ton e aire lúdicos dunha parte da vangarda. A pegada dos *Cancioneiros* galego-portugueses está espaxada por varias das súas composicións e chega ao cumio da *imitatio*, do remedo feliz e embromado (brincadeira ou arlotada poética) no seu sorprendente *Cancioeiro de Monfero* (1953), un fito imaxinativo certamente insólito, froito dun espírito transgresor, irreverente, mais tamén dun poeta dotado dunha capacidade mimética (en lingua e estilo) realmente asombrosa. Neotrobadorismo⁵, hiloísmo (ou imaxinismo) amadocarballista, neopopularismo, co ecoar de García Lorca, Amado Carballo, Antonio Machado ou Xoán Bautista Andrade, son liñas iniciais que non esgotan o ronsel da voz lírica do noso poeta, que xoga coa raíz popular (folclórica, festiva), coa veta do social (crítica, sátira contra a enfermidade moral dun sector da sociedade que lle tocou vivir ou defensa dos marxinados e das vítimas) e, finalmente, co lirismo intimista, terreo no que adquire o seu máis feliz e persoal acento poético, chegando aínda ao lirismo existencial, á expresión angustiada, desacougada, que levará ao cumio a chamada «escola da Tebra»⁶.

Lembremos aquí, neste apartado de observacións previas á análise dos poemarios de don Xosé María, sempre partidario da contención creativa, pois «os (poetas) que o foron de verdade escribiron pouco e a modo»⁷ e identificado co seu específico quefacer en *Canle segredo*, onde se desprende de influxos de estética e expresión ben marcados e delimitados, é un escritor que se incorpora

⁵ Ademais da pegada do neotrobadorismo en varios dos seus poemas, don Xosé María contribuíu á recuperación e revitalización deste ismo de tradición propia coa súa *Escolma de poesía galega, I* (Galaxia, 1952) e co seu poemario *Cancioeiro de Monfero* (1953) que el mesmo cualificou de «sangrante faciecia» na dedicatoria do exemplar que regalou a Darío Xohán Cabana (Vx. Darío X. Cabana, Xosé M^a Álvarez Blázquez. *Vida e obra*, Vigo: Xerais, 2008, p. 96).

⁶ Vx. Xosé M^a Álvarez Cáccamo, op. cit., p. 14.

⁷ En *Escolma de poesía galega, IV*, op. cit., p. 287.

á chamada Xeración de 1936⁸ na que atopamos poetas como Cunqueiro, Carballo Calero, A. Iglesia Alvariño, Celso Emilio Ferreiro, Luis Seoane, Xosé Díaz Jácome, Xosé M^a Díaz Castro, Eduardo Moreiras, Miguel G. Garcés ou Lorenzo Varela entre outros; é a xeración que comparece en revistas literario-poéticas (décadas 1940 e 1950) como *Aturuxo*, *Alba*⁹, *Mensaxes de Poesía*, *Sonata Galega*, *Xistral*, *Posío*, *Númen*, *Gelmírez* e algunha outra; a que figura tamén —con moi salientable participación do noso poeta— nas páxinas do «Suplemento» dos sábados de *La Noche* (1949), que se coordinaba en Vigo; a que participa directamente no Partido Galeguista militando nas súas Mocidades e colabora nas páxinas de *Nós* (1920-1935) e nas actividades do Seminario de Estudos Galegos (1923). Por descontado, está presente na xeira de *Galaxia* (1950) e na iniciativa editorial de Bibliófilos Gallegos. Xeración ferida pola Guerra Civil, sobrevive —perdidas, clandestinas, exiliadas as raíces do galeguismo— na década máis dura do período franquista ou no exilio nas Américas, onde Bos Aires funciona como capital cultural e centro de resistencia política.

As feridas do desastre de 1936 tiveron graves consecuencias familiares, persoais e ata culturais para don Xosé María e niso teñen reparado os seus biógrafos. Non conseguiu senón comezar os seus estudos universitarios e no seu traballo de creación literaria houbo un baleiro de varios anos (referímonos concretamente á súa poesía). Como poeta, a súa traxectoria coñece, en alternancia lingüística galego-castelán, dous estadios: un, inicial, de primeiros exercicios líricos e tentativas durante a década de 1930. Rexistramos, neste período, un libro primeirizo como *Abril* (1932), froito da paixón poética de anos de adolescencia. Do bienio 1932-34 son as composicións que conformarán a parte de *Poemas de ti e de min* pertencente a don Xosé María. Con posterioridade, na mesma década, poemas soltos na pontevedresa, requintada, amadocarballista (e lorquiana) *Cristal* (1932-1933), onde publica unha ducia de poemas breves, tres deles en galego: «O merlo poeta», «Inmensidade» e «Romance do afiadador». Poemas da súa autoría témoslos así mesmo en *Númen* (Vigo, 1943), algúns deles na órbita do neotrobadorismo

⁸ Tense escrito, non sen razón, que don Xosé María ben podería pasar por un poeta da xeración de 1925, inmediata anterior á súa; liñas daquela xeración seguidas nidiamente polo poeta son o imaxinismo e o neotrobadorismo; tamén a poesía da terra e, dende logo, o intimismo. O canto familiar formulado dende a harmonía e a celebración e que atopa acobillo no fogar, na esposa e os fillos (ademais das vivencias da terra e da infancia) vincula ao noso poeta coa súa coetánea Xeración de 1936 da poesía española (Panero, Rosales, Vivanco).

⁹ En *Alba* publica —verso e prosa— nove colaboracións. A penúltima delas, o poema «Saude», colofón dunhas palabras do poeta «Ante la casa de Rosalía», 14, set.-out., 1954.

e con anterioridade en *Spes* (Pontevedra, 1934). Na década de 1940, ademais da xa citada *Númen*, outras revistas publican os seus poemas; así, *Alba* (A Coruña, 1948) ou *Cartel* (Vigo, 1948)¹⁰.

A segunda e definitiva xeira que representa o madurecer lírico do poeta, proceso que calla no lirismo de *Canle segredo*, vai dos anos 1949 a 1955 aproximadamente, cando publica o citado *Poemas de ti e de min* (1949), *Roseira do teu mencer* (1950), *Cancioeiro de Monfero* (1953) e remata *Canle segredo* en 1954, malia a serodia realización editorial do libro, que só chegará en 1976. Se temos en conta que a súa derradeira entrega poética, *Sonetos del alba insomne* (1995), é de publicación póstuma, mais xa está mencionada como «El alba insomne» (poemas) na nota biobibliográfica de *Poemas de ti e de min* (1949), entenderemos as circunstancias distorsionantes que, no cronolóxico, padeceron polo menos tres dos seis poemarios (contando os dous en castelán) que o noso poeta escribiu; feito que non pasa desapercibido a Xavier R. Baixeras ou a Xosé M^a Álvarez Cáccamo nas máis recentes edicións desta poesía (1987 e 2007). Unha aproximación caracterizadora dos poemarios galegos do escritor pasaría polas seguintes observacións.

1. *Poemas de ti e de min* (1949). Na pontevedresa «colección do pirata» Benito Soto, auspiciada polo trío editor Sabino Torres, Celso E. Ferreiro e E. Álvarez Negreira, aparece o que constitúe o primeiro poemario galego de lingua do noso escritor. Libro fraterno, compartido a cara e cruz con outro poemario, este do seu irmán Emilio. Preceden aos poemas cadansúa nota biobibliográfica dos irmáns e un gabancioso comentario¹¹ —«Unha leda poesía»— de Salvador Lorenzana (daquela pseudónimo moi empregado por Fernández del Riego) dirixido aos poetas irmáns. Na voz de don Xosé María salienta a visión emotiva da paisaxe, a luz e a cor dos versos, a veciñanza de Amado Carballo e Xoán Bautista Andrade, así como «as súpetas raiolas das metáforas e o son que agarima «a brandura dos versos». Posteriormente, a crítica sitúa

¹⁰ Colaborou tamén don Xosé María (con artigos sobre todo e algún poema) en cabeceiras como *Tude* (1935), *Papeles de Son Armadans* (1956), *El Museo de Pontevedra* (1942), *Ínsula* (1945), *Vida Gallega* (1954), *El Compostelano* (1920) e tamén nas da Galicia da emigración *Galicia* (1926) e *Galicia Emigrante* (1954), de Bos Aires, así como nas portuguesas *Quatro Ventos* e *Céltica*, nesta última aparece «O poema sen voz» (nº 3, 1960) e «Xohaniña» (nº 2, 1959). Foi porén en *Faro de Vigo* e *La Noche* onde deixou a parte máis importante do seu labor de prensa.

¹¹ O texto de Salvador Lorenzana figura ao remate do vol. III (o de Emilio Álvarez Blázquez) e carece de paxinación.

o poemario nas ringleiras da escola imaxinista, rexistrando (así, Rodríguez Baixeras) «certo sabor lorquiano» das metáforas e, conxuntamente, «a sinxeleza e inocencia da poesía popular»¹². Pola súa parte, Méndez Ferrín¹³ lembra do libro «os versos dondos, as cantigas bolboreta, as frases pálidas como paxariñas de papel» e aínda o substrato popular-infantil de varias cancións.

Este conxunto poético posúe unha estrutura externa tripartita e asimétrica (7+3+9 composicións) que reaparecerá en *Canle segredo*. Son en total 19 composicións se consideramos que «Notas» é unha delas, cando en realidade está formada por doce poemiñas mínimos (3 ou 4 versos cada un). Poesía toda ela de metro e rima, case na súa totalidade cinxida ao verso de arte menor (con certo predominio do octosílabo) e asonancia na rima. O poema adoita ser estrófico (poliestrófico), sexa monorrimo ou polirrimo. A cronoloxía das composicións é variable. «Limiar» está datado en Baión en setembro de 1934. «Amigo» escribiuse en agosto de 1941. «Romance de afiador» e «O merlo poeta» apareceran en *Cristal* (1932-1933). O poema «Sant-Yago» figura no xornal *El Compostelano* (15-VIII-1934). É case seguro que o escritor reuniu este feixe de composicións xuntando un material xa escrito, espaxado ao longo de varios anos. O máis serodio é «Filla», escrito en 1949, de acordo con afirmación de Darío X. Cabana¹⁴ e dedicado ao nacemento de María Luisa naquel mesmo ano.

Amado Carballo é unha omnipresenza: imaxes, ton, motivos, lingua. «Limiar», coas súas catro partes, é debedor claro de «A nosa bandeira», de *Proel* (1927), no que se refire ao modelo compositivo formal. O neotrobadorismo informa en todo «Amiga» e deixa pegadas en «Amigo» e algunhas outras. A interpenetración ou cambio de elementos, seres, cousas, feitos en procesos de personificación, zoomorfización, cousificación ou vivificación (base do hilozoísmo), determina as imaxes (lóxicas as máis, visionarias as menos) e visións. Así:

- «Na escudela do luar» (cousificación)
- «O pranto dos seus outos violoncellos» (humanización)
- «A noite cega chora...» (humanización)
- «Oxe está a cantar o ceo» (humanización)

¹² Xavier R. Baixeras, «Limiar» a Xosé María Álvarez Blázquez, *Poesía galega completa*, Vigo, Xerais, 2007, p. 21.

¹³ Vx. «Con Xosé María» en Xosé María Álvarez Blázquez, *Poesía galega completa*, op. cit., p. 361. O texto de Méndez Ferrín figura tamén na edición de 1987.

¹⁴ Op. cit., p. 90.

«O río é... anguía a nadar» (zoomorfización)

«A cabuxa lúa» (zoomorfización) etc.

O visionarismo está presente en «Gando», na imaxe *ollos-vacuriños* que enfiña as tres partes do poema como principio estrutural interno. «Foguetes» é, por todo, un poema de filiación amadocarballista, o mesmo que «Río». A pegada de García Lorca (aínda co tópico da Garda Civil) está no «Romance do afiador» e igualmente no «Romance da chuva», ambos os dous coa parte dialogada, tan de Lorca, e a súa traxicidade.

No abano de temas e motivos do libro, o amor é o primeiro en aparecer. Trátase neste caso dun motivo poético, dun eixe sentimental soñado, celebrado, idealizado. «Gando» é, ao respecto, a composición de meirande interese, aínda que xa en «Ti» temos algunha fermosa paisaxe visionaria:

«Rulas levians

no vô lizgaio das tuas mans.»

Mais é a paisaxe —de tan fonda tradición na nosa lírica— (natureza, cosmos, figuras, folklore, mar...) a constante máis evidente destes versos: retorna a tradición agora revestida de nova retórica (as imaxes, de orixe vangardista) e dunha métrica que, con excepcións como «O río» ou «Filla» ou «Ceo de vran», nas que hai unha certa polimetría e inusuais dodecasílabos, asume a tradición. En fin, certa novidade contén «Filla», onde o poeta declara o misterio e o segredo da conmoción que un novo ser, coa súa soa presenza, representa para quen lle deu vida. Este lirismo familiar, aquí anticipado, volverá con moita máis amplitude no posterior libro do poeta, *Roseira do teu mencer* (1950).

Ledicia e tristeza, sensorialismo e sentimentalidade (saudade), literatura e paisaxe, natureza e figuras, soño e realidade, elementos cultos e populares (estes tratados ao novo xeito, na recreación neopopularista) conviven neste libro que é de primeira xuventude (varias, numerosas composicións son dun mozo que beirea os vinte anos) e, por conseguinte, un paso de iniciación, unha declaración de aprendizaxe onde a vida ecoa apenas e a literatura está ben patente como modelo a imitar.

Acerta en boa medida Varela Jácome¹⁵ ao escribir que a voz do noso poeta era «trasunto de Amado Carballo y la influencia formal de los Cancioneros medievales»; esta consideración, feita en 1951, exclúe dende logo *Canle se-*

¹⁵ Benito Varela Jácome (1951): *Historia de la literatura gallega*, Santiago: Porto y Cía., p. 402.

gredo e non contempla a tendencia de recreación do popular á que don Xosé María foi tan proclive. En suma: algo de narratividade (nos romances), moito máis de descritivismo e, dende logo, cadros ou estampas de viva animación coa paisaxe como protagonista. A saudade percorre «Desterro» e a miúdo atopamos referencias dunha sinxela relixiosidade e alusións xacobeas, sen que falten acentos lúdicos, festivos, infantís como os que se acusan en «Ribas do Sil» ou «Arela». Porén, entre unha sensibilidade lírica ben marcada, facilidade para o verso, capacidade de asimilación estético-retórica e non poucas herdanzas da tradición directamente galega —dende a Idade Media ao século vinte— en composicións como «Ti» ou «Gando» aparece a voz dun poeta que aínda vai entre moitos ecos nos que tenta deixar a súa pegada persoal.

2. En 1950 nace Edicións Monterrey da man de don Xosé María e mais de Luis Viñas Cortegoso e o primeiro libro que sae do prelo é, precisamente, *Roseira do teu mender* (1949-50), poemario de cosmos lírico unitario, homoxéneo, excluínste agás para a emoción afectiva do *eu* lírico e para a fermoseada e mínima figura do *ti* destinatario das cancións. Libro de manifestación do íntimo amor paterno do poeta «á miña nena», empastado na literatura infantil en ton, motivos, léxico e emotividade. Dedicado a María Luisa («chamámoste Colorín»), filla do poeta, as vinte composicións de que consta enfían, dunha banda, o conmovido sentir do poeta e, doutra, recrean cancións infantís entre as que se advirten as de arrollo e berce como «Pol-a fiestra anda o luar» ou «Durme, neninha». A preocupación do poeta pola estrutura, pola construción do poema, aspecto no que xa reparara Fernández del Riego, é ben perceptible por exemplo na gradación imaxinativa que determina xa o primeiro poema —«Era un airiño soave»— (de inicial lembranza rubendariana), tetraestrófico, formalmente paralelístico no seu desenvolvemento, xustaposto na vertebración das partes e de final conclusivo. Sen saír desta composición advirtamos o reiterado emprego de formas estróficas de tres versos que neste caso son tercetos de arte menor con rimas consonantes ou asonantes. En «O sol pol-as eiras...», alternan versos de 6 e 12 sílabas nas súas estrofas, tamén de 3 versos, que reproducen formas neotrobadorescas. En «Ai!, nena, quen fora» son tercetos hexasilábicos todos eles. En «Si, bonita, si:» a canle métrica é a polimetría, á que o poeta manifesta unha tendencia ben clara.

Algunha contada reminiscencia do neotrobadorismo non impide afirmar que *Roseira do teu mender* é un libro distinto e moito máis persoal de don Xosé María, malia que a inspiración popular estea na raíz mesma de varias composicións. Diminúe moito tamén a pegada do imaxinismo, aínda que

continúen os procesos de transmutación hилоzoísta do tipo «*bágoas do sol*», «*as mans lixeiras dos ameneiros*», «*crista de sandía*», «*O luar... como un gatiño orfo*» etc. Consonte coa expansión afectivo-sentimental dos versos, advertimos o notable incremento, agora, do índice de afectividade que é o diminuto: *noitiña, manseliño, pequeniña, ventureiriña, amodiño, ferreiriño, casiñas, frazadiño, reconchegadiña* etc.

Elementos cósmicos e da natureza (arco da vella, sol, estrelas... arbres, aves e paxaros, froles, leiras, mar) constitúen unha escenografía na que se sitúa tamén a casa, o mundo rural e o dos sonhos: o centro de todo é ese *ti* co que o falante lírico dialoga, celebra a súa existencia, idealiza o seu ser e recrea amorosamente a súa presenza. Salientemos a nota de algareira ledicia, a habilidade versificatoria, a xusteza de ton ao rexistro imaxinativo infantil, a fecundidade imaxinativa do mundo dos sonhos, o dinamismo e mobilidade internos do poema e os constantes xogos de sonoridade. Todo isto, engadido á limpa inxenuidade da expresión, á naturalidade emotiva e ao agarimo sentimental e imaxinativo fan de *Roseira do teu mencer* un libro moi fermoso, unha homenaxe á infancia, un poemario de moi puro aire e devoción paterna; un libro inusual na poesía galega e para nada menor.

3. *Cancioeiro de Monfero* (1953). Este sorprendente poemario, homenaxe (e heterodoxa recreación) ao neotrobadorismo, posúe un particularísimo historial, hoxe ben coñecido, que parte da condición de apócrifo do *Cancioeiro* (só parcialmente reproducido) que trae a novidade de xograres «descoñecidos» como o Riandiño, ao que seguen varios anónimos. Trátase, en definitiva, dun divertimento que manifesta un tanto o espírito humorístico, burleiro do escritor, que tivo que divertirse abondo xa ao escribir o «Limiar», no que atopamos unha insólita «fusión» lingüística e unha manifestación antiacademicista con aire paródico-burlesco. O neotrobadorismo pasa de ser armazón formal e léxico nalgúns poemas a se converter en recreación autónoma, independente, a xeito de epílogo dos *Cancioneiros* medievais e fito dos nosos apócrifos poéticos.

4. *Canle Segredo* (1976). Cuarto e derradeiro poemario do escritor, do que hai unha primeira versión en 1953, outra en 1954 con dous poemas máis; con ela obtén o libro o premio Eduardo Pondal de poesía do Centro Galego de Bos Aires nese mesmo ano. A derradeira versión, primeira das publicadas, datada en 1976, suma tres novas composicións. A negativa do poeta a deixar que o Centro Galego publicase o libro nas súas Edicións Galicia, o incum-

prido propósito de publicalo na súa Ed. Monterrey, na colección «Leixado no vento» («leixado do vento quedou», confesará o escritor no Limiar de 1976), os máis de vinte anos entre xestación e publicación, os poemas engadidos nos anos 1955, 1965 e 1973 de acordo coas precisións do seu fillo Xosé M^a Álvarez Cáccamo¹⁶, a publicación dalgunhas mostras illadas do poemario en revistas como *Alba* (1948), de González-Alegre¹⁷, ou nas portuguesas *Céltica* ou *Quatro ventos*, todo iso pertence ao currículo do poemario que apareceu, en formato de minilibro, como n^o 2 da colección Pico Sacro de Editorial Castrelos, fundada en 1964 e dirixida por don Xosé María, xeneroso coas voces mozas daquela; de feito *Canle segredo* vai precedido por un libro de Darío X. Cabana e seguido doutro de Vicente Araguas. Convirá lembrar que *Canle segredo* era o fillo poético predilecto do poeta: «Da miña propia poesía prefiro a derradeira, aínda inédita, que enche en parte o libro *Canle segredo*» escribe xa en 1955¹⁸. A novidade deste poemario, a diferenza case radical cos seus predecesores e, en definitiva, o xurdimento nestas páxinas dunha voz persoal, moderna hoxe aínda, que percorre temas da poesía universal e sinala un avance indiscutible na curta traxectoria poética de don Xosé M^a: este é, despois de meritorios ensaios, o libro máis definitorio e característico do poeta. Como observa Xosé M^a Álvarez Cáccamo¹⁹, «podería (*Canle segredo*) ter representado o limiar dunha nova poética persoal, consolidada en sucesivas entregas e, non obstante, constituíu un epílogo de demorada resolución». Digámolo agora: é de agradecer que as tres edicións²⁰ que seguiron á primeira respectaran escrupulosamente os textos orixinais sen caer en tentacións normativistas de posta ao día que frustrarían, ademais, o valor documental da escrita do autor.

Volve o poeta á configuración externa tripartita (10+15+5) con desigual número de poemas. O primeiro deles dá título ao libro. Con algunha irregularidade, continúan as estruturas da métrica clásica como o soneto («Sau-

¹⁶ Op. cit., pp. 10 e 11.

¹⁷ O seu amigo Ramón González Alegre cualificou ao noso poeta de «maestro de la evocación» dotado dunha excepcional «capacidad emotiva». Vx. Ramón González Alegre, *Poesía gallega contemporánea*, Pontevedra, Col. Huguín, 1954, p. 197.

¹⁸ Vx. *Escolma de poesía galega*, IV, op. cit., p. 287.

¹⁹ Op. cit., p. 10.

²⁰ En 1987 e 2007 en Ed. Xerais; a primeira, ao coidado de Xosé M^a Álvarez Cáccamo; a segunda, de Xavier R. Baixeras. A terceira (Galaxia, 2008), do primeiro dos citados. Non contamos aquí a orixinal e primeira de 1976.

dade») ou a cuarteta de rimas asonantadas («Dona»). Hai tamén mostras máis numerosas de poemas divididos en bloques estróficos sen rima e isométricos, baseados no hendecasílabo solto ou branco («Baión»). Mestura de hendecasílabos, heptasílabos e tetrasílabos é «Panida». A polimetría, o hendecasílabo solto ou branco, a supresión da rima, o poema xa de certa amplitude son manifestacións dunha escolla métrica máis libre e moderna, menos suxeita a formas canónicas e de carácter culto, herdanza das novidades impostas no século vinte. En xeral, a escolla métrica dominante é a do verso semilibre.

A literatura como un fin en si mesma, a compoñente retórico-formal, a tradición autóctona (neotrobadorismo) ou non (imaxinismo), o paisaxismo²¹ e popularismo, do que non faltan mostras, formulado como neopopularismo, retroceden diante dunha voz secreta, interior, confesional, canle de manifestación dun *eu* lírico no que advertimos un substrato densamente humano que fai do seu canto emoción e intenso exercicio da memoria, constatación do paso do tempo, ollada a un interior que ten moito de íntimo cinxido ao ámbito persoal, mais non renuncia ao comunitario ou social dende posicións ético-morais; á activa defensa dos débiles e as vítimas, á constatación de perdas e derrubes persoais ou de intres de ledicia e plenitude. Adiantemos a novidade, neste poemario, dunha lingua de rexistro conversacional na que as fórmulas da retórica literaria alternan, sen gañar a partida case nunca, coa expresión máis núa e directa que revela ao poeta desdobrado en neno («Camiños») ou en testemuño crítico e ético dunha xente, dunha colectividade materialista, clasista e hipócrita, inmisericorde cos débiles, cos feridos da vida, coas vítimas («Ise neno da rúa», «Visión», «O cabalo»); dunha expresión que ten unha compoñente principal tomada da terra mesma (terra: natureza, aldea) a través dun amplísimo caudal léxico (*albre, vagalume, herbas, fentos, area, fraga, vespas, penedos, eira, puzo, iauga, lareira, cabalo* etc.) e concretos topónimos cuxa clave existencial máis rotunda é *Baión* e que renuncia, por redundante e inexpressiva, á palabra cando se trata de manifestar («Sin voz») a madurecida comuñón sentimental, a radical harmonía interior, a absoluta identificación que o amor e a vida teñen procurado aos suxeitos (*ti, eu*) do poema.

²¹ A visión campesiña, aldeá, tan típica de Amado Carballo e da retórica do hilozoísmo, deixa aínda pegadas puntuais nos poemas «O carro dos nenos» ou «A cometa» e aínda claramente en «Dona». Porén, a tendencia á imaxe decrece nidiamente neste libro.

Poema de amor, este «Sin voz», pois o amor é tema primeiro deste *Canle segredo*²² e nese puro latexo perduran, nesta e outras composicións amorosas, o poeta e a súa dona, vista como muller, esposa e nai. A esta temática da primeira parte do poemario hai que engadir os poemas ao fillo («O neno», «Meu moneco») na órbita do lirismo familiar que o poeta cultivou con tanta frecuencia. Ao amor encarnado, enraizado e aínda «arraigado», celebrador do *ti* destinatario e confidente que o *eu* exalta e idealiza non sen algunha intención precautoria ou admonitoria (en «Naufraxio»), hai que engadir outros motivos universais como a lembranza da terra, a constatación do paso do tempo co seu acarreo de perdas e derrubes entre os que salienta con claridade a perda do paraíso da infancia²³; a morte do neno que o poeta foi e que revive e retorna na súa memoria unha e outra vez:

«... mentres cavilo
nun cativo que durme
xa pra sempre perdido no meu peito»
(«Os ácios»)

«eu era
un neno de ollos redondos
polos camiños da terra»
(«Lembranza»)

e que informa títulos como «Aquil neno que eu fun», «Baión», «Camiños», «O carro dos nenos», «O medo» e outros. Aos motivos citados cómpre engadir o da saudade (explícito nas encrucilladas existenciais que cruzan «Saudade»), a perda do mundo aldeán asociado á infancia e á familia (en «Soedá», impresionante, estarrecedor, e mais en «Elexía a unha muller do campo», duro e tenro á vez). A aldea é outro paraíso perdido e asociado á nenez. O

²² Hai neste poemario unha constante utilización do léxico da terra como vehículo de diferentes e numerosas imaxes, aínda as amorosas (así, «eira de pan», «lareira», «poxo fundo», «penedía», «albre senlleiro», vehículos metafóricos do *eu* lírico no poema «Canle segredo»). A terra, referida directa e escuetamente, resulta fonte de dor, angustia, saudade; semella abranger o país. Máis espazo ocupa a lembranza da vivencia da terra natal delimitada polos topónimos Baión, Sovilas, Lantaño ou Lobomorto, espazos que xorden como lembranza feliz do perdido paraíso da nenez, reiterado motivo poético de *Canle segredo*.

²³ Intres de ben perceptible narratividade evocativa atopámoslos case sempre en poemas de lembranza da infancia, da idealizada e benquerida infancia do poeta, evocada en «Descoberta da terra», «O mundo» ou «Baión». Tamén a dor da infancia, a indefensión da nenez está na cerna da veta da poesía de protesta que é unha alegación contra unha sociedade convencional, clasista, moralmente degradada (Vx. ao respecto «Meu moneco» ou «Ese neno da rua»).

sentimento da terra é fonte de angustia, de desacougo. O medo é un latexo fantasmal fundido outra volta coa nenez. O sentimento relixioso (en «Camíños») figura aquí e alá, inequívoco. O noxo, a invectiva²⁴ son respostas a unha comunidade social farisaica que só respecta o poder, a posición social, o diñeiro. Malia o substantivo intimismo deste poemario, non estamos diante dun lirismo solipsista. O *eu* lírico dialoga nos espellos da infancia, do tempo, da vida familiar. Hai neste *Canle segredo* intimismo amoroso, veta existencial feita de desasosiego e degaro, saudade e reixetamento en voz ben alta do presente visto como desposesión e orfandade e, doutra banda, rexeitado no comunitario por inmoral e degradado. O rexeitamento do mundo reflíctese, nun primeiro intre, en «Panida», onde o poeta reformula o motivo do *beatus ille* horaciano; despois, de xeito máis radical e virulento, en «Visión». O ámbito dos soños é un acubillo, un refuxio ao que o poeta volve unha e outra vez, mentres a esposa-nai de «Maternidade» resiste como táboa de salvación no naufraxio existencial, mentres perdura o «delor da terra» (en «Saudade») e a lembranza rescata do naufraxio do tempo: días, lugares, soños, presenzas felices. Engadamos, por fin, que a imaxinación visionaria é un trazo de incipiente comparecencia nesta poesía. Malia todo engrandece espiritualmente ao *ti* destinatario do canto cando o contempla capaz de «tornar a noite claro día» (en «Maternidade») ou nas imaxes de estrutura apositiva que celebran a muller como «Ergueito lume, río de fervenzas» (en «Cruz de dous»). Visionarismo que recobre «Pesadelo», poema gradualizado con precisión nun proceso evolutivo que vai da tebra á luz, da noite á alborada, do soño á vixilia.

A sección de poemas «inéditos e dispersos»²⁵ do noso poeta certifica a presenza dunha nova veta levada polo heterónimo Pepe do Rollo, poeta epigramático de condición satírico-festiva que fai «versos de rueiro ou calella», que mudou o seu «pálpito horacián» en voz de «cítrica retranca»²⁶, de todo o cal son testemuño as dezaseis pezas (varias delas incorporadas a *Sal e pementa*,

²⁴ Só en contadas ocasións perde o poeta o que son os rexistros ou tonalidades da súa voz: equilibrio, medida, harmonía, nostalgia. A exaltación climática, nos finais conclusivos dalgúns poemas amorosos ou paisaxísticos, non é frecuente. A manifestación do repudio, da xenreira diante da inxustiza ou da aldraxe é inhabitual, pero de certo aparece en *Canle segredo* (en «Visión» ou «Os importantes») e entón a tonalidade expresiva faise abrupta e virulenta.

²⁵ Vx. *Poesía galega completa*, op. cit., pp. 251-351.

²⁶ Vx. Xavier R. Baixeras, op. cit., p. 333. O escrito estaba seguramente pensado para servir de limiar á edición dos «Epigramas de Pepe do Rollo».


1968) e outras escritas nos anos setenta. A restante produción recolle poemas ocasionais de homenaxe e amizade, algúns madrigais amatorios e algunha dura invectiva de alcance individual ou social. Son evidentes as pegadas neotrobadoristas e neopopularistas e a pluralidade de asuntos (amor, gastronomía, caciquismo, poesía, xacobeos, paisaxe, didácticos, infancia etc.). Todo evidencia a versatilidade de don Xosé María, a súa facilidade versificatoria e a pluralidade de rexistros intencionais da súa voz de poeta serio ou burlesco, profundo ou levián, acougado ou exaltado, vital ou libresco.

Parece mentira que en tempo tan breve a poesía de don Xosé María dera un xiro tan notable, un cambio tan ostensible; cambio que o poeta non desenvolveu. As luces e sombras deste diverso pero transcendente cosmos poético testemuñan unha madurez de pensamento realmente extraordinaria neste poemario de monólogos líricos, apóstrofes amorosas e diálogos interiores (coa infancia e coa terra reiteradamente) entre o aguilloar da saudade, o rebulir das lembranzas, o silenciar dos afectos do amor e da vida en común. Érguese *Canle segredo* como un libro, ata hoxe mesmo, superador do paso do tempo, afirmado na modernidade, perdurable na súa transcendente motivación e escrito con arte e con sinxeleza. Hai nel, ao noso ver, máis de media ducia de poemas que, ademais de acreditar a un poeta, e acaso por iso mesmo, viven na nosa memoria lectora. A eses poemas quero sumar outro, xa fóra do libro, de publicación póstuma, «Solpor» (en *Faro de Vigo*, 1985), que é, para min, un dos máis escolleitos —na contemplación e constatación do paso do tempo e da vida— de toda a poesía galega, na que *Canle segredo* deberá ter sempre un lugar de privilexio.

[«Polas canles líricas de Xosé M^a Álvarez Blázquez», *Boletín da Real Academia Galega*, 369, 2008, pp. 23-24]

Diversidade interno-externa e multiplicidade textual en Uxío Novoneyra

Un dos efectos do ano Novoneyra (2010) nas nosas Letras foi o mellor coñecemento da amplitude do *corpus* textual do escritor; é dicir, a *amplificatio* do seu ámbito escriturario, xa non —mais tamén— no que atinxe aos seus poemarios canónicos, senón nas marxes da súa obra total: case un cento de escritos en prosa (varios deles pensados e preparados para a súa emisión oral, como limiares ou presentacións a recitaís de poemas propios ou alleos); diverso material epistolar que ten como receptores a Ramón Piñeiro (tamén emisor, por suposto, nunha importante e ilustrativa correspondencia), Otero Pedrayo ou Manuel María, xunto con outros nomes —Cuña Novás, Méndez Ferrín, José A. Valente— e, finalmente, unha serie de versións poéticas emitidas ben no formato de pequeno caderno titulado «Falorpiñas de neve» e datado en 1952, ben nun conxunto de vinte e unha composicións poéticas (algunhas delas con dúas ou tres versións), conxunto poético incorporado a unha ducia de cartas que entre 1953 e 1972 enviou, no contexto dun conxunto de corenta e cinco misivas¹, ao seu inicial mentor, guieiro e editor: Ramón Piñeiro. Varias destas composicións adiantan primeiras versións que reaparecerán, modificadas, en *Elexías do Caurel e outros poemas* (1966) e n'*Os Eidos*, 2 (1974). O «Poema dos Caneiros»/«Lembranza de Betanzos», as elexías a Carlos Maside e Luís Pimentel, o «Chamamento ós galegos»/«Chamada ós galegos», xunto con «Poema da Saudade», «Cantiga de dor» ou «Invocación e prego de Novoneyra» son algúns títulos dese interesante *corpus* lírico.



¹ Publicadas en *Uxío Novoneyra, Cartas de poeta. De Uxío Novoneyra a Ramón Piñeiro (1953-1972)*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2010. Edición ao coidado de Luís Cochón, Luís Alonso Girgado, Alexandra Cillero Prieto e Élide Abal Santorum.

Na liña na que situamos este noso traballo contamos con dous valiosos precedentes. Así, Olga Novo² salientou hai xa varios anos «o proceso de constante reelaboración ó que Uxío Novoneyra somete os seus textos»; proceso concretado na publicación destes en revistas e xornais³, no paso posterior aos poemarios, nas modificacións que no seu seo (recolocados, desprazados) experimentan e na elaboración de diferentes versións, moitas delas inéditas. Todo o cal deseña un proceso evolutivo externo, de acusadas implicacións lingüísticas e marcado por unha meta esencializadora da palabra e da expresión a base dun reduccionismo, dunha máxima condensación na que o poema queda resolto ás veces en tres ou catro versos e aínda nun único verso, como versión final.

O traballo⁴ de Carme Silva Domínguez privilexia as variantes e resultantes lingüísticas desta constante evolución textual que delata unha radical actitude correctora, unha intensa procura da plenitude expresiva, unha case enfermiza insatisfacción tanto idiomática como estético-literaria e unha rota idiomática que nace e desemboca nidiamente nas falas do Courel, no particular e local courelao, no enxebre e depurado. Todo, por suposto, afastado de calquera norma oficialista⁵; todo coa defendida independencia do criterio idiomático do escritor, o único que decide sobre o uso dunha lingua —espazo, lugar— que se carga de fondas transcendencias, algunhas de carácter metafísico⁶.

² Vx. *Uxío Novoneyra. Lingua loaira*, Lugo: Fundación Caixagalicia, 2004, p. 117. A autora dedica a segunda parte do seu libro á «presentación e estudo da obra dispersa, inédita ou xa exhumada... establecendo as distintas variantes que se coñecen dos textos» (p. 17).

³ Completamos a listaxe de cabeceiras de prensa nas que hai colaboracións de Novoneyra proposta por Olga Novo; cabeceiras que na nosa recompilación suman arredor de sesenta. (Vx. os volumes *Celebración de Uxío Novoneyra* e *Celebración, II*, publicados en 2010 polo Centro Ramón Piñeiro). Edición de Luís Alonso, Luís Cochón, Alexandra Cillero e Élida Abal.

⁴ «De Compostela ao Courel, de 1952 a 1990: a evolución das decisións de escrita n'Os *Eidos*», en *Uxío Novoneyra. Día das Letras Galegas 2010*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio científico da USC, 2010, pp. 99-133.

⁵ A actitude fondamente individualista cara a lingua, a desatención a calquera normativa na escrita levan a penitencia dunha sensación de descoido e irregularidade verbal nos textos do poeta. Polo mesmo, a teima modificadora de palabras, sintagmas e ata versos enteiros ou desprazamentos de poemas ou fragmentos dun libro a outro, desconcertan e ata desacougan o lector.

⁶ A consideración da lingua adquire renovadas, inéditas e múltiples referencias en varios dos pregonos e textos introdutorios de diversos recitais que aparecen no apartado «Inéditos».

Un apuntamento á correspondente evolución semántica, de sentido ou do cosmos poético que informa a poesía de Novoneyra. Falemos, en síntese, dunha liña de configuración cerrada-circular e de natureza cósmico-telúrica: unha temática que enchía as expectativas de Ramón Piñeiro de atopar unha voz culminante do enxebre e tradicional lirismo telúrico/paisaxístico da poesía do país, popular ou culta. Mais tal liña, que comeza n'Os *Eidos* (1955) e remata en *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas* (1999) —libros porén con ben marcadas diferenzas— coñece unha serie de bifurcacións que naturalmente enriquecen e diversifican a obra do poeta, sobre o que pesou (e pesa aínda, para algúns) a consideración unidireccional e simplificada, reducionista, do «poeta d'Os *Eidos*», virtuoso do sensorialismo a través dos seus achados na órbita fonosimbólica de acordo coas puntuais e reveladoras análises de Claudio Rodríguez Fer⁷.

A este estudoso novoneyrán volvemos para reflectir a condición de poeta total do courelao, cuxa obra coñece as vetas «obxectual, paisaxística, cósmica, existencial, cívica e amorosa a un tempo»⁸. Esas liñas temáticas están irregularmente esparexidas e conviven unhas e outras nos poemarios do escritor. Así, aínda que *Muller pra lonxe* (1986) declara no mesmo título a condición amorosa do canto, incorpora temas —da fusión cósmica, da protesta cívico-patriótica, da intimidade existencial— que advertimos en títulos precedentes do poeta, que habitualmente configura diseminativamente o substrato temático dos seus libros, que opera por tentativas sucesivas, en constante modificación formal e expresiva ata redondear e pechar o círculo totalizador —que vai d'Os *Eidos* (1955) a *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas* (1999)— da súa obra poética.

Naturalmente, esta temática proteica, que asoma e desaparece e retorna, está acompañada de diferentes acentos emotivo-sentimentais: canto celebrador,

Prosa» nos dous volumes *Celebración de Uxío Novoneyra* e *Celebración, II* (2010), op. cit., que publicou o Centro Ramón Piñeiro: arredor dun cento de textos en total. Sobre a lingua, continúa a ser texto de referencia *Uxío Novoneyra. Dos soños teimosos*, (Noitarenga, 1998), longa entrevista de Emilio Araúxo ao poeta.

⁷ Vx. «O fonosimbolismo na poesía de Novoneyra. Incursión ao nivel fónico da obra literaria» e «Elementos de Fonoestilística: a prosa de Fole e a poesía de Novoneyra», en *Grial*, números 68 (1980) e 89 (1985) respectivamente, así como «Fonoestilística da poesía de Novoneyra» en *Poesía Galega* (Xerais, 1989).

⁸ Vx. Claudio Rodríguez Fer, nota epilodal a *Muller pra lonxe*, Lugo: Deputación Provincial, 1986, pp. 81-84.

intimismo transido de dor, marcada corda elexíaca, diapasón satírico-burlesco, forza e elevación épica no lirismo cívico-patriótico, nacional e universal, solidario e libertario.

Pasemos, porén, a cuestións de carácter externo da lírica novoneyriá: á tendencia á multiplicidade de versións⁹, ao desprazamento ou deslocalización de poemas ou versos, ao proceso de supresión ou adelgazamento no poema, á teima correctora no literario e no lingüístico.

O peculiar *modus operandi* do escritor, que debeu «torturar» a máis dun dos seus editores, comeza co poemario *Os Eidos* (1955), que foi obxecto de importantes modificacións ata chegar á edición de 1990. Por exemplo, a publicación no ano 2010 dun caderniño dedicado polo poeta a Juan Naya, titulado «Falorpiñas de neve»¹⁰, integrado por dezaioito composicións datadas en setembro de 1952, representa un singular precedente do citado poemario. Así, no caderno manuscrito que en maio de 1954 coas 143 páxinas d'Os *Eidos*¹¹, envía a Ramón Piñeiro, está parte dos poemas de «Falorpiñas de neve», mais hai composicións suprimidas¹², outras modificadas e outras con correccións lingüísticas ou gráficas. Así, en «Terras abesedas» varía o número de versos e a disposición e forma verbal nos mesmos, os apóstrofos e signos de admiración e o léxico: *Laz* por *Lazzo*, *Remesqueda* por *Valdasnela*, *cosecha* por *barbeito* etc. En «O mofo das pedras» os catro versos finais pasan a tres radicalmente distintos, e un caso ben semellante é o de «O vrao»/«A vinda do vrao». Certamente, o cotexo dos dous manuscritos resulta moi ilustrativo, de acordo coas numerosas variantes que rexistramos e das que amosamos unha mínima exemplificación: *das/d'as*, *brilla/brila*, *trompicós/trompicois*, *y'os/i'os*, *ouveando/oubeando*, *pra ir a/pre il'a*, *ferbas/frebas*, *José/Xosé*, *com'oun/coma un*, *miudiño/piquiniño*, *poidan/podian* etc.

⁹ Olga Novo recolle e confronta versións de poemas tan coñecidos como «Ouh Galicia», «Poema dos Caneiros» (Invocación de Betanzos), «Letanía dos tesos cumes», «Chile 73», «Homenaxe labrego a Daniel Pino i-á nova mocedá» etc. (Vx. op. cit., pp. 133-199).

¹⁰ *Uxío Novoneyra. Falorpiñas de neve. Cartas a Manuel María*, Santiago de Compostela: Follas Novas, col. Libros da Frouma, 2010.

¹¹ *Uxío Novoneyra. Día das Letras Galegas 2010*, editado pola Universidade de Santiago (Departamento de Filoloxía Galega), en edición ao coidado de Anxo Tarrío Varela.

¹² Referímonos a «Canción da moza mociña», «A ensemesmada da auga», «Os encinos», «Home d'o tempo», «Montes da nebra» e algunha outra presente en «Falorpiñas de neve» (1952).

A multiplicidade de versións de numerosos poemas atopa canle non só na sucesión de poemarios ou nas colaboracións en prensa, senón tamén en escolmas, libros de autoría colectiva e cartas que dirixe a Ramón Piñeiro. Das corenta e cinco que envía entre 1953 e 1972 temos un feixe de dez, polo menos, que levan poemas escritos a proposta do poeta ou ben por petición do seu interlocutor. Este *corpus* poético-epistolar contén: a) Versións poéticas. b) Propostas de poemarios naufragados como «A noite é mais que unha pecha escuridade i outros poemas», «Poemas escabelados» ou «Cancioneiriño do Caurel». c) Poemas (tres) de «Elexías do Caurel» (carta de 13-III-1963). d) Poemas soltos, non publicados en libro. e) Diferentes datos sobre o desenvolvemento e proceso de xestación d'Os *Eidos* e tamén das «Elexías do Caurel».

Patentízase unha vez máis a teima das versións, froito da insatisfacción do poeta diante de tentativas que estimaba non conseguidas con plenitude. Así, a «Cantiga de loubanza» (1958) a Otero Pedrayo é obxecto dunha «nova versión... pra que a mandes a Galaxia co fin de que sustituya a outra...» (carta de 12-VII-1958). Na mesma circunstancia, multiplicada aínda, temos a «Nova versión da Chamada ós galegos» (carta de (22)-XII-56); insatisfeito con esta segunda, que «non é nin con moito o que eu quixera», escribe e envía a Piñeiro unha terceira —datada tamén no Caurel en 1956—. As múltiples variantes de todo tipo, dende lingüísticas ata de arquitectura do poema, número de versos etc., podemos advertilas xa nos dous primeiros versos, distintos nas tres versións:

«Dormidos peitos da libertá!
 Meus irmaos galegos!...»
 «Meus irmaos galegos
 ben sabe Deus que hoxe non vos falo por coller sona!»
 «Meus hirmaos galegos
 que ás veces tamén tedes o corazón dos días de choiva coma este»

Como nalgunha outra ocasión, é Piñeiro o que solicita o poema: «Escribín esta 'Chamada aos galegos' —di Novoneyra— respondendo a unha petición túa do Vrao pasado» (carta de 30-V-1956); poema que na segunda versión vai especificamente dirixido e dedicado ao mundo galeguista e nacionalista universitario: «Failles entrega en meu nome distas verbas a Mourullo, Méndez Ferrín, Franco Grande ios outros rapaces da Universidá». Nos anos sesenta outras dúas versións están localizadas por Olga Novo e a elas hai que sumar a dada a coñecer nunha ben recente escolma por Pilar García

Negro¹³. Mais, en definitiva, quedan as palabras do propio Novoneyra arredor deste poema-arenga ou chamada á loita en clave cívico-patriótica:

Remeseiche o outro día a nova versión da «Chamada ós galegos». Non é nin con moito o que eu quixera. Tiña que ser aínda unha cousa máis directa. Non foi así porque eu sei que o pobo non ten aínda «a consciencia de Galicia» e non pode esquecer o que sabe. Unha cousa é escribir entre a xeneral indiferencia i-outra escribir como escribía Petofi. Por eso eu adico, ou mellor dito, dirixo a chamada especialmente ós universitarios galegos, estudantes de Compostela, agora que hai xente pra Universidade de Compostela que ten o sentido ia consciencia de Galicia. Galicia ten que nacer tamén na Universidá, e máis hoxe que é o único sitio onde hai unha mínima liberdade de manifestación pública.

(Carta de [22]-XII-1956)

Neste *corpus* epistolar aparecen versións do poema á fuxidía figura de Clara Otero (a segunda, de 1957, cunha coda onde hai tres novos versos); as dúas do «Poema da saudade», dedicada a primeira —por razóns evidentes— a Ramón Piñeiro, que quixo ver no courelán «o grande poeta da Saudade» e a segunda con catro versos máis e estrutura bimembre; a composición «Lembranza(s) de Betanzos» (ou «Poema dos Caneiros»), obxecto anos despois dunha ben coidada e ilustrada versión¹⁴, composición vitalista, dionisiaca e finalmente melancólica. Resoa aquí xa o mundo das cantigas medievais ao que volve o poeta en composicións como «Cantiga de dor»/ «Nova cantiga de dor», «Cantiga de amor (A Clara Otero)», «Cantiga de amigo», «A marcha é Egiuto» e ata «Cantiga de loubanza» a Otero Pedrayo.

Na corda elexíaca, tan frecuentada por un poeta que confesou vivir nun escuro «tempo de elexía», a peza dedicada a Carlos Maside presenta dúas primeiras versións de 1958, no mes de decembro. Unha, posúe catorce versos e estrutura bimembre; a outra ten dezasete e catro partes. Caso contrario —no que á extensión atinxe— é o da «Elexía á morte de Lois Pimentel», datadas as súas dúas versións en 1958. A primeira posúe cinco partes e vinte e cinco versos; a segunda, tres partes e doce versos nun proceso redutor que culmina nos catro únicos versos que o poema amosa no poemario *Elexías do Caurel e*

¹³ Referímonos a *Gran Lugo de nebra*, Santiago de Compostela: Alvarellos, 2010.

¹⁴ Vx. *Betanzos*, libro no que aparece o «Poema dos Caneiros» en versión bilingüe galego-castelán e ilustrado con estampas de Jesús Núñez (Concello de Betanzos, 1997).

outros poemas (1966); proceso que o poeta aplicou a outros moitos poemas da súa autoría, como xa temos advertido con anterioridade.

Non abondaremos na casuística de versións e variantes —que aquí apuntamos unicamente— que fan da obra poética de Novoneyra un organismo vivo e cambiante, en constante proceso¹⁵ de modificación como xa dixemos. A presentación, neste ano 2010, de poemas «inéditos (ou case)»¹⁶, do caderniño de «Falorpiñas de neve» e do significativo bloque de poemas (moitos deles con dúas e ata tres versións) contidos no epistolario Uxío Novoneyra — Ramón Piñeiro, amplían significativamente o *corpus* textual do escritor, circunstancia que haberá que ter en conta á hora de acometer a edición crítica que, sen dúbida, necesita un poeta tan dado a arrodeos e desvíos estéticos e lingüísticos na súa moi peculiar escrita poética como Uxío Novoneyra. Edición que precisamos e que continuamos a agardar.


[Luís Alonso Girgado (2010): «Diversidade interno-externa e multiplicidade textual en Uxío Novoneyra», *Boletín da Real Academia Galega* 371, pp. 133-138]

¹⁵ Circunstancia manifestada polo propio poeta, que se considera «poeta de *longo curso*, que pasou por varios estadios distintos, e ben distintos, dende *Os Eidos*, ás *Elexías do Courel*, ao *Tempo de Elexía*, á *Do Courel a Compostela*, *Poemas de doada certeza* e *Ámeto Mítico*». Uxío Novoneyra, «Recital do Instituto Lucus Augusti», de 16-IV-1999. Reproducido en *Uxío Novoneyra. Gran Lugo de nebra*, Santiago de Compostela: Alvarellos, 2010, p. 130.

¹⁶ Vx. os citados dous volumes de *Celebración de Uxío Novoneyra* e *Celebración, II*.

Filgueira Valverde, xornalista

Foi Filgueira Valverde (Pontevedra, 1906-1996) un precoz e constante colaborador de prensa. En efecto, xa en 1923, aos dezasete anos, vémosto escribindo notas biográficas nas páxinas de *La Renovación*, de Santiago de Compostela. Nesa mesma década crea a «revistiña» *Adral*, tamén en Compostela e figura a súa firma no *Boletín da Real Academia Galega*, no diario vigués *Galicia* e en *El Ideal Gallego*. Un fito nesta traxectoria é a súa presenza, en 1976, no *Faro de Vigo*, coa serie *Adral*, que saía os domingos e que chegou ata 1986. Certo é que en 1979 aparecía o primeiro volume da escolma que, co mesmo título de *Adral*, ocuparía nove volumes daqueles artigos de *Faro de Vigo* e outros procedentes de varias cabeceiras da prensa galega de información xeral. O volume noveno está datado en 1996, ano da morte do erudito, mestre e polígrafo —humanista— que Filgueira foi. En síntese, o corpus hemerográfico do escritor, que ten a súa base cuantitativa en *Faro de Vigo* (con 340 artigos), debe andar arredor dos 1.200 ou 1.300 artigos. Outras cabeceiras significativas ao respecto foron *Galicia*, *El Ideal Gallego*, *El Pueblo Gallego*, *La Voz de Galicia*, *Diario de Pontevedra*, *El Correo Gallego* e *La Noche*.



Colaboracións esporádicas, sen continuidade, aparecen en medios xornalísticos de orientación ben distinta: así, a do nacionalismo galego, representado por *A Nosa Terra*, na que mestura temática eclesiástica e galeguismo (*Logos* e *Spes* en especial); a do alén mar dos exiliados (*Galicia*, de Buenos Aires) e a das casas e lares ou centros galegos da península (*Alborada*, *Galicia en Madrid*, *Chan*, *Aturuxo*, *Libredón* etc.) ou a do catolicismo de posguerra (*Ecclesia*) e aínda a da Prensa del Movimiento (*Era azul*, *Amanecer*, *Triunfal*). Tamén a do galeguismo cultural (de *Nós a Grial*). En total, o número destas

cabeceiras debe estar arredor das 150 e, concretamente, da prensa de Madrid, os seus artigos aparecen en 30 cabeceiras, das que destacan *ABC* e *Ya* polo número de colaboracións. Dende logo, o polígrafo pontevedrés ten o seu lugar propio na prensa conservadora e, como dixemos, na relixiosa (*Encrucillada*,

Compostellanum) así como na cultural de amplo espectro de contidos. A única causante de todo este material de prensa é a dualidade Galicia-cultura galega. Esta Galicia sitúase constantemente no pasado; a faceta cultural abrangue lingua, literatura, arte, historia, biografía, antropoloxía, etnografía etc.

Unha aproximación caracterizadora de como enfoca e valora os seus artigos de prensa o humanista pontevedrés pode partir do seu propio testemuño:

Desde que escomecei a dar ao prelo os primeiros traballos, alá polo ano 1923, tiven sempre a sorte de achar un oco pra eles en xornaes e revistas e puideron publicar riolas de notas, onde espalléi, como quen conversa, *vellas novidades* da nosa Terra. Esas colaboracións de modesto columnista chamáronse Bocetos, Glosas, Notas Históricas, Vieiros, Pra o pobo, Quodlibet, Miscelánea (...) Como vedes, a unidade (dos artigos) vén dada por un fito, Galicia, e polo anxeio de servir a súa cultura¹.

Dá o escritor un paso máis na consideración do seu *métier*, ao que volve con renovados folgos xa xubilado da súa cátedra no instituto pontevedrés, coa declaración de que está a facer, como xornalista, un traballo subsidiario, puramente divulgativo e máis próximo á oralidade, á conversa popular e ao tratamento superficial, lixeiro, dos temas que aos traballos escritos con rigor científico, afondadores no tratado de estrutura unitaria e pertencentes ao nivel da expresión escrita.

Teima Filgueira na tipoloxía de miscelánea, de «leria aberta e vagariña» dos seus artigos, que son, en conxunto, unha «lizgaira poligrafía²», algo como un contrapunto pracenteiro, de descanso e lecer do que escribe, afogado ás veces polos traballos de investigación e de erudición. Velaquí, entón, os «fritos do meu lecer³», os simples anacos «de homildosa nacencia» nos que a propósito o autor emprega palabras infrecuentes no uso diario como probatura da riqueza léxica da lingua e para obrigar ao lector á consulta do dicionario. Porfiamos na minusvaloración do propio Filgueira por estes artigos: «manta farrapeira de retallos» de carácter anecdótico, intrascendentes, que desenvolven cuestións variopintas, «verdes falares; creencias e costumes; historias; artes e mesteres; evocacións e lembranzas⁴».

¹ En «Limiar» ao *Adral* (I), Ed. do Castro: A Coruña, 1979, p. 5.

² En *Segundo Adral*, Ed. do Castro: A Coruña, 1981, p. 5.

³ En *Terceiro Adral*, Ed. do Castro: A Coruña, 1984, p. 6.

⁴ Vid. «Limiar» a *Segundo Adral*.

Pola nosa parte, froito da nosa experiencia lectora, non pensamos que exista unha fórmula caracterizadora de tan vasto material. Imos, entón, ao rexistro dalgunhas claves.

1. Polos asuntos tratados e de acordo co propio autor, son Galicia e os seus compoñentes culturais de todo tipo a raíz destes artigos.
2. Cualificaríamos a Filgueira Valverde como un polifacético colaborador cultural (e galeguista) de prensa.
3. En xeral, o escritor non asoma por esta fiestra aberta das páxinas do xornal. Aparece, porén, explícito nos seus artigos biográficos, onde fala dos seus amigos ou de xentes ilustres que tratou ou coñeceu. Impón o escritor, polo xeral, unha óptica obxectiva como estudoso, como cronista, como coñecedor dos asuntos a tratar. A súa figura está máis ben implícita, velada a súa subxectividade.
4. Nalgúns casos, en certa medida, estes son artigos de profesor que se dirixe de viva voz aos seus alumnos (agora lectores) para reclamar a súa atención con fórmulas de apelación entre as partes que se comunican e patentizan a súa presenza no acto comunicativo. Estamos ante os «excitantes de atención» (vocativos, imperativos, pronomes persoais...). Vexamos algúns exemplos:
 - *¿Como poderíamos* grácir a Deus esta impar regalía?...
 - É moi gasalleiro para *min* falarvos hoxe...
 - Neste novo volume *atoparedes*...
 - Xa *vedes* que as ameazas da seca...
 - A verdade é que *eu* prefería guiarvos hoxe...
 - *Reparade* na biografía...
 - *Seguide* a primeira escena de...
 - Viña *eu* matinando...
5. A profusión frecuente de datos e de exemplos de todo tipo (lingüísticos, históricos, literarios, cronolóxicos etc.) evidencia o carácter erudito de boa parte destes textos, que queren ser sinxelamente didácticos e instrutivos.
6. Salienta con claridade a radical inactualidade e, así mesmo, a omnipresenza do pasado nos temas e motivos tratados, circunstancia da que advirte o autor. Hai nos textos, xa que logo, un recendo evocativo

e un propósito de actualizar e redescubrir feitos e cousas carentes de vixencia no presente; isto é, ignorados, esquecidos.

7. Por suposto excluimos destas puntualizacións aqueles artigos de especialización que Filgueira publicaba en cabeceiras de institucións culturais como o Seminario de Estudos Galegos, a Real Academia Galega, o Instituto Padre Sarmiento e o Museo de Pontevedra, entre outras.

[Unha primeira versión deste artigo foi publicada co título de «Filgueira Valverde, xornalista» en *Xosé F. Filgueira Valverde: artigos en El Correo Gallego e La Noche*, Luís Alonso Girgado, Laura Mariño Taibo, Laura Piñeiro Pais e Nuria Rouco Aneiros (eds.), Santiago de Compostela: Follas Novas, 2016, pp. 57-60]

III. CARTAS

Enrique Moreno Castillo

Barcelona, 7 abril de 1987

Sr. D. Luís Alonso Girgado

Querido amigo:

Acabo de leer en *El Correo Gallego* tu reseña sobre mi libro. Quiero darte las gracias por la generosidad de tus juicios, que no sé si merezco, y por la perspicacia y minuciosidad con que has leído mis poemas.

Espero que en alguna ocasión, en Santiago o en Barcelona, podamos conocernos personalmente y charlar sobre poesía y literatura.

Recibe un abrazo de

Enrique Moreno Castillo

Barcelona, 7 de abril de 1987

Dr. D. Luis Alonso Girgado.

Querido amigo:

Agradecido de leer en El Correo Gallego tu reseña sobre mi libro. Fuiere todo lo grato por la generosidad de tus juicios, que me sé si merezco, y por la apropiación y minuciosidad con que has leído mis poemas.

Espero que en alguna ocasión, en Santiago o en Barcelona, podamos encontrarnos personalmente y charlar sobre poesía y literatura.

Recibe un abrazo de

Infelizmente

Claudio Rodríguez Fer

Lugo, outono, 1987

Luís Alonso Gírgado
Compostela

Querido amigo:

Lin con moito interese o teu artigo sobre os meus últimos libros, escrito coa ponderación, o rigor e a sensibilidade que caracterizan o teu espírito crítico.

Eu tamén lembro as túas clases no Colexio Universitario de Lugo e sigo valorando por igual o esforzo que fixeras para dalas en galego e, por suposto, o contido das mesmas. Alégrame saber que tes en moi boa estima tanto a miña obra poética como o meu labor crítico, pero neste último campo teño que advertirche que unha boa parte dos meus supostos logros proveñen necesariamente da formación que adquirín contigo.

Por isto e aínda que xa os coñezas de *Grial*, mándoche algunhas separatas de traballos de sistematización literaria, tarefa que cómpre ir facendo en galego.

Vexo con satisfacción que escribes en diversos medios sobre literatura galega e espero que continúes a facelo co mesmo acerto. Pola miña banda, publicarei proximamente na colección Esquíu o pequeno poemario *Cebra*, dentro dun libro colectivo no que se reunirán inéditos dos poetas en galego, portugués, castelán, catalán e euskera que participamos nos encontros da Universidade Internacional Menéndez y Pelayo. En canto á crítica, supoño que che interesará saber que Llibres del Mall editará en Barcelona a poesía galega completa de José Ángel Valente. Finalmente, decidín agrupar todas as miñas pequenas prosas de ficción no libro *Metarelatos*, que publicará Edicións Xerais de Galicia. Imaxino que che mandarán todo, pero se non fose así eu me encargaría de que o recibiras.

Espero que manteñamos o contacto. Orozco, novo delegado de Cultura en Lugo, lémbrese moito de ti. Recordos a túa muller e aos amigos que vexas,

Claudio
Claudio Rodríguez Fer
Galicia 17 5º
27002 Lugo

Lugo, outono, 1987.

Luis Alonso Girgado
Compostela

Querido amigo:

Tín con moito interese o teu artigo sobre os meus últimos libros, escrito coa ponderación, o rigor e a sensibilidade que caracterizan o teu espírito crítico.

Eu tamén lembro as tuas clases no Colexio Universitario de Lugo e sigo valorando por igual o esforzo que fixeras para dalas en galego e, por suposto, o contido das mesmas. Alégrame saber que tes en moi boa estima tanto a miña obra poética como o meu labor crítico, pero neste último campo teño que advertirte que unha boa parte dos meus supostos logros proveñen necesariamente da formación que adquirín contigo.

Por isto e aínda que xa os coñezas de Grial, mándoches algunhas separatas de traballos de sistematización literaria, tarefa que compre ir facendo en galego.

Vexo con satisfacción que escribes en diversos medios sobre literatura galega e espero que continúes a facelo co mesmo acerto. Pola miña banda, publicarei próximamente na colección Esquifo o pequeno poemario Cebra, dentro dun libro colectivo no que se reunirán inéditos dos poetas en galego, portugués, castelán, catalán e euskera que participamos nos encontros da Universidade Internacional Menéndez y Pelayo. En canto á crítica, supoño que che interesará saber que Llibres del Mall editará en Barcelona a poesía galega completa de José Angel Valente cunha longa introdución miña, que fixen a petición do propio Valente. Finalmente, decidín agrupar todas as miñas pequenas prosas de ficción no libro Meta-relatos, que publicará Edicións Xerais de Galicia. Imaxino que che mandarán todo, pero se non fose así eu me encargaría de que o recibiras.

Espero que manteñamos o contacto. Orozco, novo delegado de Cultura en Lugo, lembrese moito de ti. Recordos a tua muller e aos amigos que vexas,



Claudio Rodríguez Fer
Galicia 17 5º
27002 LUGO

Carlos Alberto Montaner

Madrid, 18 diciembre de 1987

Sr. D. Luís Alonso Girgado
Catedrático de Lengua y
Literatura Españolas
Instituto de Enseñanza Media
«Eduardo Pondal»
Santiago de Compostela, Galicia

Estimado señor Alonso:

Con cierto retraso —estaba en América— leo la crítica que hizo usted de *Trama* en *El Correo Gallego*. Muchas gracias por cuanto dice de mi novela.

La Editorial Plaza Janés también me ha hecho llegar su carta al periódico *El País*. La carta la agradezco aún más que la crítica, porque en nuestra cultura no es frecuente que las personas se tomen el tiempo y el trabajo de intentar corregir una injusticia que no les afecta.

Lo que ocurrió en *El País* es muy sencillo: Allí hay una persona que me detesta por razones ajenas a la literatura. Sólo que con la aparición de *Trama* ha visto la oportunidad de tomar cierta venganza. Se trata de un joven argentino que ya en otra oportunidad hizo algo parecido.

En cualquier caso, no creo que ese tipo de nota visceral tenga mucho efecto en el juicio final sobre los libros. Supongo que la mayor parte de los lectores deben darse cuenta que se trata de pequeñas mezquindades.

De nuevo reciba, con mi gratitud, un fuerte abrazo

Carlos Alberto Montaner

Firmas
PRESS, S.A.

EL DIRECTOR

Madrid, diciembre 18 de 1987

Sr. Luis Alonso Girgado
Catedrático de Lengua y
Literatura Españolas
INSTITUTO DE ENSEÑANZA MEDIA
"EDUARDO PONDAR"
Santiago de Compostela, GALICIA

Estimado señor Alonso:

Con cierto retraso -estaba en América- leo la crítica que hizo usted de TRAMA en El Correo Gallego. Muchas gracias por cuanto dice de mi novela.

La Editorial Plaza Janés también me ha hecho llegar su carta a el periódico EL PAIS. La carta la agradezco aún más que la crítica, porque en nuestra cultura no es frecuente que las personas se tomen el tiempo y el trabajo de intentar corregir una injusticia que no les afecta.

Lo que ocurrió en EL PAIS es muy sencillo: Allí hay una persona que me detesta por razones ajenas a la literatura. Sólo que con la aparición de TRAMA ha visto la oportunidad de tomar cierta venganza. Se trata de un joven argentino que ya en otra oportunidad hizo algo parecido.

En cualquier caso, no creo que ese tipo de nota visceral tenga mucho efecto en el juicio final sobre los libros. Supongo que la mayor parte de los lectores deben darse cuenta que se trata de pequeñas mezquindades.

De nuevo reciba, con mi gratitud, un fuerte abrazo,



Carlos Alberto Montaner

Santiago Castelo

Madrid, 2 febrero de 1988

Mi querido amigo:

Te agradezco muchísimo tu generosidad sin límites. Es una crítica llena de cariño que mi *Cuaderno* y yo te pagamos con palabras emocionadas. No tengo otra cosa que darte sino mi agradecimiento y mi amistad. Ya sabes donde me tienes, mi querido Luís.

Me quedé con las ganas de verte en Madrid. Si vuelves por aquí no dejes de llamarme. Yo no sé cuando iré por Galicia, aunque tengo por allí familia muy cercana. Y ahora sé que estás tú y eso me animará. Gracias otra vez. Y un fuerte abrazo

Santiago Castelo



ABC

El Tef. de Colaboraciones

Madrid, 2 de febrero de 1988

Sr. D.

Luis Alonso Girgado

Santiago de Compostela

Mi querido amigo,

te agradezco muchísimo tu generosidad sin límites. Es una crítica llena de cariño que mi "Cuaderno..." y yo te pagamos con palabras emocionadas. No tengo otra cosa que darte sino mi agradecimiento y mi amistad. Ya sabes donde me tienes, querido Luis.

Me quedé con las ganas de verte en Madrid. Si vuelves por aquí no dejes de llamarme. Yo no sé cuándo iré por Galicia, aunque tengo por allí familia muy cercana. Y ahora sé que estás tú y eso me animará. Gracias otra vez. Y un fuerte abrazo,

Santiago de Compostela

Luis Alberto de Cuenca

Madrid, 2 de febrero de 1988

Querido Luís:

Te escribo conmovido por la espléndida crítica que tan generosamente has dedicado al *Otro sueño*. No se pueden decir más y mejores cosas sobre ese libro. Muchísimas gracias, de todo corazón.

Guardo el recorte dentro de tu libro sobre Rosalía, como el que guarda algo precioso en un cofre igualmente apreciado.

A tu disposición siempre

Un abrazo fuerte de

Luis Alberto

Madrid, 2. II. 88

Querido Juan:

Te escribo conmovido por la espléndida crítica que tan generosamente has dedicado al Otro sueño. No se pueden decir más y mejores cosas sobre ese libro. Muchísimas gracias, de todo corazón.

Cuando el recorte dentro de tu libro sobre Rosalía, como el que guarda algo precioso en un cofre igualmente apreciado.

A tu disposición siempre.

Un abrazo fuerte de

Juan Alberto

Carlos Casanova

Lugo, 21 de xuño de 1988

Estimado amigo:

El día de ayer me proporcionó una doble alegría: el haber conocido a Claudio Rodríguez Fer y la lectura de tu amable trabajo sobre *El espíritu de Rembrandt*. Ambas cosas son casi un lujo para mí, que en su amada Galicia —y no fuera de ella— me siento con complejo de Robinson Crusoe.

Muchísimas gracias por tus palabras, pero, sobre todo, por un detalle que me llama poderosamente la atención y que hará que, de ahora en adelante, siga tus pasos en el Ángulo oscuro: el hecho de que un crítico *agradezca* el trabajo de un poeta («Agradezcamos a esta poesía... agradezcamos asimismo») es la mayor gratificación que un poeta puede sentir. Me emociona, sinceramente, este detalle sobre todo porque siempre pensé que al artista, en España, le sobra muchísimo narcisismo y le falta muchísimo trabajo en la oscuridad. Lo importante es sólo esto: la emoción momentánea, perecedera y humilde.

Un abrazo

Carlos

Carlos Casanova
C/ Magnolia, 64 1º
27004 Lugo


Lugo, 21-06-88

Estimado amigo:

El día de ayer me proporcionó una doble alegría: el haber conocido a Claudio Rguez. Fer y la lectura de tu amable trabajo sobre "El espíritu de Rembrandt". Ambas cosas son casi un lujo para mí, que en su amada Galicia -y no fuera de ella- se siente con complejo de Robinson Crusoe.

Muchísimas gracias por tus palabras pero, sobre todo, por un detalle que me llama poderosamente la atención y que hará que, de ahora en adelante, siga tus pasos en el Angulo oscuro: el hecho de que un crítico agradezca el trabajo de un poeta ("Agradezcamos a esta poesía... agradezcamos asimismo...") es la mayor gratificación que un poeta puede sentir. Me emociona, sinceramente, este detalle sobre todo porque siempre pensé que al artista, en España, le sobra muchísimo narcisismo y le falta muchísimo trabajo en la oscuridad. Lo importante es sólo esto: la emoción momentánea, perecedera y humilde.

Un abrazo



Carlos Casanova
c/ Magnolia, 64 1º
27004 LUGO

Miguel Anxo Fernán Vello

A Coruña, 10 de Agosto, 1988

Luis Alonso Girgado
SANTIAGO

Estimado señor:

Dirixo-lle estas letras para lle agradecer a lectura que vosté fixo do meu último libro de poemas, «Entre água e fogo» (Cantos da terra poida), na recente publicación de «Las letras españolas 1977».

É realmente emocionante para min que un crítico de literatura —deixando a un lado as valoracións da calidade do libro— acerte co sentido e a intención (poética e literaria) dunha obra. En poucas palabras vosté deseñou o universo dun libro que, efectivamente, apenas foi entendido pola crítica, cando non visceralmente condenado ou envexado.

Foi, crea-me, gratificante para min ler a súa reseña, por canto coincide plenamente coa miña «auto-consciencia» sobre a obra.

Agardo saiba desculpar o atrevimento que supón, talvez, expresar-lle as devanditas palabras.

Un saúdo cordial,
Miguel Anxo Fernán Vello

A Coruña, 10 de Agosto, 1988

Luis Alonso Girgado
SANTIAGO

Estimado señor:

Dirixo-lle estas letras para lle agradecer a lectura que vosté fixo do meu último libro de poemas, "Entre água e fogo" (Cantos da terra posuída), na recente publicación de "Las letras españolas 1977".

É realmente emocionante para min que un crítico de literatura —deixando a un lado as valoracións da calidade do libro— acerte co sentido e a intención (poética e literaria) dunha obra. En poucas palabras vosté deseñou o universo dun libro que, efectivamente, apenas foi entendido pola crítica, cando non visceralmente condenado ou envexado.

Foi, crea-me, gratificante para min ler a súa reseña, por canto coincide plenamente coa miña "auto-consciencia" sobre a obra.

Agardo saiba desculpar o atrevimento que supón, talvez, expresar-lle as devanditas palabras.

Un saúdo cordial

M. Fernández

José Lupiáñez

En otro orden de cosas te diré que voy a coordinar junto con Mauricio Gil el suplemento de *Azul*¹. Ahora con un mayor grado de compromiso por mi parte. Espero que me sigas remitiendo artículos y reseñas como hasta ahora. Creo que todo lo que me remitiste se ha publicado, incluída la reseña de mi *Laurel de la costumbre*. Lo que no sé es si te han remitido desde *El periódico* ejemplares de tus colaboraciones. Me temo que si no me ocupo yo personalmente de ello las más de las veces esto no sucede. Dime si estoy o no en lo cierto.

Me alegra saber que impartirás clases de Hispanoamericana en la facultad. Es éste, el de las letras hispanoamericanas, un territorio que tú conoces sobradamente, como he tenido la oportunidad de comprobar a través de tus escritos. Espero que no te robe esta labor demasiado tiempo del que necesites para tu vertiente creadora y crítica.

Quedo a tu disposición en las señas jerezanas de siempre. No te despiste el que ahora te escriba desde Granada, a donde me acerco en fines de semana.

Espero recibir pronto noticias tuyas y nuevas colaboraciones.

Hasta entonces mi mejor abrazo

José Lupiáñez

PS. ¿Te remito los poemas o los conservo en mi poder para ir sacando alguno que otro si comenzamos a publicar inéditos en *El periódico*?

¹ A carta non está datada, pero polas referencias que se extraen dela enténdese que é de 1989, posterior á publicación de *Laurel de la costumbre* (1988), do poeta gaditano José Lupiáñez, e que coincide co contrato de profesor asociado na Universidade de Santiago de Compostela durante o curso 1989-1990.


JOSÉ LUPIÁÑEZ

En otro orden de cosas te diré que voy a coordinar junto con Mauricio Gil el suplemento de AZUL. Ahora con un mayor grado de compromiso por mi parte. Espero que me sigas remitiendo artículos y reseñas como hasta ahora. Creo que todo lo que me remitiste se ha publicado, incluida la reseña de mi Laurel de la costumbre. Lo que no sé es si te han remitido desde EL PERIODICO ejemplares de tus colaboraciones. Me temo que si no me ocupo yo personalmente de ello las más de las veces esto no sucede. Dime si estoy o no en lo cierto.

Me alegra saber que impartirás clases de Hispanoamericana en la facultad. Es éste, el de las letras hispanoamericanas, un territorio que tú conoces sobradamente, como he tenido la oportunidad de comprobar a través de tus escritos. Espero que no te robe esta labor demasiado tiempo del que necesitas para tu vertiente creadora y crítica.

Quedo, ~~sempre~~, a tu disposición en las señas jerezanas de siempre. No te despiste el que ahora te escriba desde Granada, a donde me acerco en fines de semana.

Espero recibir muy pronto noticias tuyas y nuevas colaboraciones. Hasta entonces ~~me~~ mi mejor abrazo.



P.S. ¿Te remito los poemas o los conservo en mi poder para ir sacando alguno que otro si comenzamos a publicar inéditos en EL PERIODICO?

Rafael Guillén

Granada, 11 febrero 89

Estimado amigo Luís Alonso Girgado:

Desde Jeréz me envía José Lupiáñez el comentario crítico que, a raíz de la aparición de la *Antología*, me dedica usted en *El Correo Gallego*. Le agradezco sinceramente el tiempo e interés puestos en estudiar mi poesía y —elogios a parte, que me halagan como a cualquier ser humano (¡ay del poeta que piense que no lo es!)— me ha impresionado gratamente la claridad y, sobre todo, la aparente facilidad con que ha encontrado los que, para el estudio de cualquier poeta, deberían ser puntos obligados: virtuosismo técnico (mal trabajará el que no sepa usar las herramientas), voz múltiple (no me valen los pianos de una sola tecla), no limitarse a la gratuidad de la belleza (ya está bien de mirar celestiales) y, sobre todo, la posesión de una voz y un mundo propios (es lo que alcanzan muy pocos).

Conmigo se ha mostrado usted generoso; por lo que usted resalta en mis poemas, exactamente por eso, llevo luchando cerca de cuarenta años.

Cuente con mi amistad en Granada; si un día viene por aquí, me gustaría que charlásemos,

Cordialmente,

Rafael Guillén

Rafael Guillén

Granada, 11 febrero 89

Estimado amigo Luis Alonso Girgado:

Desde Mérida me envía José Luján el comentario crítico qd, a raíz de la aparición de los Antólogos, me dedica usted, en el Correo de Vallejo. Se agradece sinceramente el tiempo e interés puestos en estudiar mi poesía y - elogiarme aparte, que me halagan como a cualquier otro humano (¡ay del poeta que piense que no lo es!) - me ha impresionado gratamente la claridad y, sobre todo, la aparente facilidad con que ha encontrado los que, para el estudio de cualquier poeta, deberían ser puntos obligados: virtuosismo técnico (me halagará el que no sepa usar los instrumentos), voz múltiple (no ~~me vale~~ los giros de una sola voz), no limitarse a la cantidad de la belleza (ya está bien de emisiones "celestiales") y, sobre todo, la posesión de una voz y un mundo propios (es lo que alcanzan muy pocos).

Comuniqué ya ha mostrado usted generoso; por lo que usted resulta en mi persona, exactamente por eso, el más estimado de los amigos.

Creo en mi amistad en Granada; si un día viene por aquí, me gustaría que charláramos.

Cordialmente,

Rafael Guillén

Salvador García-Bodaño

Casal das Figueiras, Veitureira, 27-XII-1991

Sr. D. Luis Alonso Girgado
Santiago de Compostela

Meu distinguido amigo:

Unicamente unhas liñas cheas de gratitude polas xenerosísimas palabras que tivo a ben dispoñer como crítico para ese meu libriño ateigado de amor á vella cidade da miña infancia.

En breve, agardo poder mandarlle un libro en lembranza e agradecemento. Coa maior modestia, me permitirei adxuntar algo así como unha síntese dun currículum literario-editorial para que garde nos seus arquivos se é a súa vontade.

Co meu desexo de que o 1992 lles sexa proveitoso a vostede e familia, saúdo amistosamente.

Salvador García-Bodaño

P/D. Dende hai xa tempo sigo con moito interese os seus excelentes traballos en *El Correo Gallego* e por eles coido que todos lle estamos tamén agradecidos, hoxe en día é escasa a orientación literaria obxectiva.

SALVADOR GARCIA-BODAÑO

"CASAL DAS FIGUEIRAS." VEIÑUREIRA, 24. XII. 1891

SR. D. LUÍS ALONSO GIRGADO.
SANTIAGO DE COMPOSTELA. -

Meu distinguido amigo:

Unicamente entre libros, chego de gratidade
pelas xenerosidades palabras que tiro a teu dispoñer
como fortios a ese meu librillo pategado de amor
à vella cidade de minia infancia.

En breve, agardo poder mandarlle un libro
en lembranza e agradecemento. Coa maior modestia,
me presentarei adxuntar algo así coma unha bitela
dun curriculum literariu-editorial, para que
garden nos seus arquivos se era o a súa vontade.

Co meu desexo de que o 1892 lle sexa proveitoso
a vde. e familiar, quedo saúdoes e amistosamente



P.S. Desde hai xa tempo siño con moito interese os seus
excelentes traballos en "EL CUERPO CALLEJO" e por el
coído que tiro de outros tamén a agradecerlos, hoxe en
día é escasa a orientación literaria directiva.

Ildefonso Manuel Gil

Zaragoza, 23 xuño de 1992

Sr. D. Luis Alonso Girgado
Rosalía de Castro, 31, 3º izda.
15706- Santiago de Compostela

Querido amigo:

Contesto su atta. de 11 del actual, entre cuya recepción y esta contestación ha habido un viaje a Madrid.

Me encantaría poder publicar su libro sobre José Luis Cano, viejo amigo y poeta admirado por mí. Sin embargo no publica la Institución «Fernando el Católico» libros que no se refieran, de un modo u otro, a la cultura en Aragón. Es una exigencia estatutaria y la finalidad confesada de esta IFC. Personalmente se me ocurre que podría usted ofrecer ese libro a la Consejería de Cultura de la Junta de Andalucía, o a la Editorial que está publicando la correspondencia de Cano con los poetas del 27.

Si pudiera decirle otra cosa, realizable en sí, lo haría. No es posible y no quiero andar con rodeos prometedores, inevitablemente falsos.

Gracias una vez más por la atención que dedica usted a mi obra: veré con alegría la reseña de *Cancionero segundo...*, cuyo envío me anuncia.

Entretanto, agradezco a usted haber motivado una carta de Anxo Tarrío con el excelente regalo de las monografías sobre Álvaro Cunqueiro en el *Boletín Galego de Literatura*. Conocí personalmente a Cunqueiro y apenas tenga un buen rato libre, leeré cada una de las monografías y escribiré a este Anxo Tarrío, nuevo amigo.

Fuertes abrazos

Ildefonso-Manuel Gil
DIRECTOR



INSTITUCIÓN FERNANDO EL CATÓLICO
Fundación Pública
DIPUTACIÓN DE ZARAGOZA



Plaza de España, 2
50004 ZARAGOZA (España)

Teléfonos (976) 22 96 52
22 18 80 (160)
22 18 42 (Fax)

Ref. IMG/pg.
Zaragoza, 23 de junio de 1992.

Sr. D. Luis Alonso Girgado
Rosalía de Castro, 31, 3º, izda.

15706 - Santiago de Compostela

Querido amigo:

Contesto su att. de 11 del actual, entre cuya recepción y esta contestación ha habido un viaje a Madrid.

Me encantaría poder publicar su libro sobre José Luis Cano, viejo amigo y poeta admirado por mí. Sin embargo no publica la Institución "Fernando el Católico" libros que no se refieran, de un modo u otro, a la cultura en Aragón. Es una exigencia estatutaria y la finalidad confesada de esta IFC. Personalmente se me ocurre que podría usted ofrecer ese libro a la Consejería de Cultura de la Junta de Andalucía, o a la Editorial que está publicando la correspondencia de Cano con los poetas del 27.

Si pudiera decirle otra cosa, realizable en sí, lo haría. No es posible y no quiero andar con rodeos prometedores, inevitablemente falsos.

Gracias una vez más por la atención que dedica usted a mi obra: veré con alegría la reseña de Cancionero segundo..., cuyo envío me anuncia.

Entretanto, agradezco a usted haber motivado una carta de Anxo Tarrío con el excelente regalo de las monografías sobre Alvaro Cunqueiro en el Boletín Galego de Literatura. Conocí personalmente a Cunqueiro y a penas tenga un buen rato libre, leeré cada una de las monografías y escribiré a este Anxo Tarrío, nuevo amigo.

Fuertes abrazos.

Ildefonso-Manuel Gil
DIRECTOR

Leopoldo de Luis

Madrid, 25 junio 1998

Mi querido amigo Luís Alonso Girgado:

Le agradezco muchísimo su envío. A mi edad, una edición como ésta no se repasa impunemente. Ha vuelto usted a ponerme en relación con años inolvidables en mi juventud. Recuerdo nombres, páginas, sucesos... Barros y Vidal fueron amigos entrañables. Con González Garcés o con Ramón G. Alegre compartí jornadas de poesía y amistad. A Luz Pozo Garza la leí con arrobo. Y así, tantos. Crea que me ha emocionado este «reencuentro». Siempre digo que mi único mérito es ser poeta que ha resistido el tiempo y he participado de una dilatada época de la poesía española. Muchos de mis amigos ya no están: este mismo volumen registra desapariciones. Y es que hoy, amigo mío, para mí vivir es ver morir.

¡Cómo no voy a recordar su nombre! Como usted dice, años atrás (los noventa) escribió y publicó, en *El Correo Gallego*, un comentario a *Reformatorio de adultos*. Era una glosa inteligente y sentida que me produjo honda satisfacción. La conservo con agrado y agradecimiento.

A estas alturas, ve uno sus propias cosas con bastante escepticismo. La vida le pone a uno de vuelta, y hasta de vuelta y media. Pero no aleja de sentir añoranza. Ahora mismo, una joven poetisa, Ángela Vallvey, ha hecho una antología con su personal gusto, su criterio de selección. Acaba de editarla Hiperión, así que se la envío, como correspondencia a su amabilidad.

A ver si nuestro amigo Justo Jorge Padrón, tan buen poeta como entusiasta organizador, vuelve a congregarnos al año próximo, y nos reencontramos. Aunque yo no sé si estaré animado para hacer ya ese viaje, para mí es algo cansado.

Le felicito por sus trabajos. La Poesía tiene mucho que agradecerle. Yo lo hago, y le envío un abrazo cordial.

Leopoldo de Luis

Madrid, 31 junio 1998

Mi querido amigo Luis Alonso Girgado:

Le agradezco muchísimo su carta. A mi edad, una carta como ésta no se repasa impunemente. Ha vuelto usted a ponerse en relación con otros interlocutores de mi juventud. Recuerdos, nombres, páginas, fechas... Barras y bisel fueron amigos entrañables. Con Gaspar García o con Ramón Felipe compartí jornadas de prueba y amistad. A Gaspar García le soy amigo. Y así, tanto. Ora que me ha convenido este "recuento". Siempre algo que mi único mérito es ser poeta que ha resistido el tiempo y la parte: epílogo de una dilatada época de la poesía española. Muchos de mis amigos ya no están; este ocioso volumen registra desapariciones. Es que hoy, amigo mío, para mí vivir es ver morir.

¡Vino un rayo a recordar su nombre! Unos meses atrás, años atrás (el recuerdo) pronto y pronto, en "El Correo Gallego", me mencionó a Reformación de la cultura. Era una glorieta inteligente y sentida que me produjo honda satisfacción. La conservo con agrado y agradecimiento.

A estas alturas, ve uno sus propios días con tanta escatificación. La vida le pare a uno de vuelta, y tanta de vuelta y vuelta. Pero no dejó de sentir añoranza. Ahora mismo, una gran poeta, Ángela Vallvey, ha hecho una antología en su personal gusto, su criterio de selección. Alabamos esta obra "Hijaviva", así que se la envío, como correspondencia a su actividad.

A ver si nuestro amigo José Jorge Pasado, tan buen poeta como entusiasta organizador, vuelve a encargarme al año próximo, y me recuerdo tener. Aunque yo no sé si intencionalmente para hacer ya ese viaje, para mí es algo consuelo.

Le felicito por sus trabajos. La Prensa tiene muchos que agradecemos. Me lo hago, y le envío un abrazo cordial.

Ángela Vallvey

Clara Obligado

Madrid, 24 de enero

Diario de Córdoba
Cuadernos del Sur
Luis Alonso Girgado

Estimado amigo:

En medio de una montaña de críticas sobre mi novela *Si un hombre vivo te hace llorar* que me envió la editorial he encontrado la tuya (¿permitirás que te tutee?). Te sorprenderá, supongo, que te envíe esta carta, dado que mi texto no te gustó en absoluto, pero el caso es que los otros «críticos» repetían una y otra vez lo que aparecía en la portada y contraportada de mi libro, es decir, no la habían leído.

La razón de esta carta es agradecerte dos cosas: que hayas leído la novela y que, por lo tanto, opines con fundamento. Lo segundo que te quiero agradecer es la pasión que pones, en este caso, en apalear mi pobre texto.

Lejos de enfadarme, este tipo de notas me señala que aún la literatura es algo vivo, que puede despertar pasiones, es decir, filias o fobias.

Por último, creo que has entendido perfectamente mis ideas, aunque no comulgues con ellas en absoluto. Me encanta la pasión que pones en atacarme. Mi novela te incomodó, es obvio, pero tu lectura es muy interesante.

Ya en otro capítulo, te aseguro que no soy una feminista violenta, sino una madre de familia corriente y moliente. Algo crítica con respecto a la familia tradicional pero eso, hoy en día, no es demasiado raro. Tengo un marido encantador, los hombres me gustan, y mucho.

Lo único que lamento, porque veo que se repite sistemáticamente tanto conmigo como con otras autoras, es que, cuando las mujeres escribimos, y más si lo hacemos desde nuestra perspectiva, recibamos siempre ataques a nuestra forma de ver el mundo. No sucede lo mismo con las novelas escritas por hombres. ¿Cuántas mujeres rematadamente tontas aparecen en ellas sin que la crítica ni siquiera lo note? ¿Cuánta misoginia más o menos encubierta? Pero claro, a la literatura escrita por hombres rara vez se la mira bajo este prisma. Nunca he leído una crítica que ponga el énfasis en ésto. En cambio tendrás que aceptar conmigo que es un punto que se mira con lupa en la literatura escrita por mujeres. Muchas veces me preguntan

por qué las protagonistas de mis novelas suelen ser mujeres. ¿Alguna vez le preguntaron a un autor hombre por qué sus personajes son hombres?

En fin, mi estimado amigo, este es un tema para un largo debate, y mi intención era, como te decía al principio, agradecerte tu crítica, así que no me alargó más.

Espero seguir leyendo tus críticas.

Un saludo,

Clara Obligado

Diario Córdoba
Cuadernos del Sur
Luis Alonso Girgado

Madrid, 24 de enero

Estimado amigo:

En medio de una montaña de críticas sobre ^{la} mi novela "Si un hombre vivo te hace llorar" que me envió ~~el~~ editorial he encontrado la tuya (¿permitirás que te tutee?). Te sorprenderá, supongo, que te envíe esta carta, dado que mi texto no te gustó en absoluto, pero el caso es que los otros "críticos" repetían una y otra vez lo que aparecía en la portada y contraportada de mi libro, es decir, no la habían leído.

La razón de esta carta es agradecerte dos cosas: que hayas leído la novela y que, por lo tanto, opines con fundamento. Lo segundo que te quiero agradecer es la pasión que pones, en este caso, en apalear mi pobre texto.

Lejos de enfadarme, este tipo de notas me señala que aún la literatura es algo vivo, que puede despertar pasiones, es decir, filias o fobias.

Por último, creo que has entendido perfectamente mis ideas, aunque no comulgues con ellas en absoluto. Me encanta la pasión que pones en atacarme. Mi novela te incomodó, es obvio, pero tu lectura es muy interesante.

Ya en otro capítulo, te aseguro que no soy una feminista violenta, sino una madre de familia corriente y moliente. Algo crítica con respecto a la familia tradicional pero eso, hoy en día, no es demasiado raro. Tengo un marido encantador, los hombres me gustan, y mucho.

Lo único que lamento, porque veo que se repite sistemáticamente tanto conmigo como con otras autoras, es que, cuando las mujeres escribimos, y más si lo hacemos desde nuestra perspectiva, recibamos siempre ataques a nuestra forma de ver el mundo. No sucede lo mismo con las novelas escritas por hombres. ¿Cuántas mujeres rematadamente tontas aparecen en ellas sin que la crítica ni siquiera lo note? ¿Cuánta misoginia más o menos encubierta? Pero claro, a la literatura escrita por hombres rara vez se la mira bajo este prisma. Nunca he leído una crítica que ponga el énfasis en esto. En cambio tendrás que aceptar conmigo que es un punto que se mira con lupa en la literatura escrita por mujeres. Muchas veces me preguntan por qué las protagonistas de mis novelas suelen ser mujeres. ¿Alguna vez le preguntaron a un autor hombre por qué sus personajes son hombres?

En fin, mi estimado amigo, este es un tema para un largo debate, y mi intención era, como te decía al principio, agradecerte tu crítica, así que no me alargó más.

Espero seguir leyendo tus críticas.

Un saludo,

eluc girgado

Pepa Barrios

Lugo, 16 de setembro de 2006

Estimado Luís:

Nestes tempos lévanse os correos electrónicos, mais non dispoño do teu enderezo. Así que boto man do correo de toda a vida.

Quero darche as grazas polos libros que me enviaches, por ter aceptado presentar *Cando era tempo de inverno* e, especialmente, por aquel curso de 6º de bacharelato no que descubrín tantas lecturas.

Dicirche tamén que, o pasado mércores, fixen unha viaxe de Ferrol a Compostela. Deixei-me levar por unha agradable voz mentres tomaba un café nunha terraza fronte ao río.

Do *Soliloquio* que un desencantado profesor establece consigo mesmo, cun fotógrafo capaz de retratar a «nada» e co mestre Arsenio, chamoume a atención a sinxeleza expresiva, o bo ritmo dos versos e o ben enfiado que está; «qué duda cabe». Gústame o humor e a fina ironía coa que se reflexiona sobre pasado e o presente do país da pel de touro e da Galicia dun millón de vacas. Tamén a mirada humana, ás veces agridoce, coa que se fan as reflexións e se contempla a vida.

Cando veñas a Lugo non che regalarei unha pomba de Sargadelos, creo que o modelo está esgotado. Tampouco unha vaca, non vaia ser que ao señor Rivas lle de por contalas e lle falte unha. Talvez algunha anécdota que quedou prendida na miña memoria daqueles anos nos que ti exercías en Lugo como profesor.

Para rematar esta carta voume permitir utilizar uns versos teus:

Transmitías aquela fe, aquela convicción
aquel afán
de que tus alumnos leyesen,
se hiciesen personas cultas, con criterio, libres

Certo, Luís.

Un saúdo

Pepa Barrios

16-9-2006

Lugo

Estimado Luis:

Nestes tempos lévanse os correos electrónicos, mais non dispoño do teu enderezo. Así que boto man do correo de toda a vida.

Quero darche as grazas polos libros que me enviaches, por ter aceptado presentar *Cando era tempo de inverno* e, especialmente, por aquel curso de 6º de bacharelato no que descubrín tantas lecturas.

Dicirche tamén que, o pasado mércores, fixen unha viaxe de Ferrol a Compostela. Deixei levar por unha agradable voz mentres tomaba un café nunha terraza fronte ao río.

Do *Soliloquio* que un desencantado profesor establece consigo mesmo, cun fotógrafo capaz de retratar a "nada" e co mestre Arsenio, chamoume a atención a sinxeleza expresiva, o bo ritmo dos versos e o ben enfiado que está; "qué duda cabe". Gústame o humor e a fina ironía coa que se reflexiona sobre pasado e o presente do país da pel de touro e da Galicia dun millón de vacas. Tamén a mirada humana, as veces agridoce, coa que se fan as reflexións e se contempla a vida.

Cando veñas a Lugo non che regalarei unha pomba de Sargadelos, creo que o modelo está esgotado. Tampouco unha vaca, non vaia ser que ao señor Rivas lle de por contalas e lle falte unha. Talvez algunha anécdota que quedou prendida na miña memoria daqueles anos nos que ti exercías en Lugo como profesor.

Para rematar esta carta voume permitir utilizar uns versos teus:

"Transmítas aquela fe, aquela convicción,
aquele afán
de que tus alumnos leyesen,
se hiciesen personas cultas, con criterio, libres".

Certo, Luis.

Un saúdo.





Este libro, *Ler e vivir*,
en homenaxe a Luís Alonso Girgado,
rematouse de imprimir
o 7 de xaneiro do 2019, festividade de San Xiao,
padroeiro da cidade de Ferrol,
localidade natal do autor



ISBN 978-84-453-5317-2



9 788445 353172



XUNTA
DE GALICIA